CONCELLO DE TEO
Secretaría Xeral

A C T A 1/2019

SESIÓN ORDINARIA PLENO MUNICIPAL

– 30 DE XANEIRO DE 2019 –

Na Casa do Concello, a trinta de xaneiro de dous mil dezanove, reúnense en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que se relacionan a continuación, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

Concelleiros/as:

D. Xosé Ignacio Iglesias Villar
D.ª Concepción García Vázquez
D. Xurxo Francos Liñares
D. Jorge Juan Carballido Salgado
D.ª María del Pilar Pérez Fagil
D. José Francisco Nanín Castro
D. José Manuel Guerra Calvelo
D. Antonio Reyes Sánchez Crespo
D.ª Sofia Ferreiro Gaspar
D.ª María Vázquez Rey
D. Ignacio Manuel Arroyo Font
D.ª María Dolores Nariño Facal
D.ª Uxía Lemus de la Iglesia
D. Roberto Moñino Gil
D. Manuel Anxo Fernández Baz

Non asiste:

D. Julio César Retis Vázquez

Secretaria xeral:
D.ª Virginia Fraga Díaz

ORDE DO DÍA:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS DE 28.11.18, 12.12.18 E 18.12.18

2.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA 1041/18 Á 41/19)

3.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE MANIFESTACIÓN DE INTERESE DO CONCELLO DE TEO NA ADHESIÓN AO PROTOCOLO DE ACTUACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A FEGAMP PARA FOMENTAR A IMPLANTACIÓN E FIXACIÓN DE EMPRESAS EN GALICIA MEDIANTE A CREACIÓN DA INICIATIVA "CONCELLOS DOING BUSINESS GALICIA"

4.- MOCIÓNS

5.- ROGOS E PREGUNTAS

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, o sr. alcalde, sendo as vinte horas e cinco minutos, declara público e aberto o acto.

O sr. alcalde desculpa a ausencia do concelleiro do PP, D. Julio Cesar Retis Vázquez, pasándose a continuación a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS DE 28.11.18, 12.12.18 E 18.12.18.

Acta da sesión ordinaria do 28 de novembro de 2018.

O sr. alcalde pregúntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o 28 de novembro de 2018.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

Acta da sesión extraordinaria do 12 de decembro de 2018.

O sr. alcalde pregúntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión extraordinaria celebrada o 12 de decembro de 2018.

Intervén o concelleiro do grupo mixto, sr. Fernández, quen sinala que na páxina 12, ao referirse na súa intervención á partida de fomento do emprego hai un erro na cantidade sinalada que, tal e como recollen os orzamentos, é de 300.000 €, non de 800.000 € como se recolle na acta.

Non habendo máis observacións ao respecto e sometida a votación apróbase, por unanimidade dos presentes, a acta do 12 de decembro de 2018, coa corrección advertida.

Acta da sesión ordinaria do 18 de decembro de 2018.

O sr. alcalde pregúntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o 18 de decembro de 2018.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

2.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA 1041/18 Á 41/19).

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas dende o 13 ata o 31 de decembro do 2018, que comprenden os números 1041 ao 1098, e do 1 ao 24 de xaneiro de 2019, que comprenden os números 1 ao 41, indicando o sr. alcalde que están a disposición de todos os membros da Corporación para a súa consulta se así o desexan.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

3.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE MANIFESTACIÓN DE INTERESE DO CONCELLO DE TEO NA ADHESIÓN AO PROTOCOLO DE ACTUACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A FEGAMP PARA FOMENTAR A IMPLANTACIÓN

E FIXACIÓN DE EMPRESAS EN GALICIA MEDIANTE A CREACIÓN DA INICIATIVA "CONCELLOS DOING BUSINESS GALICIA".

O sr. alcalde cede a palabra á concelleira de administración, transportes, comercio, turismo e emprego, D.ª Concepción García Vázquez.

A sra. García da conta da proposta da alcaldía de 18 de xaneiro de 2019, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de facenda e asuntos económicos, especial de contas de 24 de xaneiro de 2019.

"PROPOSTA DE ALCALDÍA

Considerando que o 10 de outubro de 2017 asinouse o **Protocolo Xeral de Actuación entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios de Provincias para Fomentar a Implantación e Fixación de Empresas en Galicia Mediante a Creación da Iniciativa "Concellos Doing Business Galicia".**

Considerando que o 13 de decembro de 2017 foi aprobada a addenda ao Protocolo referido, que modificaba a cláusula segunda do protocolo nos seus apartados 4 e 5, deixando estes de ter un carácter preceptivo dentro do contexto do propio protocolo.

Considerando que a Xunta de Galicia cualifica a iniciativa "Concellos Doing Business Galicia" como unha medida dirixida a incentivar a implantación e fixación de empresas no territorio de Galicia a través de bonificacións nos impostos municipais, e que a adhesión a este protocolo condiciona o acceso ás subvencións de concorrencia competitiva xestionadas pola Xunta para impulsar o emprego, o emprendemento, o comercio local ou proxectos relacionados coa industria 4.0, incluíndo un criterio específico no baremo de concesión das mesmas de, polo menos o 20% do total, sendo o volume estimado destes fondos superior aos 80 millóns de euros.

Considerando que a adhesión ao dito protocolo establece as seguintes medidas preceptivas a adoptar polos concellos, trala incorporación da addenda de decembro de 2017:

- Aprobación da modificación da ordenanza fiscal reguladora do **imposto de bens inmobles**, para que estableza unha bonificación potestativa de ata o 95% da cota íntegra do imposto a favor de inmobles urbanos nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal, por concorrer circunstancias de fomento do emprego, unicamente nos supostos dunha nova actividade económica ou empresarial, así como, a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións, sempre e cando implique creación de emprego.
- Aprobación da modificación da ordenanza fiscal reguladora do **imposto de actividades económicas**, para que estableza unha bonificación potestativa de ata o 95% da cota correspondente para os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e que desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal, por concorrer circunstancias de fomento do emprego, unicamente nos supostos dunha nova actividade económica ou empresarial, así como, a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións, sempre e cando implique creación de emprego.
- Aprobación da modificación da ordenanza fiscal reguladora do **imposto sobre construcións, instalacións e obras**, para que estableza unha bonificación potestativa de ata o 95% da cota íntegra do imposto a favor de inmobles urbanos nos que se desenvolven actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal, por concorrer circunstancias de fomento do emprego, unicamente nos supostos dunha nova actividade económica ou empresarial, así como, a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións, sempre e cando implique creación de emprego.
- Compromiso de resolución das solicitudes de licenza de obra maior nas que o peticionario sexa unha empresa ou autónomo para a construción dunha edificación destinada á primeira implantación dunha actividade, nun prazo máximo de 30 días naturais, dende que o concello dispón da documentación completa e de todos os informes sectoriais preceptivos.
- Para os concellos que dispoñen de solo empresarial, fixación de prezos competitivos das parcelas, establecendo bonificacións sobre os mesmos.

As referidas bonificacións do IBI, IAE e ICIO estableceranse en función de parámetros de creación de emprego, sendo como segue:

1. Ata o 95% pola creación de máis de 20 postos de traballo.
2. Cando menos o 75% pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.
3. Cando menos o 50% pola creación de ata 10 postos de traballo.

Así mesmo, estas bonificacións deberán manterse, cando menos, tres exercicios orzamentarios.

En virtude do exposto, e de conformidade co previsto no artigo 133 e Disposición adicional primeira da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, e artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, proponse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Manifestar o interese do Concello de Teo de adherirse ao Protocolo Xeral de Actuación entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios de Provincias para Fomentar a Implantación e Fixación de Empresas en Galicia Mediante a Creación da Iniciativa “Concellos Doing Business Galicia”.

Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do grupo mixto, sr. Fernández, sinala que se lle falan de bonificar e facilitar o emprendemento, está de acordo, pese a que se trata de algo que se podía facer no concello e non se fixo, porén se lle falan dunha intervención na política municipal vía chantaxe para que os concellos bonifiquen determinados impostos, non está de acordo, ao considerar que non é a forma, sobre todo porque é unha estocada máis á autonomía local.

Salienta o sr. Fernández que é verdade que o concello é a vítima e non adherirse suporía perder unha posibilidade de acceder a recursos importantes, por iso se fala de chantaxe. Explica que se leva anos cunha política que vai nunha única dirección, a de reducir a autonomía municipal, polo que xa se podería comezar a pensar para que se queren os gobernos municipais. Sinala que este tema lle leva a falar dunha moción que

foi aprobada polo Pleno do concello, no ano 2012, sobre o financiamento local, onde se falaba da problemática dos recursos para atender os servizos e as competencias impropias e se falaba da importancia de ter unha lexislación acaída á realidade dos concellos galegos, porque se se fai unha comparativa compróbase como o financiamento por habitante en Galiza está 40 ou 50 euros por debaixo da media do Estado, polo tanto non se está atendendo ás necesidades dos concellos galegos. Considera o sr. Fernández que a forma de facelo sería tendo un marco obxectivable, vía lei, atendendo a ese tipo de criterios e facendo xustiza, para que así os/as galegos/as teñan os mesmos recursos que noutras partes do Estado.

Reitera o sr. Fernández que sabe que o concello é vítima e está de acordo en facilitar o emprendemento a autónomos e pequenas empresas, porén non pode apoiar unha forma de facer política que vai contra a autonomía municipal e que vai a prexudicar aos veciños/as de Teo. Remata o sr. Fernández a súa intervención anunciando a súa abstención polas razóns que expuxo.

Interveñen a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, e o portavoz do PP, sr. Guerra, e anuncian o apoio dos seus respectivos grupos, engadindo o sr. Guerra que para que as empresas se instalen hai que baixar os impostos.

Intervén a sra. García quen di que persoalmente non pode discrepar da exposición do sr. Fernández, engadindo que en todo caso é responsabilidade do seu grupo tomar aquelas decisións que beneficien máis aos/ás veciños/as do concello de Teo. Explica que se sopesan as perdas que poden implicar a falta de recadación destes impostos e as subvencións que se poden deixar de percibir, ponderando estes dous elementos e non negando que o sr. Fernández teña razón, se xera un maior prexuízo aos veciños se se deixan de percibir eses recursos que se precisan para fomentar o emprendemento e o fomento do emprego.

Salienta a sra. García que moitos outros concellos dos 214 que se adheriron seguramente que tamén fixeron a mesma análise que o sr. Fernández, porén tamén tiveron que tomar unha decisión, considerando que beneficiaban máis aos veciños

adheríndose a este protocolo, concellos como Carballo, Ames, Oroso, Val do Dubra, Rianxo, etc. A sra. García sinala que persoalmente cree que hai outro tipo de medidas que incentivarían máis o emprego e o emprendemento porén debe garantir a permanencia destas subvencións.

Aberta a segunda quenda de intervencións, o portavoz do grupo mixto, sr. Fernández, sinala que se podería seguir enumerando e citar así tamén concellos como o da Coruña no que a marea atlántica votou en contra. Sinala o sr. Fernández que como dixo os concello son vítimas sen esquecer que o seu voto ademais non é decisivo porque se o fora quizás, dende a incoherencia, tería que apoialo. Remata a súa intervención o sr. Fernández reiterando todo o seu apoio aos emprendedores e pequenas empresas.

A portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, e o portavoz do PP, sr. Guerra, non fan uso da segunda quenda de intervención.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con quince votos a favor (7 Son de Teo-ANOVA, 6 PP e 2 PSdeG-PSOE) e unha abstención (1 grupo mixto), acorda:

<u>Primeiro</u>.- Manifestar o interese do Concello de Teo de adherirse ao Protocolo Xeral de Actuación entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios de Provincias para Fomentar a Implantación e Fixación de Empresas en Galicia Mediante a Creación da Iniciativa "Concellos Doing Business Galicia.

4.- MOCIÓNS.

Antes de entrar no punto quinto da orde do día relativo a rogos e preguntas, o sr. alcalde, de conformidade co previsto no artigo 91.4 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, e no artigo 33 do Regulamento orgánico, pregunta se algún grupo municipal quere presentar algunha moción de urxencia, sen que se presente ningunha polos grupos municipais.

5.- ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO GRUPO MIXTO.

O concelleiro do grupo mixto, sr. Fernández, formula os/as seguintes rogos e preguntas:

1.- O sr. Fernández sinala que estes días se estiveron poñendo en Campos de Mirabel as sinais de aparcamento de persoas con discapacidade. Pregunta se se está seguindo algunha normativa ou en base a qué criterio se está facendo esa sinalización.

O sr. Francos di que existían prazas pintadas de cando se fixo a urbanización, moitas, e o que se está facendo e deixando unha por bloque, máis aparte unha onde está o parque infantil e onde están as hortas. Salienta que tamén algunha se mudou de sitio porque estaba lonxe da rampa de acceso.

O sr. Fernández explica que no bloque onde el vive, que era o nove, había unha marcada e agora a sinal está posta de forma que ocupa dúas, e por iso se interesaba polo criterio que se está seguindo.

O sr. Francos di que non o sabe, e que cree que había unha ao lado da marquesiña e que esa non se vai a pintar, porque non da acceso a nada. Reitera o sr. Francos que a idea é poñer unha por cada portal e tamén preto da rampas.

O sr. Fernández di que polo tanto a que hai agora mesmo se vai a anular.

O sr. Francos resposta que si, sinalando que agora o que se vai a facer e onde está a sinal, se está no medio de dúas, se van a pintar dúas, cun pasillo, como marca a normativa, favorecendo que sexa sempre preto dunha rampa de acceso, engadindo que hai que analizar caso por caso e que xusto arriba hai dúas polo tema ese, porque ten os portais pola costa abaixo, e o que se fixo foi pintar dúas arriba e dúas abaixo.

2.- O sr. Fernández di que plantexou unha cuestión fai uns meses, alá por setembro, en relación cunha pista que hai na Grela. Explica que se presentou un escrito dirixido a todos os grupos, engadindo que naquel Pleno se dixera que polo menos se ia a asfaltar

un trozo e adecentar un pouco a pista, que se miraría a iluminación e se miraría o saneamento. Pregunta o sr. Fernández como está o tema.

A sra. Lemus di que naquel momento se falou co Xefe de Augas de Teo, e non se volveu a falar do tema polo que haberá que retomalo.

3.- Refírese o sr. Fernández ao colector de Espasande e sinala que alí hai un muíño e hai veciños que se queixan de que non se deixa acceso a el.

O sr. alcalde pregunta se é o primeiro, engadindo que hai varios.

O sr. Fernández di que cree que é o primeiro por abaixo.

O sr. alcalde di que hai varios, porén os veciños en todo caso teñen que esperar a que rematen as obra porque se vai a garantir o acceso. Di o sr. alcalde que aproveita para lembrar que, como xa saben os/as concelleiros/as, a obra estivo parada e xa viñeron todos os permiso e posiblemente, para no retrasar máis o proceso, se faga un Pleno extraordinario porque ten que volver á Deputación, para que a finais da primaveira poida estar rematada a obra.

4.- Refírese o sr. Fernández á rúa Castiñeiro e di que hai lembrar que aquela rúa está bastante mal, e agora o problema está agravado porque as sinais horizontais se ven cada vez menos.

Roga o sr. Fernández que se faga algunha actuación.

A sra. Lemus resposta que está previsto.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PSdeG-PSOE.

O/a concelleiro/a do PSdeG-PSOE non formulan ningún rogo nin pregunta.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PP.

O portavoz do PP formula os/as seguintes rogos e preguntas:

1.- Pregunta o sr. Guerra polas luces de Chaves que non se cambiaron, engadindo que polo menos piden que se lles poñan as anteriores.

A sra. Lemus explica que as luces de Chaves, igual que as de Sebe, son da subvención que se aprobou no 2015, e que se executou no 2016. Sinala que unha vez que se executa a subvención existe a obriga de mantelas cinco anos, polo que non se poden cambiar a led.

O sr. Guerra di que as que baixan cara a Igrexa son as que están non Plan e as demais do núcleo da aldea non están acollidas, así como as do cruceiro.

A sra. Lemus di que cree que si, aínda que tería que revisalo.

2.- O sr. Guerra di que hai buratos na rúa do Cruceiro e en Fornelos, no camiño, alí onde fixeron os chalets.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte horas e trinta minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

O alcalde

33252651X RAFAEL CARLOS SISTO (R: P1508300I)
Firmado digitalmente por 33252651X RAFAEL CARLOS SISTO (R: P1508300I)
Fecha: 2019.02.21 11:29:33 +01'00'

Rafael C. Sisto Edreira

A secretaria

VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C
Firmado digitalmente por VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C
Nombre de reconocimiento (DN): 2.5.4.13=Qualified Certificate: AAPP-FP-M-HW-KUSU, cn=VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C, givenName=VIRGINIA, sn=FRAGA DÍAZ, serialNumber=76967703C, ou=certificado electrónico de empleado público, o=CONCELLO DE TEO, c=ES
Fecha: 2019.02.21 11:14:13 +01'00'
Versión de Adobe Acrobat Reader: 2019.010.20091

Virginia Fraga Díaz

CONCELLO DE TEO
Secretaría Xeral

A C T A 2/2019

SESIÓN ORDINARIA PLENO MUNICIPAL

– 27 DE FEBREIRO DE 2019 –

Na Casa do Concello, a vinte e sete de febreiro de dous mil dezanove, reúnense en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que se relacionan a continuación, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

Concelleiros/as:

D. Xosé Ignacio Iglesias Villar
D.ª Concepción García Vázquez
D. Jorge Juan Carballido Salgado
D.ª María del Pilar Pérez Fagil
D. José Francisco Nanín Castro
D. José Manuel Guerra Calvelo
D. Antonio Reyes Sánchez Crespo
D.ª Sofia Ferreiro Gaspar
D. Julio César Retis Vázquez
D.ª María Vázquez Rey
D. Ignacio Manuel Arroyo Font
D.ª María Dolores Nariño Facal
D.ª Uxía Lemus de la Iglesia
D. Roberto Moñino Gil
D. Manuel Anxo Fernández Baz

Non asiste, previa escusa:

D. Xurxo Francos Liñares

Secretaria xeral:
D.ª Virginia Fraga Díaz

ORDE DO DÍA:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 30.01.19

2.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA 42/19 Á 150/19)

3.- DAR CONTA DO INFORME DO CUMPRIMENTO DOS PRAZOS DE PAGO DAS OPERACIÓNS COMERCIAIS, 4º TRIMESTRE 2018

4.- DITAME DA MOCIÓN DOS GRUPOS MUNICIPAIS DE SONDETEO-ANOVA E PSdeG-PSOE SOBRE O APOIO ÁS MOBILIZACIÓNS DO 8 DE MARZO

5.- DITAME DA MOCIÓN CONXUNTA DE ANOVA-SON DE TEO, PSdeG-PSOE E BNG PARA O REXEITAMENTO DA CAMPAÑA DIRIXIDA AO ALUMNADO SOBRE MINERÍA SOSTIBLE

6.- PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA SOBRE A OBRA COLECTOR ESPASANDE-A INSÚA: APROBACIÓN DE PROXECTO MODIFICADO E DE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DO CONTRATO

7.- MOCIÓNS

8.- ROGOS E PREGUNTAS

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, o sr. alcalde, sendo as vinte horas, declara público e aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 30.01.19.

O sr. alcalde pregúntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o 31 de xaneiro de 2019.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

2.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA 42/19 Á 150/19).

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas dende o día 25 de xaneiro ata o 21 de febreiro de 2019, que comprenden os números 42 ao 150, indicando o sr. alcalde que están a disposición de todos os membros da Corporación para a súa consulta se así o desexan.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

3.- DAR CONTA DO INFORME DO CUMPRIMENTO DOS PRAZOS DE PAGO DAS OPERACIÓNS COMERCIAIS, 4º TRIMESTRE 2018.

O sr. alcalde da conta do informe de Tesourería e Intervención, de 4 de xaneiro de 2019, sobre o cumprimento dos prazos de pago das operacións comerciais, do 4º trimestre do 2018.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

4.- DITAME DA MOCIÓN DOS GRUPOS MUNICIPAIS DE SONDETEO-ANOVA E PSdeG-PSOE SOBRE O APOIO ÁS MOBILIZACIÓNS DO 8 DE MARZO.

O sr. alcalde cede a palabra ao concelleiro dos servizos de benestar social e igualdade e participación veciñal, D. Xosé Ignacio Iglesias Villar.

O sr. Iglesias da conta da moción do grupo municipal de SondeTeo-ANOVA e PSdeG-PSOE (rex. entrada nº 1084, do 15/02/2019), que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de benestar social, igualdade, participación veciñal e mocidade de 21 de febreiro de 2019.

"MOCIÓN DO GRUPO DE MUNICIPAL DE SONDETEO-ANOVA, PdG-PSOE SOBRE O APOIO AS MOBILIZACIÓNS DO 8 DE MARZO

Exposición de motivos

Ás violencias machistas cotiás están no presente da nosa sociedade a través de 1.000 asasinatos de mulleres en pouco máis de 14 anos só no Estado español. As desigualdades continúan estando presentes na nosa sociedade como en anos pasados, e son o motor da pior das violencias, a que esta implícita no funcionamento do sistema social, económico, laboral e político

Neste ano ademais, douse un fenómeno novo, comeza a haber un retroceso político na defensa do territorio gañado para a igualdade. A irrupción de forzas de estrema dereita, apoiándose en pactos de goberno coa dereita, propugna directamente a supresión de leises garantistas para as mulleres. Non tíñamos dado esta volta atrás en democracia.

E para rematar o ano, volven a sacar en procesión os dereitos reprodutivos das mulleres. Pero para mal. Volvennos a dicir que hai que repensar a lei do aborto. Agora coa desculpa de loitar contra da despoboación. Con este nivel discursivo podemos chegar a facer realidade a situación da seríe "o conto da criada",

Ante isto, acabar coa discriminación entre mulleres e homes, volvese unha carreira de resistencia, que comeza por non perder o ganado. Non hai nada asegurado, pero é un deber ético e un compromiso histórico inaprazable.

O 8 de marzo, ten a súa orixe na reinvindicación dos dereitos laborais femininos no ano 1908, e que rematou co asasinato de 146 traballadoras do téxtil por pedir salarios dignos. O ano pasado a folga feminista tivo unha repercusión e un seguimento masivo na sociedade española. Este ano non se pensa que poida ser menos. A maioría dos sindicatos están a dar cobertura legal ao próximo 8 de marzo ao paro internacional de mulleres impulsado por numerosas organizacións do movemento feminista en todo o mundo. Por todo elo propoñemos ao Pleno os seguintes ACORDOS:

1.- Apoiar a Folga Xeral das Mulleres, así como as mobilizacións e accións que convoca o movemento feminista para este 8 de Marzo.

2.- O Concello comprometese a facilitar os medios de difusión dispoñibles para dar a coñecer os principais actos da xornada do 8 de marzo. En especial a folga das mulleres.

3.- Incluír nos actos de celebración institucional do 8 de marzo, información sobre o paro feminino do día 8.

4- Non realizar actos institucionais ou actividades o día 8 de marzo que poidan supoñer un entorpecemento ou dificultade para exercer o dereito de folga.

5.- Colocar a bandeira feminista na casa do concello de Teo, e unha pancarta no balcón do concello, como apoio as demandas das organización de mulleres".

Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do grupo mixto, sr. Fernández, manifesta que vaia por diante o apoio do BNG á moción. Sinala que en todo caso quere aproveitar para manifestar o recoñecemento e apoio ao colectivo galego 8M e á convocatoria de manifestación nacional galega, do día 3 de marzo, e da folga de mulleres do 8 de marzo, así como manifestar a desaprobación da Xunta de Galicia por ter vulnerado o dereito fundamental de folga o pasado 8 de marzo do 2018 e non ter impulsado unha rectificación desas políticas.

Gustaríalle ao sr. Fernández que a Corporación manifestara o seu compromiso contra as ameazas de retrocesos en materia de igualdade, como se acaba de ver con esta moción.

Salienta que para o BNG esa data non é ningún ritual nin nada polo estilo, polo que quere aproveitar para poñer de manifesto unha serie de cifras que hai que ter moi en conta. Sinala que o 22,2% das mulleres en Galiza viviron por debaixo da liña da pobreza no ano 2017, practicamente unha de cada catro, o que é terrible, e case o 60 % das perceptoras da RISGA foron mulleres, datos a ter moi en conta cando se fala de igualdade. No ano 2017 houbo case 100.000 asalariadas que nin sequera chegaban á metade do SMI, 100.000 en Galicia, que é case a poboación de Ourense, a taxa de temporalidade feminina é do 27,5%, dous puntos por riba dos homes, que xa lle chega, case o 95 % de contratos a nomes de mulleres foron temporais e o 49 % dos contratos rexistrados a nome de mulleres duraron menos dun mes no ano 2018 e, tratándose do tipo de xornada, o 47 % dos contratos rexistrados a nome de mulleres no último ano foron a xornada parcial. Salienta o sr. Fernández que un ano despois do 8M o panorama concrétase na reforma laboral sen derogar e nunha Xunta sen impulsar unha soa medida e que vetou constantemente o impulso dunha Valedoría da Igualdade que fiscalice o cumprimento da Lei de igualdade e asesore na materia, como onte se lembrou no Parlamento.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, quen anuncia o apoio do seu grupo á moción.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra á concelleira do seu grupo D.ª María Dolores Nariño Facal.

A sra. Nariño di que queren manifestar o apoio do seu grupo neste tipo de actos, e máis en referencia á muller e en materia de violencia de xénero, aínda que queren deixar plasmado que representan a un número grande e maioritario de veciños/as de Teo e neste tipo de cuestións lles gustaría que lles fixeran participes deste tipo de mocións, polo que queren transmitir o seu malestar nese sentido. Sinala a sra. Nariño que é certo que o sr. Iglesias lles trasladou que foi todo moi atropelado porén entenden que neste tipo de cuestións se lles ten que ter en conta.

Os/as concelleiros/as non fan uso da segunda quenda de intervencións.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (6 Son de Teo-ANOVA, 7 PP, 2 PSdeG-PSOE e 1 grupo mixto), acorda:

1.- Apoiar a Folga Xeral das Mulleres, así como as mobilizacións e accións que convoca o movemento feminista para este 8 de Marzo.

2.- O Concello comprometese a facilitar os medios de difusión dispoñibles para dar a coñecer os principais actos da xornada do 8 de marzo. En especial a folga das mulleres.

3.- Incluír nos actos de celebración institucional do 8 de marzo, información sobre o paro feminino do día 8.

4- Non realizar actos institucionais ou actividades o día 8 de marzo que poidan supoñer un entorpecemento ou dificultade para exercer o dereito de folga.

5.- Colocar a bandeira feminista na casa do concello de Teo, e unha pancarta no balcón do concello, como apoio as demandas das organización de mulleres.

5.- DITAME DA MOCIÓN CONXUNTA DE ANOVA-SON DE TEO, PSdeG-PSOE E BNG PARA O REXEITAMENTO DA CAMPAÑA DIRIXIDA AO ALUMNADO SOBRE MINERÍA SOSTIBLE.

O sr. alcalde cede a palabra á concelleira de cultura e educación, D.ª Mª del Pilar Pérez Fagil.

A sra. Pérez da conta da moción conxunta de ANOVA-Son de Teo, PSdeG-PSOE e BNG de 15 de febreiro de 2019 (rex. entrada nº 1079), que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de cultura, educación, seguridade cidadá e deportes de 21 de febreiro de 2019.

"MOCIÓN CONXUNTA DE ANOVA-SON DE TEO, PSdG/PSOE E BNG PARA O REXEITAMENTO DA CAMPAÑA DIRIXIDA AO ALUMNADO SOBRE MINERÍA SOSTIBLE

O 12 de febreiro, a Xunta de Galicia e a Cámara Oficial Mineira de Galicia presentaron publicamente un conxunto de materiais teoricamente educativos destinados a nenas e nenos de infantil, primaria e secundaria – ademais da campaña de enxeñería social "Minaría Sostible de Galicia" que, segundo se indica, ten como público destinatario o alumnado galego destes niveis educativos.

Esta campaña provocou o rexeitamento frontal dos colectivos integrados en ContraMINAcción, do movemento ecoloxista, e en xeral dos movementos sociais organizados en materia medioambiental. Estes colectivos veñen denunciando repetidamente como as administracións miran para outro lado diante do que consideran vulneracións legais das explotación, e que deixan un regueiro de contaminación e destrución polo país.

A administración está a permitir que as empresas se centren en conseguir os rendementos propios dun espolio durante o proceso de produción, facendo deixación de funcións nas súas competencias de control e supervisión medioambiental das explotacións. Cando, por múltiples causas, as empresas deixan as súas actividades, Galicia ten que aturar, e aturará no futuro, as terribles pegadas medioambientais destas explotacións.

Desgraciadamente, neste concello e na súa contorna, temos experiencias deste tipo. Os dous grandes problemas medioambientais proceden deste método de explotación, propio do que os imperios desenvolven nas súas colonias. A mina de Touro, que segue dende os anos oitenta botando augas contaminadas ao río Ulla, fonte de auga potable da nosa poboación, e a contorna da canteira da Casalonga, sen medidas de recuperación medioambiental nin controis públicos que determinen o estado real do chan e das augas, son a nosa herdanza do pasado para hoxe e para mañá.

Que a Xunta de Galicia se alíe coas empresas do sector e non coa sociedade civil xa di moito de por onde imos. Alguén cre que as empresas que levan anos contaminando o noso pais, van gastar os cartos en campañas educativas? Pensamos que é simplemente unha campaña de publicidade e propaganda camuflada como educativa, dirixida a un público cautivo, en horas lectivas, e sen información de contraste.

Esta campaña pretende dulcificar e quitarlle importancia os desastrosos impactos da minaría. A percepción social do proxecto de Corcoesto, de Touro, de San Fins, ERIMSA, de Triacastela ou de outros moitos ao longo do país.

A confederación ANPAS GALEGAS mostrou a súa oposición a que os sectores máis vulnerables da nosa sociedade, entre os que se atopan as crianzas e adolescentes, teñan que aturar nos centros de ensino, ou en calquera actividade extraescolar, uns audiovisuais perniciosos destinadas a educación infantil, primaria e secundaria que ocultan a grave contaminación, a destrución da paisaxe e do patrimonio. Esta entidade solicitou á Xunta de Galicia que recapacite e non faga uso dese material sesgado e con discutibles visións sobre a minería.

Dende a Rede ContraMINAcción indican que non se pode falar de "Minaría sostible", tendo en conta o actual estado das minas de Touro, San Fins, Monte Neme ou Santa Comba, por citar apenas algúns exemplos, onde a drenaxe ácida de mina ten impacto sobre os sistemas fluviais e marítimos. Existen actualmente investigacións en curso, tanto no Parlamento Europeo como nas Nacións Unidas, sobre os efectos destas explotacións mineiras e o papel ocultador da administración galega.

No caso de Monte Neme, baixo o nome de "lago de intenso azul", "hermosas aguas turquesas" ou "paraíso", estanse a apoiar desde a Xunta de Galicia as "bondades" de balsas tóxicas de residuos mineiros que acumulan gran cantidade de metais pesados e que son froito da minería extractiva e contaminante. Este non é o único exemplo, como ilustran moitos outras casos de degradación ambiental e paisaxística. Por citar algúns, véxanse os casos da Poza de Cartelle, en Ourense, afectada pola drenaxe aceda da minería; a Poza da canteira de Ventoxo, no municipio de Forcarei (Pontevedra); a Poza da canteira de Pedras Miúdas, en Catoira, afectada pola drenaxe ácida da minería; ou a Poza da canteira de Nantón, Cabana de Bergantiños (A Coruña), afectada pola drenaxe ácida da minería. Son só exemplos, xa que en outras moitas canteiras e minas pode estar a suceder o mesmo.

O procedemento para a recuperación de espazos durante e despois das explotacións mineiras é case sempre inexistente, e é raro que as empresas non atopen o burato administrativo para evitar investir na restauración, por moito que a legalidade lles obrigue.

Por todo isto, propoñemos ó Pleno Municipal a adopción do seguinte

ACORDO:

- *Reclamar da Xunta de Galicia e da Cámara Oficial da Minería de Galicia que retiren a campaña de distribución, nos centros escolares de infantil, primaria e secundaria, dos materiais didácticos denominados "Minería Sostible de Galicia", por tratarse dunha campaña publicitaria con información incompleta, sesgada e terxiversada.*

- *Reclamar da Xunta de Galicia que examine as explotacións mineiras abandonadas para coñecer os problemas medioambientais que están a producir, e se elabore un plan para poñerlles remedio.*

- *Esixir a Xunta de Galicia que sexa eficaz na súa labor de inspección medioambiental nas explotacións mineiras, e se establezan os controis necesarios para atallar a contaminación en todas as fases do proceso extractivo.*

- *Comunicarlle a Xunta de Galicia, á Cámara oficial da minería de Galicia, e os centros escolares de Teo o contido desta moción".*

Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do grupo mixto, sr. Fernández, sinala que é incrible o que ven de denunciar a confederación das Ampas galegas da proposta da cámara mineira, na que se dulcifica a minería. Sinala que sabe que a minería é necesaria, porén haberá que dar toda a información, non é so dar a información como se a minería por si fora boa e sen destacar para nada os efectos que ten. Opina o sr. Fernández que a moción, que sabe que foi feita a última hora, inclúe catro puntos e cree que debería incluír un máis no senso de que cando se ve a proposta do plan de restauración da Casalonga e cando se mira a normativa na que se basea esta empresa vese que é o Real Decreto 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión de residuos de construción e demolición e o Real Decreto 975/2009, de 12 de xuño, sobre xestión de residuos das industrias extractivas e de protección e rehabilitación do espazos afectados por actividades mineiras, polo que estes Reais Decreto son os que permiten que se faga un vertedoiro, tel e como expresa a empresa.

Sinala o sr. Fernández que o BNG tamén reclama que se poña de manifesto que hai unha normativa estatal que permite que se cole un vertedoiro, ademais da normativa autonómica, citada na propia moción. Salienta o sr. Fernández a necesidade de que se modifique a normativa estatal, que é a que permite que a Teo lle colen un vertedoiro, polo que sería interesante a referencia á normativa estatal citada.

Sinala que así mesmo, cando se enfrontan a un problema como o que se enfrontan, especialmente o do vertedoiro, non tanto o da planta de residuos, tamén hai que informar á veciñanza sen manipulacións e sen interpretacións sesgadas e as veces interesadas sobre cal é a competencia de cada Administración, porque iso non foi feito nese senso, a efectos tamén do que fai a Cámara mineira porque intenta colar unha campaña publicitaria poñendo a parte boa da minería, sen poñer a mala, co cal está manipulando. Considera o sr. Fernández que tamén o Concello debe tamén dar toda a información sen manipulacións e sen interpretacións sesgadas en función de cómo lle

vai a cada un e cal sexa a posición de cada un. Remata o sr. Fernández reclamando que se informe á opinión pública como corresponde.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, e di que non ten ningún problema coa proposta do sr. Fernández sobre os cambios lexislativos en Madrid.

Tratándose da campaña ao alumnado sobre a minería sostible, opina que como tal Cámara oficial, semifinanciada en parte pola Xunta, lle chama atención que a Xunta se meta neste fregado, engadindo que non lle parece nin lóxico nin coherente. Salienta que a campaña é digna de ver, é sexista, e utiliza unha mineira que se chama Bárbara que a medida que avanza a idade do público obxectivo se cingue bastante máis, o que ten que ver con outro mundo como o da cosificación da muller e ten tamén elementos como que recolle a posibilidade de restauración e de actividades de ocio en zonas restauradas como actividades sostibles, e aparece unha moto de auga. Opina a sra. Lemus que é o culmen da barbaridade publicitaria, sexista, manipuladora e falsa.
Remata a sra. Lemus a súa intervención sinalando que agradece a rápida reacción das Ampas en manifestar o seu rexeitamento a esta campaña, e entende que se a Xunta de Galicia ten dous dedos de fronte lle dirá á Cámara que se quere facer campañas destas as fagan eles sen utilizar nin medios nin fondos públicos.

O portavoz do PP, sr. Guerra, non fai uso da súa quenda de intervención.

Tras un breve intercambio de opinións, a emenda proposta polo concelleiro do grupo mixto, sr. Fernández, concrétase na incorporación dun punto catro, co tenor literal que se detalla de seguindo, pasando o actual punto cuarto a ser o quinto.

Emenda proposta polo sr. Fernández:
"Solicitar ao goberno do Estado a modificación da normativa estatal (R.D. 975/2009, do 12 de xuño, e R.D. 105/2008, do 1 de febreiro) que son utilizados de forma fraudulenta para a instalación de vertedoiros encubertos a través do mecanismo dos plans de restauración".

Interveño eu, secretaria da Corporación, para lembrar que as emendas teñen que formularse por escrito presentado ao presidente antes de comezarse a deliberación do asunto e, no caso de formularse emendas *in voce* durante a sesión, unicamente poderá aceptarse o seu debate por acordo da maioría dos asistentes.

Os/as concelleiros/as non fan uso da segunda quenda de intervencións.

O sr. alcalde di que se lle esqueceu antes e desculpa a ausencia do sr. Francos, que está de viaxe.

O sr. alcalde explica que se vai a proceder en primeiro lugar a votar a emenda formulada polo sr. Fernández, anteriormente transcrita.

Sometida a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (6 Son de Teo-ANOVA, 7 PP, 2 PSdeG-PSOE e 1 grupo mixto), acorda aprobar a emenda formulada polo sr. Fernández ao ditame da moción conxunta de ANOVA-Son de Teo, PSdeG-PSOE e BNG para o rexeitamento da campaña dirixida ao alumnado sobre a minería sostible.

De acordo co resultado da votación, o sr. alcalde sinala que se vai a someter a votación o ditame da moción conxunta de Son de Teo-Anova, PSdeG-PSOE e BNG, emendada polo sr. Fernández.

Sometido a votación o ditame emendado, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (6 Son de Teo-ANOVA, 7 PP, 2 PSdeG-PSOE e 1 grupo mixto), acorda:

- **Reclamar da Xunta de Galicia e da Cámara Oficial da Minería de Galicia que retiren a campaña de distribución, nos centros escolares de infantil, primaria e secundaria, dos materiais didácticos denominados "Minería Sostible de Galicia", por tratarse dunha campaña publicitaria con información incompleta, sesgada e terxiversada.**
- **Reclamar da Xunta de Galicia que examine as explotacións mineiras**

abandonadas para coñecer os problemas medioambientais que están a producir, e se elabore un plan para poñerlles remedio.

- **Esixir a Xunta de Galicia que sexa eficaz na súa labor de inspección medioambiental nas explotacións mineiras, e se establezan os controis necesarios para atallar a contaminación en todas as fases do proceso extractivo.**
- **Solicitar ao goberno do Estado a modificación da normativa estatal (R.D. 975/2009, do 12 de xuño, e R.D. 105/2008, do 1 de febreiro) que son utilizados de forma fraudulenta para a instalación de vertedoiros encubertos a través do mecanismo dos plans de restauración.**
- **Comunicarlle a Xunta de Galicia, á Cámara oficial da minería de Galicia, e os centros escolares de Teo o contido desta moción.**

6.- PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA SOBRE A OBRA COLECTOR ESPASANDE-A INSÚA: APROBACIÓN DE PROXECTO MODIFICADO E DE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DO CONTRATO.

O sr. alcalde lembra que, ao tratarse dun asunto que non foi ditaminado pola correspondente comisión informativa, por imposibilidade técnica de telo a tempo, procede ratificar a súa inclusión na orde do día.

Sometida a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (6 Son de Teo-ANOVA, 7 PP, 2 PSdeG-PSOE e 1 grupo mixto), acorda ratificar a inclusión do asunto na orde do día, de acordo cos artigos 82.3 e 97.2 do ROF e 31.2 do ROM.

O sr. alcalde cede a palabra á concelleira de urbanismo, vivenda e sostibilidade, D.ª Uxía Lemus de la Iglesia.

A sra. Lemus da conta da proposición da alcaldía sobre a obra do Colector Espasande-A Insúa: aprobación de proxecto modificado e de expediente de modificación do contrato, de 22 de febreiro de 2019, que se recolle a continuación.

"**<u>EXPTE:</u> COLECTOR EN ESPASANDE - A ÍNSUA (O-4/2016). MODIFICADO DE PROXECTO.**

"PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA

Vistas as Bases do Plan de aforro e investimento (PAI) 2016 da Deputación Provincial da Coruña.

Visto o proxecto de obra redactado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos don Xaquín Beiroa Raposo, cun orzamento de execución por contrata de 315.346,10 € aprobado por acordo plenario de 15/03/2016 e modificado polas Resolucións da alcaldía de 17 de marzo de 2016 (res. 223/16), ratificada por acordo do pleno de 31/03/2016 e de 26 de abril de 2016 (res.321/16), ratificada por acordo do pleno de 28/04/2016.

Visto o expediente de contratación O-4/2017, no que figura, entre outros, a Resolución 735/17 de adxudicación a favor da empresa Obras y Viales de Galicia, S.L., de data 08/09/2017, a formalización do contrato de data 21 de setembro de 2017 e a acta de comprobación do reformulo previo de data 16 de outubro de 2017.

Visto o proxecto modificado nº1 Colector Espasande – A Ínsua , redactado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos don Xaquín Beiroa Raposo, que tivo entrada neste concello en data 13 de febreiro de 2019 con número de rexistro 1026.

Vistos o informe da Secretaría adxunta, o informe de Intervención e o informe técnico que constan no expediente, e considerando a conformidade dada polo contratista á modificación a través do trámite de audiencia que lle foi outorgado, PROPONSE AO PLENO a adopción do seguinte acordo:

<u>Primeiro</u>.- Aprobar o "proxecto modificado nº1 Colector Espasande – A Ínsua", redactado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos don Xaquín Beiroa Raposo, que tivo entrada neste concello en data 13 de febreiro de 2019 con número de rexistro 1026.

<u>Segundo</u>.- Aprobar o expediente de modificación do contrato de obra para a execución do colector en Espasande – A Ínsua (Expte. O-4/2016), e proceder, no seu caso, á formalización da modificación pretendida.

<u>Terceiro</u>.- Dar traslado do acordo á empresa contratista e á Deputación da Coruña a efectos das actuacións que sexan pertinentes.

Teo, 22 de febreiro de 2019
O alcalde

Rafael C. Sisto Edreira"

A sra. Lemus sinala que hai cinco modificacións no proxecto e procede a explicalas. Sinala que a primeira delas refírese a que na estrada da Deputación había uns pozos tapados e no último non se podía ver a cota, polo que houbo que modificar un pouco o trazado para dar con esa cota. Refírese a sra. Lemus á segunda modificación referida a un cambio de trazado para que a senda vaia pola zona do río, que é o lóxico, coa creación dun muro de escollera para a baixada xusto na zona de Luou. Sinala a sra. Lemus que a terceira modificación ten que ver coa existencia de canles aparecidos unha vez comezada a obra, debido ao estado de abandono da zona. A cuarta modificación refírese a que, no cruce do Rego-Sestelo, por imposibilidade técnica, houbo que cambiar de marxe, e este cambio de marxe nos leva a unha punto quinto referido ao cambio de marxe no tramo final porque así se evitaba un cambio custoso co obxectivo de que o modificado fora a custo cero.

Salienta a sra. Lemus que obran no expediente todos os informes.

Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do grupo mixto, sr. Fernández, amosa a súa conformidade, engadindo que en todo caso plantexara algunha cousa en rogos e preguntas.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra ao concelleiro do seu grupo D. Antonio Reyes Sánchez Crespo.

O sr. Sánchez explica que esta semana estivo co arquitecto municipal vendo con detalle as modificación e salienta que son máis de carácter técnico e incluso nalgúns casos evitan que a senda pase por medio da horta dun veciño, o que provocaba certo malestar, e a eliminación desta ponte, que era custosa. Anuncia o sr. Sánchez o apoio do seu grupo.

Entende o sr. Sánchez que todas as obras levan tempo, e que existiron diferentes atrancos, porén foi unha obra que se aprobou en marzo de 2016, polo que lle gustaría que se recopilaran un pouco as causas da continua demora desta obra que tiña un prazo de execución de catro ou seis meses.

O sr. alcalde di que sen quitar razón ao exposto polo sr. Sánchez, hai que ter en conta que a obra se licitou o verán pasado e se iniciou en outono de 2017, traballaron dous meses e xa xurdiron os problemas.

Preguntado polos sr. alcalde, os/as concelleiros/as non fan uso da segunda quenda de intervencións.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (6 Son de Teo-ANOVA, 7 PP, 2 PSdeG-PSOE e 1 grupo mixto), acorda:

Primeiro.- Aprobar o "proxecto modificado nº1 Colector Espasande – A Ínsua", redactado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos don Xaquín Beiroa Raposo, que tivo entrada neste concello en data 13 de febreiro de 2019 con número de rexistro 1026.

Segundo.- Aprobar o expediente de modificación do contrato de obra para a execución do colector en Espasande – A Ínsua (Expte. O-4/2016), e proceder, no seu caso, á formalización da modificación pretendida.

Terceiro.- Dar traslado do acordo á empresa contratista e á Deputación da Coruña a efectos das actuacións que sexan pertinentes.

7.- MOCIÓNS.

Antes de entrar no punto oitavo da orde do día relativo a rogos e preguntas, o sr. alcalde, de conformidade co previsto no artigo 91.4 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, e no artigo 33 do Regulamento orgánico, pregunta se algún grupo municipal quere presentar algunha moción de urxencia, sen que se presente ningunha polos grupos municipais.

8.- ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO GRUPO MIXTO.

O concelleiro do grupo mixto, sr. Fernández, formula os/as seguintes rogos e preguntas:

1.- Sinala o sr. Fernández que, retomando o tema do colector, no Pleno pasado plantexou o tema do accceso aos muíños e aclara que agora sabe cales son porque estivo alí. Sinala que hai un de pedra, que máis ou menos está a nivel, porén a partir de aí hai dous que quedan moi abaixo. Entende o sr. Fernández que, tal e como dixo o sr. alcalde no Pleno anterior, se vai a facilitar o acceso.

O sr. alcalde di que se trata de non dificultar o acceso que tiñan, aínda que tampouco se vai a mellorar, intentándose que quede para que poidan ir a moer. Salienta que dos que hai é o único que moe, polo que se non é a través do proxecto, será a través dunha actuación municipal directa.

Di o sr. Fernández que o trazado actual vai polo medio e medio dunha finca, non sortea ao muíño, senón que vai pegado á canle. Pregunta se iso queda así.

O sr. alcalde sinala que existiu un acordo co veciño, e foi o que se cambio o acceso, porque nun primeiro momento o acceso era pola pista asfaltada que vai por diante dunha casa xusto ao pasar a ponte de chancla a man dereita e baixaba polo linde dunha finca cara o río. Iso era molesto, o veciño fixo a petición, e se prolongou pola a beira do río, o que leva á construción dunha baixada de escaleiras de madeira dende a ponte para acceder á beira do río xa directamente.

O sr. Fernández di que alí existe unha canle que se ve que está feita de fai pouco, vese que está a terra movida, porén parece que a canle viña doutro lado, que a auga viña por riba.

O sr. alcalde di que, como en todos os ríos, se fai unha derivación de río bastante antes, se vai separando do río, gañando menos profundidade que o propio río para crear ese desnivel, porén a canle ven do propio río.

O sr Fernández di que agora mesmo si.

O sr. alcalde di que agora e sempre.

Pregunta o sr. Fernández se esa canle estivo sempre, engadindo que lle chocaba ver que esa finca estivera dividida en dous.

O sr. alcalde explica que no outro muíño que hai na mesma man, precisamente onde está o muro de pedra ese grande que lles obrigou a cambiar para outro lado, ese muro o que fai é separar onde embalsa, e mentres dura esa canle, que vai a facer mover o muíño, se separa da beira do río necesariamente. Aclara que en todo caso iso está falado e acordado con eles sen ningún problema.

2.- Refírese o sr. Fernández á zona do Pedrouso, en Augas Mansas, e di que a pista que baixa ata á estrada da Deputación, acábase de bachear, porén é unha reclamación veciñal xa case que histórica, que se asfalte, porque se bachea pero aparecen boquetes.

O sr. alcalde resposta que antes das eleccións non existe previsión, aínda que coinciden coa valoración do sr. Fernández, polo que o que estea terá que facelo nun prazo razoable.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PSdeG-PSOE.

O/a concelleiro/a do PSdeG-PSOE non formulan ningún rogo nin pregunta.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PP.

O portavoz do PP, sr. Guerra, formula os/as seguintes rogos e preguntas:

1.- O sr. Guerra pregunta se en Cerdeira-Vilariño se van a cambiar as luces.

2.- Di o sr. Guerra que hai veciños que se queixan de exceso de luces nos xardíns das rotondas porque provoca confusión coas luces dos coches.

A sra. Lemus explica que as que estaban dando máis problemas eran as da rotonda de Florida, que se apagaron. Explica que teñen telexestión, e cando entre esta se van a poder baixar, entre tanto se apagaron porque producían deslumbramentos e despois mirarase de baixar a intensidade.

3.- Di o sr. Guerra que en Lamas existía un pequeno parque, que se eliminou, e agora hai doce rapaces polo menos e queren que se lles poña un parque.

O sr. Iglesias explica que o outro día na reunión da asemblea de veciños de Bamonde saíu este tema e acordaron que no espazo destinado a parque se van a instalar unhas mesas e uns bancos de pícnic. Explica que o parque se sacou porque non cumpría as normas e habería que instalar un parque con caucho, con vallas, etc, nun espazo onde hai dous parques perfectamente instalados na parroquia. Sinala o sr. Iglesias que as mesas e os bancos xa están encargados.

O sr. Guerra di que, ante a falta de recuperar o parque, os nenos piden que se poña un skatepark.

O sr. Guerra lémbralle ao sr. Iglesias que onde o Che hai un parque arriba e abaixo fíxose outro, xa que Baamonde ten tres aldeas, Lamas, Trivalde e O Coto, Lamas tiña un parque, quitouse, e debía volver a poñerse.

O sr. Sisto di que o de arriba sacouse, engadindo que en todo caso se mirará.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte horas e corenta e cinco minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

O alcalde

RAFAEL CARLOS SISTO EDREIRA - 33252651X

Firmado digitalmente por RAFAEL CARLOS SISTO EDREIRA - 33252651X
Fecha: 2019.03.25 13:16:46 +01'00'

Rafael C. Sisto Edreira

A secretaria

VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C

Firmado digitalmente por VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C
Nombre de reconocimiento (DN): cn=VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C, givenName=VIRGINIA, sn=FRAGA DÍAZ - 76967703C, serialNumber=IDCES-76967703C, 2.5.4.97=VATES-P1508300I, ou=CERTIFICADO ELECTRONICO DE EMPLEADO PUBLICO, o=CONCELLO DE TEO, c=ES
Fecha: 2019.03.25 13:13:16 +01'00'
Versión de Adobe Acrobat Reader: 2019.010.20098

Virginia Fraga Díaz

CONCELLO
DE **TEO**
Secretaría Xeral

A C T A 3/2019

SESIÓN ORDINARIA PLENO MUNICIPAL

– 27 DE MARZO DE 2019 –

Na Casa do Concello, a vinte e sete de marzo de dous mil dezanove, reúnense en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que se relacionan a continuación, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

Concelleiros/as:

D. Xosé Ignacio Iglesias Villar
D.ª Concepción García Vázquez
D. Xulio Francos Liñares
D. Jorge Juan Carballido Salgado
D.ª María del Pilar Pérez Fagil
D. José Francisco Nanín Castro
D. José Manuel Guerra Calvelo
D. Antonio Reyes Sánchez Crespo
D.ª Sofia Ferreiro Gaspar
D. Julio César Retis Vázquez
D.ª María Vázquez Rey
D. Ignacio Manuel Arroyo Font
D.ª María Dolores Nariño Facal
D.ª Uxía Lemus de la Iglesia
D. Roberto Moñino Gil
D. Manuel Anxo Fernández Baz

CONCELLO DE TEO
Secretaría

Secretaria xeral:

D.ª Virginia Fraga Díaz

Interventora:

D.ª Mónica I. Lado Varela

ORDE DO DÍA:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DE 27.02.19

2.-DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA 151/19 Á 212/19)

3.- DAR CONTA DO CUMPRIMENTO DO ARTIGO 104 BIS DA LEI 7/1985, DO 2 DE ABRIL, EN RELACIÓN CO PERSOAL EVENTUAL

4.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA DO ICIO

5.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA DO IAE

6.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA DO IBI

CONCELLO DE TEO
Secretaría

7.- PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA DE RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE APROBACIÓN DO PROXECTO DA OBRA DE "REFORMA E AMPLIACIÓN DA CASA COMÚN DE OZA"

8.- MOCIÓNS

9.- ROGOS E PREGUNTAS

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, o sr. alcalde, sendo as vinte horas, declara público e aberto o acto, pasando a

tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DE 27.02.19.

O sr. alcalde pregúntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o 27 de febreiro de 2019.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

2.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA 151/19 Á 212/19).

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas dende o día 22 de febreiro ata o 21 de marzo de 2019, que comprenden os números 151 ao 212, indicando o sr. alcalde que están a disposición de todos os membros da Corporación para a súa consulta se así o desexan.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

3.- DAR CONTA DO CUMPRIMENTO DO ARTIGO 104 BIS DA LEI 7/1985, DO 2 DE ABRIL, EN RELACIÓN CO PERSOAL EVENTUAL.

ONCELLO DE TEO
Secretaría

O sr. alcalde da conta do cumprimento do artigo 104 bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, en relación ao persoal eventual, segundo o documento incorporado ao expediente, que se reproduce a continuación, indicando que está a disposición de todos os membros da Corporación para a súa consulta se así o desexan.

"DACIÓN DE CONTA

Segundo o artigo 104 bis 1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (en adiante, LRBRL) as dotacións de postos de traballo cuxa cobertura corresponde a persoal eventual nos Concellos deberá axustarse aos límites e normas que determina e que, tratándose do concello de Teo, se concreta na posibilidade de incluír como máximo na súa plantilla dous postos de traballo de persoal eventual.

Segundo o apartado 4 do mesmo artigo, o persoal eventual terá que asignarse sempre aos servizos xerais das Entidades Locais en cuxa plantilla aparezan consignados, podendo asignarse, só excepcionalmente, con carácter funcional, a outros dos servizos e departamentos da estrutura propia da Entidade Local, se así o reflectira expresamente o seu regulamente orgánico.

Segundo o apartado 6 do artigo 104 bis analizado, o Presidente da Entidade Local informará ao Pleno con carácter trimestral do cumprimento do previsto neste artigo.

De acordo co exposto, dáse conta ao Pleno da Corporación do cumprimento no concello de Teo da regulación contida no artigo 104 bis da LRBRL, ao contar con un posto de traballo de persoal eventual, que é a Xefa de gabinete e comunicación, asignado aos servizos xerais da Entidade Local.

Teo, 21 de marzo de 2019

O alcalde,

Rafael C. Sisto Edreira"

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

4.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA DO ICIO.

O sr. alcalde cede a palabra á concelleira de administración, transportes, comercio, turismo e emprego, D.ª Concepción García Vázquez.

A sra. García da conta da proposta da alcaldía de 14 de febreiro de 2019, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de facenda e asuntos económicos, especial de contas de 21 de marzo de 2019.

"***PROPOSTA DE ALCALDÍA***

Considerando que o pasado 30 de xaneiro a Corporación Municipal manifestou por maioría de votos o interese na adhesión do Concello ao ***Protocolo Xeral de Actuación entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para***

Fomentar a Implantación e Fixación de Empresas en Galicia Mediante a Creación da Iniciativa "Concellos Doing Business Galicia".

Considerando que o referido Protocolo establece como obrigas dos concellos interesados en formar parte deste programa a modificación da ordenanza fiscal reguladora do ***Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras****, incorporando unha bonificación específica neste imposto para as empresas xeradoras de emprego, segundo as condicións establecidas no mesmo.*

Considerando que os cambios precisos para adaptar a ordenanza ás esixencias establecidas no referido protocolo consisten na modificación da redacción do artigo 9º, "Bonificacións", incluíndo as esixencias que deben asumir os concellos no mesmo e quedando como segue:

"Artigo 9.º . Bonificacións

1.- a) Establecese un beneficio fiscal do 90% da cota para instalacións, construcións e obras promovidas directamente por outras administracións públicas e destinadas ao equipamento comunitario primeiro, sempre e cando non estea prevista a súa repercusión no prego de condicións que rexa para a contratación da obra.

b) Terán unha bonificación do 50% da cota ás construcións, instalacións e obras, realizadas por asociacións sen ánimo de lucro, en centros destinados a asistencia e integración social ou desenvolvemento de actividades culturais de libre acceso e participación. Para acceder a esta bonificación será necesario acompañar á solicitude cos estatutos da asociación debidamente rexistrados, así como unha memoria explicativa da actividade que se vai desenvolver no local. A inactividade por un prazo superior a 6 meses ou o cambio de actividade nos locais dentro dos cinco anos seguintes ao outorgamento do beneficio darán lugar á perda da bonificación e liquidaranse as cantidades bonificadas coa aplicación dos xuros de demora correspondentes.

CONCELLO DE TEO
Secretaría

c) ***Establécese ademais unha bonificación do 30% a favor doutras construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais ou histórico-artísticas. A concesión da mesma requirirá informe ou memoria motivadora do especial interese ou utilidade municipal.***

d) Poderán ser bonificadas tamén, as construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración.

A bonificación da cota será:

- *Ata un 95% para aquelas construcións, instalacións ou obras nas que se desenvolva unha actividade económica ou empresarial por implantación dunha nova empresa no termo municipal de Teo, sempre e cando cree emprego.*

- *Ata un 95% para aquelas construcións, instalacións ou obras nas que se desenvolva unha actividade económica ou empresarial pola ampliación dunha empresa que xa viña exercendo unha actividade económica ou empresarial en Teo, sempre e cando implique creación de emprego.*

A porcentaxe de bonificación será a seguinte:

Creación de 1 a 10 postos de traballo	*50%*
Creación de 11 a 20 postos de traballo	*75%*
Creación de máis de 20 postos de traballo	*95%*

As contratacións deberán ser indefinidas.

O beneficiario da bonificación será a persoa física, xurídica ou entidade do artigo 33.4 da Lei Xeral Tributaria que sexa no IBI o suxeito pasivo do ben inmoble afecto, sempre que aquel coincida co titular da actividade económica ou empresarial creadora de emprego.

Quedan excluídos da bonificación os impostos sobre construcións, instalacións e obras que recaian sobre bens inmobles arrendados.

Non poderá ser beneficiario da bonificación a persoa xurídica ou entidade do artigo 33.4 LXT que tivera adoptado medidas de regulación do emprego nos 12 meses anteriores á formalización dos contratos de traballo.

CONCELLO DE TEO
Secretaría

A declaración de especial interese ou utilidade municipal, así como a porcentaxe de bonificación, corresponderá ao Pleno da Corporación, co voto favorable da maioría simple dos seus membros, previa solicitude do suxeito pasivo no modelo normalizado.

A declaración de interese ou utilidade municipal deberá producirse nun prazo que non excederá de catro meses, computables dende a súa solicitude, previo informe técnico-xurídico favorable. A resolución entenderase desestimatoria si non recae resolución en dito prazo.

1) Tramitación:

O prazo de presentación da solicitude será dun mes dende o día seguinte ao de obtención do título habilitante para a realización da construción, instalación ou obra, no caso de que fose precisa a realización de construción, instalación ou obra, con carácter previo ao inicio da actividade. Para a declaración do especial interese ou utilidade polo Pleno, xunto coa solicitude, achegará a seguinte documentación:

– Poder de representación, no seu caso.

– Certificado da Axencia Estatal da Administración Tributaria no que conste a alta no municipio no epígrafe da actividade no Imposto sobre Actividades Económicas.

– Memoria xustificativa sobre o proxecto da actividade económica ou empresarial de nova creación ou de ampliación, na que constará a referencia catastral do inmoble afecto á actividade económica ou empresarial no que se realiza a construción, instalación ou obra; a creación de novos postos de traballo; o número de novos postos de traballo; a súa categoría profesional e a modalidade e duración da contratación.

– Declaración responsable sobre o emprego que creará, con indicación do número de novos postos de traballo, a súa categoría profesional e a modalidade e duración da contratación.

– Certificado de estar ao corrente coa Facenda Estatal, coa Facenda Autonómica, co Concello de Teo e coa Seguridade Social.

– Aqueloutra documentación que, motivadamente, sexa requirida polo Departamento de Emprego do Concello de Teo.

CONCELLO DE TEO
Secretaría

No prazo dun mes dende o remate da construción, instalación ou obra, que respectará o prazo concedido na licencia, o suxeito pasivo deberá comunicar ao Concello a finalización, achegando Certificado final de obra.

No prazo de dous meses dende a data mentada no parágrafo anterior, o suxeito pasivo deberá presentar a comunicación previa de inicio de actividade ou solicitude do título habilitante para o exercizo da actividade, coa seguinte xustificación documental da xeración de emprego:

– Informe de Vidal Laboral das contas de cotización dende o inicio ou ampliación da actividade.

– Relación dos traballadores contratados con expresión do seu nome e apelidos, NIF, número de afiliación á seguridade social, data de inicio, modalidade e duración do seu contrato.

– Relacións Nominais de Traballadores e Recibos de Liquidación das Cotizacións.

– Copia dos contratos de traballo dos empregos creados.

– No seu caso, TA2 de baixa dos traballadores indefinidos contratados que causaron baixa por dimisión, morte, xubilación, incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez, ou por resolución durante o período de proba.

Toda solicitude que se realice transcorrido o prazo sinalado, será considerada extemporánea.

O incumprimento dos requisitos esixidos suporá a perda da bonificación e a liquidación do importe deixado de ingresar, xunto cos xuros de mora correspondentes.

En todos os casos recollidos nas letras anteriores a concesión do beneficio fiscal, así como a declaración de especial interese ou utilidade municipal referida nas letras c) e d), corresponderá ao Pleno da Corporación por maioría simple dos seus membros.

2.-Establécese unha bonificación a favor das construcións, instalacións ou obras nas que se incorporen sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar para autoconsumo. A aplicación desta bonificación estará condicionada a que as instalacións para produción de calor inclúan colectores que dispoñan da correspondente homologación da Administración competente.

A bonificación establécese no 25% dos gastos de execución material dos sistemas de aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar, a deducir da cota íntegra do imposto, sen que en ningún caso a dedución poida exceder da porcentaxe do 50% da cota.

O suxeito pasivo deberá aportar, xunto coa solicitude da licencia, o proxecto técnico visado polo Colexio Oficial correspondente, acreditativo da incorporación á construción, instalación ou obra de instalacións de enerxía solar térmica ou de enerxía solar fotovoltaica para autoconsumo, así como da homologación dos colectores empregados para a produción de calor.

3.-Establécese unha bonificación do 30 % a favor das construcións, instalacións ou obras referentes a actuacións protexidas en materia de vivenda, de conformidade co disposto no Decreto da Xunta de Galicia 199/2002, do 6 de xuño e demais normativa estatal i autonómica sobre a materia.

CONCELLO DE TEO
Secretaría

Para o goce da mesma, o suxeito pasivo deberá aportar, no momento previo á retirada da licencia, a cédula de cualificación provisional como VPO emitida polo Instituto Galego da Vivenda e Solo ou declaración ou visado emitido polo mesmo Instituto considerando protexida a actuación en que consiste a construción, instalación ou obra.

4.-Establécese unha bonificación a favor das construcións, instalacións e obras que, en edificacións e instalacións xa existentes, favorezan as condicións de acceso e habitabilidade dos discapacitados. A bonificación establécese no 10% dos gastos de execución material das obras que favorezan as condicións de acceso e habitabilidade dos discapacitados, a deducir da cota íntegra do imposto, sen que en ningún caso a dedución poida exceder da porcentaxe do 30% da cota.

5.-As bonificacións previstas neste artigo, nos puntos 1, apartados a) e b), 2, 3 e 4, esixirán:

a) Solicitude do interesado

b) Informe dos Servicios municipais correspondentes (Urbanismo, Cultura, Emprego, Medioambiente) e, en todo caso, informe do Servicio de xestión, recadación e inspección tributaria do Concello

c) Acordo da Xunta de Goberno Local e, no seu caso, do Pleno.

6.-As solicitudes de bonificacións incluídas neste artigo deberán presentarse coincidindo coa solicitude das correspondentes licencias.

7.-As bonificacións aplicaranse sobre a cota íntegra do imposto e serán compatibles, salvo as recollidas no apartado 1 deste artigo que serán incompatibles entre sí, e a recollida no apartado 1 a), que será incompatible con ningunha outra. En todo caso as bonificacións aplicadas de forma acumulativa neste artigo en ningún caso poderán exceder do 75% da cota íntegra."

ONCELLO DE TEO
Secretaría

En virtude do exposto, e de conformidade co previsto no artigo 133 e Disposición adicional primeira da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, e artigo 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, proponse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

***Primeiro**.- Aprobar inicialmente a presente modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.*

***Segundo**.- Someter o expediente a información pública, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, nun diario dos de maior difusión na provincia e na web do*

Concello, e exposición no taboleiro de edictos da Corporación, durante o prazo de 30 días, para a presentación de reclamacións. De non formularse reclamacións durante a exposición pública, entenderase aprobada definitivamente a citada Ordenanza.

Terceiro.- *A ordenanza modificada e aprobada manterá a súa vixencia indefinidamente a partir da súa publicación, en tanto non sexa derrogada ou novamente modificada."*

Obran no expediente informe de intervención de 15 de febreiro de 2019 e informe de secretaría de 15 de marzo de 2019, que se reproducen a continuación:

"***INFORME DE INTERVENCIÓN***

ASUNTO: MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO ICIO

Coa finalidade de dar cumprimento ao disposto no artigo 214 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, a funcionaria que suscribe emite o seguinte INFORME:

2º.-PROCEDEMENTO

O Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, contempla no seu artigo 17 a modificación das Ordenanzas Fiscais nos seguintes termos:

"1. Os acordos provisionais adoptados polas corporacións locais para o establecemento, supresión e ordenación de tributos…así como as aprobacións e ***modificacións*** *das correspondentes ordenanzas fiscais, expoñeranse no tablón de edictos da Entidade durante 30 días, como mínimo dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presenta-las reclamacións que estimen oportunas.*

2.As entidades locais publicarán, en todo caso, os anuncios de exposición no boletín oficial da provincia…as deputacións provinciais, os órganos de goberno de entidades supramunicipais e os concellos de mais de 10.000 habitantes deberán publica-los, ademais, nun diario dos de maior difusión da provincia…

3. Finalizado o período de exposición pública, as corporacións adoptarán os acordos definitivos que procedan, resolvendo as reclamacións presentadas e aprobando a redacción definitiva da ordenanza, a súa derogación ou as modificacións ás que se

CONCELLO DE TEO
Secretaría

refire o acordo provisional.No caso de que non se ouberan presentado reclamacións, entenderase
definitivamente adoptado o acordo, ata entonces provisional, sen necesidade de acordo plenario.
4. Os acordos definitivos…e o texto íntegro das ordenanzas ou das súas modificacións, haberán de ser publicados no boletín oficial da provincia…sin que entren en vigor ata que se leve a cabo a devandita publicación"

O artigo 18 considera interesados ós efectos do disposto no artigo 17.1:
"a) Os que tiveran un interés directo ou resulten afectados por tales acordos.
b) Os colexios profesionais, cámaras oficiais, asociacións e demais entidades legalmente constituídas para defende-los intereses profesionais, económicos ou veciñais cando actúen en defensa dos que lles son propios"

Finalmente, o artigo 19 establece a posibilidade de impugnación pola vía do recurso contencioso- administrativo, que se poderá interpoñer a partires da súa publicación no boletín oficial da provincia na forma e prazos que establecen as normas da devandita xurisdicción.

CONCELLO DE TEO
Secretaría

3º.-OBXECTO DA MODIFICACIÓN

A modificacion da Ordenanza que agora se presenta consiste nunha maior concreccion das bonificacions xa recollidas na Ordenanza vixente e dacordo co estipulado no RDL 2/2004, de 5 de marzo, xa que se desenvolve o contido das bonificacions segundo parametros obxectivos, por estes motivos a fiscalizacion do expediente é favorable."

"*INFORME XURÍDICO*

En cumprimento do disposto no artigo 3.3 d) do R.D.128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emítese o presente que versa sobre o ***PROCEDEMENTO DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIONS, INSTALACIÓNS E OBRAS****.*

NORMATIVA APLICABLE

- *Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).*
- *Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).*
- *Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA).*
- *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).*
- *Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).*
- *Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (LT).*
- *Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, por lo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).*
- *R.D.128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional (RFHCN).*
- *R.D. 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).*
- *Regulamento orgánico da Corporación municipal de Teo (ROM).*

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro. *Potestade regulamentaria.- Segundo o artigo 4.1 a) da LRBRL, en relación co artigo 4.1 a) do ROF, corresponde aos municipios, dentro da esfera das súas competencias, a potestade regulamentaria. Pola súa parte, segundo o artigo 55 do TRRL, na esfera das súas competencia, as Entidades locais poderán aprobar Ordenanzas e Regulamentos, e os alcaldes ditar Bandos. En ningún caso conterán preceptos opostos ás leis.*

Polo que interesa aos efectos do presente, hai que ter en conta que, entre os tipos de ordenanzas que existen, atópanse as ordenanzas fiscais cuxo obxectivo é regular a imposición e ordenación dos tributos municipais.

Con carácter xeral, a efectos do exercicio da potestade regulamentaria hai que ter en conta o previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. O artigo 128 da citada Lei, dedicado á potestade regulamentaria, tras establecer, no seu apartado primeiro, que o exercicio da potestade regulamentaria corresponde aos órganos de goberno locais, de acordo co previsto na Constitución, os Estatutos de Autonomía e a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, dispón, no seu apartado segundo, que os regulamentos e disposicións administrativas non poderán vulnerar a Constitución ou as leis nin regular aquelas materias que a Constitución ou os Estatutos de Autonomía recoñecen da competencia das Cortes Xerais ou das Asembleas Lexislativas das Comunidades Autónomas. Sen prexuízo da súa función de desenvolvemento ou colaboración con respecto á lei, non poderán tipificar delitos, faltas ou infraccións administrativas, establecer penas ou sancións, así como tributos, exaccións parafiscais ou outras cargas ou prestacións persoais ou patrimoniais de carácter público.

NCELLO DE TEO
Secretaría

As disposicións administrativas axustaranse á orde de xerarquía que establezan as leis e ninguna disposición administrativa poderá vulnerar os preceptos doutra de rango superior (art. 128.3 LPACAP).

***Segundo**. Planificación normativa.- Sen prexuízo da análise do previsto na normativa local en relación coas ordenanzas municipais, incluídas as fiscais, e tras a entrada en vigor da LPACAP, hai que ter en conta as previsións recollidas na mesma en canto á planificación normativa, os principios de boa regulación e á participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de regulamentos.*

Polo que se refire á planificación normativa o artigo 132 da LPACAP dispón que, anualmente, as Administracións Públicas farán público un Plan Normativo que conterá as iniciativas regulamentarias que vaian a ser elevadas para a súa aprobación no ano seguinte. Unha vez aprobado, o Plan Anual Normativo publicarase no Portal de Transparencia da Administración Pública correspondente.

A exposición de motivos xustifica a medida sinalando que "en aras dunha maior seguridade xurídica, e a predictibilidade do ordenamento, apóstase por mellorar a planificación normativa ex ante".

A estes efectos, cabe salientar que á que subscribe non lle consta que no Concello de Teo se dera cumprimento á obriga de confeccionar e facer público, unha vez aprobado, o Plan Normativo que contivera as iniciativas regulamentarias que ían a ser elevadas para a súa aprobación na anualidade 2019, incumprimento que, pese a ser advertido en reiteradas ocasións, non foi corrixido. Tendo en conta a data do presente, lémbrase a obriga de dar cumprimento de xeito inmediato ao esixido no artigo 132 LPACAP.

CONCELLO DE TEO
Secretaría

***Terceiro**. Principios de boa regulación. Avaliación e adaptación.- O artigo 129 da LPACAP dispón que, no exercicio da potestade regulamentaria, as Administracións Públicas actuarán de acordo cos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia, e eficiencia. No **preámbulo de proxectos de regulamento** quedará suficientemente **xustificada a súa adecuación** a ditos principios.*

En virtude dos principios de necesidade e eficacia, a iniciativa normativa debe estar xustificada por una razón de interese xeral, basearse nunha identificación clara dos fins perseguidos e ser o instrumento máis axeitado para garantir a súa consecución.

En virtude do principio de proporcionalidade, a iniciativa que se propoña deberá conter a regulación imprescindible para atender a necesidade a cubrir coa norma, tras constatar que non existen outras medidas menos restritivas de dereitos, ou que impoñan menos obrigas aos destinatarios.

A fin de garantir o principio de seguridade xurídica, a iniciativa normativa exercerase de maneira coherente co resto do ordenamento xurídico, nacional e da Unión Europea, para xerar un marco

normativo estable, predicible, integrado, claro e de certidume, que facilite o seu coñecemento e comprensión e, en consecuencia, a actuación e toma de decisións das persoas e empresas.

Cando en materia de procedemento administrativo a iniciativa normativa estableza trámites adicionais ou distintos aos contemplados na LPACAP, estes deberán ser xustificados atendendo á singularidade da materia ou aos fins perseguidos pola proposta (art. 129.4 LPACAP).

En aplicación do principio de transparencia, as Administracións Públicas posibilitarán o acceso sinxelo, universal e actualizado á normativa en vigor e os documentos propios do seu proceso de elaboración, nos termos establecidos no artigo 7 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; definirán claramente os obxectivos das iniciativas normativas e a súa xustificación no preámbulo; e posibilitarán que os potenciais destinatarios teñan unha participación activa na elaboración das normas (art. 129.5 LPACAP).

En aplicación do principio de eficiencia, a iniciativa normativa debe evitar cargas administrativas innecesarias ou accesorias e racionalizar, na súa aplicación, a xestión dos recursos públicos (art. 129.6 LPACAP).

Cando a iniciativa normativa afecte aos gastos ou ingresos públicos presentes ou futuros, se deberán cuantificar e valorar as súas repercusións e efectos, e supeditarse ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (art. 129.7 LPACAP).

Neste contexto debe así mesmo terse en conta, de acordo co artigo 130 da LPACAP, a obriga das Administracións públicas de revisar periodicamente a súa normativa vixente para adaptala aos principios de boa regulación citados e para comprobar a medida en que as normas en vigor conseguiron os obxectivos previstos e se estaba xustificado e correctamente cuantificado o custe e as cargas impostas nelas.

O resultado da avaliación plasmarase nun informe que se fará público, co detalle, periodicidade e polo órgano que determine a normativa reguladora da Administración correspondente.

As Administracións Públicas promoverán a aplicación dos principios de boa regulación e cooperarán para promocionar o análise económico na elaboración das normas e, en particular, para evitar a introdución de restricións inxustificadas ou desproporcionadas da actividade económica.

Á vista do exposto lémbrase a obriga de dar cumprimento ao previsto no artigo 130 da LPACAP nos termos analizados, debéndose así mesmo, antes da súa aprobación polo órgano competente, dar cumprimento ao establecido no artigo 129 LPAC, en especial no seu apartado 7, anteriormente transcrito, aspecto que non lle consta á que subscribe fora analizado no expediente obxecto do presente.

Cuarto. *Participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas regulamentarias.- Tratándose da participación cidadá hai que ter en conta o previsto no artigo 133 da Lei 39/2015.*

CONCELLO DE TEO
Secretaría

De acordo con este artigo distínguese como elementos de participación a consulta pública, previa á redacción da norma, e a audiencia e informacións públicas, cando xa se dispón do texto normativo.

Así, segundo o apartado 1 do artigo citado, con carácter previo á elaboración do proxecto ou anteproxecto de regulamento, se sustanciará una consulta pública, a través do portal web da Administración competente na que se recabará a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca de:

a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.

b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación.

c) Os obxectivos da norma.

d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

Segundo o apartado 2 da norma analizada, sen prexuízo da consulta previa á redacción do texto da iniciativa, cando a norma afecte aos dereitos e intereses lexítimos das persoas, o centro directivo competente publicará o texto no portal web correspondente, co obxecto de dar audiencia aos cidadáns afectados e recabar cantas aportacións adicionais poidan facer por outras persoas ou entidades. Así mesmo, poderá tamén recabarse directamente a opinión das organizacións ou asociacións recoñecidas por lei que agrupen ou representen ás persoas cuxos dereitos ou intereses lexítimos se viran afectados pola norma e cuxos fins garden relación directa co seu obxecto.

A consulta, audiencia e información públicas reguladas neste artigo 133 deberán realizarse de forma tal que os potenciais destinatarios da norma e os que realicen aportacións sobre ela teñan a posibilidade de emitir a súa opinión, para o cal deberán poñerse a súa disposición os documentos necesarios, que serán claros, concisos e reunir toda a información precisa para poder pronunciarse sobre a materia (133.3 LPACAP).

ONCELLO DE TEO
Secretaría

Poderá prescindirse dos trámites de consulta, audiencia e información públicas no caso de normas orzamentarias ou organizativas da Administración Xeral do Estado, a Administración autonómica, a Administración local ou das organizacións dependentes ou vinculadas a estas, ou cando concorran razóns graves de interese público que o xustifiquen (art. 133.4 LPACAP).

Cando a proposta normativa non teña un impacto significativo na actividade económica, non impoña obrigas relevantes aos destinatarios ou regule aspectos parciais dunha materia, poderá omitirse a consulta pública regulada no apartado primeiro do artigo 133. Se a normativa reguladora do exercicio da potestade regulamentaria por unha Administración prevé a tramitación urxente destes procedementos, a eventual excepción do trámite por esta circunstancia axustarase ao previsto naquela.

A estes efectos deberá terse en conta o Informe do Director Xeral de Tributos, de 10 de xaneiro de 2018, da Secretaría de Estado de Facenda do Ministerio de facenda e función pública, no que se conclúe a aplicación de todo o exposto ás ordenanzas fiscais, en especial o trámite de consulta previa establecido no artigo 133 da Lei 39/2015, ao afirmar que o "trámite de consulta previa establecido no artigo 133 da Lei 39/2015 no ten equivalente no TRLRFL, dado o carácter ex novo do mesmo, e non pode considerarse incluído no trámite de participación cidadá regulado no artigo 17 do TRLRFL, xa que se trata de dous trámites distintos e que se realizan en dous momentos diferentes: o trámite de consulta previa ten lugar con carácter previo á elaboración do proxecto e anteproxecto de lei ou de regulamento e sustánciase a través do portal web da Administración competente; mentres que o trámite de participación cidadá do artigo 17 do TRLRFL ten lugar posteriormente, unha vez elaborada e aprobada a redacción provisional da ordenanza fiscal e non se realiza por medios electrónicos, senón mediante a súa exposición no taboleiro de anuncios da Entidade Local e a súa publicación no boletín oficial correspondente.

En consecuencia no procedemento de aprobación de ordenanzas fiscais debe incluírse o trámite de consulta pública previa regulado no artigo 133 da Lei 39/2015.

Plantexada ante a Dirección Xeral de Tributos se a consulta pública previa resulta necesaria en todo caso, ou unicamente nos suposto de aprobación de novas ordenanzas fiscais, recóllese no informe citado que a este respecto "hai que sinalar que o apartado 4 do artigo 133 da Ley 39/2015 establece a excepción ao trámite de consulta, entre outros supostos, para o de regulación de aspecto parciais dunha materia.

Polo tanto, se conclúe que o trámite de consulta previa debe sustanciarse cando se trata da aprobación dunha nova ordenanza fiscal, mentres que no caso da modificación dunha ordenanza fiscal xa aproba con anterioridade, pode obviarse dito trámite por tratarse dunha regulación parcial da materia".

CONCELLO DE TEO
Secretaría

Ademais do exposto, hai que ter en conta o regulado na Disposición Adicional primeira da LPACAP, referida ás especialidades por razón da materia. Segundo o apartado primeiro da Disposición citada, os procedementos administrativos regulados en leis especiais por razón da materia que non esixan algún dos trámites previsto na LPACAP ou regulen trámites adicionais ou distintos rexeranse, respecto a estes, polo disposto en ditas leis especiais, recolléndose, no apartado segundo, un listado de actuacións e procedementos que se rexerán pola súa normativa específica e supletoriamente polo disposto na LPACAP (actuacións e procedementos de aplicación de tributos en materia tributaria e aduaneira, así como a súa revisión en vía administrativa, actuacións e procedementos de xestión, inspección, liquidación, recadación, impugnación e revisión en materia de Seguridade social e Desemprego, etc).

A efectos de publicidade debe igualmente terse en conta que, segundo o artigo 7 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, as Administracións Públicas, no ámbito das súas competencia, publicarán os proxectos de Regulamento cuxa iniciativa lles corresponda. Cando sexa preceptivo a solicitude de ditames, a publicación producirase unha vez que estes foran solicitados aos órganos consultivos

correspondentes sen que elo supoña, necesariamente, a apertura dun trámite de audiencia pública.

Á vista do exposto, observase como a LPACAP establece unha nova regulación da tramitación para a elaboración das normas regulamentarias, que debe entenderse previa á tramitación que a estes efectos se contempla na normativa local, concretamente no artigo 17 TRLRFL, e así o proceso de consulta, audiencia e información públicas deberán levarse a cabo de forma obrigatoria no proceso de elaboración (ou modificación) das Ordenanzas fiscais, sen prexuízo das excepcións xa expostas que recolle a LPACAP. Se ben, a xuízo da que subscribe, pese a non existir unha posición doutrinal unánime ao efecto, podería interpretarse que a publicación do texto do Regulamento (ordenanza neste caso) no portal web e trámite de audiencia, poderían ser complementarios ao procedemento administrativo de aprobación, é dicir practicarse e simultanearse co trámite de información pública á que se refire o artigo 17 do TRLRFL, porén non se pode obviar o trámite de consulta pública, cuxa realización non lle consta á que subscribe e que debería realizarse para dar cumprimento ao previsto na normativa analizada, agás que concorra algunha das excepcións sinaladas, como parece que acontece neste caso á vista do informe da Dirección Xeral de tributos, ao tratarse da modificación dunha ordenanza fiscal.

Quinto. *Procedemento.- De acordo do artigo 17 TRLRFL, o procedemento para a aprobación (neste caso modificación), dunha ordenanza fiscal, como é o caso do presente, deberá axustarse aos seguintes trámites:*

- Aprobación inicial polo Pleno da Corporación, previo ditame pola Comisión Informativa correspondente.

- Información pública e audiencia aos interesados polo prazo mínimo de trinta días, dentro dos cales aqueles poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Os anuncios de exposición publicaranse no taboleiro de anuncios, no boletín oficial da provincia e nun dos diarios de maior difusión da provincia (17. 1 e 2 TRLRFL) e na páxina web ou na sede electrónica (art. 5 LT).

CONCELLO DE TEO
Secretaría

Segundo o artigo 18 TRLRFL, teñen a condición de interesados:

a) Os que tiveran un interese directo ou resulten afectados por tales acordos.

b) Os colexios oficiais, cámaras oficiais, asociacións e demais entidades legalmente constituídas para velar polos intereses profesionais, económicos ou veciñais, cando actúen en defensa dos que lle son propios.

- No caso de que existan reclamacións serán resoltas pola Corporación, sendo preciso un novo acordo plenario, de aprobación definitiva, previo ditame da Comisión Informativa correspondente.

No caso de que non se presentara ningunha reclamación entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario.

- A modificación da ordenanza, definitivamente aprobada, así como o texto íntegro, terán que ser publicados no boletín oficial da provincia, sen que entre en vigor ata que se leve a cabo dita publicación, debéndose así mesmo publicar na sede electrónica ou na páxina web.

A estes efectos o artigo 131 da LPACAP dispón que ademais da publicación a ordenanza no diario oficial correspondente, neste caso o BOP, para a súa entrada en vigor e producir efectos xurídicos, as Administracións Públicas poderán establecer outros medios de publicidade complementarios.

***Sexto**. Competencia.- De acordo co previsto nos artigos 22.2 d) e 47.1 da LRBRL, o Pleno é o órgano competente para a aprobación, por maioría simple, da modificación da Ordenanza á que se refire o presente.*

***Sétimo**. Recurso contencioso administrativo.- Segundo o artigo 19 do TRLRFL as ordenanzas fiscais das entidades locais rexerán durante o prazo, determinado ou indefinido, previsto nelas, sen que quepa contra elas outro recurso que o contencioso-administrativo que se poderá interpor, a partir da súa publicación no boletín oficial da provincia, ou, no seu caso, da comunidade autónoma uniprovincial, na forma e prazos que establecen as normas reguladoras de dita xurisdición.*

Se por resolución xudicial firme resultaren anulados ou modificados os acordos locais ou o texto das ordenanzas fiscais, a entidade local virá obrigada a adecuar aos termos da sentenza todas as actuacións que leve a cabo con posterioridade á data en que aquela sexa notificada. Salvo que expresamente o prohibira a sentenza, manteranse os actos firmes ou consentidos ditados ao amparo da ordenanza que posteriormente resulte anulada ou modificada (art. 19.2 TRLRFL).

De acordo co exposto, a xuízo da que subscribe, deberá darse cumprimento ao recollido no presente en relación co plan normativo (fundamento de dereito segundo) e, con carácter previo á aprobación da modificación, en relación co artigo 129 da LPACAP, en especial no seu apartado 7, nos termos analizados (fundamento de dereito terceiro).

Este é o meu criterio, sen prexuízo doutro mellor fundado en dereito, porén o Pleno da Corporación acordará o que estime oportuno."

CONCELLO DE TEO
Secretaría

Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do grupo mixto, sr. Fernández, sinala que vai a utilizar os mesmos argumentos que expuxo en xaneiro no senso de que o convenio supón unha chantaxe hoxe consumada cos tres puntos da orde do día de modificación das ordenanzas municipais. Salienta que como o argumento é igual para os tres, non o vai a repetir. Considera o sr. Fernández que Doing Business é unha

das tretas ideada polo PP, dentro da Lei de depredación, para silenciar aos concellos que molestan porque consideran que hai que axilizar as tramitacións administrativas fronte a chegada de determinadas industrias. Sinala que isto so beneficia ás grandes empresas que se implanten en Galicia, que aforraran miles de euros en impostos, impostos que os concellos deixarán de ingresar. Dende a Xunta entenden o fomento de emprego e o desenvolvemento de grandes áreas industriais, a costa de destruír o territorio, vendendo Galiza a custo de salde ás multinacionais e liberalizando sectores para facilitar a implantación do Tratado de libre comercio CETA. Lembra o sr. Fernández que cando se falou dese Tratado xa dixeron que a ver como se iría concretando e esta é unha das concrecións e outro ataque á xa minguada autonomía local. É unha chantaxe porque os concellos que subscriben o convenio terán máis puntos para concorrer ás subvencións de fomento do emprego, polo tanto os concellos quedan sen marxe de manobra para poder facer o que quixeran con eses recursos. Polo tanto os compromisos que implica ese convenio supón rebaixas fiscais para as empresas, que pode chegar ao 95 %, e beneficia ás grandes empresas que son as que teñen máis postos de traballo. O sr. Fernández sinala que a Lei de implantación empresarial aprobada pola Xunta no ano 2017, en solitario, foi obxecto de grandes críticas. Sinala que a Xunta castiga aos concellos que non se adhiran, que partiran cunha clara desvantaxe á hora de optar ás subvencións, polo tanto a quen prexudica é a cidadanía, que paga os seus impostos. Opina o sr. Fernández que se trata dunha porta traseira para que a Xunta de facilidades a calquera tipo de empresa para acceder a solo industrial, engadindo que a única vantaxe é que se obterá máis puntuación para a obtención de subvencións. Reitera o sr. Fernández que se referiu ás tres propostas, que teñen trinta días de exposición pública, para que se presenten reclamacións, e se non é así en 30 días entenderanse definitivamente aprobadas. Remata o sr. Fernández sinalando que a posición do BNG se fundamenta nestes argumentos.

CONCELLO DE TEO
Secretaría

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, quen anuncia o apoio do seu grupo.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen di que o seu grupo está de acordo coa creación de empresas, porque iso supón postos de traballo, polo que van a apoiar a proposta.

A sra. García di que xa se debateu o tema en xaneiro, expoñéndose tanto a posición do BNG como as razóns polas que se propuxo ao Pleno, estando en ambos casos de acordo en que non serían as medidas que decidirían para estimular a creación de emprego, porén o certo é que hai que exercer a responsabilidade de conservar as subvencións que ten a Xunta para o emprendemento, coas súas normas. Salienta que adherirse ao Convenio implica unha adxudicación dun 20 % da puntuación dos baremos establecidos para acceder ás subvencións. Iso significa que as perdas que podería supoñer para o concello, para o fomento do emprego dentro do concello, son cantidades significativas e teñen que exercer a responsabilidade. Considera a sr. García que un pódese permitir ser máis purista cando non ten a responsabilidade de goberno e non ten que tomar medidas que en ocasións son duras e que implican tamén facer cálculos e contas, que se fixeron, e se perdía moito máis do que se podería deixar de gañar. Lembra a sra. García que naquel Pleno da xaneiro se referiu a outros concellos que tamén tiveron que tomar a decisión e tiveron que exercer a responsabilidade de gobernar, algúns deses concellos xestionados polo BNG, engadindo que neses casos non é o mesmo exercer as labores de goberno que as labores de oposición e iso implica facer balance e tomar as decisións que máis beneficien os veciños

Aberta a segunda quenda de intervencións, o portavoz do grupo mixto, sr. Fernández, sinala que el asinaría o convenio pero denunciando o que supón o convenio, non buscando a parte boa do mesmo. Anuncia o sr. Fernández a súa abstención. Salienta que escoita á sra. García e que parece que o Convenio é bo. Sinala que leva anos denunciando o Tratado de libre comercio e con estas cousas vese como se vai introducindo. Reitera o sr. Fernández que se trata dunha chantaxe. Entende o sr. Fernández que o PP estea moi contento con cousas deste tipo, porque é obra deles. Sinala que dende a aprobación da Lei de iniciativas empresariais o único que ve é que se lle facilitaron as cousas a empresas xa establecidas, porén Galiza debe ser das Comunidades Autónomas na que máis empresas pechan e da que máis empresas se van. Di o sr. Fernández que cando ven unha nación como Galiza na que o índice de avellentamento aumenta de maneira terrible e vese o despoboamento, etc, igual se pensa que é o camiño a percorrer, porén dende o seu partido pensan que non.

CONCELLO DE TEO
Secretaría

Considera que se hai que asinar o convenio haberá que asumilo, poren non cree que teña que verse a parte positiva, porque non a ten, acéptase a chantaxe e punto. Pregunta o sr. Fernández qué será o seguinte e remata a súa intervención sinalando que mantén a posición do Pleno de xaneiro, que se concreta na abstención.

A portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, e o portavoz do PP, sr. Guerra, non fan uso das súas quendas de intervención.

O sr. alcalde di que, como xa dixera no Pleno da xaneiro, coincide con que é unha chantaxe, porén ás chantaxes se lle pode dicir "non" ou "si, pero". Dirixíndose ao sr. Fernández e sinalando que resulta que este concelleiro é dos que se lee as propostas a fondo igual non lle costa recoñecer o traballo realizado pola sr. García para que a chantaxe neste caso non se poida consumar.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con dezaseis votos a favor (7 Son de Teo-ANOVA, 7 PP e 2 PSdeG-PSOE) e unha abstención (1 grupo mixto), acorda:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a presente modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

Segundo.- Someter o expediente a información pública, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, nun diario dos de maior difusión na provincia e na web do Concello, e exposición no taboleiro de edictos da Corporación, durante o prazo de 30 días, para a presentación de reclamacións. De non formularse reclamacións durante a exposición pública, entenderase aprobada definitivamente a citada Ordenanza.

Terceiro.- A ordenanza modificada e aprobada manterá a súa vixencia indefinidamente a partir da súa publicación, en tanto non sexa derrogada ou novamente modificada.

CONCELLO
Secr

5.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA DO IAE.

O sr. alcalde cede a palabra á concelleira de administración, transportes, comercio, turismo e emprego, D.ª Concepción García Vázquez.

A sra. García da conta da proposta da alcaldía de 13 de febreiro de 2019, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de facenda e asuntos económicos, especial de contas de 21 de marzo de 2019.

"***PROPOSTA DE ALCALDÍA***

Considerando que o pasado 30 de xaneiro a Corporación Municipal manifestou por maioría de votos o interese na adhesión do Concello ao ***Protocolo Xeral de Actuación entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para Fomentar a Implantación e Fixación de Empresas en Galicia Mediante a Creación da Iniciativa "Concellos Doing Business Galicia".***

Considerando que o referido Protocolo establece como obrigas dos concellos interesados en formar parte deste programa a modificación da ordenanza fiscal reguladora do ***Imposto de Actividades Económicas****, incorporando unha bonificación específica neste imposto para as empresas xeradoras de emprego, segundo as condicións establecidas no mesmo.*

Considerando tamén que a redacción da nomeada ordenanza resultaría como segue:

"ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS DO CONCELLO DE TEO

Artigo 1.- Fundamento e réxime

De conformidade co disposto no artigo 75.2 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL) e de acordo co previsto no artigo 59.1.b) da citada lei en orde á esixencia do imposto sobre actividades económicas, establécese esta ordenanza fiscal, conforme aos artigos 78 a 97 do TRLRFL.

O imposto sobre actividades económicas rexerase neste municipio:

a) Polas normas reguladoras deste, contidas no TRLRFL, e polas demais disposicións legais e regulamentarias que complementen e desenvolvan esta lei.

b) A presente ordenanza fiscal ten por obxecto regular o coeficiente de ponderación e coeficiente de situación do imposto sobre actividades económicas aplicables neste concello, que quedarán fixados nos termos que se establecen nos artigos seguintes.

CONCELLO DE TEO
Secretaría

Artigo 2.- Coeficiente de ponderación

Sobre as cotas municipais, provinciais ou nacionais fixadas nas tarifas do imposto, aplicaranse, en todo caso, os seguintes coeficientes de ponderación, determinados en función do importe neto da cifra de negocio do suxeito pasivo:

Importe neto da cifra de negocios (€)	*Coeficiente*
Dende 1.000.000,00 ata 5.000.000,00	*1,29*
Dende 5.000.000,01 ata 10.000.000,00	*1,30*
Dende 10.000.000,01 ata 50.000.000,00	*1,32*
Dende 50.000.000,01 ata 100.000.000,00	*1,33*
IVláis de 100.000.000,00	*1,35*
Sen cifra de negocio	*1,31*

Para os efectos de aplicación do coeficiente a que se refire este artigo, o importe neto da cifra de negocio do suxeito pasivo será o correspondente ó conxunto de actividades económicas exercidas por este e determinarase de acordo co previsto na letra c) do parágrafo 1 do arligo 82 do RDI 2/2OO4.

Artigo 3.- Bonificacións

Terán unha bonificación de ata o 95 por cento os suxeitos pasivos que tributen pola cota municipal e desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración, regulada no artigo 88.2 letra e) do Real Decreto Lexislativo 2/2OO4,

CONCELLO DE TEO
Secretaría

de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. A gradación da porcentaxe de bonificación aplicarase do seguinte xeito:

O 95 por 100 pola creación de máis de 20 postos de traballo

O 75 por 100 pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo

O 50 por 100 pola creación de ata 10 postos de traballo.

Esta bonificación será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando implique creación de emprego, e manterase durante tres exercicios tributarios.

As contratacións deberán ser indefinidas.

Non poderá ser beneficiario da bonificación a persoa xurídica ou entidade do artigo 33.4 LXT que tivera adoptado medidas de regulación do emprego nos 12 meses anteriores á formalización dos contratos de traballo.

Corresponderá ao Pleno da Corporación a declaración de especial interese ou utilidade municipal e o outorgamento da citada bonificación, previa solicitude do suxeito pasivo, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros.

Para a declaración do especial interese ou utilidade polo Pleno, xunto coa solicitude, achegará a seguinte documentación:

– Poder de representación, no seu caso.

– Certificado da Axencia Estatal da Administración Tributaria no que conste a alta no municipio no epígrafe da actividade no Imposto sobre Actividades Económicas.

– Memoria xustificativa sobre o proxecto da actividade económica ou empresarial de nova creación ou de ampliación, na que constará a referencia catastral do inmoble afecto á actividade económica ou empresarial no que se realiza a construción, instalación ou obra; a creación de novos postos de traballo; o número de novos postos de traballo; a súa categoría profesional e a modalidade e duración da contratación.

– Declaración responsable sobre o emprego que creará, con indicación do número de novos postos de traballo, a súa categoría profesional e a modalidade e duración da contratación.

– Certificado de estar ao corrente coa Facenda Estatal, coa Facenda Autonómica, co Concello de Teo e coa Seguridade Social.

– Aqueloutra documentación que, motivadamente, sexa requirida polo Departamento de Emprego do Concello de Teo.

CONCELLO DE TEO
Secretaría

No prazo de dous meses dende o inicio do exercicio obxecto de bonificación o suxeito pasivo deberá presentar a seguinte xustificación documental da xeración de emprego:

– Informe de Vidal Laboral das contas de cotización dende o inicio ou ampliación da actividade.

– Relación dos traballadores contratados con expresión do seu nome e apelidos, NIF, número de afiliación á seguridade social, data de inicio, modalidade e duración do seu contrato.

– Relacións Nominais de Traballadores e Recibos de Liquidación das Cotizacións.

– Copia dos contratos de traballo dos empregos creados.

– No seu caso, TA2 de baixa dos traballadores indefinidos contratados que causaron baixa por dimisión, morte, xubilación, incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez, ou por resolución durante o período de proba.

Para o mantemento da bonificación, as condicións referidas na solicitude deberán permanecer durante tres exercicios presupostarios completos, como mínimo.

O incumprimento dos requisitos esixidos suporá a pérda da bonificación e a liquidación do importe deixado de ingresar, xunto cos xuros de mora correspondentes.

A concesión da bonificación por xeración de emprego xurdirá efectos a partir do exercicio seguinte a aquel no que se conceda, e manterase, durante tres exercicios presupostarios.

Disposición adicional única.-

As modificacións que se introduzan na regulación do imposto, polas leis de orzamentos xerais do Estado ou por calquera outra lei ou disposición, e que resulten de aplicación directa, producirán, no seu caso, a correspondente modificación tácita da presente ordenanza fiscal.

Disposición derrogatoria única.-

Queda derrogada a ordenanza fiscal do imposto sobre actividades económicas, publicada no BOP da Coruña nº298 de 31 de decembro de 1991.

Disposición final.-

A presente ordenanza fiscal, aprobada provisionalmente polo Pleno da Corporación, entrará en vigor no día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, continuando vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derrogación expresa."

En virtude do exposto, e de conformidade co previsto no artigo 133 e Disposición adicional primeira da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, e artigo 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, proponse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

CONCELLO DE TEO
Secretaría

Primeiro.- *Aprobar inicialmente a presente modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto de Actividades Económicas.*

Segundo.- *Someter o expediente a información pública, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, nun diario dos de maior difusión na provincia e na web do Concello, e exposición no taboleiro de edictos da Corporación, durante o prazo de 30 días, para a presentación de reclamacións. De non formularse reclamacións durante a exposición pública, entenderase aprobada definitivamente a citada Ordenanza.*

Terceiro.- *A ordenanza modificada e aprobada manterá a súa vixencia indefinidamente a partir da súa publicación, en tanto non sexa derrogada ou novamente modificada."*

Obran no expediente informe de intervención de 15 de febreiro de 2019 e informe de secretaría de 15 de marzo de 2019, que se reproducen a continuación:

"***INFORME DE INTERVENCIÓN***

ASUNTO: MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IAE

Coa finalidade de dar cumprimento ao disposto no artigo 214 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, a funcionaria que suscribe emite o seguinte INFORME:

2º.-PROCEDEMENTO

O Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, contempla no seu artigo 17 a modificación das Ordenanzas Fiscais nos seguintes termos:

"1. Os acordos provisionais adoptados polas corporacións locais para o establecemento, supresión e ordenación de tributos...así como as aprobacións e ***modificacións*** *das correspondentes ordenanzas fiscais, expoñeranse no tablón de edictos da Entidade durante 30 días, como mínimo dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presenta-las reclamacións que estimen oportunas.*

2.As entidades locais publicarán, en todo caso, os anuncios de exposición no boletín oficial da provincia...as deputacións provinciais, os órganos de goberno de entidades supramunicipais e os concellos de mais de 10.000 habitantes deberán publica-los, ademais, nun diario dos de maior difusión da provincia...

3. Finalizado o período de exposición pública, as corporacións adoptarán os acordos definitivos que procedan, resolvendo as reclamacións presentadas e aprobando a redacción definitiva da ordenanza, a súa derogación ou as modificacións ás que se refire o acordo provisional.No caso de que non se ouberan presentado reclamacións, entenderase

CONCELLO DE TEO
Secretaría

definitivamente adoptado o acordo, ata entonces provisional, sen necesidade de acordo plenario.

4. Os acordos definitivos…e o texto íntegro das ordenanzas ou das súas modificacións, haberán de ser publicados no boletín oficial da provincia…sin que entren en vigor ata que se leve a cabo a devandita publicación"

O artigo 18 considera interesados ós efectos do disposto no artigo 17.1:

"a) Os que tiveran un interés directo ou resulten afectados por tales acordos.

b) Os colexios profesionais, cámaras oficiais, asociacións e demais entidades legalmente constituídas para defende-los intereses profesionais, económicos ou veciñais cando actúen en defensa dos que lles son propios"

Finalmente, o artigo 19 establece a posibilidade de impugnación pola vía do recurso contencioso- administrativo, que se poderá interpoñer a partires da súa publicación no boletín oficial da provincia na forma e prazos que establecen as normas da devandita xurisdicción.

3º.-OBXECTO DA MODIFICACIÓN

A modificacion da Ordenanza que agora se presenta consiste nunha maior concreccion das bonificacions xa recollidas na Ordenanza vixente e dacordo co estipulado no RDL 2/2004, de 5 de marzo, xa que se desenvolve o contido das bonificacions segundo parametros obxectivos, por estes motivos a fiscalizacion do expediente é favorable."

CONCELLO DE TEO
Secretaría

"INFORME XURÍDICO

En cumprimento do disposto no artigo 3.3 d) do R.D.128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emítese o presente que versa sobre o ***PROCEDEMENTO DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS DO CONCELLO DE TEO.***

NORMATIVA APLICABLE

- *Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).*
- *Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).*

- *Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA).*
- *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).*
- *Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).*
- *Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (LT).*
- *Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, por lo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).*
- *R.D.128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional (RFHCN).*
- *R.D. 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).*
- *Regulamento orgánico da Corporación municipal de Teo (ROM).*

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro. *Potestade regulamentaria.- Segundo o artigo 4.1 a) da LRBRL, en relación co artigo 4.1 a) do ROF, corresponde aos municipios, dentro da esfera das súas competencias, a potestade regulamentaria. Pola súa parte, segundo o artigo 55 do TRRL, na esfera das súas competencia, as Entidades locais poderán aprobar Ordenanzas e Regulamentos, e os alcaldes ditar Bandos. En ningún caso conterán preceptos opostos ás leis.*

Polo que interesa aos efectos do presente, hai que ter en conta que, entre os tipos de ordenanzas que existen, atópanse as ordenanzas fiscais cuxo obxectivo é regular a imposición e ordenación dos tributos municipais.

Con carácter xeral, a efectos do exercicio da potestade regulamentaria hai que ter en conta o previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. O artigo 128 da citada Lei, dedicado á potestade regulamentaria, tras establecer, no seu apartado primeiro, que o exercicio da potestade regulamentaria corresponde aos órganos de goberno locais, de acordo co previsto na Constitución, os Estatutos de Autonomía e a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, dispón, no seu apartado segundo, que os regulamentos e disposicións administrativas non poderán vulnerar a Constitución ou as leis nin regular aquelas materias que a Constitución ou os Estatutos de Autonomía recoñecen da competencia das Cortes Xerais ou das Asembleas Lexislativas das Comunidades Autónomas. Sen prexuízo da súa función de desenvolvemento ou colaboración con respecto á lei, non poderán tipificar delitos, faltas ou infraccións administrativas, establecer penas ou sancións, así como tributos, exaccións parafiscais ou outras cargas ou prestacións persoais ou patrimoniais de carácter público.

CONCELLO DE TEO
Secretaría

As disposicións administrativas axustaranse á orde de xerarquía que establezan as leis e ningunha disposición administrativa poderá vulnerar os preceptos doutra de rango superior (art. 128.3 LPACAP).

Segundo. *Planificación normativa.- Sen prexuízo da análise do previsto na normativa local en relación coas ordenanzas municipais, incluídas as fiscais, e tras a entrada en vigor da LPACAP, hai que ter en conta as previsións recollidas na mesma en canto á planificación normativa, os principios de boa regulación e á participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de regulamentos.*

Polo que se refire á planificación normativa o artigo 132 da LPACAP dispón que, anualmente, as Administracións Públicas farán público un Plan Normativo que conterá as iniciativas regulamentarias que vaian a ser elevadas para a súa aprobación no ano seguinte. Unha vez aprobado, o Plan Anual Normativo publicarase no Portal de Transparencia da Administración Pública correspondente.

A exposición de motivos xustifica a medida sinalando que "en aras dunha maior seguridade xurídica, e a predictibilidade do ordenamento, apóstase por mellorar a planificación normativa ex ante".

A estes efectos, cabe salientar que á que subscribe non lle consta que no Concello de Teo se dera cumprimento á obriga de confeccionar e facer público, unha vez aprobado, o Plan Normativo que contivera as iniciativas regulamentarias que ían a ser elevadas para a súa aprobación na anualidade 2019, incumprimento que, pese a ser advertido en reiteradas ocasións, non foi corrixido. Tendo en conta a data do presente, lémbrase a obriga de dar cumprimento de xeito inmediato ao esixido no artigo 132 LPACAP.

Terceiro. *Principios de boa regulación. Avaliación e adaptación.- O artigo 129 da LPACAP dispón que, no exercicio da potestade regulamentaria, as Administracións Públicas actuarán de acordo cos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia, e eficiencia. No* ***preámbulo de proxectos de regulamento*** *quedará suficientemente* ***xustificada a súa adecuación*** *a ditos principios.*

En virtude dos principios de necesidade e eficacia, a iniciativa normativa debe estar xustificada por una razón de interese xeral, basearse nunha identificación clara dos fins perseguidos e ser o instrumento máis axeitado para garantir a súa consecución.

En virtude do principio de proporcionalidade, a iniciativa que se propoña deberá conter a regulación imprescindible para atender a necesidade a cubrir coa norma, tras constatar que non existen outras medidas menos restritivas de dereitos, ou que impoñan menos obrigas aos destinatarios.

A fin de garantir o principio de seguridade xurídica, a iniciativa normativa exercerase de maneira coherente co resto do ordenamento xurídico, nacional e da Unión Europea, para xerar un marco normativo estable, predicible, integrado, claro e de certidume, que facilite o seu coñecemento e comprensión e, en consecuencia, a actuación e toma de decisións das persoas e empresas.

Cando en materia de procedemento administrativo a iniciativa normativa estableza trámites adicionais ou distintos aos contemplados na LPACAP, estes deberán ser

CONCELLO DE TEO
Secretaría

xustificados atendendo á singularidade da materia ou aos fins perseguidos pola proposta (art. 129.4 LPACAP).

En aplicación do principio de transparencia, as Administracións Públicas posibilitarán o acceso sinxelo, universal e actualizado á normativa en vigor e os documentos propios do seu proceso de elaboración, nos termos establecidos no artigo 7 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; definirán claramente os obxectivos das iniciativas normativas e a súa xustificación no preámbulo; e posibilitarán que os potenciais destinatarios teñan unha participación activa na elaboración das normas (art. 129.5 LPACAP).

En aplicación do principio de eficiencia, a iniciativa normativa debe evitar cargas administrativas innecesarias ou accesorias e racionalizar, na súa aplicación, a xestión dos recursos públicos (art. 129.6 LPACAP).

Cando a iniciativa normativa afecte aos gastos ou ingresos públicos presentes ou futuros, se deberán cuantificar e valorar as súas repercusións e efectos, e supeditarse ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (art. 129.7 LPACAP).

Neste contexto debe así mesmo terse en conta, de acordo co artigo 130 da LPACAP, a obriga das Administracións públicas de revisar periodicamente a súa normativa vixente para adaptala aos principios de boa regulación citados e para comprobar a medida en que as normas en vigor conseguiron os obxectivos previstos e se estaba xustificado e correctamente cuantificado o custe e as cargas impostas nelas.

O resultado da avaliación plasmarase nun informe que se fará público, co detalle, periodicidade e polo órgano que determine a normativa reguladora da Administración correspondente.

As Administracións Públicas promoverán a aplicación dos principios de boa regulación e cooperarán para promocionar o análise económico na elaboración das normas e, en particular, para evitar a introdución de restricións inxustificadas ou desproporcionadas da actividade económica.

CONCELLO DE TEO
Secretaría

A vista do exposto lémbrase a obriga de dar cumprimento ao previsto no artigo 130 da LPACAP nos termos analizados, debéndose así mesmo, antes da súa aprobación polo órgano competente, dar cumprimento ao establecido no artigo 129 LPAC, en especial no seu apartado 7, anteriormente transcrito, aspecto que non lle consta á que subscribe fora analizado no expediente obxecto do presente.

Cuarto. *Participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas regulamentarias.- Tratándose da participación cidadá hai que ter en conta o previsto no artigo 133 da Lei 39/2015. De acordo con este artigo distínguese como elementos de participación a consulta pública, previa á redacción da norma, e a audiencia e informacións públicas, cando xa se dispón do texto normativo.*

Así, segundo o apartado 1 do artigo citado, con carácter previo á elaboración do proxecto ou anteproxecto de regulamento, se sustanciará una consulta pública, a través do portal web da Administración competente na que se recabará a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca de:

a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.

b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación.

c) Os obxectivos da norma.

d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

Segundo o apartado 2 da norma analizada, sen prexuízo da consulta previa á redacción do texto da iniciativa, cando a norma afecte aos dereitos e intereses lexítimos das persoas, o centro directivo competente publicará o texto no portal web correspondente, co obxecto de dar audiencia aos cidadáns afectados e recabar cantas aportacións adicionais poidan facer por outras persoas ou entidades. Así mesmo, poderá tamén recabarse directamente a opinión das organizacións ou asociacións recoñecidas por lei que agrupen ou representen ás persoas cuxos dereitos ou intereses lexítimos se viran afectados pola norma e cuxos fins garden relación directa co seu obxecto.

A consulta, audiencia e información públicas reguladas neste artigo 133 deberán realizarse de forma tal que os potenciais destinatarios da norma e os que realicen aportacións sobre ela teñan a posibilidade de emitir a súa opinión, para o cal deberán poñerse a súa disposición os documentos necesarios, que serán claros, concisos e reunir toda a información precisa para poder pronunciarse sobre a materia (133.3 LPACAP).

Poderá prescindirse dos trámites de consulta, audiencia e información públicas no caso de normas orzamentarias ou organizativas da Administración Xeral do Estado, a Administración autonómica, a Administración local ou das organizacións dependentes ou vinculadas a estas, ou cando concorran razóns graves de interese público que o xustifiquen (art. 133.4 LPACAP).

Cando a proposta normativa non teña un impacto significativo na actividade económica, non impoña obrigas relevantes aos destinatarios ou regule aspectos parciais dunha materia, poderá omitirse a consulta pública regulada no apartado primeiro do artigo 133. Se a normativa reguladora do exercicio da potestade regulamentaria por unha Administración prevé a tramitación urxente destes procedementos, a eventual excepción do trámite por esta circunstancia axustarase ao previsto naquela.

A estes efectos deberá terse en conta o Informe do Director Xeral de Tributos, de 10 de xaneiro de 2018, da Secretaría de Estado de Facenda do Ministerio de facenda e función pública, no que se conclúe a aplicación de todo o exposto ás ordenanzas fiscais, en especial o trámite de consulta previa establecido no artigo 133 da Lei

CONCELLO DE TEO
Secretaría

39/2015, ao afirmar que o "trámite de consulta previa establecido no artigo 133 da Lei 39/2015 no ten equivalente no TRLRFL, dado o carácter ex novo do mesmo, e non pode considerarse incluído no trámite de participación cidadá regulado no artigo 17 do TRLRFL, xa que se trata de dous trámites distintos e que se realizan en dous momentos diferentes: o trámite de consulta previa ten lugar con carácter previo á elaboración do proxecto e anteproxecto de lei ou de regulamento e sustánciase a través do portal web da Administración competente; mentres que o trámite de participación cidadá do artigo 17 do TRLRFL ten lugar posteriormente, unha vez elaborada e aprobada a redacción provisional da ordenanza fiscal e non se realiza por medios electrónicos, senón mediante a súa exposición no taboleiro de anuncios da Entidade Local e a súa publicación no boletín oficial correspondente.

En consecuencia no procedemento de aprobación de ordenanzas fiscais debe incluírse o trámite de consulta pública previa regulado no artigo 133 da Lei 39/2015.

Plantexada ante a Dirección Xeral de Tributos se a consulta pública previa resulta necesaria en todo caso, ou unicamente nos suposto de aprobación de novas ordenanzas fiscais, recóllese no informe citado que a este respecto "hai que sinalar que o apartado 4 do artigo 133 da Ley 39/2015 establece a excepción ao trámite de consulta, entre outros supostos, para o de regulación de aspecto parciais dunha materia.

Polo tanto, se conclúe que o trámite de consulta previa debe sustanciarse cando se trata da aprobación dunha nova ordenanza fiscal, mentres que no caso da modificación dunha ordenanza fiscal xa aproba con anterioridade, pode obviarse dito trámite por tratarse dunha regulación parcial da materia".

Ademais do exposto, hai que ter en conta o regulado na Disposición Adicional primeira da LPACAP, referida ás especialidades por razón da materia. Segundo o apartado primeiro da Disposición citada, os procedementos administrativos regulados en leis especiais por razón da materia que non esixan algún dos trámites previsto na LPACAP ou regulen trámites adicionais ou distintos rexeranse, respecto a estes, polo disposto en ditas leis especiais, recolléndose, no apartado segundo, un listado de actuacións e procedementos que se rexerán pola súa normativa específica e supletoriamente polo disposto na LPACAP (actuacións e procedementos de aplicación de tributos en materia tributaria e aduaneira, así como a súa revisión en vía administrativa, actuacións e procedementos de xestión, inspección, liquidación, recadación, impugnación e revisión en materia de Seguridade social e Desemprego, etc).

CONCELLO DE TEO
Secretaría

A efectos de publicidade debe igualmente terse en conta que, segundo o artigo 7 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, as Administracións Públicas, no ámbito das súas competencia, publicarán os proxectos de Regulamento cuxa iniciativa lles corresponda. Cando sexa preceptivo a solicitude de ditames, a publicación producirase unha vez que estes foran solicitados aos órganos consultivos correspondentes sen que elo supoña, necesariamente, a apertura dun trámite de audiencia pública.

Á vista do exposto, observase como a LPACAP establece unha nova regulación da tramitación para a elaboración das normas regulamentarias, que debe entenderse previa á tramitación que a estes efectos se contempla na normativa local, concretamente no artigo 17 TRLRFL, e así o proceso de consulta, audiencia e información públicas deberán levarse a cabo de forma obrigatoria no proceso de elaboración (ou modificación) das Ordenanzas fiscais, sen prexuízo das excepcións xa expostas que recolle a LPACAP. Se ben, a xuízo da que subscribe, pese a non existir unha posición doutrinal unánime ao efecto, podería interpretarse que a publicación do texto do Regulamento (ordenanza neste caso) no portal web e trámite de audiencia, poderían ser complementarios ao procedemento administrativo de aprobación, é dicir practicarse e simultanearse co trámite de información pública á que se refire o artigo 17 do TRLRFL, porén non se pode obviar o trámite de consulta pública, cuxa realización non lle consta á que subscribe e que debería realizarse para dar cumprimento ao previsto na normativa analizada, agás que concorra algunha das excepcións sinaladas, como parece que acontece neste caso á vista do informe da Dirección Xeral de tributos, ao tratarse da modificación dunha ordenanza fiscal.

Quinto. *Procedemento.- De acordo do artigo 17 TRLRFL, o procedemento para a aprobación (neste caso modificación), dunha ordenanza fiscal, como é o caso do presente, deberá axustarse aos seguintes trámites:*

- Aprobación inicial polo Pleno da Corporación, previo ditame pola Comisión Informativa correspondente.

- Información pública e audiencia aos interesados polo prazo mínimo de trinta días, dentro dos cales aqueles poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Os anuncios de exposición publicaranse no taboleiro de anuncios, no boletín oficial da provincia e nun dos diarios de maior difusión da provincia (17. 1 e 2 TRLRFL) e na páxina web ou na sede electrónica (art. 5 LT).

Segundo o artigo 18 TRLRFL, teñen a condición de interesados:

a) Os que tiveran un interese directo ou resulten afectados por tales acordos.

b) Os colexios oficiais, cámaras oficiais, asociacións e demais entidades legalmente constituídas para velar polos intereses profesionais, económicos ou veciñais, cando actúen en defensa dos que lle son propios.

- No caso de que existan reclamacións serán resoltas pola Corporación, sendo preciso un novo acordo plenario, de aprobación definitiva, previo ditame da Comisión Informativa correspondente.

No caso de que non se presentara ningunha reclamación entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario.

CONCELLO DE TEO
Secretaría

- A modificación da ordenanza, definitivamente aprobada, así como o texto íntegro, terán que ser publicados no boletín oficial da provincia, sen que entre en vigor ata que se leve a cabo dita publicación, debéndose así mesmo publicar na sede electrónica ou na páxina web.

A estes efectos o artigo 131 da LPACAP dispón que ademais da publicación a ordenanza no diario oficial correspondente, neste caso o BOP, para a súa entrada en vigor e producir efectos xurídicos, as Administracións Públicas poderán establecer outros medios de publicidade complementarios.

***Sexto**. Competencia.- De acordo co previsto nos artigos 22.2 d) e 47.1 da LRBRL, o Pleno é o órgano competente para a aprobación, por maioría simple, da modificación da Ordenanza á que se refire o presente.*

***Sétimo**. Recurso contencioso administrativo.- Segundo o artigo 19 do TRLRFL as ordenanzas fiscais das entidades locais rexerán durante o prazo, determinado ou indefinido, previsto nelas, sen que quepa contra elas outro recurso que o contencioso-administrativo que se poderá interpor, a partir da súa publicación no boletín oficial da provincia, ou, no seu caso, da comunidade autónoma uniprovincial, na forma e prazos que establecen as normas reguladoras de dita xurisdición.*

Se por resolución xudicial firme resultaren anulados ou modificados os acordos locais ou o texto das ordenanzas fiscais, a entidade local virá obrigada a adecuar aos termos da sentenza todas as actuacións que leve a cabo con posterioridade á data en que aquela sexa notificada. Salvo que expresamente o prohibira a sentenza, manteranse os actos firmes ou consentidos ditados ao amparo da ordenanza que posteriormente resulte anulada ou modificada (art. 19.2 TRLRFL).

De acordo co exposto, a xuízo da que subscribe, deberá darse cumprimento ao recollido no presente en relación co plan normativo (fundamento de dereito segundo) e, con carácter previo á aprobación da modificación, en relación co artigo 129 da LPACAP, en especial no seu apartado 7, nos termos analizados (fundamento de dereito terceiro).

Este é o meu criterio, sen prexuízo doutro mellor fundado en dereito, porén o Pleno da Corporación acordará o que estime oportuno."

CONCELLO DE TEO
Secretaría

Preguntado polo sr. alcalde, o portavoz do grupo mixto, sr. Fernández, a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, e o portavoz do PP, sr. Guerra, non fan uso das súas quendas de intervención.

Non abríndose debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con dezaseis votos a favor (7 Son de Teo-ANOVA, 7 PP e 2 PSdeG-PSOE) e unha abstención (1 grupo mixto), acorda:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a presente modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto de Actividades Económicas.

Segundo.- Someter o expediente a información pública, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, nun diario dos de maior difusión na provincia e na web do Concello, e exposición no taboleiro de edictos da Corporación, durante o prazo de 30 días, para a presentación de reclamacións. De non formularse reclamacións durante a exposición pública, entenderase aprobada definitivamente a citada Ordenanza.

Terceiro.- A ordenanza modificada e aprobada manterá a súa vixencia indefinidamente a partir da súa publicación, en tanto non sexa derrogada ou novamente modificada.

6.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA DO IBI.

O sr. alcalde cede a palabra á concelleira de administración, transportes, comercio, turismo e emprego, D.ª Concepción García Vázquez.

A sra. García da conta da proposta da alcaldía de 13 de febreiro de 2019, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de facenda e asuntos económicos, especial de contas de 21 de marzo de 2019.

CONCELLO DE TEO
Secretaría

"***PROPOSTA DE ALCALDÍA***

Considerando que o pasado 30 de xaneiro a Corporación Municipal manifestou por maioría de votos o interese na adhesión do Concello ao ***Protocolo Xeral de Actuación entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para Fomentar a Implantación e Fixación de Empresas en Galicia Mediante a Creación da Iniciativa "Concellos Doing Business Galicia".***

Considerando que o referido Protocolo establece como obrigas dos concellos interesados en formar parte deste programa a modificación da ordenanza fiscal reguladora do ***Imposto de Bens Inmobles****, incorporando unha bonificación específica neste imposto para as empresas xeradoras de emprego, segundo as condicións establecidas no mesmo.*

Considerando que os cambios precisos para adaptar a ordenanza ás esixencias establecidas no referido protocolo consisten na modificación da redacción do punto 5 do artigo 14º, "Bonificacións", incluíndo as esixencias que deben asumir os concellos no mesmo e quedando como segue:

1. ***Artigo 14º . Bonificacións.***

1. Gozarán dunha bonificación do 50 por cento na cota íntegra do imposto, sempre que así o soliciten os interesados antes do inicio das obras, os inmobles que constitúan o obxecto da actividade das empresas de urbanización, construción e promoción inmobiliaria, tanto de obra nova como de rehabilitación equiparable a esta, e que non figuren entre os bens do seu inmobilizado.

O prazo de aplicación desta bonificación comprenderá desde o período impositivo seguinte a aquel no que comecen as obras ata o posterior ó remate destas, sempre que durante ese tempo se realicen obras de urbanización ou construción efectiva, e sen que, en ningún caso, poida exceder de tres períodos impositivos. A solicitude de bonificación débese formular antes do comezo das obras, entendendo por tal o momento de outorgamento da licenza, por parte da Administración municipal.

Para gozar da devandita bonificación os interesados deberán presentar a documentación seguinte:

a) Acreditación de que a empresa se dedica á actividade de urbanización, construción e promoción inmobiliaria, mediante a presentación dos estatutos da sociedade.

b) Acreditación de que o inmoble obxecto da bonificación non forma parte do inmobilizado, mediante certificación do administrador da sociedade ou fotocopia do último balance presentado ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria, para os efectos do imposto sobre sociedades.

c) Copia da solicitude de licencia de obra, se non se presenta simultaneamente.

d) Copia do documento de alta na actividade económica de construción ou promoción inmobiliaria no imposto sobre actividades económicas.

e) Certificación do técnico-director das obras de construción, visado polo colexio oficial competente, no que se indique a data de inicio das obras.

2. As vivendas de protección oficial e as equiparables a estas segundo a normativa da Comunidade Autónoma de Galicia, gozarán dunha bonificación do 50 por cento durante o prazo de tres períodos impositivos, contados dende o período seguinte ao do outorgamento da cualificación definitiva. Esta bonificación terá que ser solicitada polo interesado en calquera momento anterior á terminación dos tres períodos impositivos de duración daquela e producirá efectos dende o período seguinte á solicitude.

CONCELLO DE TEO
Secretaría

Ao longo dos períodos carto e quinto seguintes ao do outorgamento da cualificación definitiva, as vivendas de protección oficial gozarán dunha bonificación do 25% na cota íntegra do imposto, sempre que se manteña a titularidade do inmoble e este constitúa a residencia do titular.

Esta bonificación deberá solicitarse en calquera momento anterior á terminación dos cinco períodos, producindo efectos, en todo caso, dende o período seguinte ó da solicitude.

Os solicitantes presentarán a cédula de cualificación definitiva como vivenda de protección oficial do inmoble, a documentación acreditativa da titularidade do devandito inmoble, copla que acredite a presentación do modelo 901 de alteración da titularidade catastral, e facilitarase, en todo caso, a referencia catastral do inmoble.

Non haberá dereito a bonificación a partir do sexto exercicio, inclusive, dende o de outorgamento da cualificación definitiva.

3. Os suxeitos pasivos que ostenten a condición de titulares de familia numerosa gozarán dunha bonificación na cota íntegra do inmoble de uso residencial que constitúa a súa residencia habitual e na que estea empadroado, coas seguintes características:

Categoría de familia numerosa	**% Bonificación valor catastral menor ou igual a 60.000 euros**	**% Bonificación valor catastral entre 60.000 e 120.000 euros**	**% Bonificación valor catastral maior de 120.000 ata 240.000 euros**
Xeral	*45*	*30*	*20*
Especial	*55*	*40*	*30*

Para a aplicación das bonificacións será requisito imprescindible que o interesado a solicite, debendo acreditar:

a) O empadroamento na vivenda obxecto de solicitude.

b) A condición de categoría de familia numerosa, por medio do título oficial.

c) Para gozar desta bonificación deberá presentar, anualmente, unha copra compulsada do título de familia numerosa.

Non se poderá aplicar a bonificación a máis dunha vivenda por titular.

Con carácter xeral, o efecto da concesión da bonificación comezará a partir do exercicio seguinte á data da solicitude e non terá carácter retroactivo.

CONCELLO DE TEO
Secretaría

4. Terán dereito a unha bonificación do 95 por cento da cota íntegra e, no seu caso, do recargo provincial, os bens rústicos das cooperativas agrarias e de explotación comunitaria da terra, nos termos establecidos na Lei 20/l990, do 19 de decembro, sobre o réxime fiscal das cooperativas.

Os solicitantes presentarán o certificado sobre a condición de cooperativas agrarias ou de explotación comunitaria da terra, emitido pola administración correspondente.

5. Gozarán dunha bonificación do 95% da cota íntegra do imposto os inmobles nos que se desenrolen actividades económicas que sexan declaradas de interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais ***ou*** *histórico artísticas,* ***e de ata un 95% durante tres exercicios económicos consecutivos, cando concorran circunstancias de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración.***

5.1 A bonificación da cota, no caso da declaración de especial interese municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego será, en función das prazas creadas:

a) Ata un 95% para aqueles inmobles nos que se desenvolva unha actividade económica ou empresarial por implantación dunha nova empresa no termo municipal de Teo, sempre e cando cree emprego.

b) Ata un 95% para aqueles inmobles nos que se desenvolva unha actividade económica ou empresarial pola ampliación dunha empresa que xa viña exercendo unha actividade económica ou empresarial en Teo, sempre e cando implique creación de emprego.

A porcentaxe de bonificación será a seguinte:

Creación de 1 a 10 postos de traballo	***50%***
Creación de 11 a 20 postos de traballo	***75%***
Creación de máis de 20 postos de traballo	***95%***

CONCELLO DE TEO
Secretaría

5.1.1 As contratacións deberán ser indefinidas.

5.1.2 O beneficiario da bonificación será a persoa física, xurídica ou entidade do artigo 33.4 da Lei Xeral Tributaria que sexa no IBI o suxeito pasivo do ben inmoble afecto, sempre que aquel coincida co titular da actividade económica ou empresarial creadora de emprego.

5.1.3 Quedan excluídos da bonificación os IBI que recaian sobre bens inmobles arrendados.

5.1.4 Non poderá ser beneficiario da bonificación a persoa xurídica ou entidade do artigo 33.4 LXT que tivera adoptado medidas de regulación do emprego nos 12 meses anteriores á formalización dos contratos de traballo.

5.1.5 A declaración de especial interese ou utilidade municipal, así como a porcentaxe de bonificación, corresponderá ao Pleno da Corporación, co voto favorable da maioría simple dos seus membros, previa solicitude do suxeito pasivo no modelo normalizado.

5.1.6 A declaración de interese ou utilidade municipal deberá producirse nun prazo que non excederá de catro meses, computables dende a súa solicitude, previo informe técnico-xurídico favorable. A resolución entenderase desestimatoria si non recae resolución en dito prazo.

5.1.7 Tramitación no caso de execución de construcións, instalacións ou obras antes do inicio da actividade:

O prazo de presentación da solicitude será dun mes dende o día seguinte ao de obtención do título habilitante para a realización da construción, instalación ou obra, no caso de que fose precisa a realización de construción, instalación ou obra, con carácter previo ao inicio da actividade. Para a declaración do especial interese ou utilidade polo Pleno, xunto coa solicitude, achegará a seguinte documentación:

– Poder de representación, no seu caso.

– Certificado da Axencia Estatal da Administración Tributaria no que conste a alta no municipio no epígrafe da actividade no Imposto sobre Actividades Económicas.

CONCELLO DE TEO
Secretaría

– Memoria xustificativa sobre o proxecto da actividade económica ou empresarial de nova creación ou de ampliación, na que constará a referencia catastral do inmoble afecto á actividade económica ou empresarial no que se realiza a construción, instalación ou obra; a creación de novos postos de traballo; o número de novos postos de traballo; a súa categoría profesional e a modalidade e duración da contratación.

– Declaración responsable sobre o emprego que creará, con indicación do número de novos postos de traballo, a súa categoría profesional e a modalidade e duración da contratación.

– Certificado de estar ao corrente coa Facenda Estatal, coa Facenda Autonómica, co Concello de Teo e coa Seguridade Social.

– Aqueloutra documentación que, motivadamente, sexa requirida polo Departamento de Emprego do Concello de Teo.

No prazo dun mes dende o remate da construción, instalación ou obra, que respectará o prazo concedido na licencia, o suxeito pasivo deberá comunicar ao Concello a finalización, achegando Certificado final de obra.

No prazo de dous meses dende a data mentada no parágrafo anterior, o suxeito pasivo deberá presentar a comunicación previa de inicio de actividade ou solicitude do título habilitante para o exercicio da actividade, coa seguinte xustificación documental da xeración de emprego:

– Informe de Vidal Laboral das contas de cotización dende o inicio ou ampliación da actividade.

– Relación dos traballadores contratados con expresión do seu nome e apelidos, NIF, número de afiliación á seguridade social, data de inicio, modalidade e duración do seu contrato.

– Relacións Nominais de Traballadores e Recibos de Liquidación das Cotizacións.

– Copia dos contratos de traballo dos empregos creados.

– No seu caso, TA2 de baixa dos traballadores indefinidos contratados que causaron baixa por dimisión, morte, xubilación, incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez, ou por resolución durante o período de proba.

5.1.8 Tramitación no caso de que non se realizase construción, instalación nin obra con carácter previo ao inicio da actividade:

O prazo de presentación da solicitude de bonificación será de dous meses dende a presentación da comunicación previa de inicio de actividade ou da obtención do título habilitante para o exercicio da actividade, achegando a seguinte documentación:

CONCELLO DE TEO
Secretaría

– Poder de representación, no seu caso.

– Certificado da Axencia Estatal da Administración Tributaria no que conste a alta no municipio no epígrafe da actividade no Imposto sobre Actividades Económicas.

– Memoria xustificativa sobre o proxecto da actividade económica ou empresarial de nova creación ou de ampliación, na que constará a referencia catastral do inmoble afecto á actividade económica ou empresarial no que se realiza a construción, instalación ou obra; a creación de novos postos de traballo; o número de novos postos de

traballo; a súa categoría profesional e a modalidade e duración da contratación.

– Certificado de estar ao corrente coa Facenda Estatal, coa Facenda Autonómica, co Concello de Teo e coa Seguridade Social.

– Informe de Vidal Laboral das contas de cotización dende o inicio ou ampliación da actividade.

– Relación dos traballadores contratados con expresión do seu nome e apelidos, NIF, número de afiliación á seguridade social, data de inicio, modalidade e duración do seu contrato.

– Relacións Nominais de Traballadores e Recibos de Liquidación das Cotizacións.

– Copia dos contratos de traballo dos empregos creados.

– No seu caso, TA2 de baixa dos traballadores indefinidos contratados que causaron baixa por dimisión, morte, xubilación, incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez, ou por resolución durante o período de proba.

5.1.9 Toda solicitude que se realice transcorrido o prazo sinalado, será considerada extemporánea.

5.1.10 Para o mantemento da bonificación, as condicións da xustificación presentadas coa comunicación previa de inicio de actividade ou solicitude do título habilitante para o exercicio da actividade, deberán permanecer durante tres exercicios presupostarios completos, como mínimo.

O incumprimento dos requisitos esixidos suporá a perda da bonificación e a liquidación do importe deixado de ingresar, xunto cos xuros de mora correspondentes.

A concesión da bonificación por xeración de emprego xurdirá efectos a partir do exercicio seguinte a aquel no que se conceda, e manterase, durante tres exercicios presupostarios.

CONCELLO DE TEO
Secretaría

5.2 No caso de concorrer circunstancias sociais, culturais ou histórico artísticas, o suxeito pasivo solicitará a declaración, xuntando memoria xustificativa destas circunstancias.

5.3 Corresponderá a declaración de especial interese ou utilidade municipal ao Pleno da Corporación e acordarase polo voto favorable da maioría simple dos seus membros, previa solicitude do suxeito pasivo.

O Pleno da Corporación poderá solicitar documentación complementaria sobre os aspectos incluídos na memoria xustificativa.

6. Gozarán dunha bonificación do 50% da cota, durante 3 períodos impositivos seguintes ao da finalización da súa instalación ou da obtención do certificado de eficiencia enerxética, os inmobles de uso residencial que constitúan a residencia habitual dos suxeitos pasivos, en calquera dos seguintes supostos, sempre que se acredite a concesión da licenza municipal ou a tramitación da declaración responsable ou comunicación previa:

6.1 Cando os inmobles teñan instalados sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía proveniente do sol para autoconsumo. Para a aplicación desta bonificación será necesario:

a.- que os sistemas de aproveitamento térmico instalados dispoñan dunha superficie mínima de captación solar útil de 4m² por cada 100m² de superficie construída; e que os sistemas de aproveitamento eléctrico dispoñan dunha potencia instalada mínima de 5kw por cada 100 m² de superficie construída.

b.- que as instalacións para produción de calor inclúan colectores homologados pola administración competente.

c.- que a instalación dos sistemas de aproveitamento de enerxía solar non sexa obrigatoria de acordo coa normativa aplicable.

6.2 Que o inmoble teña certificado coa máis alta cualificación de eficiencia enerxética proveniente do aproveitamento da enerxía solar. Para a aplicación desta bonificación será necesario que a certificación enerxética coa máis alta cualificación non sexa obrigatoria de acordo coa normativa aplicable.

6.3 Os solicitantes da bonificación deberán acreditar o cumprimento dos requisitos mediante a presentación da seguinte documentación:

6.3.1 No suposto da bonificación do artigo 6.1:

- *proxecto ou memoria técnica.*
- *certificado de montaxe, no eu caso, e certificado de instalación dilixenciados polo organismo autorizado da Comunidade Autónoma.*
- *especificacións técnicas dos sistemas autorizados.*
- *acreditación de concesión de licenzas de obras, comunicación previa ou declaración responsable da obra de instalación dos sistemas de produción de enerxía.*
- *certificación final das obras, no seu caso.*

CONCELLO DE TEO
Secretaría

6.3.2 No suposto da bonificación regulada no artigo 6.2:

- *acreditación da concesión de licenzas de obras, comunicación previa ou declaración responsable da obra e instalación dos sistemas de produción de enerxía.*

- *certificación de eficiencia enerxética rexistrado no Rexistro de Certificados de Eficiencia Enerxética de Edificios da Comunidade Autónoma de Galicia.*

7. As bonificacións, serán acordadas na Xunta de Goberno Local, previo informe dos servizos técnicos do Concello, agás as recollidas no punto 5 do acordo.

8. As bonificacións contempladas nos puntos 2 e 3 e nos apartados 1 e 2 do apartado 6 deste artigo serán compatibles, sen que, en ningún caso, poidan exceder do 60% da cota íntegra de forma acumulativa. Son incompatibles as bonificacións dos apartados 1 e 2 do punto 6 deste artigo.

En virtude do exposto, e de conformidade co previsto no artigo 133 e Disposición adicional primeira da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, e artigo 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, proponse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

***Primeiro**.- Aprobar inicialmente a presente modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto Sobre Bens Inmobles.*

***Segundo**.- Someter o expediente a información pública, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, nun diario dos de maior difusión na provincia e na web do Concello, e exposición no taboleiro de edictos da Corporación, durante o prazo de 30 días, para a presentación de reclamacións. De non formularse reclamacións durante a exposición pública, entenderase aprobada definitivamente a citada Ordenanza.*

***Terceiro**.- A ordenanza modificada e aprobada manterá a súa vixencia indefinidamente a partir da súa publicación, en tanto non sexa derrogada ou novamente modificada."*

Obran no expediente informe de intervención de 15 de febreiro de 2019 e informe de secretaría de 15 de marzo de 2019, que se reproducen a continuación:

CONCELLO DE TEO
Secretaría

"***INFORME DE INTERVENCIÓN***

ASUNTO: MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IBI

Coa finalidade de dar cumprimento ao disposto no artigo 214 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, a funcionaria que suscribe emite o seguinte INFORME:

2º.-PROCEDEMENTO

O Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, contempla no seu artigo 17 a modificación das Ordenanzas Fiscais nos seguintes termos:

"1. Os acordos provisionais adoptados polas corporacións locais para o establecemento, supresión e ordenación de tributos...así como as aprobacións e ***modificacións*** *das correspondentes ordenanzas fiscais, expoñeranse no tablón de edictos da Entidade durante 30 días, como mínimo dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presenta-las reclamacións que estimen oportunas.*

2.As entidades locais publicarán, en todo caso, os anuncios de exposición no boletín oficial da provincia...as deputacións provinciais, os órganos de goberno de entidades supramunicipais e os concellos de mais de 10.000 habitantes deberán publica-los, ademais, nun diario dos de maior difusión da provincia...

3. Finalizado o período de exposición pública, as corporacións adoptarán os acordos definitivos que procedan, resolvendo as reclamacións presentadas e aprobando a redacción definitiva da ordenanza, a súa derogación ou as modificacións ás que se refire o acordo provisional.No caso de que non se ouberan presentado reclamacións, entenderase

definitivamente adoptado o acordo, ata entonces provisional, sen necesidade de acordo plenario.

4. Os acordos definitivos...e o texto íntegro das ordenanzas ou das súas modificacións, haberán de ser publicados no boletín oficial da provincia...sin que entren en vigor ata que se leve a cabo a devandita publicación"

O artigo 18 considera interesados ós efectos do disposto no artigo 17.1:

CONCELLO DE TEO
Secretaría

"a) Os que tiveran un interés directo ou resulten afectados por tales acordos.

b) Os colexios profesionais, cámaras oficiais, asociacións e demais entidades legalmente constituídas para defende-los intereses profesionais, económicos ou veciñais cando actúen en defensa dos que lles son propios"

Finalmente, o artigo 19 establece a posibilidade de impugnación pola vía do recurso contencioso- administrativo, que se poderá interpoñer a partires da súa publicación no boletín oficial da provincia na forma e prazos que establecen as normas da devandita xurisdicción.

3º.-OBXECTO DA MODIFICACIÓN

A modificacion da Ordenanza que agora se presenta consiste nunha maior concreccion das bonificacions xa recollidas na Ordenanza vixente e dacordo co estipulado no RDL 2/2004, de 5 de marzo, xa que se desenvolve o contido das bonificacions segundo parametros obxectivos, por estes motivos a fiscalizacion do expediente é favorable."

"INFORME XURÍDICO

En cumprimento do disposto no artigo 3.3 d) do R.D.128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emítese o presente que versa sobre o ***PROCEDEMENTO DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.***

CONCELLO DE TEO
Secretaría

NORMATIVA APLICABLE

- *Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).*
- *Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).*
- *Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA).*
- *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).*
- *Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).*
- *Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (LT).*
- *Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, por lo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).*

- *R.D.128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional (RFHCN).*
- *R.D. 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).*
- *Regulamento orgánico da Corporación municipal de Teo (ROM).*

FUNDAMENTOS DE DEREITO

***Primeiro**. Potestade regulamentaria.- Segundo o artigo 4.1 a) da LRBRL, en relación co artigo 4.1 a) do ROF, corresponde aos municipios, dentro da esfera das súas competencias, a potestade regulamentaria. Pola súa parte, segundo o artigo 55 do TRRL, na esfera das súas competencia, as Entidades locais poderán aprobar Ordenanzas e Regulamentos, e os alcaldes ditar Bandos. En ningún caso conterán preceptos opostos ás leis.*

Polo que interesa aos efectos do presente, hai que ter en conta que, entre os tipos de ordenanzas que existen, atópanse as ordenanzas fiscais cuxo obxectivo é regular a imposición e ordenación dos tributos municipais.

Con carácter xeral, a efectos do exercicio da potestade regulamentaria hai que ter en conta o previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. O artigo 128 da citada Lei, dedicado á potestade regulamentaria, tras establecer, no seu apartado primeiro, que o exercicio da potestade regulamentaria corresponde aos órganos de goberno locais, de acordo co previsto na Constitución, os Estatutos de Autonomía e a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, dispón, no seu apartado segundo, que os regulamentos e disposicións administrativas non poderán vulnerar a Constitución ou as leis nin regular aquelas materias que a Constitución ou os Estatutos de Autonomía recoñecen da competencia das Cortes Xerais ou das Asembleas Lexislativas das Comunidades Autónomas. Sen prexuízo da súa función de desenvolvemento ou colaboración con respecto á lei, non poderán tipificar delitos, faltas ou infraccións administrativas, establecer penas ou sancións, así como tributos, exaccións parafiscais ou outras cargas ou prestacións persoais ou patrimoniais de carácter público.

As disposicións administrativas axustaranse á orde de xerarquía que establezan as leis e ningunha disposición administrativa poderá vulnerar os preceptos doutra de rango superior (art. 128.3 LPACAP).

CONCELLO DE TEO
Secretaría

***Segundo**. Planificación normativa.- Sen prexuízo da análise do previsto na normativa local en relación coas ordenanzas municipais, incluídas as fiscais, e tras a entrada en vigor da LPACAP, hai que ter en conta as previsións recollidas na mesma en canto á planificación normativa, os principios de boa regulación e á participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de regulamentos.*

Polo que se refire á planificación normativa o artigo 132 da LPACAP dispón que, anualmente, as Administracións Públicas farán público un Plan Normativo que conterá as iniciativas regulamentarias que vaian a ser elevadas para a súa aprobación no ano

seguinte. Unha vez aprobado, o Plan Anual Normativo publicarase no Portal de Transparencia da Administración Pública correspondente.

A exposición de motivos xustifica a medida sinalando que "en aras dunha maior seguridade xurídica, e a predictibilidade do ordenamento, apóstase por mellorar a planificación normativa ex ante".

A estes efectos, cabe salientar que á que subscribe non lle consta que no Concello de Teo se dera cumprimento á obriga de confeccionar e facer público, unha vez aprobado, o Plan Normativo que contivera as iniciativas regulamentarias que ían a ser elevadas para a súa aprobación na anualidade 2019, incumprimento que, pese a ser advertido en reiteradas ocasións, non foi corrixido. Tendo en conta a data do presente, lémbrase a obriga de dar cumprimento de xeito inmediato ao esixido no artigo 132 LPACAP.

Terceiro. *Principios de boa regulación. Avaliación e adaptación.- O artigo 129 da LPACAP dispón que, no exercicio da potestade regulamentaria, as Administracións Públicas actuarán de acordo cos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia, e eficiencia. No* ***preámbulo de proxectos de regulamento*** *quedará suficientemente* ***xustificada a súa adecuación*** *a ditos principios.*

En virtude dos principios de necesidade e eficacia, a iniciativa normativa debe estar xustificada por una razón de interese xeral, basearse nunha identificación clara dos fins perseguidos e ser o instrumento máis axeitado para garantir a súa consecución.

En virtude do principio de proporcionalidade, a iniciativa que se propoña deberá conter a regulación imprescindible para atender a necesidade a cubrir coa norma, tras constatar que non existen outras medidas menos restritivas de dereitos, ou que impoñan menos obrigas aos destinatarios.

A fin de garantir o principio de seguridade xurídica, a iniciativa normativa exercerase de maneira coherente co resto do ordenamento xurídico, nacional e da Unión Europea, para xerar un marco normativo estable, predicible, integrado, claro e de certidume, que facilite o seu coñecemento e comprensión e, en consecuencia, a actuación e toma de decisións das persoas e empresas.

CONCELLO DE TEO
Secretaría

Cando en materia de procedemento administrativo a iniciativa normativa estableza trámites adicionais ou distintos aos contemplados na LPACAP, estes deberán ser xustificados atendendo á singularidade da materia ou aos fins perseguidos pola proposta (art. 129.4 LPACAP).

En aplicación do principio de transparencia, as Administracións Públicas posibilitarán o acceso sinxelo, universal e actualizado á normativa en vigor e os documentos propios do seu proceso de elaboración, nos termos establecidos no artigo 7 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; definirán claramente os obxectivos das iniciativas normativas e a súa xustificación no preámbulo;

e posibilitarán que os potenciais destinatarios teñan unha participación activa na elaboración das normas (art. 129.5 LPACAP).

En aplicación do principio de eficiencia, a iniciativa normativa debe evitar cargas administrativas innecesarias ou accesorias e racionalizar, na súa aplicación, a xestión dos recursos públicos (art. 129.6 LPACAP).

Cando a iniciativa normativa afecte aos gastos ou ingresos públicos presentes ou futuros, se deberán cuantificar e valorar as súas repercusións e efectos, e supeditarse ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (art. 129.7 LPACAP).

Neste contexto debe así mesmo terse en conta, de acordo co artigo 130 da LPACAP, a obriga das Administracións públicas de revisar periodicamente a súa normativa vixente para adaptala aos principios de boa regulación citados e para comprobar a medida en que as normas en vigor conseguiron os obxectivos previstos e se estaba xustificado e correctamente cuantificado o custe e as cargas impostas nelas.

O resultado da avaliación plasmarase nun informe que se fará público, co detalle, periodicidade e polo órgano que determine a normativa reguladora da Administración correspondente.

As Administracións Públicas promoverán a aplicación dos principios de boa regulación e cooperarán para promocionar o análise económico na elaboración das normas e, en particular, para evitar a introdución de restricións inxustificadas ou desproporcionadas da actividade económica.

Á vista do exposto lémbrase a obriga de dar cumprimento ao previsto no artigo 130 da LPACAP nos termos analizados, debéndose así mesmo, antes da súa aprobación polo órgano competente, dar cumprimento ao establecido no artigo 129 LPAC, en especial no seu apartado 7, anteriormente transcrito, aspecto que non lle consta á que subscribe fora analizado no expediente obxecto do presente.

***Cuarto**. Participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas regulamentarias.- Tratándose da participación cidadá hai que ter en conta o previsto no artigo 133 da Lei 39/2015. De acordo con este artigo distínguese como elementos de participación a consulta pública, previa á redacción da norma, e a audiencia e informacións públicas, cando xa se dispón do texto normativo.*

CONCELLO de TEO
Secretaría

Así, segundo o apartado 1 do artigo citado, con carácter previo á elaboración do proxecto ou anteproxecto de regulamento, se sustanciará una consulta pública, a través do portal web da Administración competente na que se recabará a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca de:

a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.

b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación.

c) Os obxectivos da norma.

d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

Segundo o apartado 2 da norma analizada, sen prexuízo da consulta previa á redacción do texto da iniciativa, cando a norma afecte aos dereitos e intereses lexítimos das persoas, o centro directivo competente publicará o texto no portal web correspondente, co obxecto de dar audiencia aos cidadáns afectados e recabar cantas aportacións adicionais poidan facer por outras persoas ou entidades. Así mesmo, poderá tamén recabarse directamente a opinión das organizacións ou asociacións recoñecidas por lei que agrupen ou representen ás persoas cuxos dereitos ou intereses lexítimos se viran afectados pola norma e cuxos fins garden relación directa co seu obxecto.

A consulta, audiencia e información públicas reguladas neste artigo 133 deberán realizarse de forma tal que os potenciais destinatarios da norma e os que realicen aportacións sobre ela teñan a posibilidade de emitir a súa opinión, para o cal deberán poñerse a súa disposición os documentos necesarios, que serán claros, concisos e reunir toda a información precisa para poder pronunciarse sobre a materia (133.3 LPACAP).

Poderá prescindirse dos trámites de consulta, audiencia e información públicas no caso de normas orzamentarias ou organizativas da Administración Xeral do Estado, a Administración autonómica, a Administración local ou das organizacións dependentes ou vinculadas a estas, ou cando concorran razóns graves de interese público que o xustifiquen (art. 133.4 LPACAP).

Cando a proposta normativa non teña un impacto significativo na actividade económica, non impoña obrigas relevantes aos destinatarios ou regule aspectos parciais dunha materia, poderá omitirse a consulta pública regulada no apartado primeiro do artigo 133. Se a normativa reguladora do exercicio da potestade regulamentaria por unha Administración prevé a tramitación urxente destes procedementos, a eventual excepción do trámite por esta circunstancia axustarase ao previsto naquela.

CONCELLO DE TEO
Secretaría

A estes efectos deberá terse en conta o Informe do Director Xeral de Tributos, de 10 de xaneiro de 2018, da Secretaría de Estado de Facenda do Ministerio de facenda e función pública, no que se conclúe a aplicación de todo o exposto ás ordenanzas fiscais, en especial o trámite de consulta previa establecido no artigo 133 da Lei 39/2015, ao afirmar que o "trámite de consulta previa establecido no artigo 133 da Lei 39/2015 no ten equivalente no TRLRFL, dado o carácter ex novo do mesmo, e non pode considerarse incluído no trámite de participación cidadá regulado no artigo 17 do TRLRFL, xa que se trata de dous trámites distintos e que se realizan en dous momentos diferentes: o trámite de consulta previa ten lugar con carácter previo á elaboración do proxecto e anteproxecto de lei ou de regulamento e sustánciase a través do portal web da Administración competente; mentres que o trámite de participación cidadá do artigo 17 do TRLRFL ten lugar posteriormente, unha vez elaborada e aprobada a redacción provisional da ordenanza fiscal e non se realiza por

medios electrónicos, senón mediante a súa exposición no taboleiro de anuncios da Entidade Local e a súa publicación no boletín oficial correspondente.

En consecuencia no procedemento de aprobación de ordenanzas fiscais debe incluírse o trámite de consulta pública previa regulado no artigo 133 da Lei 39/2015.

Plantexada ante a Dirección Xeral de Tributos se a consulta pública previa resulta necesaria en todo caso, ou unicamente nos suposto de aprobación de novas ordenanzas fiscais, recóllese no informe citado que a este respecto "hai que sinalar que o apartado 4 do artigo 133 da Ley 39/2015 establece a excepción ao trámite de consulta, entre outros supostos, para o de regulación de aspecto parciais dunha materia.

Polo tanto, se conclúe que o trámite de consulta previa debe sustanciarse cando se trata da aprobación dunha nova ordenanza fiscal, mentres que no caso da modificación dunha ordenanza fiscal xa aproba con anterioridade, pode obviarse dito trámite por tratarse dunha regulación parcial da materia".

Ademais do exposto, hai que ter en conta o regulado na Disposición Adicional primeira da LPACAP, referida ás especialidades por razón da materia. Segundo o apartado primeiro da Disposición citada, os procedementos administrativos regulados en leis especiais por razón da materia que non esixan algún dos trámites previsto na LPACAP ou regulen trámites adicionais ou distintos rexeranse, respecto a estes, polo disposto en ditas leis especiais, recolléndose, no apartado segundo, un listado de actuacións e procedementos que se rexerán pola súa normativa específica e supletoriamente polo disposto na LPACAP (actuacións e procedementos de aplicación de tributos en materia tributaria e aduaneira, así como a súa revisión en vía administrativa, actuacións e procedementos de xestión, inspección, liquidación, recadación, impugnación e revisión en materia de Seguridade social e Desemprego, etc).

A efectos de publicidade debe igualmente terse en conta que, segundo o artigo 7 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, as Administracións Públicas, no ámbito das súas competencia, publicarán os proxectos de Regulamento cuxa iniciativa lles corresponda. Cando sexa preceptivo a solicitude de ditames, a publicación producirase unha vez que estes foran solicitados aos órganos consultivos correspondentes sen que elo supoña, necesariamente, a apertura dun trámite de audiencia pública.

CONCELLO DE TEO
Secretaría

A vista do exposto, observase como a LPACAP establece unha nova regulación da tramitación para a elaboración das normas regulamentarias, que debe entenderse previa á tramitación que a estes efectos se contempla na normativa local, concretamente no artigo 17 TRLRFL, e así o proceso de consulta, audiencia e información públicas deberán levarse a cabo de forma obrigatoria no proceso de elaboración (ou modificación) das Ordenanzas fiscais, sen prexuízo das excepcións xa expostas que recolle a LPACAP. Se ben, a xuízo da que subscribe, pese a non existir unha posición doutrinal unánime ao efecto, podería interpretarse que a publicación do texto do Regulamento (ordenanza neste caso) no portal web e trámite de audiencia, poderían ser complementarios ao procedemento administrativo de aprobación, é dicir

practicarse e simultanearse co trámite de información pública á que se refire o artigo 17 do TRLRFL, porén non se pode obviar o trámite de consulta pública, cuxa realización non lle consta á que subscribe e que debería realizarse para dar cumprimento ao previsto na normativa analizada, agás que concorra algunha das excepcións sinaladas, como parece que acontece neste caso á vista do informe da Dirección Xeral de tributos, ao tratarse da modificación dunha ordenanza fiscal.

Quinto. *Procedemento.- De acordo do artigo 17 TRLRFL, o procedemento para a aprobación (neste caso modificación), dunha ordenanza fiscal, como é o caso do presente, deberá axustarse aos seguintes trámites:*

- Aprobación inicial polo Pleno da Corporación, previo ditame pola Comisión Informativa correspondente.

- Información pública e audiencia aos interesados polo prazo mínimo de trinta días, dentro dos cales aqueles poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Os anuncios de exposición publicaranse no taboleiro de anuncios, no boletín oficial da provincia e nun dos diarios de maior difusión da provincia (17. 1 e 2 TRLRFL) e na páxina web ou na sede electrónica (art. 5 LT).

Segundo o artigo 18 TRLRFL, teñen a condición de interesados:

a) Os que tiveran un interese directo ou resulten afectados por tales acordos.

b) Os colexios oficiais, cámaras oficiais, asociacións e demais entidades legalmente constituídas para velar polos intereses profesionais, económicos ou veciñais, cando actúen en defensa dos que lle son propios.

- No caso de que existan reclamacións serán resoltas pola Corporación, sendo preciso un novo acordo plenario, de aprobación definitiva, previo ditame da Comisión Informativa correspondente.

No caso de que non se presentara ninguna reclamación entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario.

CONCELLO DE TEO Secretaría

- A modificación da ordenanza, definitivamente aprobada, así como o texto íntegro, terán que ser publicados no boletín oficial da provincia, sen que entre en vigor ata que se leve a cabo dita publicación, debéndose así mesmo publicar na sede electrónica ou na páxina web.

A estes efectos o artigo 131 da LPACAP dispón que ademais da publicación a ordenanza no diario oficial correspondente, neste caso o BOP, para a súa entrada en vigor e producir efectos xurídicos, as Administracións Públicas poderán establecer outros medios de publicidade complementarios.

Sexto. *Competencia.- De acordo co previsto nos artigos 22.2 d) e 47.1 da LRBRL, o Pleno é o órgano competente para a aprobación, por maioría simple, da modificación da Ordenanza á que se refire o presente.*

Sétimo. *Recurso contencioso administrativo.- Segundo o artigo 19 do TRLRFL as ordenanzas fiscais das entidades locais rexerán durante o prazo, determinado ou indefinido, previsto nelas, sen que quepa contra elas outro recurso que o contencioso-administrativo que se poderá interpor, a partir da súa publicación no boletín oficial da provincia, ou, no seu caso, da comunidade autónoma uniprovincial, na forma e prazos que establecen as normas reguladoras de dita xurisdición.*

Se por resolución xudicial firme resultaren anulados ou modificados os acordos locais ou o texto das ordenanzas fiscais, a entidade local virá obrigada a adecuar aos termos da sentenza todas as actuacións que leve a cabo con posterioridade á data en que aquela sexa notificada. Salvo que expresamente o prohibira a sentenza, manteranse os actos firmes ou consentidos ditados ao amparo da ordenanza que posteriormente resulte anulada ou modificada (art. 19.2 TRLRFL).

De acordo co exposto, a xuízo da que subscribe, deberá darse cumprimento ao recollido no presente en relación co plan normativo (fundamento de dereito segundo) e, con carácter previo á aprobación da modificación, en relación co artigo 129 da LPACAP, en especial no seu apartado 7, nos termos analizados (fundamento de dereito terceiro).
Este é o meu criterio, sen prexuízo doutro mellor fundado en dereito, porén o Pleno da Corporación acordará o que estime oportuno."

Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do grupo mixto, sr. Fernández, sinala que so faltaría que non houbera ningún tipo de criterio de control, engadindo que isto é o que é. Salienta que cando a sra. García di que xa se sabe que ten que existir control, non fai falla insistir niso, porén en todo caso unha vez asinado o convenio haberá que cumprilo. Sinala o sr. Fernández que, como dixo no outro Pleno, pode vir unha empresa, que todos saben quen é, a empresa maldita, e haberá que bonificarlle o ICIO, o IBI e o IAE, porque os criterio son os que son e non existen exclusións.

CONCELLO DE TEO
Secretaría

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, quen sinala que nos propios cambios o trámite final é unha aprobación por Pleno, polo que está no dereito de cada un, xa que non se trata dunha bonificación obrigatoria, valorar se se considera de especial utilidade a empresa maldita. Sinala a sra. Lemus que se pode ser todo o demagóxico que se queira, pero tampouco se poden pasar, e non se deben inventar temas como dar entender que se intenta bonificar a determinadas empresas, xa que a

eses efectos haberá que estar á declaración de especial interese de utilidade municipal, por maioría simple dos membros, e todos saben o que é especial interese de utilidade municipal.

Preguntado polo sr. alcalde, o portavoz do PP, sr. Guerra, non fai uso da súa quenda de intervención.

A sra. García di que quizais existe un problema de entendemento. Explica que cando falou de control se refería ao establecemento de condicións non de control, xa que unha cousa e controlar o cumprimento da legalidade e outra cousa é establecer unha serie de condicións ou requisitos para poder acceder a esa bonificación, sen prexuízo de que despois o concello deba facer un control de cumprimento desas condicións. Reitera que ela fala do establecemento de condicións que garantan que se está creando emprego de calidade. Sinala que, en canto á actividade que poidan ter distintas empresas que se establezan no concello, este non ten capacidade normativa para establecer distincións entre unhas empresas e outras, máis alá do cumprimento que estableza a Lei, polo que o único que se pode facer é dar cumprimento da legalidade Tratándose de empresas malditas sinala que ela tería unha lista máis ampla de actividades que non alentaría precisamente, porén están amparadas, polo que se hai determinada actividade que ten lugar no concello, e é legal, a súa obriga é defender o estímulo do emprego, dentro da legalidade. A sra. García salienta que o sr. Fernández lle dixo que ela o vendía como algo positivo, e sinala que non é así porén ten que defender aqueles postos de traballo que se poidan crear e tamén ten que defender as subvencións que se reciben para poder fomentar o emprego. Sinala a sra. García que non pode entrar na legalidade de determinadas empresas, xa que comparte o malestar que ten o sr. Fernández e o resto do concello con respecto a determinado tipo de actividades, e a normativa ten que ser responsable e non permitir determinado tipo de actividades que atenten contra o interese xeral, non existindo neste punto ningunha dúbida nin ningunha fricción. Explica que as medidas que se están adoptando, gustarán máis ou menos, porén son medidas de responsabilidade para garantir o investimento no emprego e o fomento do emprego dentro do concello, tratándose de dúas cousas ben diferentes, algo que, sinala a sra. García, ela o ten

CONCELLO DE TEO
Secretaría

claro e cree que o sr. Fernández tamén, polo que unicamente quería matizar esta cuestión.

Preguntado polo sr. alcalde, os/as concelleiros/as non fan uso das súas quendas de intervención.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con dezaseis votos a favor (7 Son de Teo-ANOVA, 7 PP e 2 PSdeG-PSOE) e unha abstención (1 grupo mixto), acorda:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a presente modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto Sobre Bens Inmobles.

Segundo.- Someter o expediente a información pública, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, nun diario dos de maior difusión na provincia e na web do Concello, e exposición no taboleiro de edictos da Corporación, durante o prazo de 30 días, para a presentación de reclamacións. De non formularse reclamacións durante a exposición pública, entenderase aprobada definitivamente a citada Ordenanza.

Terceiro.- A ordenanza modificada e aprobada manterá a súa vixencia indefinidamente a partir da súa publicación, en tanto non sexa derrogada ou novamente modificada.

CONCELLO DE TEO
Secretaría

7.- PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA DE RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE APROBACIÓN DO PROXECTO DA OBRA DE "REFORMA E AMPLIACIÓN DA CASA COMÚN DE OZA".

O sr. alcalde explica que, ao tratarse dun asunto non ditaminado polas Comisións Informativas, resulta preciso ratificar a súa inclusión na orde do día.

Sometida a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros, acorda ratificar a inclusión do asunto na orde do día, de acordo cos artigos 82.3 e 97.2 do ROF e 31.2 do ROM.

O sr. alcalde cede a palabra á concelleira de urbanismo, vivenda e sostibilidade, D.ª Uxía Lemus de la Iglesia.

A sra. Lemus explica que se trata dunha subsanación do POS 2019, concretamente da obra de reforma e ampliación da casa común de Oza, que está incluída no complementario. Explica a sra. Lemus que a subsanación chegou na segunda metade de febreiro e constaba de dous partes, a necesidade de presentar o proxecto de execución e unha xustificación da orde de accesibilidade nos espazos públicos urbanizados, que foron subsanados, remitidos na data da Resolución da alcaldía, o 15 de marzo. Remata a sra. Lemus sinalando que no POS se permite a aprobación por Decreto da alcaldía, a efectos de cumprir o prazo de subsanación, para despois someterse a ratificación plenaria.

Preguntado polos sr. alcalde, os/as concelleiros/as non fan uso das súas quendas de intervención.

CONCELLO DE TEO
Secretaría

Non abríndose debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros (7 Son de Teo-ANOVA, 7 PP, 2 PSdeG-PSOE e 1 grupo mixto), acorda ratificar o Decreto da alcaldía de 15 de marzo de 2019 (nº 204/2019), que se reproduce a continuación.

"***RESOLUCIÓN DA ALCALDIA***

ASUNTO: *Aprobación proxecto modificado POS+2019 Casa Común de Oza*
EXPEDIENTE: *2019/G003/000192*

Vistos os requirimentos efectuados a través da plataforma SUBTEL da Deputación Provincial sobre a documentación presentada na convocatoria das obras do POS + 2019, referido en concreto ás deficiencias no proxecto da obra de "Reforma e ampliación da casa común de Oza", aprobado polo Pleno da Corporación na sesión ordinaria de 18 de decembro de 2018.

Considerando que se procedeu a elaboración do proxecto corrixindo as deficiencias detectadas no mesmo, redactándose así o proxecto de ejecución da obra de "Reforma e ampliación da casa común de Oza", de febreiro de 2019.

Considerando que, sen prexuízo doutras cuestión, a subsanación esixe neste caso a presentación do proxecto de execución, ao remitirse no seu momento, a efectos de dar cumprimento aos prazos do POS+2019, unicamente o básico.

Considerando que nos requirimentos citados esíxese a aprobación do proxecto corrixido polo órgano competente.

Considerando que a subsanación debe ser atendida de forma inmediata, rematando o prazo no día da data.

En virtude do exposto, no uso das facultades que me confire a normativa vixente e tendo en conta o acordo de delegación adoptado polo Pleno da Corporación na sesión de 18 de decembro de 2018,

RESOLVO:

Primeiro.- *Aprobar o proxecto corrixido da obra de "Reforma e ampliación da casa común de Oza", incluída no POS + 2019, de febreiro de 2019.*

CONCELLO DE TEO
Secretaría

Segundo.- *Remitir a través de SUBTEL o proxecto modificado á Deputación Provincial para a súa incorporación ao expediente correspondente.*

Terceiro.- *Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre, para a súa ratificación."*

8.- MOCIÓNS.

Antes de entrar no punto noveno da orde do día relativo a rogos e preguntas, o sr. alcalde, de conformidade co previsto no artigo 91.4 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, e no artigo 33 do Regulamento orgánico, pregunta se algún grupo municipal

quere presentar algunha moción de urxencia, sen que se presente ningunha polos grupos municipais.

9.- ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO GRUPO MIXTO.

O concelleiro do grupo mixto, sr. Fernández, formula os/as seguintes rogos e preguntas:

1.- Roga que se sitúe algún aparcamento para motos na urbanización de parques de Mirabel. Explica o sr. Fernández que se trata dunha demanda de dous veciños que teñen unha motocicleta, e aos que recentemente lles dicían que ocupaban toda unha praza de aparcamento cunha moto.

O sr. Francos pregunta en qué zoa.

O sr. Fernández di que, así como se entra, vindo de Fixó, podería ser nesa zoa, pero non arriba de todo senón na parte de abaixo, aínda que habería que velo.

2.- O sr. Fernández di que ve que se están poñendo uns paneis publicitarios nalgunhas marquesiñas, por exemplo en Fixó, no cruce que vai a Carballal. Roga o sr. Fernández que se poñan máis paneis deses, por exemplo un por parroquia, nas pequenas, ou máis, nas demais, para evitar o de sempre, o que se fai nas marquesiñas, que queda mal.

CONCELLO DE TEO
Secretaría

3.- Di o sr. Fernández que no Pleno de 31 de outubro se aprobou, por unanimidade, unha moción do BNG na que se instaba ao goberno municipal, en base ao artigo 6.1 da Lei 4/15, a iniciar o trámite da reestruturación parcelaria en determinadas parroquias.

Pregunta o sr. Fernández qué tramitación seguiu o goberno municipal dende aquela.

O sr. alcalde dille ao sr. Fernández que llo pasa por escrito, para que teña constancia e vexa cando se remitiu e a onde.

O sr. Fernández pregunta se se iniciou.

O sr. alcalde resposta que si.

O sr. Fernández di que o 23 de novembro adoptouse un acordo no Parlamento galego, por unanimidade, e hoxe rexistrouse unha pregunta ao goberno galego para saber como está a tramitación e que se fixo dende aquela.

4.- O sr. Fernández, tratándose da gasolineira prevista na Ramallosa, pregunta porque agora se ven un estandarte enorme. Pregunta como está o tema e que se sabía dende o concello.

A sra. Lemus di que ten licenza para a instalación de supermercado e centro de servizos e nada máis. Aclara que a solicitude de gasolineira se lle denegou por falta de competencia, engadindo que se ia a facer unha modificación da normativa dende Industria pero aínda non se fixo.

5.- Sinala o sr. Fernández que vindo de Ameneiro a Texese, polo interior, hai catro farolas e pregunta se se van a anular ou se se van a poñer en funcionamento.

A sra. Lemus di que lle dixeron que entre hoxe e mañá quedaban arranxadas, porque tiveron que ser substituídas.

CONCELLO DE TEO
Secretaría

6.- Pregunta o sr. Fernández se se sabe algo da autovía da Estrada e sinala que entende que o concello ten a declaración de impacto ambiental e os informes para poder consultalos.

A sra. Lemus di que a declaración de impacto ambiental é do ano 2010 e os planos que ten o concello son os de expropiación. Sinala que hoxe saíu no BOP que na última semana de abril e a primeira de maio terá lugar a formalización das actas de ocupación, engadindo a sra. Lemus que pouco máis. Sinala que nos orzamentos da

Xunta se incluíu unha partida moi pequena, o que fai pensar que non se vai a executar este ano.

Sinala o sr. alcalde que no único que se avanzou foi na expropiación e chegaron os planos e agora veu a convocatoria para ofrecerlles un local e facer a consulta, engadindo que ao final optouse polo dos Tilos.

O sr. Fernández pregunta se a documentación está no concello.

A sra. Lemus resposta que sí.

7.- Di o sr. Fernández que, no Pazo, en Rarís, hai sinais que avisan que hai unha lomba, pero non está.

O sr. Francos sinala que o da empresa díxolle que en febreiro, que lle chama todas as semanas, porén non dan feito, engadindo que está pendente xunto coa de Solláns e a de escola de Raxó.

O sr. Fernández pregunta se está prevista.

O sr. Francos resposta que si.

8.- Pregunta o sr. Fernández se hai algunha novidade do colector de Espasande.

CONCELLO DE TEO
Secretaría

O sr. alcalde di que está pendente a aprobación do modificado pola Deputación, esperando a ver se pode ir neste Pleno porque a obra se está retrasando máis do previsto, porén aínda non se sabe se vai ou non vai e se non vai neste irá no de maio de antes das eleccións. Sinala o sr. alcalde que por outra parte o bombeo de Insúa tamén está moi avanzado.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PSdeG-PSOE.

O/a concelleiro/a do PSdeG-PSOE non formulan ningún rogo nin pregunta.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PP.

Os/as concelleiros/as do PP formulan os/as seguintes rogos e preguntas:

1.- O sr. Sánchez di que segue habendo queixas da veciñanza, de múltiples puntos do concello, da falta de regularidade na frecuencia de recollida do lixo. Sinala que fai dous anos se tratou no Pleno unha proposta e o sr. alcalde recoñecera daquela que efectivamente a frecuencia non era o óptima que debería, porén este problema segue aparecendo. Interésase o sr. Sánchez pola información que hai o respecto, se seguen constando estes problemas e se se lle vai a poñer solución.

O sr. alcalde di que ultimamente non lle constan excesivos problemas, nin problemas sistemáticos do tema, porén a xente sabe que días teñen que recoller e o importante e que chamen o concello indicando que "hoxe que tiñan que recoller, non recolleron" sobre todo para constatar nese momento o incumprimento e poder ir sobre a empresa formalmente.

2.- O sr. Sánchez pregunta de quen é a titularidade daquel céspede que vai cortar o xardineiro do concello en Campos de Mirabel.

O sr. Francos pregunta se se refire aos do medio.

O sr. Sánchez di que si.

CONCELLO DE TEO
Secretaría

O sr. Francos di que eran de Mahía, que estaba desaparecida, e de alguén máis que non lembra.

Sinala que, como non eran do concello, loxicamente se deixaron de cortar, porén os veciños protestaban e por iso cando se vai, como era media hora máis de traballo, se fai, engadindo que en todo caso se volverá a intentar localizar os propietarios.

3.- O sr. Guerra di que o condutor do autobús de Seoane queixábase de que subindo por Fornelos arriba ten que meterse á dereita e por un lado ten unha marquesiña, que

lle obriga a manobrar para atrás, e por outro o poste de luz, polo que a ver se se toma algún tipo de medida nese senso.

O sr. alcalde sinala que se mirará.

4.- Di o sr. Guerra que unha señora de A Grela está enfadada porque se quedou en arranxarlle un problema, a altura da capela de Santa Ana, A Grela, nº 35, un problema de entrada de augas ao soto e ao garaxe. A sra. foi o concello fai 15 días e a sra. Lemus lle dixo que se ia a subsanar o problema. Lembra o sr. Guerra que a estrada levantouse, e a auga entralle para dentro, púxose unha reixa porén a auga segue entrando, porque, pese a actuación, non quedou ben, polo que pide que en canto se poida se lle solucione.

A sra. Lemus sinala que efectivamente ten que miralo e falar con ela.

5.- A sra. Vázquez pregunta se nos baches que hai nos Tilos se ten pensado facer algo proximamente ou non.

6.- A sra. Vázquez refírese á saída do aparcadoiro de Pontevea, pola liña que hai na estrada. Explica que se se ven da Ulla ou se se sae do aparcadoiro non se debe saír cara arriba. Pregunta se hai algo previsto de modificación desa liña, e pregunta sobre a titularidade da estrada en cuestión.

CONCELLO DE TEO
Secretaría

A sra. Lemus di que nos Tilos está pendente de que se executen obras nas próximas semanas. Tratándose da saída do aparcadoiro sinala se pediu á Xunta o pintado, porque é cousa dela.

7.- A sra. Nariño, tratándose do parque de Penelas, di que vai vir o bo tempo e interésase polo temas das redes das porterías, o valado do veciño para que non lle caia o balón, etc, e pregunta cando se van a facer esas actuacións.

O sr. Francos di que o contratista lle dan de prazo ou xusto despois da Semana Santa ou se poden empezar antes, porque están pendentes de provedores por culpa da malla.

8.- A sra. Nariño pregunta se hai posibilidade de poñer un punto de luz no parque de Penelas.

O sr. Francos di que haberá que miralo.

9.- O sr. Guerra di que nos chales dos Tilos, hai zoas moi escuras xa que os puntos de luz están moi distantes.

Co permiso da Presidencia, o sr. Fernández di que en Campos de Mirabel se podería revisar o cercado porque na parte do bloque 8 un dous postes vese que está mal, polo que se debería botar un ollo.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte horas e cincuenta e cinco minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

O alcalde

CONCELLO DE TEO
Alcaldía

Rafael C. Sisto Edreira

RAFAEL CARLOS SISTO EDREIRA - 33252651X
Firmado digitalmente por RAFAEL CARLOS SISTO EDREIRA - 33252651X
Fecha: 2019.06.03 15:05:32 +02'00'

A secretaria

CONCELLO DE TEO
Secretaría

Virginia Fraga Díaz

VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C
Firmado digitalmente por VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C
Nombre de reconocimiento (DN): cn=VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C, givenName=VIRGINIA, sn=FRAGA DÍAZ - 76967703C, serialNumber=IDCES-76967703C, 2.5.4.97=VATES-P1508300I, ou=CERTIFICADO ELECTRONICO DE EMPLEADO PUBLICO, o=CONCELLO DE TEO, c=ES
Fecha: 2019.06.03 14:42:43 +02'00'
Versión de Adobe Acrobat Reader: 2019.012.20034

CONCELLO
DE **TEO**
Secretaría Xeral

A C T A 4/2019

SESIÓN EXTRAORDINARIA PLENO MUNICIPAL

– 1 DE ABRIL DE 2019 –

Na Casa do Concello, a un de abril de dous mil dezanove, reúnense en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que se relacionan a continuación, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión extraordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

Concelleiros/as:

D. Xosé Ignacio Iglesias Villar
D.ª Concepción García Vázquez
D. Xurxo Francos Liñares
D. Jorge Juan Carballido Salgado
D.ª María del Pilar Pérez Fagil
D. José Manuel Guerra Calvelo
D. Antonio Reyes Sánchez Crespo
D.ª Sofia Ferreiro Gaspar
D. Julio César Retis Vázquez
D.ª María Vázquez Rey
D. Ignacio Manuel Arroyo Font
D.ª María Dolores Nariño Facal
D.ª Uxía Lemus de la Iglesia
D. Roberto Moñino Gil
D. Manuel Anxo Fernández Baz

Non asiste, previa escusa:

D. José Francisco Nanín Castro

CONCELLO DE TEO
Secretaría

Secretaria xeral:
D.ª Virginia Fraga Díaz

ORDE DO DÍA:

1.- ELECCIÓN DE MEMBROS DE MESAS ELECTORAIS PARA AS ELECCIÓNS XERAIS DO 28.04.19.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, o sr. alcalde, sendo as nove horas e trinta minutos, declara público e aberto o acto, pasando a tratar o asunto incluído na orde do día que figura na convocatoria, que é o seguinte:

1.- ELECCIÓN DE MEMBROS DE MESAS ELECTORAIS PARA AS ELECCIÓNS XERAIS DO 28.04.19.

Co permiso da presidencia, interveño eu, secretaria da Corporación, e procedo a dar conta dos artigos 25 e 26 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de réxime electoral xeral.

Así, de conformidade co primeiro dos artigos citados infórmase que a Mesa Electoral está formada por un Presidente e dous Vogais, e dáse lectura ao artigo 26 do citado texto legal nos termos seguintes:

1.- A formación das Mesas compete aos Concellos, baixo a supervisión das Xuntas Electorais de Zoa.

2.- O Presidente e os vogais de cada Mesa son designados por sorteo público entre a totalidade das persoas incluídas na lista de electores da Mesa correspondente, que saiban ler e escribir e sexan menores de setenta anos, se ben a partir dos sesenta e cinco anos poderán manifestar a súa renuncia no prazo de sete días. O Presidente deberá ter o título de Bachiller ou de Formación Profesional de segundo Grado, ou subsidiariamente o de Graduado Escolar ou equivalente.

3.- Procédese da mesma forma ao nomeamento de dous suplentes para cada un dos membros da Mesa.

4.- Os sorteos arriba mencionados realizaranse entre os días vixésimo quinto e vixésimo noveno posteriores á convocatoria".

Explícase que noutros sorteos públicos de mesas electorais o Pleno acordaba que, no caso de que non se poida efectuar a notificación dalgún dos membros das mesas que resulten do sorteo, se acudiría á listaxe de suplentes que, a maiores dos que esixe a lei, xera o programa utilizado para o sorteo público en cada unha das mesas correspondentes. Proponse a estes efectos utilizar esta listaxe para os casos de imposibilidade de notificación.

Os/as concelleiros/as presentes aceptan unanimemente a proposta.

Seguidamente, de acordo do previsto no citado artigo 26 da LOREG, procédese a efectuar o sorteo público dos membros das Mesas Electorais para as eleccións xerais do 28 de abril de 2019, obténdose o seguinte resultado:

DISTRITO: 1º SECCION: 1ª MESA: A

Presidente: Mª Inmaculada Baamonde Pedreira
1º vogal: Daniel Ageitos Santamaría
2º vogal: Mª Ángeles González Moure
1º suplente de presidente: Tamara Blanco Fontán
2º suplente de presidente: José Daniel Loureiro Ameneiros
1º suplente 1º vogal: Eva Mª López Carneiro
Presidente: Laura Labandeira Mirazo

1º vogal: Guillermo Aceytuno Ortega

2º vogal: Antonio Ferreiro Uzal

1º suplente de presidente: David Iglesias Rodríguez

2º suplente de presidente: Laura Iglesias Lojo

1º suplente 1º vogal: Teba Conde Herrezuelo

2º suplente 1º vogal: Carlos Ares Vaamonde

1º suplente 2º vogal: Juan Carlos Cajaraville Seijo

2º suplente 2º vogal: José Luis Alonso Álvarez

NCELLO DE TEO
Secretaría

DISTRITO: 1º **SECCION: 4ª** **MESA: B**

Presidente: Sandra Mª Rodríguez Castro

1º vogal: Alicia Salgueiro García

2º vogal: Ana Millán Magariños

1º suplente de presidente: Ángel Marcelino Ruíz Suanzes

2º suplente de presidente: José Manuel Varela de la Fuente

1º suplente 1º vogal: Mª Elena Miramontes Liñares

2º suplente 1º vogal: Vanessa Pereira Bendaña

1º suplente 2º vogal: Ramón Manuel Novoa Núñez

2º suplente 2º vogal: José Otero Fonseca

DISTRITO: 1º **SECCION: 5ª** **MESA: A**

Presidente: Marcos Ares Patrón

1º vogal: Andrés Ansedes Gómez

2º vogal: José Barrera López

1º suplente de presidente: Noel Enrique Feans García

2º suplente de presidente: Víctor José García Álvarez

1º suplente 1º vogal: Antón Jorge del Río

2º suplente 1º vogal: Amparo Crego Paz

1º suplente 2º vogal: Alberto Ameneiro Angueira

2º suplente 2º vogal: Alberte Xesús Cambón Grille

DISTRITO: 1º **SECCION: 5ª** **MESA: B**

Presidente: Rosa Mari Rodríguez Suárez

1º vogal: Xosé Manuel Liste Reimúndez

2º vogal: Juan Ignacio Rodríguez Martínez

1º suplente de presidente: Yolanda Paula López Pombo

2º suplente de presidente: Jorge Pérez Alberte

1º suplente 1º vogal: Luz Mª Sánchez Cajaraville

2º suplente 1º vogal: Carmen Vilar Gúzman

1º suplente 2º vogal: José Manuel Maroño Ferreiro

2º suplente 2º vogal: Rosa Mª Rivadas González

ONCELLO DE TEO
Secretaría

DISTRITO: 1º **SECCION: 6ª** **MESA: A**

Presidente: Roberto Ladero Camblor

1º vogal: Mª Frabcusca Dorca López de Ilarraza

2º vogal: Ana Couso Viana

1º suplente de presidente: Marcos Cuadrado Rey

2º suplente de presidente: Ana Mª Costas Frade

1º suplente 1º vogal: Genaro Fernández Rueda

2º suplente 1º vogal: Santiago Ramón Costas Sánchez

1º suplente 2º vogal: Mª Josefa García Limia

2º suplente 2º vogal: Mª Alicia Carolina Estévez Toranzo

DISTRITO: 1º **SECCION: 6ª** **MESA: B**

Presidente: Miguel Pereira Pola

1º vogal: Ángela Rodríguez Diéguez

2º vogal: Beatriz Martínez Vázquez

1º suplente de presidente: Francisca Ramírez Aravena

2º suplente de presidente: Mª Dolores Martelo Suárez

1º suplente 1º vogal: Lara Yáñez Ramil

2º suplente 1º vogal: José Antonio Rama López

1º suplente 2º vogal: Elisa Mª Picallo Ferreiro

2º suplente 2º vogal: Estrella Ponce García

DISTRITO: 1º **SECCION: 7ª** **MESA: U**

Presidente: José Porfidio Múñoz Pasamontes

1º vogal: Mª Elena Prado Veiga

2º vogal: Gonzalo Mateo Sixto

1º suplente de presidente: Sara Castro Morales

2º suplente de presidente: Mª Antonia Arias Fernández

1º suplente 1º vogal: José Antonio Varela Señaris

2º suplente 1º vogal: Carlos Parrado Casas

1º suplente 2º vogal: Mª del Carmen Fernández Romero

2º suplente 2º vogal: Remidios Cid Iglesias

NCELLO DE TEO
Secretaría

DISTRITO: 1º **SECCION: 8ª** **MESA: U**

Presidente: Rebeca Pûente Nogueira

1º vogal: Manuel Andrés López Vilela

2º vogal: Mª Lourdes Dopazo Garabal

1º suplente de presidente: José Antonio Quintas Sixto

2º suplente de presidente: Noelia Cotón Rubio

1º suplente 1º vogal: José Domingo Rial García

2º suplente 1º vogal: Julia Mª Pozo Méndez

1º suplente 2º vogal: Saleta Fernández Castro

2º suplente 2º vogal: Gustavo Adolfo Lojo Garea

DISTRITO: 1º **SECCION: 9ª** **MESA: A**

Presidente: Sonia García Prieto

1º vogal: Rosa Mª López Tallos

2º vogal: Nina Castro Domínguez

1º suplente de presidente: María Gil Carbajal

2º suplente de presidente: David Astolfi García

1º suplente 1º vogal: Antonio Castro Pampín

2º suplente 1º vogal: Zoulikha Bouhou Mourabet

1º suplente 2º vogal: Rosa Mª Díaz Doutón

2º suplente 2º vogal: Montserrat Lodeiro Tato

)NCELLO DE TEO
Secretaría

DISTRITO: 1º **SECCION: 9ª** **MESA: B**

Presidente: José Antonio Menéndez Zapico

1º vogal: Marcos Pérez Lajos

2º vogal: Rocío Rivas Valladares

1º suplente de presidente: Cesáreo Villar Barral

2º suplente de presidente: Mª Carmen Pampín González

1º suplente 1º vogal: José Manuel Muíño García

2º suplente 1º vogal: Marcos Vázquez Rendo

1º suplente 2º vogal: Mª Pilar Tarrío Noya

2º suplente 2º vogal: Kerly Adela Orozco Duarte

DISTRITO: 2º **SECCION: 1ª** **MESA: A**

Presidente: Luis Manuel Barreiro Custodio

1º vogal: Mª Inmaculada Carro Cajaraville

2º vogal: Beatriz Pérez Agrasar

1º suplente de presidente: Mª Salomé Otero Chico

2º suplente de presidente: Mª Eugenia Botana Queiruga

1º suplente 1º vogal: Mónica Balado Mosquera

2º suplente 1º vogal: José Manuel Balado Rodríguez

1º suplente 2º vogal: Gustavo Pampín Salvado

2º suplente 2º vogal: Ernesto Vidal Rey

DISTRITO: 2º **SECCION: 1ª** **MESA: B**

Presidente: Carlos Mata Eirís

1º vogal: Mª del Pilar Naveira López

2º vogal: Yolanda Abelleira Rodríguez

1º suplente de presidente: David Martínez Franqueira

2º suplente de presidente: José Ramón Parajó Francos

1º suplente 1º vogal: Mª Belén Castro Costa

2º suplente 1º vogal: Daniel Porteiro Turnes

1º suplente 2º vogal: Vanesa Mª Ojea Barrio

2º suplente 2º vogal: Manuel Vázquez Vázquez

DISTRITO: 2º **SECCION: 2ª** **MESA: A**

Presidente: José Miguel Caldelas García

1º vogal: José Manuel Gómez Álvarez

2º vogal: Manuel Mallo Fuentes

1º suplente de presidente: Mario Montes Vaamonde

2º suplente de presidente: José Manuel Riveiro Silva

1º suplente 1º vogal: Alberto Rey Ameijeiras

2º suplente 1º vogal: Mª del Carmen Gil Docampo

1º suplente 2º vogal: Manuel Núñez Búa

2º suplente 2º vogal: Manuel Carreira Villar

DISTRITO: 2º SECCION: 2ª MESA: B

Presidente: Patricia Cajaraville Ortigueira

1º vogal: Félix Buela Calvo

2º vogal: Marcos Pernas Coutinho

1º suplente de presidente: Mª de los Ángeles Lago Ferreiro

2º suplente de presidente: Juan Antonio Simo Bazo

1º suplente 1º vogal: José Luis González Moure

2º suplente 1º vogal: Juan Ramón Tato López

1º suplente 2º vogal: Raúl Silva Carbia

2º suplente 2º vogal: Eduardo Paz Vila

ONCELLO DE TEO
Secretaría

DISTRITO: 3º SECCION: 1ª MESA: U

Presidente: José Salgueiro Mata

1º vogal: Mª Pilar Rodríguez Camino

2º vogal: Mercedes Claudina Valdés Rosende

1º suplente de presidente: Martina Couto Mariño

2º suplente de presidente: Vanessa Espiño Mosteiro

1º suplente 1º vogal: Purificación Loureiro Rial

2º suplente 1º vogal: Mario Ortegón Calo

1º suplente 2º vogal: Catherine Matalobos Carballo

2º suplente 2º vogal: Josefina Conde Rivera

DISTRITO: 3º SECCION: 2ª MESA: A

Presidente: Mª Josefina Blanco García

1º vogal: Miguel Teijeiro Fernández

2º vogal: Diego González López

1º suplente de presidente: Víctor Manuel Varela Uzal

2º suplente de presidente: Mª Dolores Monteagudo Sintás

1º suplente 1º vogal: Esther Iglesias Otero

2º suplente 1º vogal: Fernando Brea Silva

1º suplente 2º vogal: Mª Concepción Pombo Bandín

2º suplente 2º vogal: Manuel Ángel Balseiro López

DISTRITO: 3º **SECCION: 2ª** **MESA: B**

Presidente: Alberto Sayáns Gómez

1º vogal: José Manuel Fandiño Varela

2º vogal: Martín Quiñoy Vilariño

1º suplente de presidente: Laura Cereixo Barreiro

2º suplente de presidente: Patricia Expósito García

1º suplente 1º vogal: Mª Xunqueira Mouzo Bermúdez

2º suplente 1º vogal: Damián Magán Iglesias

1º suplente 2º vogal: Francisco Javier Rodríguez Rial

2º suplente 2º vogal: Manuel Ángel Vieiro Balo

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as dez horas e quince minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

O alcalde

RAFAEL CARLOS SISTO EDREIRA - 33252651X

Firmado digitalmente por RAFAEL CARLOS SISTO EDREIRA - 33252651X
Fecha: 2019.06.06 11:34:20 +02'00'

CONCELLO DE TEO
Alcaldía

Rafael C. Sisto Edreira

A secretaria

VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C

Firmado digitalmente por VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C
Nombre de reconocimiento (DN): cn=VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C, givenName=VIRGINIA, sn=FRAGA DÍAZ - 76967703C, serialNumber=IDCES-76967703C, 2.5.4.97=VATES-P1508300I, ou=CERTIFICADO ELECTRONICO DE EMPLEADO PUBLICO, o=CONCELLO DE TEO, c=ES
Fecha: 2019.06.06 11:01:34 +02'00'
Versión de Adobe Acrobat Reader: 2019.012.20034

CONCELLO DE TEO
Secretaría

Virginia Fraga Díaz

CONCELLO
DE **TEO**
Secretaría Xeral

A C T A 7/2019

SESIÓN EXTRAORDINARIA PLENO MUNICIPAL

– 21 MAIO DE 2019 –

Na Casa do Concello, a vinte e un de maio de dous mil dezanove, reúnense en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que se relacionan a continuación, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión extraordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

Concelleiros/as:

D. Xosé Ignacio Iglesias Villar

D. Xurxo Francos Liñares

D.ª María del Pilar Pérez Fagil

D. José Francisco Nanín Castro

D. Antonio Reyes Sánchez Crespo

D.ª Sofia Ferreiro Gaspar

D. Julio César Retis Vázquez

D.ª María Vázquez Rey

D. Ignacio Manuel Arroyo Font

D.ª María Dolores Nariño Facal

D.ª Uxía Lemus de la Iglesia

D. Roberto Moñino Gil

CONCELLO DE TEO
Secretaría

Non asisten, previa escusa:

D.ª Concepción García Vázquez

D. Jorge Juan Carballido Salgado

D. José Manuel Guerra Calvelo

D. Manuel Anxo Fernández Baz

Secretaria xeral:
D.ª Virginia Fraga Díaz

ORDE DO DÍA:

1.- RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DE PROXECTO COLECTOR ESPASANDE TOMO ÚNICO DE 14.05.19 (RES 356/19)

2.- PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA DE RECTIFICACIÓN DO ERRO NO ACORDO DE APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNCIIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ 2019"

3.- PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA DE INICIO DE EXPEDIENTE DE REVISIÓN DE OFICIO DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE 25 DE MARZO DE 2019 (RES 220/19), CONCEDENDO A COMPATIBILIDADE A D. JESÚS M. FERNÁNDEZ CAAMAÑO PARA O EXERCICIO DA AVOGACÍA.

CONCELLO DE TEO
Secretaría

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, o sr. alcalde, sendo as trece horas, declara público e aberto o acto.

Explica o sr. alcalde que todos os asuntos son de carácter extraordinario, debendo ratificarse a súa inclusión na orde do día, tratándose de asuntos de trámite.

A continuación procedese a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DE PROXECTO COLECTOR ESPASANDE TOMO ÚNICO DE 14.05.19 (RES 356/19).

Explica o sr. alcalde que, ao tratarse dun asunto non ditaminado, procede ratificar a inclusión do asunto na orde do día.

Sometida a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (5 Son de Teo-Anova, 6 PP e 2 PSdeG-PSOE), acorda ratificar a inclusión do asunto na orde do día, de acordo cos artigos 82.3 e 97.2 do ROF e 31.2 do ROM.

O sr. alcalde cede a palabra á concelleira de urbanismo, vivenda e sostibilidade, D.ª Uxía Lemus de la Iglesia.

A sra. Lemus sinala que a explicación deste punto xa se desprende da propia Resolución cuxa ratificación se propón, de 14 de maio de 2019 (res. 356/19), relacionada coa necesidade de dar cumprimento aos requirimentos da Deputación en relación co proxecto do Colector Espasande. Salienta a sra. Lemus que procedeuse a aprobar o proxecto por Decreto da alcaldía, remitíndose de inmediato á Deputación para que puidera entrar no último Pleno desta.

O sr. alcalde salienta que a premura está relacionada tamén coa necesidade de poder reanudar a obra.

Preguntado polo sr. alcalde, os concelleiros/as non fan uso das súas quendas de intervención.

CONCELLO DE TEO
Secretaría

Non abríndose debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (5 Son de Teo-ANOVA, 6 PP e 2 PSdeG-PSOE), acorda ratificar a Resolución da alcaldía de 14 de maio de 2019 (res. 356/19), que se reproduce a continuación.

"RESOLUCIÓN DA ALCALDIA

ASUNTO: *Aprob. proxecto Tomo único Colector Espasande TOMO ÚNICO 14.05.19*
EXPEDIENTE: *2019/G003/000346*

Vistas as Bases do Plan de aforro e investimento (PAI) 2016 da Deputación Provincial da Coruña.

Visto o proxecto de obra redactado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos don Xaquín Beiroa Raposo, cun orzamento de execución por contrata de 315.346,10 € aprobado por acordo plenario de 15/03/2016 e modificado polas Resolucións da alcaldía de 17 de marzo de 2016 (res. 223/16), ratificada por acordo do pleno de 31/03/2016 e de 26 de abril de 2016 (res.321/16), ratificada por acordo do pleno de 28/04/2016.

Visto o expediente de contratación O-4/2017, no que figura, entre outros, a Resolución 735/17 de adxudicación a favor da empresa Obras y Viales de Galicia, S.L., de data 08/09/2017, a formalización do contrato de data 21 de setembro de 2017 e a acta de comprobación do reformulo previo de data 16 de outubro de 2017.

Visto o proxecto modificado nº1 Colector Espasande – A Ínsua, redactado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos don Xaquín Beiroa Raposo, datado en abril de 2018 (rex. entrada nº 1.026 do 13 de febreiro de 2019), para dar cumprimento aos requirimentos efectuados por Augas de Galicia, que foi autorizado por este organismo mediante a Resolución do 27 de novembro de 2018, e aprobado polo Pleno da Corporación na sesión ordinaria celebrado o 27 de febreiro de 2019.

Visto o requirimento da Deputación Provincial, recibido o 10 de abril de 2019, para emendar as deficiencias técnicas non substanciais do proxecto que se detallan a continuación:

Refundir o proxecto nun só documento.

Xustificar a necesidade do modificado segundo os artigos 203 a 207 e 242 da Lei 9/2017.

.- Non coincidencia dos valores do estudo de xestión de residuos

.- Asinar polas partes o documento relacionado coa Acta de prezos contraditorios.

CONCELLO DE TEO
Secretaría

Visto o "Proxecto modificado nº1 Colector Espasande – A Ínsua", TOMO ÚNICO, redactado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos don Xaquín Beiroa Raposo, logo de corrixir estas deficiencias non substanciais, aprobado mediante Resolución da alcaldía de 7 de maio de 2019 (res 330/2019), que foi remitido á Deputación o 7 de maio de 2019.

Considerando que, a instancias da Deputación, remítese ao concello polo enxeñeiro de camiños, canles e portos don Xaquín Beiroa Raposo un novo "Proxecto modificado nº1 Colector Espasande – A Ínsua", TOMO ÚNICO, asinado o 14 de maio de 2019, que emenda a deficiencia técnica non substancial de reflectir na memoria descritiva que os custos de seguridade e saúde están repercutidos nas distintas unidades de obra do proxecto, e que este proxecto modificado é compatible coas condicións sinaladas na autorización do servizo de vías e obras da Deputación Provincial do 09.05.19.

En virtude do exposto, e considerando que, segundo o requirido pola Deputación, a subsanación das deficiencias advertidas deberá facerse efectivo no día da data, para poder someter a aprobación do proxecto ao Pleno Provincial, no uso das facultades que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa aplicable,

***RESOLVO**:*

***Primeiro**.- Aprobar o "proxecto modificado nº1 Colector Espasande – A Ínsua", TOMO ÚNICO, asinado o 14 de maio de 2019 polo enxeñeiro de camiños, canles e portos don Xaquín Beiroa Raposo.*

***Segundo**.- Dar traslado do acordo á empresa contratista e á Deputación da Coruña a efectos das actuacións que sexan pertinentes.*

***Terceiro**.- Dar conta Pleno na vindeira sesión que celebra a efectos da súa ratificación".*

CONCELLO DE TEO
Secretaría

2.- PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA DE RECTIFICACIÓN DO ERRO NO ACORDO DE APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNCIIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ 2019".

Explica o sr. alcalde que ao tratarse dun asunto non ditaminado, procede ratificar a súa inclusión na orde do día.

Sometida a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (5 Son de Teo-Anova, 6 PP e 2 PSdeG-PSOE), acorda ratificar a inclusión do asunto na orde do día, de acordo cos artigos 82.3 e 97.2 do ROF e 31.2 do ROM.

O sr. alcalde cede a palabra á concelleira de urbanismo, vivenda e sostibilidade, D.ª Uxía Lemus de la Iglesia.

A sra. Lemus da conta da proposición da alcaldía de 15 de maio, que se reproduce a continuación.

"PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: Rectificación de erro no acordo de aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2019"

Vistas as bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos), "POS+ 2019", publicadas no BOP nº 188, de 2 de outubro de 2018.

Visto o acordo de aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2019", adoptado na sesión plenaria do 18 de decembro de 2018.

CONCELLO DE TEO
Secretaría

Tendo en conta o informe de Intervención municipal de data 14 de maio de 2019, no que se sinala a imposibilidade de destinar a parte de redución de débeda con entidades financeiras a operacións de financiación de pago a proveedores, o que implica unha rectificación neste apartado do Acordo plenario de data 18 de decembro de 2018, que afecta só ao cambio da operación de préstamo a que se vai dedicar a amortización anticipada, sen modificar a cantidade dedicada a tal extremo.

Tomando en consideración estes antecedentes, proponse ao Pleno Municipal a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Rectificar o erro detectado no acordo Plenario de 18 de decembro de 2018, no apartado b do punto primeiro da parte resolutiva do mesmo, quedando o acordo en cuestión redactado conforme se recolle no anexo da presente.

Segundo.- Dar traslado do presente á Deputación Provincial para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Teo, 15 de maio de 2019.

O alcalde

Rafael C. Sisto Edreira

ANEXO

Primeiro.- Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2019"** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2019","achega provincial 2018" e "préstamo provincial 2019":

A) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2019	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	**Deputación**	**Concello**	**Orzamento total**
ACTUACIONS DE MANTEMENTO, REFORMA DE INSTALACION ELECTRICA E INSTALACION DE PROTECCION CONTRA INCENDIOS, EN EDIFICACION DESTINADA A CENTRO SOCIAL, REIS	99.993,64	1.237,57	101.231,21
REURBANIZACION DO NÚCLEO DE SESTELO, RARIS	322.386,98	3.990,02	326.377,00
Subtotal investimentos achega provincial 2019	**422.380,62**	**5.227,59**	**427.608,21**

CONCELLO DE TEO
Secretaría

ACHEGA PROVINCIAL 2018 (Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	**Deputación**	**Concello**	**Orzamento total**
AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL EN PENELAS, CACHEIRAS	125.559,54	10.432,23	135.991,77
AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL DE SANTA MARTA, TEO	85.993,04	7.144,81	93.137,85
Subtotal investimentos achega provincial 2018	**211.552,58**	**17.577,04**	**229.129,62**

CONCELLO DE TEO
Secretaría

PRÉSTAMO PROVINCIAL 2019	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	**Préstamo Deputación**	**Achega Concello**	**Orzamento total**
CONSTRUCIÓN DE SENDA PEONIL ENTRE SAN DOMINGOS E CENTRO DE SAÚDE DE FOLGUEIRAS, CALO	252.144,33	63.807,60	315.951,93

Subtotal investimentos préstamo provincial 2019	**252.144,33**	**63.807,60**	**315.951,93**

Aprobar os proxectos das obras incluídos no POS+ 2019 e que se relacionan nestas táboas.

b)Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	**Número/código do préstamo**	**Importe de "préstamo provincial 2019" aplicado á redución da débeda**
NCG BANCO, SA	500-0318-65.268-3	37.943,49
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras		**37.943,49**

C)Resumo:

SUBTOTAIS		**Deputación**	**Concello**	**Total**
a- INVESTIMENTOS	**Achega 2019**	422.380,62	5.227,59	427.608,21
	Achega 2018	211.552,58	17.577,04	229.129,62
	Prestamo 2019	252.144,33	63.807,60	315.951,93
b- REDUCIÓN DÉBEDA	**Préstamo 2019**	37.943,49	,00	37.943,49
	Achega 2019	422.380,62	5.227,59	427.608,21

CONCELLO DE TEO
Secretaría

TOTAL	**Achega 2018**	211.552,58	17.577,04	229.129,62
	Préstamo 2019	290.087,82	63.807,60	353.895,42
	TOTAL	**924.021,02**	**86.612,23**	**1.010.633,2**

Segundo.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2019 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos :

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles **(mínimo do 25% do total de achega e préstamo provincial asignado)**	**Orzamento**
MODIFICADO DE PROYECTO DE CLIMATIZACIÓN DO AUDITORIO DO CENTRO SOCIO CULTURAL de A RAMALLOSA	103.128,86
AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL EN CHAVES, LUCÍ	38.014,96
REFORMA E AMPLIACIÓN DA CASA COMÚN DE OZA	256.243,02
AREA RECREATIVA HORTA DO CURA, LUOU (FASE I)	439.998,88
AREA RECREATIVA HORTA DO CURA, LUOU (FASE II)	149.774,67
AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL EN EO DOS FERREIROS, OZA	134.209,00
AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL EN PITE, LUCI	61.456,00

CONCELLO DE TEO
Secretaría

TOTAIS	1.182.825,39

Terceiro.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

Cuarto.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2019 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2019, se a houbera.

Quinto.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

Sexto.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

Sétimo.- Autorizase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Octavo.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente, incluíndo a aprobación, no seu caso, das correspondentes modificacións dos proxectos de obra recollidos nesta proposta".

CONCELLO DE TEO
Secretaría

Explica a sra. Lemus que, tal e como se desprende da proposta transcrita, so se cambia o préstamo sobre o que se fai a amortización.

Preguntado polo sr. alcalde, os concelleiros/as non fan uso das súas quendas de intervención.

Non abríndose debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (5 Son de Teo-ANOVA, 6 PP e 2 PSdeG-PSOE), acorda:

Primeiro.- Rectificar o erro detectado no acordo Plenario de 18 de decembro de 2018, no apartado b do punto primeiro da parte resolutiva do mesmo, quedando o acordo en cuestión redactado conforme se recolle no anexo da presente.

Segundo.- Dar traslado do presente á Deputación Provincial para o seu coñecemento e efectos oportunos.

ANEXO

Primeiro.- Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2019"** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2019","achega provincial 2018" e "préstamo provincial 2019":

A) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2019	**Financiamento do investimento**		
Denominación da obra ou subministración	**Deputación**	**Concello**	**Orzamento total**
ACTUACIONS DE MANTEMENTO, REFORMA DE INSTALACION ELECTRICA E INSTALACION DE PROTECCION CONTRA INCENDIOS, EN EDIFICACION DESTINADA A CENTRO SOCIAL, REIS	99.993,64	1.237,57	101.231,21
REURBANIZACION DO NÚCLEO DE SESTELO, RARIS	322.386,98	3.990,02	326.377,00
Subtotal investimentos achega provincial 2019	**422.380,62**	**5.227,59**	**427.608,21**

CONCELLO DE TEO
Secretaría

ACHEGA PROVINCIAL 2018 (Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL EN PENELAS, CACHEIRAS	125.559,54	10.432,23	135.991,77
AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL DE SANTA MARTA, TEO	85.993,04	7.144,81	93.137,85
Subtotal investimentos achega provincial 2018	**211.552,58**	**17.577,04**	**229.129,62**

PRÉSTAMO PROVINCIAL 2019	Financiamento do investimento

Denominación da obra ou subministración	Préstamo Deputación	Achega Concello	Orzamento total
CONSTRUCIÓN DE SENDA PEONIL ENTRE SAN DOMINGOS E CENTRO DE SAÚDE DE FOLGUEIRAS, CALO	252.144,33	63.807,60	315.951,93
Subtotal investimentos préstamo provincial 2019	**252.144,33**	**63.807,60**	**315.951,93**

CONCELLO DE TEO
Secretaría

Aprobar os proxectos das obras incluídos no POS+ 2019 e que se relacionan nestas táboas.

b)Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	Número/código do préstamo	Importe de "préstamo provincial 2019" aplicado á redución da débeda
NCG BANCO, SA	500-0318-65.268-3	37.943,49
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras		**37.943,49**

C)Resumo:

SUBTOTAIS		Deputación	Concello	Total
a- INVESTIMENTOS	**Achega 2019**	422.380,62	5.227,59	427.608,21
	Achega 2018	211.552,58	17.577,04	229.129,62
	Prestamo 2019	252.144,33	63.807,60	315.951,93
b- REDUCIÓN DÉBEDA	**Préstamo 2019**	37.943,49	,00	37.943,49
TOTAL	**Achega 2019**	422.380,62	5.227,59	427.608,21
	Achega 2018	211.552,58	17.577,04	229.129,62
	Préstamo 2019	290.087,82	63.807,60	353.895,42

CONCELLO DE TEO
Secretaría

	TOTAL	**924.021,02**	**86.612,23**	**1.010.633,2**

Segundo.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2019 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos :

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles **(mínimo do 25% do total de achega e préstamo provincial asignado)**	**Orzamento**
MODIFICADO DE PROYECTO DE CLIMATIZACIÓN DO AUDITORIO DO CENTRO SOCIO CULTURAL de A RAMALLOSA	103.128,86
AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL EN CHAVES, LUCÍ	38.014,96
REFORMA E AMPLIACIÓN DA CASA COMÚN DE OZA	256.243,02
AREA RECREATIVA HORTA DO CURA, LUOU (FASE I)	439.998,88
AREA RECREATIVA HORTA DO CURA, LUOU (FASE II)	149.774,67
AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL EN EO DOS FERREIROS, OZA	134.209,00
AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL EN PITE, LUCI	61.456,00
TOTAIS	**1.182.825,39**

CONCELLO DE TEO
Secretaría

Terceiro.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

Cuarto.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2019 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2019, se a houbera.

Quinto.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

Sexto.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

Sétimo.- Autorizase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Octavo.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente, incluíndo a aprobación, no seu caso, das correspondentes modificacións dos proxectos de obra recollidos nesta proposta.

CONCELLO DE TEO
Secretaría

3.- PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA DE INICIO DE EXPEDIENTE DE REVISIÓN DE OFICIO DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE 25 DE MARZO DE 2019 (RES 220/19), CONCEDENDO A COMPATIBILIDADE A D. JESÚS M. FERNÁNDEZ CAAMAÑO PARA O EXERCICIO DA AVOGACÍA.

Explica o sr. alcalde que, ao tratarse dun asunto non ditaminado, procede ratificar a inclusión do asunto na orde do día.

Sometida a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (5 Son de Teo-Anova, 6 PP e 2 PSdeG-PSOE), acorda ratificar a inclusión do asunto na orde do día, de acordo cos artigos 82.3 e 97.2 do ROF e 31.2 do ROM.

O sr. alcalde da conta da proposición de 15 de maio de 2019, que se reproduce a continuación.

"PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: Inicio de expediente de revisión de oficio da Resolución da alcaldía de 25 de marzo de 2019 (res. 220/19), concedendo a compatibilidade a D. Jesús M. Fernández Caamaño para o exercicio da avogacía.

Considerando que, de acordo co solicitado por D. Jesús Manuel Fernández Caamaño, mediante escrito de 13 de decembro de 2018 (rex. entrada nº 9.163, de 17/12/18), mediante Resolución da alcaldía de 3 de xaneiro de 2019 (res. 2/2019), lle foi concedida unha excedencia por coidado de familiares, por un prazo máximo de tres anos, dende o día seguinte ao da recepción da citada resolución, recepción que tivo lugar o 8 de xaneiro de 2019.

Segundo o citado Decreto durante o período de excedencia o desempeño de actividades retribuídas estará suxeito a autorización previa consonte ás regras establecidas na normativa sobre incompatibilidades, ao abeiro do previsto no artigo 79 do Acordo regulador das condicións laborais do persoal funcionario ao servizo do Concello de Teo e normativa de aplicación.

CONCELLO DE TEO
Secretaría

Considerando que, mediante escrito de 23 de xaneiro de 2019, D. Jesús Manuel Fernández Caamaño solicita que se lle autorice ao desempeño da actividade de avogado por conta propia, durante o tempo que permaneza na situación de excedencia por coidado de familiares, que lle foi concedida mediante Resolución da alcaldía de 3 de xaneiro de 2019 (res. 2/2019) (rex. entrada nº 624, do 25/01/2019).

Considerando que, con data de 13 de marzo de 2019, se lle requiriu ao interesado para que achegase a declaración de que non desempeña actividade que poida impedir ou menoscabar o coidado do familiar a cargo causante do dereito á excedencia concedida

no seu día, con suspensión do prazo para resolver ao abeiro do previsto no artigo 22 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (rex. saída nº 535).

Considerando que, con data de 18 de marzo de 2109, D. Jesús Manuel Fernández Caamaño, presenta declaración de que *"la realización de la actividad de abogado por cuenta propia, para cuyo desempeño se ha solicitado autorización expresa a ese Ayuntamiento, ni impide, ni menoscaba, el cuidado del familiar causante de la concesión de la excedencia solicitada*" (rex. entrada nº 1.706).

Considerando que, en virtude do exposto, mediante Resolución da alcaldía de 25 de marzo de 2019 (res. 220/19), se lle concedeu a D. Jesús M. Fernández Caamaño a compatibilidade para o exercicio dunha actividade privada, nomeadamente o exercicio da avogacía por conta propia, durante o goce da excedencia por coidado de familiar a cargo, previamente concedida, en tanto a mesma non impida nin menoscabe o devandito coidado e non se atope dentro das prohibicións contidas nos artigos 11 e 12 da Lei 53/1984.

Considerando que, de conformidade co establecido no artigo catorce da Lei 3/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas (en adiante, LI), e no artigo 50.9 R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidade Locais (en adiante, ROF) o Pleno da Corporación é o órgano que está facultado para recoñecer a compatibilidade ou declarar a incompatibilidade do persoal ao servizo da entidade local.

CONCELLO DE TEO
Secretaría

Considerando que, segundo o artigo 47.1b) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP), os actos das Administracións Públicas son nulos de pleno dereito cando se trata de actos ditados por órgano manifestamente incompetente por razón da materia ou do territorio.

Considerando que, en virtude do exposto, o Decreto da alcaldía, de 25 de marzo de 2019 (res. 220/19), cuxa revisión se pretende, é nulo de pleno dereito ao terse ditado por órgano manifestamente incompetente por razón da materia.

Considerando que, segundo o artigo 106 da LPACAP, as Administracións Públicas, en calquera momento, por iniciativa propia ou a solicitude de interesado, e previo ditame favorable do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma, se o houbera, declararán de oficio a nulidade dos actos administrativos que puxeran fin á vía administrativa ou que non foran recorridos en prazo, nos supostos previstos no artigo 47.1 do citado texto legal.

En virtude do exposto, proponse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Iniciar o procedemento de revisión de oficio da Resolución da alcaldía de 25 de marzo de 2019 (res. 220/19), pola que se recoñece a D. Jesús Manuel Fernández Caamaño a compatibilidade solicitada para o exercicio da avogacía, por atoparse incursa na causa de nulidade á que se refire o artigo 47.1b) da LPACAP.

Segundo.- Conceder ao interesado un prazo de vista e audiencia no expediente, durante o prazo de 10 días, a contar dende o seguinte ao da notificación do presente, para que alegue o que estime conveniente en defensa dos seus dereitos achegando os documentos e xustificantes que consideren pertinentes".

CONCELLO DE TEO
Secretaría

Obra no expediente informe de secretaría de 15 de maio de 2019.

Preguntado polo sr. alcalde, os concelleiros/as non fan uso das súas quendas de intervención.

Non abríndose debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (5 Son de Teo-ANOVA, 6 PP e 2 PSdeG-PSOE), acorda:

Primeiro.- Iniciar o procedemento de revisión de oficio da Resolución da alcaldía de 25 de marzo de 2019 (res. 220/19), pola que se recoñece a D. Jesús Manuel

Fernández Caamaño a compatibilidade solicitada para o exercicio da avogacía, por atoparse incursa na causa de nulidade á que se refire o artigo 47.1b) da LPACAP.

Segundo.- Conceder ao interesado un prazo de vista e audiencia no expediente, durante o prazo de 10 días, a contar dende o seguinte ao da notificación do presente, para que alegue o que estime conveniente en defensa dos seus dereitos achegando os documentos e xustificantes que consideren pertinentes.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as trece horas e dez minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

O alcalde

33252651X RAFAEL CARLOS SISTO (R: P1508300I)
Firmado digitalmente por 33252651X RAFAEL CARLOS SISTO (R: P1508300I)
Fecha: 2019.05.29 14:39:45 +02'00'

CONCELLO DE TEO
Alcaldía

Rafael C. Sisto Edreira

A secretaria

VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C
Firmado digitalmente por VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C
Nombre de reconocimiento (DN): cn=VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C, givenName=VIRGINIA, sn=FRAGA DÍAZ - 76967703C, serialNumber=IDCES-76967703C, 2.5.4.97=VATES-P1508300I, ou=CERTIFICADO ELECTRONICO DE EMPLEADO PUBLICO, o=CONCELLO DE TEO, c=ES
Fecha: 2019.05.29 09:49:32 +02'00'
Versión de Adobe Acrobat Reader: 2019.012.20034

CONCELLO DE TEO
Secretaría

Virginia Fraga Díaz

CONCELLO
DE TEO
Secretaría Xeral

A C T A 8/2019

SESIÓN EXTRAORDINARIA PLENO MUNICIPAL

– 12 DE XUÑO DE 2019 –

Na Casa do Concello, a doce de xuño de dous mil dezanove, reúnense en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que se relacionan a continuación, baixo a presidencia do sr. alcalde en funcións, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión extraordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

ASISTENTES:

Alcalde, en funcións:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

Concelleiros/as:

D. Xosé Ignacio Iglesias Villar

D. Xurxo Francos Liñares

D. Jorge Juan Carballido Salgado

D.ª María del Pilar Pérez Fagil

D. José Francisco Nanín Castro

D. José Manuel Guerra Calvelo

D. Antonio Reyes Sánchez Crespo

D.ª Sofia Ferreiro Gaspar

D.ª María Vázquez Rey

D. Ignacio Manuel Arroyo Font

D.ª María Dolores Nariño Facal

D.ª Uxía Lemus de la Iglesia

D. Roberto Moñino Gil

D. Manuel Anxo Fernández Baz

Non asisten, previa escusa:

D.ª Concepción García Vázquez

D. Julio César Retis Vázquez

Secretaria xeral:
D.ª Virginia Fraga Díaz

ORDE DO DÍA:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓN PLENARIAS DO 27.03.19, 01.04.19, 24.04.19, 29.04.19 E 21.05.19.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, o sr. alcalde, sendo as trece horas e trinta e cinco minutos, declara público e aberto o acto, pasando a tratar o asunto incluído na orde do día que figura na convocatoria, que é o seguinte:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓN PLENARIAS DO 27.03.19, 01.04.19, 24.04.19, 29.04.19 E 21.05.19.

Acta da sesión ordinaria do 27 de marzo de 2019

O sr. alcalde pregúntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o 27 de marzo de 2019.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

Acta da sesión extraordinaria do 1 de abril de 2019

O sr. alcalde pregúntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión extraordinaria celebrada o 1 de abril de 2019.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

Acta da sesión ordinaria do 24 de abril de 2019

O sr. alcalde pregúntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o 24 de abril de 2019.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

Acta da sesión extraordinaria do 29 de abril de 2019

O sr. alcalde pregúntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión extraordinaria celebrada o 29 de abril de 2019.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

Acta da sesión extraordinaria do 21 de maio de 2019

O sr. alcalde pregúntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión extraordinaria celebrada o 21 de maio de 2019.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as trece horas e trinta e seis minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

O alcalde, en funcións

RAFAEL CARLOS SISTO EDREIRA - 33252651X

Firmado digitalmente por RAFAEL CARLOS SISTO EDREIRA - 33252651X
Fecha: 2019.06.14 09:41:49 +02'00'

Rafael C. Sisto Edreira

A secretaria

VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C

Firmado digitalmente por VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C
Nombre de reconocimiento (DN): cn=VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C, givenName=VIRGINIA, sn=FRAGA DÍAZ - 76967703C, serialNumber=IDCES-76967703C, 2.5.4.97=VATES-P1508300I, ou=CERTIFICADO ELECTRÓNICO DE EMPLEADO PÚBLICO, o=CONCELLO DE TEO, c=ES
Fecha: 2019.06.14 08:17:21 +02'00'
Versión de Adobe Acrobat Reader: 2019.012.20034

Virginia Fraga Díaz

CONCELLO
DE **TEO**
Secretaría Xeral

A C T A 9/2019

SESIÓN CONSTITUTIVA PLENO MUNICIPAL

– 15 DE XUÑO DE 2019 –

Na Casa do Concello, a quince de xuño de dous mil dezanove, reúnense os/as señores/as concelleiros/as electos/as que se relacionan a continuación, co obxecto de celebrar a sesión constitutiva da Corporación, para a que foron debidamente convocados/as, de conformidade co establecido no artigo 36 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e artigo 195 da Lei Orgánica 5/1985, de 18 de xuño, de réxime electoral xeral.

ASISTENTES:

Concelleiros/as:

D. José Manuel Guerra Calvelo
D. Antonio Reyes Sánchez Crespo
D.ª María Vázquez Rey
D.ª María Dolores Nariño Facal
D.ª María Teresa Castro Framil
D.ª Lucía Calvo de la Uz
D.ª Margarita Rosende Domínguez
D. Rafael Carlos Sisto Edreira
D.ª Iria Otero Romero
D. Xosé Ignacio Iglesias Villar
D.ª María López Álvarez
D.ª Uxía Lemus de la Iglesia
D. Roberto Moñino Gil
D.ª María Josefa Argibay da Silva
D. José Manuel Elías Noya
D. Manuel Anxo Fernández Baz
D.ª Carmen Diéguez González

Secretaria xeral:

D.ª Virginia Fraga Díaz

Interventora:

D.ª Mónica I. Lado Varela

ORDE DO DÍA:

1.- CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN E ELECCIÓN DE ALCALDE.

Sendo as once horas e trinta minutos, declárase aberta a sesión e procédese a tratar o asunto incluído na orde do día que figura na convocatoria, que é o seguinte:

1.- CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN E ELECCIÓN DE ALCALDE.

Declarada aberta a sesión, intervén a secretaria municipal para explicar que o obxecto da sesión que se está a celebrar é proceder á constitución do novo Concello de Teo e á elección de alcalde, en base aos resultados electorais obtidos o pasado día 26 de maio, data de celebración das eleccións para a renovación da totalidade dos membros das Corporacións Locais. Explícase que o procedemento de constitución do Concello, de conformidade co disposto na lexislación electoral vixente, implica a realización das seguintes actuacións:

.- CONSTITUCIÓN DA MESA DE IDADE.

.- COMPROBACIÓN POLA MESA DE IDADE DAS CREDENCIAIS E DAS DECLARACIONS DOS REXISTROS DE INTERESES.

.- TOMA DE POSESIÓN DOS/AS CONCELLEIROS/AS MEDIANTE A FÓRMULA LEGALMENTE PREVISTA DE ACATAMENTO Á CONSTITUCIÓN.

.- ELECCIÓN DE ALCALDE/SA.

.- TOMA DE POSESION DO/A ALCALDE/SA.

.- ARQUEO EXTRAORDINARIO E COMPROBACIÓN DO INVENTARIO DE BENS E DEREITOS.

A continuación a secretaria explica que vai a da dar lectura ao artigo 195 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral (en adiante, LOREG).

"1. As Corporacións municipais constitúense en sesión pública o vixésimo día posterior á celebración das eleccións, salvo que se presentara recurso contencioso-electoral contra a proclamación dos concelleiros electos, en cuxo suposto se constitúen no cuadraxésimo día posterior ás eleccións.

2. A tal fin, constitúese unha Mesa de Idade integrada polos elixidos de maior e menor idade, presentes no acto, actuando como Secretario o que o sexa da Corporación.

3. A Mesa comproba as credenciais presentadas ou acreditacións da personalidade dos electos con base ás certificacións que ao Concello remitira a Xunta Electoral de Zoa.

4. Realizada a operación anterior a Mesa declarará constituída a Corporación se concorren a maioría absoluta dos concelleiros electos. En caso contrario, celebrarase sesión dous días despois, quedando constituída a Corporación calquera que fora o número de Concelleiros presentes".

CONSTITUCIÓN DA MESA DE IDADE

A secretaria sinala que, de conformidade con este artigo, procédese a constituír a Mesa de Idade, Mesa que vai presidir a sesión ata o momento en que, como consecuencia da elección, se proclame alcalde/sa e proceda a tomar posesión.

De acordo co exposto, integran a Mesa de idade D. Roberto Moñino Gil, como concelleiro de maior idade e polo tanto Presidente da Mesa, e D.ª María Vázquez Rey, como concelleira de menor idade e que actúa como vogal da Mesa, pasando neste momento a presidir a sesión o Presidente da Mesa, actuando como secretaria a do concello.

COMPROBACIÓN POLA MESA DE IDADE DAS CREDENCIAIS E DAS DECLARACIÓNS DOS REXISTROS DE INTERESES

O Presidente da Mesa de Idade, D. Roberto Moñino Gil, explica que corresponde á Mesa de Idade proceder a comprobar as credenciais ou acreditacións de personalidade presentadas polas/os concelleiras/os electos/as na Secretaría da Corporación, así como a presentación das declaracións correspondentes dos Rexistros de Intereses, de conformidade co esixido polo artigo 75.7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local. Sinala o sr. Moñino que, de acordo coa documentación facilitada pola secretaria, fixéronse as comprobacións oportunas, polo que se declara a conformidade da mesa. A

continuación o sr. Moñino sinala que, estando presentes a maioría absoluta dos/as concelleiros/as electos/as, declárase constituída a Corporación.

TOMA DE POSESIÓN DOS/AS CONCELLEIROS/AS MEDIANTE A FÓRMULA LEGALMENTE PREVISTA DE ACATAMENTO Á CONSTITUCIÓN

O Presidente explica que seguidamente procederase á formulación do xuramento ou promesa de acatamento á Constitución legalmente esixido, de acordo co Real Decreto 707/1979, de 5 de abril. Da conta de que, a estes efectos, a secretaria procederá a formular a pregunta e cada un dos/as concelleiros/as, a medida que vaian sendo chamados, deberá respostar "si, xuro" ou "si, prometo".

A secretaria explica que o chamamento farase pola orde de maior a menor representación, quedando para o final os membros da Mesa de Idade e tomando posesión o vogal ante o Presidente e o Presidente ante a secretaria.

A continuación procedeuse a prestar o xuramento ou promesa legalmente esixido por cada un dos/as sres/as. concelleiros/as electos/as baixo a fórmula que establece o Real Decreto 707/1979, de 5 de abril, formulándose así pola secretaria a seguinte pregunta:

Xurades ou prometedes pola vosa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro/concelleira do Concello de Teo, con lealdade ao Rei, gardar e facer gardar a constitución como norma fundamental do estado?

A modalidade de promesa, por imperativo legal, foi utilizada polos/as concelleiros/as que se relacionan a continuación:

- D. Rafael Carlos Sisto Edreira
- D. Iria Otero Romero
- D. Xosé Ignacio Iglesias Villar
- D. Manuel Anxo Fernández Baz
- D.ª Carme Diéguez González

A modalidade de promesa foi utilizada polos/as concelleiros/as que se relacionan a continuación:

- D. Antonio Reyes Sánchez Crespo
- Dª. María Dolores Nariño Facal
- D.ª María Margarita Rosende Domínguez
- D.ª María Teresa Castro Framil
- D.ª María Vázquez Rey
- D.ª María López Álvarez
- D.ª Uxía Lemus de la Iglesia
- D.ª María Josefa Argibay Dasilva
- D. José Manuel Elías Noya
- D. Roberto Moñino Gil

A modalidade de xuramento foi utilizada polo concelleiro e pola concelleira que se relacionan a continuación:

- D. José Manuel Guerra Calvelo
- D.ª Lucia Calvo de la Uz

ELECCIÓN DE ALCALDE/SA

O Presidente da Mesa de Idade sinala que a continuación procederase á elección de alcalde e cede a palabra á secretaria co obxecto de explicar o procedemento a seguir para a súa elección.

A secretaria procede a dar lectura ao artigo 196 da LOREG, nos termos seguintes:

"Na mesma sesión de constitución da Corporación, procédese á elección de Alcalde, de acordo co seguinte procedemento:

a) Poden ser candidatos todos os concelleiros que encabecen as súas correspondentes listas.

b) Se algún deles obtén a maioría absoluta dos votos dos Concelleiros é proclamado electo.

c) Se ningún deles obtén dita maioría é proclamado Alcalde o Concelleiro que encabece a lista que obtivera maior número de votos populares no correspondente Municipio. En caso de empate resolverase por sorteo".

A secretaria explica que, segundo o consensuado previamente, se non hai intervencións respecto o sistema de votación, este será nominal, chamándose aos/as concelleiros/as por orde de maior a menor representación. Este sistema de votación require un acordo ao efecto, polo que se vai a proceder en primeiro lugar a someter a votación o sistema sinalado.

Considerando que de conformidade co disposto nos artigos 4 e 8 do Regulamento orgánico municipal (ROM), artigos 20.1.a), 21 e 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), artigo 46 do R. D. 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROF), en concordancia coas previsións da lexislación autonómica de réxime local contidas na Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, o nomeamento dos Tenentes de Alcalde é competencia desta alcaldía.

Considerando que, de acordo co artigos 8 ROM, 23 LRBRL e 46 do ROF, o nomeamento dos Tenentes de Alcalde debe facerse entre os membros da Xunta de Goberno Local e visto o Decreto de 03/07/2019 (res 522/2019), onde se nomean os membros da Xunta de Goberno Local.

En virtude do exposto e en uso das atribucións que me confire a normativa citada,
RESOLVO:

Primeiro.- Nomear como Primeira Tenente de Alcalde a Dona Uxía Lemus de la Iglesia, membro da Xunta de Goberno Local.

Segundo.- Corresponde á Primeira Tenente de Alcalde, en canto tal, substituír na totalidade das súas funcións ao alcalde, nos casos de vacante, ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite a este para o exercicio das súas atribucións.

Terceiro.- Notificar este Decreto á Primeira Tenente de Alcalde nomeada, facéndolle constar que terá que manter informada á alcaldía do exercicio das súas atribucións como Alcaldesa accidental, non podendo no citado exercicio, nin modificar as delegacións xa efectuadas pola alcaldía con anterioridade, nin outorgar outras novas.

Cuarto.- Da presente resolución darase conta ao Pleno do Concello na sesión extraordinaria que se convoque en cumprimento do previsto polo artigo 38 do ROF, notificándose, ademais, persoalmente á nomeada, e publicarase no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de edictos e na web municipal, ser prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ao da presente resolución.”.

3.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DELEGACIÓNS NOS/AS CONCELLEIROS/AS.

O sr. alcalde da conta da Resolución de delegación nos/as concelleiros/as, de 3 de xullo de 2019 (res. 524/19), que se recolle a continuación.

"**RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA**

Visto o réxime xurídico das delegacións que o alcalde pode realizar en favor dos concelleiros/as, de acordo co establecido nos artigos 6, 7 e 16 do Regulamento orgánico municipal (ROM), artigos 44 e ss do Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), en concordancia coas previsións da lexislación autonómica de réxime local contidas na Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e demais lexislación complementaria.

En virtude do exposto e no uso das atribucións conferidas polo normativa aplicable,

RESOLVO:

Primeiro.- Delegar nos/as concelleiros/as que se relacionan a continuación, as atribucións que igualmente se indican, sen facultades resolutorias, agás nos casos en que así se indique:

1.- D.ª UXIA LEMUS DE LA IGLESIA, 1ª Tenente de alcalde, concelleira delegada de Urbanismo, Seguridade cidadá, Enerxía e Sostibilidade, coa facultade de dirixir e xestionar os seguintes servizos:

Urbanismo

PXOM, desenvolvemento e xestión

Disciplina urbanística

Obras de urbanización, e rede de cable e gas

Vivenda

Seguridade cidadá

Policía Local

Protección civil

Xestión enerxética e alumeado público

Sostibilidade

Sendas peonís e ciclistas (en colaboración coa concelleira da área de mobilidade)

En xeral, as súas funcións serán todas as relacionadas coa área ou materia que se delegue, sen incluír a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros, agás na área de urbanismo, que si incluirá dita facultade, respectando en todo caso as limitacións recollida no artigo 21.1 j) e 21.3 da LRBRL e demais previstas na normativa aplicable, en relación coas atribucións non susceptibles de delegación, e incluíndo a resolución dos recursos de reposición contra os actos ditados no exercicio das atribucións delegadas.

2.- D.ª IRIA OTERO ROMERO, concelleira delegada de Mobilidade, Comercio, Turismo, Emprego e Igualdade, coa facultade de dirixir e xestionar en xeral os seguintes servizos:

Mobilidade

- Transporte
- Teobús
- Camiños escolares
- Sendas peonís e ciclistas (en colaboración coa concelleira de urbanismo)

Comercio e Turismo

- Axencia de desenvolvemento Local

Emprego

- Información e orientación laboral
- Xestión ETC de Solláns
- Obradoiros de emprego

Igualdade

- CIM
- Prevención da violencia de xénero
- Promoción da diversidade

En xeral, as súas funcións serán todas as relacionadas coa área ou materia que se delegue, sen incluír a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

3.- D. ROBERTO MOÑINO GIL, concelleiro delegado de Infraestruturas, coa facultade de dirixir e xestionar en xeral os seguintes servizos:

Infraestruturas

Plans provinciais de infraestruturas

Plans especiais

En xeral, as súas funcións serán todas as relacionadas coa área ou materia que se delegue, sen incluír a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

4.- D. XOSE IGNACIO IGLESIAS VILLAR, servizos de Benestar, Persoal e Deportes, coa facultade de dirixir e xestionar os seguintes servizos:

Benestar

Servizos Sociais

Escolas Infantís 0-3 anos

Atención aos maiores

Conciliación

Voluntariado

Políticas de inclusión social

Persoal

Xestión de persoal

RPT

Convenio colectivo

Deportes

Instalacións deportivas

Escolas deportivas municipais

Espectáculos e eventos deportivos

En xeral, as súas funcións serán todas as relacionadas coa área ou materia que se delegue, sen incluír a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

5.- D.ª Mª JOSEFA ARGIBAY DA SILVA, concelleira delegada de Educación, Cultura, Administración e Participación veciñal, coa facultade de dirixir e xestionar en xeral os seguintes servizos:

Educación

- Mantemento de edificios escolares
- Relación coas ANPAS e Comunidade educativa
- CRA
- Consello escolar municipal
- Actividades extraescolares e formación de adultos

Cultura

- Infraestruturas culturais e programación
- Patrimonio cultural
- Fomento da lectura
- Memoria histórica
- Apoio ás asociacións culturais

Participación veciñal

- Relacións veciñais e participación
- Casas Comúns
- Consellos parroquiais

Administración

- Administración electrónica
- Contratación
- Seguros
- Comunicacións
- Organización da páxina WEB municipal

En xeral, as súas funcións serán todas as relacionadas coa área ou materia que se delegue, sen incluír a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

6.- D.ª MARÍA LÓPEZ ÁLVAREZ, concelleira delegada de Lingua e Mocidade, coa facultade de dirixir e xestionar en xeral os seguintes servizos:

Lingua

Aplicación da ordenanza de normalización

Promoción do galego na administración

Promoción social do idioma

Mocidade

Campamentos

Campañas específicas

En xeral, as súas funcións serán todas as relacionadas coa área ou materia que se delegue, sen incluír a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

7.- D. JOSÉ MANUEL ELÍAS NOYA, Servizos básicos, coa facultade de dirixir e xestionar en xeral os seguintes servizos:

Servizos básicos

Reparación de vías e camiños

Parques e Xardíns

Áreas de xogo infantil

Rozas e xestión de augas pluviais

Xestión das cuadrillas municipais de obras e parques

En xeral, as súas funcións serán todas as relacionadas coa área ou materia que se delegue, sen incluír a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

Segundo.- A alcaldía, en calquera momento, poderá asumir as atribucións delegadas na presente Resolución sen prexuízo da súa avocación conforme á lexislación de procedemento administrativo común.

Terceiro.- Da presente Resolución darase conta ao Pleno na sesión extraordinaria que se convoque para dar cumprimento ao artigo 38 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico da Entidades Locais, notificándose, ademais,

persoalmente aos designados, aos efectos do artigo 114 do ROF que esixe, para á eficacia da delegación, a súa aceptación por parte do delegado, entendéndose tacitamente aceptada se no termo de tres días hábiles non fai manifestación expresa ante o órgano delegante de que non acepta a delegación.

Cuarto.- Dar traslado do presente a todos os departamentos municipais, para o seu coñecemento e efectos oportunos, e procédase á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, na web municipal e no taboleiro de edictos do concello, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ao da presente Resolución.".

4.- DACIÓN DE CONTA DA CONSTITUCIÓN DE GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS E PORTAVOCES.

O sr. alcalde da conta da constitución dos grupos políticos municipais, segundo o documento incorporado ao expediente, de 3 de xullo de 2019, que se recolle a continuación.

"**ASUNTO: DACIÓN DE CONTA DA CONSTITUCIÓN DE GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS E PORTAVOCES**

De acordo co previsto no artigo 73.3 Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, artigos 38 e ss do Regulamento orgánico municipal (ROM), artigos 74 e ss. da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e artigos 23 e ss. do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, constituíronse os grupos políticos que se detallan a continuación, mediante escrito dirixido ao Presidente e subscrito por todos os seus integrantes, coa designación dos correspondentes portavoces e, no seu caso, suplentes.

1.- PARTIDO POPULAR (rex. entrada nº 4306 do 21/06/2019)

D. José Manuel Guerra Calvelo

D. Antonio Reyes Sánchez Crespo

D.ª María Vázquez Rey

D.ª María Dolores Nariño Facal

D.ª María Teresa Castro Framil

D.ª Lucía Calvo de la Uz

D.ª Margarita Rosende Domínguez

Portavoz:

D. José Manuel Guerra Calvelo

Suplente:

D. Antonio Reyes Sánchez Crespo

2.- SON DE TEO (rex. entrada nº 4308 do 21/06/2019)

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

D.ª Iria Otero Romero

D. Xosé Ignacio Iglesias Villar

D.ª María López Álvarez

Portavoz:

D.ª Iria Otero Romero

Suplente:

D. Xosé Ignacio Iglesias Villar

3.- PSdeG-PSOE (rex. entrada nº 4309 do 21/06/2019)

D.ª Uxía Lemus de la Iglesia

D. Roberto Moñino Gil

D.ª María Josefa Argibay Silva

D. José Manuel Elías Noya

Portavoz:

D.ª Uxía Lemus de la Iglesia

Suplente:

D. Roberto Moñino Gil

4.- BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (rex. entrada nº 4256 do 20/06/2019)

D. Manuel Anxo Fernández Baz

D.ª Carmen Diéguez González

Portavoz:

D. Manuel Anxo Fernández Baz

Suplente:
D.ª Carmen Diéguez González".

5.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE A PERIODICIDADE DAS SESIÓNS DO PLENO E DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

O sr. alcalde da conta da proposta sobre a periodicidade das sesións do Pleno e da Xunta de Goberno Local, de 3 de xullo de 2019, que se recolle a continuación.

"PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE A PERIODICIDADE DAS SESIÓNS DO PLENO E DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o disposto nos artigos 4.1.a) e 46.1 e 2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), artigo 47 do R.D. Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL), artigos 210 e 211 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA), artigos 38, 78 e 112 do R.D 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROF), e artigos 11 e 19 do Regulamento Orgánico Municipal (ROM).

Considerando que segundo o previsto no artigo 19.2 do ROM do Concello de Teo, o Pleno celebrará sesión ordinaria como mínimo cada mes, nos días e horas que se fixen por acordo plenario e que poderán ser cambiados en calquera momento posterior por dito órgano.

Considerando que, segundo o previsto no artigo 11 do ROM, a Xunta de Goberno Local celebrará sesións ordinarias o primeiro e terceiro luns de cada mes, ás 14 horas, e extraordinarias e urxentes cando sexan convocadas polo alcalde ou a instancia de polo menos unha cuarta parte do número legal dos seus compoñentes.

En virtude do exposto e de acordo coa normativa citada, proponse ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Que se celebre Pleno ordinario o último mércores de cada mes, excepto no mes de agosto, ás 20 horas. Se coincide con día inhábil celebrarase o anterior día hábil á mesma hora.

Segundo.- De acordo co anterior, o Pleno celebrará a súa primeira sesión ordinaria o mércores 31 de xullo de 2019.

Terceiro.- A Xunta de Goberno Local celebrará sesións ordinarias o primeiro e terceiro luns de cada mes ás 14 horas (ás 13 horas cando exista horario reducido), e extraordinaria e urxente cando sexan convocadas polo alcalde ou a instancia de polo menos unha cuarta parte do número legal dos seus compoñentes.

A estes efectos entenderase que a referencia ao primeiro e terceiro luns, deben ser hábiles, celebrándose, noutro caso, o primeiro día hábil seguinte.

Cuarto.- O presente acordo surtirá efecto dende o día seguinte ao da súa adopción, sen prexuízo de levar a cabo as actuacións necesarias para incorporar o seu contido, no que sexa preciso, ao ROM.".

Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do BNG, sr. Fernández, sinala que non teñen nada que dicir posto que se trata do mesmo que os últimos catro anos. Di o sr. Fernández que aproveita para propor unha cuestión de orde, que ten que ver co sitio que ocupan os grupos no Salón de Plenos, e propón que o goberno municipal estea todo xunto na mesma mesa enfronte do público.

O sr. alcalde sinala que historicamente aos grupos se lles deixa elixir onde se sentan, salvo que existira competencia, porén o PSOE amosará o seu parecer, engadindo que se queren ocupar o sitio proposto polo sr. Fernández non habería ningún problema.

O sr. Fernández pensa que é a ubicación máis democrática, porque é como se lle está dando a cara á oposición e ao publico, tratándose polo tanto de algo a ter en conta.

Intervén a portavoz do PSOE, sra. Lemus, quen amosa o apoio do seu grupo á proposta formulada polo sr. alcalde. Tratándose da colocación di que entende que agora o sr. Fernández teña moita preocupación pola ubicación do PSOE, pese a que non a tivo nos últimos catro anos nos que tamén formaban parte do goberno, engadindo que en todo caso están onde están por decisión propia, agradecendo en todo caso ao sr. Fernández a súa preocupación.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, sinala que dende o seu grupo están de acordo coa proposta do sr. Fernández, de que as persoas que integran o goberno se senten de cara ao público.

O sr. alcalde sinala que o goberno non ten vocación autoritaria e polo tanto vai a deixar que cada quen se sente onde considere oportuno.

O sr. Fernández di que non sabe se existe algún problema en que o goberno municipal estea todo xunto.

O sr. alcalde sinala que se trata dun problema de espazo, que é xusto.

O sr. Fernández di que se se trata dun problema de espazo aínda o entende, porén existe unha cuestión que é clara e así se tería ao goberno municipal de fronte.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros (4 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE, 7 PP e 2 BNG), acorda:

<u>Primeiro</u>.- Que se celebre Pleno ordinario o último mércores de cada mes, excepto no mes de agosto, ás 20 horas. Se coincide con día inhábil celebrarase o anterior día hábil á mesma hora.

<u>Segundo</u>.- De acordo co anterior, o Pleno celebrará a súa primeira sesión ordinaria o mércores 31 de xullo de 2019.

<u>Terceiro</u>.- A Xunta de Goberno Local celebrará sesións ordinarias o primeiro e terceiro luns de cada mes ás 14 horas (ás 13 horas cando exista horario reducido), e extraordinaria e urxente cando sexan convocadas polo alcalde ou a instancia de polo menos unha cuarta parte do número legal dos seus compoñentes.

A estes efectos entenderase que a referencia ao primeiro e terceiro luns, deben ser hábiles, celebrándose, noutro caso, o primeiro día hábil seguinte.

<u>Cuarto</u>.- O presente acordo surtirá efecto dende o día seguinte ao da súa adopción, sen prexuízo de levar a cabo as actuacións necesarias para incorporar o seu contido, no que sexa preciso, ao ROM.

6.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS E XUNTA DE PORTAVOCES.

O sr. alcalde da conta da proposta de creación e composición das Comisións Informativas e Xunta de Portavoces, de 3 de xullo de 2019, que se recolle a continuación.

"**PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓN INFORMATIVAS E XUNTA DE PORTAVOCES**

Considerando que de acordo co disposto no artigo 20.1.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (en adiante, LRBRL) e artigo 68.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (en adiante, LALGA), nos municipios de máis de 5.000 habitantes, existirán órganos que teñan por obxecto o estudo, informe ou consulta dos asuntos que teñen que ser sometidos á decisión do Pleno, así como o seguimento da xestión do Alcalde, a Xunta de Goberno Local e os concelleiros que ostenten delegacións, sen prexuízo das competencias de control que corresponden ao Pleno.

Considerando que, de acordo co establecido nos artigos 116 da LRBRL, 59.2.c) e 66.1 da LALGA, artigo 15 do ROM e preceptos concordantes do R.D. 2568/1986, do 28 de

novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROF), a Comisión Especial de Contas existirá en todos os Concellos.

Considerando que de acordo co establecido no artigo 14.3 e 4 do Regulamento Orgánico Municipal, as Comisións estarán integradas exclusivamente por membros da Corporación e presididas polo Alcalde, podendo este delegar a presidencia efectiva en calquera membro da mesma, debendo estar integrada cada comisión de forma que a súa composición se acomode á proporcionalidade existente entre os distintos grupos políticos representados na Corporación.

Considerando que segundo o apartado 3 do artigo 20 LRBRL os propios municipios, nos Regulamentos Orgánicos, poderán establecer e regular outros órganos complementarios, de conformidade co previsto no artigo citado e nas leis das Comunidades Autónomas.

Considerando que segundo o artigo 59.2d) LALGA, poderán complementar a organización municipal, ademais dos órganos establecidos no artigo citado, calquera outro órgano establecido polo Concello e regulado polo seu regulamento orgánico, debendo responder a creación dos órganos complementarios aos principios de eficacia, economía organizativa e participación cidadá e esixir o cumprimento dos requisitos aos que se refire o apartado 3 do artigo 59 LALGA.

Considerando que de acordo co establecido no artigo 16-a) do ROM a Xunta de Portavoces é un órgano complementario colexiado, sen atribucións resolutorias, que ten por función o estudio, consulta e proposta, de calquera asunto de incidencia municipal de competencia plenaria de conformidade co disposto no artigo 22 LRBRL. Estará integrada exclusivamente polos portavoces dos diferentes grupos municipais ou os seus suplentes e presidida polo Alcalde, podendo este delegar a presidencia efectiva en calquera membro da mesma.

En virtude do exposto e de conformidade co disposto na normativa citada, proponse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Crear as seguintes **Comisións Informativas Permanentes**:
Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Sostibilidade e Servizos básicos.
Comisión Informativa de Administración, Cultura, Educación, Seguridade cidadá, Participación veciñal e Deportes
Comisión Informativa de Persoal, Comunicación, Normalización lingüística, Mocidade e Medio Natural.
Comisión Informativa de Benestar social, Igualdade, Transportes, Turismo, Comercio e Emprego
Comisión Informativa de Facenda e Asuntos Económicos, que asume as funcións da Comisión Especial de Contas.

Segundo.- A composición de todas as Comisións Informativas, será a seguinte:
- 3 concelleiros/as do PP
- 1 concelleiro/a de SONdeTEO
- 2 concelleiros/as do PSdeG-PSOE
- 1 concelleiro/a do BNG

O alcalde é o Presidente nato de todas as Comisións Informativas, porén, a presidencia efectiva poderá delegala en calquera membro da corporación, a proposta da propia Comisión, tras a correspondente elección efectuada no seu seno

Terceiro.- A sesións ordinarias das Comisión Informativas terán a mesma periodicidade que as dos Plenos, celebrándose nos días e horas que estableza o Alcalde ou presidente da Comisión, os cales poderá así mesmo convocar sesións extraordinarias ou urxentes.

Cuarto.- De conformidade co artigo 125 do ROF a adscrición concreta a cada Comisión Informativa dos membros da corporación, realizarase mediante escrito do/a

Portavoz de cada grupo dirixido ao alcalde, e do que se dará conta ao Pleno, podendo designarse de igual forma, un suplente por cada titular.

Quinto.- Constituír a **Xunta de portavoces** que, de acordo co establecido no artigo 16-a) do ROM, estará integrada exclusivamente polos portavoces dos diferentes grupos municipais ou os seus suplentes. A Presidencia lle corresponde ao alcalde, podendo este delegar a presidencia efectiva en calquera membro da mesma.

Sexto.- De conformidade co artigo 16-a) ROM, a designación dos suplentes dos portavoces dos diferentes grupos que integran a Xunta de portavoces, realizarase mediante escrito do/a portavoz do grupo municipal, do que se dará conta ao Pleno.".

O sr. alcalde salienta que historicamente as Comisións Informativas non veñen sendo moi produtivas e non valen para o que tiñan que valer e nese senso di que fai un chamamento a todos e pide que se intente que as discrepancias que existan ou as posibilidades de acordo se expliciten en Comisión Informativa, porque é a forma de non ter que verse con propostas alternativas na propia sesión do Pleno.

Pide o sr. alcalde que, de saír adiante a proposta, canto antes se poida se faciliten os membros que forman parte da propia Comisión, para poder facer a convocatoria das Comisións informativas do Pleno ordinario do 31 de xullo.

Preguntado polo sr. alcalde o portavoz do BNG, sr. Fernández, a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, e o portavoz do PP, sr. Guerra, non fan uso das súas quendas de intervención.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros (4 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE, 7 PP e 2 BNG), acorda:
Primeiro.- Crear as seguintes Comisións Informativas Permanentes:
Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Sostibilidade e Servizos básicos.

Comisión Informativa de Administración, Cultura, Educación, Seguridade cidadá, Participación veciñal e Deportes
Comisión Informativa de Persoal, Comunicación, Normalización lingüística, Mocidade e Medio Natural.
Comisión Informativa de Benestar social, Igualdade, Transportes, Turismo, Comercio e Emprego
Comisión Informativa de Facenda e Asuntos Económicos, que asume as funcións da Comisión Especial de Contas.

Segundo.- A composición de todas as Comisións Informativas, será a seguinte:
- 3 concelleiros/as do PP
- 1 concelleiro/a de SONdeTEO
- 2 concelleiros/as do PSdeG-PSOE
- 1 concelleiro/a do BNG

O alcalde é o Presidente nato de todas as Comisións Informativas, porén, a presidencia efectiva poderá delegala en calquera membro da corporación, a proposta da propia Comisión, tras a correspondente elección efectuada no seu seno

Terceiro.- A sesións ordinarias das Comisión Informativas terán a mesma periodicidade que as dos Plenos, celebrándose nos días e horas que estableza o Alcalde ou presidente da Comisión, os cales poderá así mesmo convocar sesións extraordinarias ou urxentes.

Cuarto.- De conformidade co artigo 125 do ROF a adscrición concreta a cada Comisión Informativa dos membros da corporación, realizarase mediante escrito do/a Portavoz de cada grupo dirixido ao alcalde, e do que se dará conta ao Pleno, podendo designarse de igual forma, un suplente por cada titular.

Quinto.- Constituír a Xunta de portavoces que, de acordo co establecido no artigo 16-a) do ROM, estará integrada exclusivamente polos portavoces dos diferentes

grupos municipais ou os seus suplentes. A Presidencia lle corresponde ao alcalde, podendo este delegar a presidencia efectiva en calquera membro da mesma.

Sexto.- De conformidade co artigo 16-a) ROM, a designación dos suplentes dos portavoces dos diferentes grupos que integran a Xunta de portavoces, realizarase mediante escrito do/a portavoz do grupo municipal, do que se dará conta ao Pleno.

7.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE DEDICACIÓNS EXCLUSIVAS E PARCIAL.

O sr. alcalde da conta da proposta sobre dedicacións exclusivas e parcial, de 3 de xullo de 2019, que se recolle a continuación.

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

O artigo 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), recoñece o dereito dos membros das Corporacións locais a percibir retribucións polo exercicio dos seus cargos, cando os desempeñen con dedicación exclusiva ou parcial, sendo dados de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social e asumindo as Corporacións o pago das cotas empresarias que corresponda.

Neste contexto cabe salientar que as atribucións que a normativa vixente en materia de réxime local lles encomenda aos alcaldes fai preciso que, para acadar a maior eficacia no desempeño das mesmas, o cargo de alcalde deba exercerse con dedicación exclusiva, así como as dedicacións exclusivas e parciais a concelleiros/as necesarias para o eficaz e axeitado funcionamento das distintas áreas municipais.

En virtude do exposto, estudadas as especiais características do Concello e de acordo co establecido nos artigos 75, 75 bis, 75 ter. 1. f) e co artigo 13 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROF), e a disposición adicional trixésimo quinta da Lei 6/2018, de 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018,

prorrogado para a anualidade en curso, proponse ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a dedicación exclusiva para o cargo de alcalde, cunhas retribucións brutas anuais de 43.000€, non podendo percibir asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados de que forme parte, pero si percibir indemnizacións polos gastos ocasionados polo exercicio do cargo, cando sexan efectivos, e previa xustificación dos mesmos.

Ditas retribucións actualizaranse anualmente na porcentaxe na que o fagan as retribucións dos funcionarios/as municipais, e percibirase en catorce pagas anuais (doce ordinarias e dúas extraordinarias, en xuño e decembro, polo mesmo importe).

Segundo.- Aprobar a dedicación exclusiva, que implicará dedicación preferente ás tarefas propias do cargo, para as concellarías que se detallan a continuación:
1.- Concellería de Urbanismo, Seguridade cidadá, Enerxía e Sostibilidade.

2.- Concellaría de Mobilidade, Comercio, Turismo, Emprego e Igualdade.

3.- Concellaría de Benestar, Persoal e Deportes.

4.- Concellaría de Educación, Cultura, Administración e Participación veciñal,

A retribución anual que percibirá o/a concelleiro/a responsable de cada unha das concellería citadas será de 34.400,00€ brutos anuais, non podendo percibir asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados de que forme parte, pero si percibir indemnizacións polos gastos ocasionados polo exercicio do cargo, cando sexan efectivos, e previa xustificación dos mesmos.

Ditas retribucións actualizaranse anualmente na porcentaxe na que o fagan as retribucións dos funcionarios/as municipais, e percibirase en catorce pagas anuais (doce ordinarias e dúas extraordinarias, en xuño e decembro, polo mesmo importe).

Terceiro.- Aprobar a dedicación parcial, cunha dedicación das tres cuartas partes da xornada, para realizar as tarefas propias do cargo para a concellería de servizos básicos, coa retribución bruta anual de 25.800,00€, non podendo percibir asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados de que forme parte, pero si percibir indemnizacións polos gastos ocasionados polo exercicio do cargo, cando sexan efectivos, e previa xustificación dos mesmos.

Ditas retribucións actualizaranse anualmente na porcentaxe na que o fagan as retribucións dos funcionarios/as municipais, e percibirase en catorce pagas anuais (doce ordinarias e dúas extraordinarias, en xuño e decembro, polo mesmo importe).

Cuarto.- Solicitar ante a Tesourería Xeral da Seguridade Social a alta dos membros da Corporación con dedicación exclusiva e dedicación parcial, asumindo o Concello as obrigas que as normas do Réxime Xeral da Seguridade Social impoñen ás empresas en relación cos traballadores ao seu servizo.

Quinto.- Asumir o pagamento da cotas empresariais que correspondan en virtude deste acordo.

Sexto.- Facer público o presente acordo segundo o previsto na normativa aplicable.”.

O sr. alcalde explica que a proposta que se presenta é froito da negociación entre dúas forzas políticas xa que houbo unha terceira forza que declinou participar no goberno. Sinala que se partía dunha posición de Son de Teo que consideraba oportuno recuperar as dedicación exclusivas do ano 2007, e contar con cinco dedicacións e media ou seis. Froito desa negociación Son de Teo aceptou unha proposta do PSOE de incrementar as contías, non ao nivel de 2007, senón nun 7 %, que se correspondería co IPC dende o ano 2011. Sinala o sr. alcalde que se sae adiante a proposta as retribucións dos/as concelleiros/as estarán un 7% por debaixo das do ano 2007 e explica que ese incremento, que deriva do IPC, proponse tamén para as asignacións aos grupos así como para a asistencia aos demais órganos colexiados.

Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do BNG, sr. Fernández, sinala que Son de Teo e o PSOE suman 8 concelleiros/as e coñecen a proposta do BNG, que consiste en cinco dedicacións exclusivas, sen incrementar a masa salarial do anterior mandato, porén persisten na súa proposta.

Aclara o sr. Fernández que o BNG apoiou ao sr. Sisto para que fora alcalde, pero deixando claro que non era un cheque en branco e propuxo naquel momento, e seguen mantendo, diálogo e consenso porén a resposta é a imposición.

Anuncia o sr. Fernández que o seu grupo non vai a apoiar a proposta.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, e sinala que efectivamente se trata dunha proposta consensuada entre as dúas forzas políticas. Sinala que igual que eles chegaron a un acordo, cun argumentario ao efecto, que xustifica porque uns salarios ou outros ou unhas dedicacións ou outras, se a proposta vai a ser denegada agradecería saber, de forma argumentada, os posicionamentos das diferentes forzas políticas.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen sinala que non están de acordo coa proposta porque, aínda que son inferiores ás do ano 2007, son superiores ás do 2015.

O sr. alcalde explica que se trata dunha discusión que sempre é complexa e difícil e que se presta bastante a demagoxia, e ademais como o que fixa a lexislación son topes sempre queda marxe para utilizarse como medida de presión e con múltiples circunstancias. Tratándose da posición do BNG sinala que, respectándoa, non se trata dunha posición ideolóxica e non e unha posicións de principios programáticos, nin sequera unha posición de principios, porque de ser así, se se mira o que pasa noutros concellos veciños, sería consecuente con esa situación. Sinala que basta cruzar Vilar de Calo, e pasar ao Milladoiro, para ver que o primeiro Tenente de Alcalde do BNG, no concello de Ames, vai a cobrar 39.750 €, 6.000 € máis que a primeira Tenente de Alcalde de Teo, resultando ademais que a masa salarial de Teo, que ascende a 206.000 €, fronte a Ames que ascende a 386.900 €, polo tanto a posición do BNG non debe ser moi de principios.

Salienta que o que máis lle molesta é que senón é unha posición programática está claro que é una posición táctica, en función das circunstancias, co fin de bloquear o posible goberno, porque senón non tería razón algunha que no ano 2007, cando eran concelleiros tanto el como o sr. Fernández, cobraran 36.434 € e agora proponse 34.400 €, polo que dende o BNG se debería explicar a razón pola que, porque en plena crise económica, se tiveron eses soldos, que lle parecen razoables, e agora facendo unha proposta menor se lles diga que non. Considera o sr. alcalde que polo tanto non existe un posicionamento político senón un posicionamento "*á contra"*. Explica o sr. alcalde que na masa salarial acontece o mesmo, e así no 2011 esta era de 248.000 € e a proposta de hoxe é de 234.220 €, polo que quixera saber a razón de porque un concelleiro no ano 2019 ten que cobrar menos que cando o sr. Fernández era concelleiro.

Aberta a segunda quenda de intervencións, o portavoz do BNG, sr. Fernández, sinala que hai unha cuestión fundamental que é que dende as eleccións do 26 de maio existiu un cambio de correlación de forzas, algo que hai que ter moi en conta. Salienta que o BNG dende o primeiro momento manifestou a súa vontade de dialogar e consensuar, como ven sabe o sr. alcalde, e unido a unha premisa básica de que non gobernase o PP, apoiaron o sr. alcalde, porén non foi ningún cheque en branco, como é lóxico, porque existe uns 1.200 veciños/as que votaron polo BNG, senón votarían por Son de Teo ou polo PSOE e xa estaba.

Sinala que dende aquel momento iniciouse un proceso de confrontación entre Son de Teo e PSOE, pola alcaldía, e despois polas dedicacións, iso foi o que transcendeu, co conseguinte bloqueo do concello durante tres semanas.

Pregunta o sr. Fernández quén paraliza, quen tende a man para negociar ou quen impón, quen lle propón cinco dedicacións exclusivas e non aumentar masa salarial, ou quen, sen ter unha maioría suficiente, trae unha proposta pechada, e xa non é que a traia senón que a fai pública pola prensa e despois lles informa da súa proposta nunha reunión que houbo posteriormente a coñecer esa proposta.

Sinala o sr. Fernández que o sr. alcalde fala de demagoxia, e está claro que é demagoxia, porque o BNG non falou das cantidades que debe cobrar un/unha concelleiro/a ou o alcalde, engadindo que se o sr. alcalde quere gañar 47.000 € o BNG non ten ningún problema, sempre que existan cinco dedicacións exclusivas.

Sinala que o BNG nunca dixo que un alcalde ou concelleiro/a dun goberno municipal non deberían cobrar. Explica que cando el formaba parte do goberno municipal, no 2011, el mesmo e o sr. alcalde cobraban 36.434,46 €, mais outros dous concelleiros con dedicación, e corenta e catro mil setecentos e pico de euros, o sr. alcalde. Di o sr. Fernández que se o queren cobrar agora, que o cobren, engadindo que en todo caso con cinco dedicacións.

Sinala o sr. Fernández que o sr. alcalde fala do montante da masa salarial e de que había dúas persoas de confianza, a xefa de gabinete e a de prensa, engadindo que non sabe se o sr. alcalde lembra, cando foi a cuestión de confianza do ano 2014, cal era a proposta do BNG, que era eliminar un dos cargos de confianza.

Conclúe o sr. Fernández que non se pode dicir que o BNG xoga fora de principios, porque o BNG actúa cunha coherencia absoluta, porque aínda que existira un incremento, non se di que non, pero con cinco dedicacións.

Sinala que cando fala de masa salarial se refire a cargos políticos. Salienta o sr. Fernández que o sr. alcalde teña unha persoa que o asiste é unha necesidade fundamental e non está en discusión, por iso el fala de cargos políticos, porén se se fala de cargos de confianza hai que lembrar a proposta do BNG para aqueles orzamentos antes da cuestión de confianza.

Di o sr. Fernández que o sr. alcalde fala do goberno de 2011, e lembra que en novembro do 2011, existiu unha proposta do PP que propoñía tres dedicacións e media e argumentaban que eran suficientes para xestionar o concello de Teo, e viuse a argumentación da sra. Lemus de que por responsabilidade había que apoiar esa proposta.

Lembra o sr. Fernández que o das tres dedicacións e media para un goberno con maioría absoluta do BNG, non foi adiante, e os nove votos en contra foron os do BNG. En abril de 2012 o PSOE presentou unha moción propoñendo a redución do goberno municipal a dúas dedicacións e media e o BNG votou en contra e aí están os argumentos.

Explica o sr. Fernández que a proposta da sra. Lemus, apoiada polo PP, reducía a dúas e media as dedicación e a sra. Lemus dicía que *"deixou claros os criterios, sinalando que a área de vías e obras a levaba antes o Sr. Sisto e que a pode seguir levándo e no caso da concellería de servizos sociais se poderían aforrar eses 25.000 € porque existen técnicos nese departamento, o concelleiro de urbanismo é imprescindible para o desenrolo do PXOM e o alcalde é o alcalde".*

Salienta que aquela área que levaba so o sr. alcalde hoxe está repartido entre a sra. Lemus e o sr. Roberto Moñino, e incluso dicía a sra. Lemus daquela que o sr. alcalde levara servizos básicos, que ben podía.

Salienta o sr. Fernández que el non comparte esa opinión, porén iso se dixo no Pleno, e o BNG votou en contra disto, e fronte a tres e medida e dúas a media, o BNG propón cinco dedicacións, como o goberno do BNG do ano 2011, polo tanto ten unha coherencia absoluta.

Sinala que cando fala de incrementar a masa salarial fala do incremento dun 11,6 % por cento con respecto a hai un mes, no mandato anterior, cando o goberno de Son de TEO e PSOE , con maioría absoluta, o poderían ter feito, porque tiñan a maioría, porén agora as circunstancias cambiaron.

Sinala o sr. Fernández que os argumentos do BNG están clarísimos.

Remata o sr. Fernández a súa intervención sinalando que agarda que durante estes catro anos a actitude do goberno municipal mude, porque así van a encontrar ao BNG en todos os sitios, e chegarán a acordos, pero en base ao diálogo, non á imposición.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, quen sinala que leva de concelleira dende o ano 2011 e este tema xa se debateu múltiples veces. Sinala que é claramente diferenciable, porque cando no ano 2012 se fixo a moción do PP, existía un plan de saneamento que implicaba un recorte en prazas de oferta de emprego público, pola situación económica do concello, situación na que non se atopa agora. Sinala que isto non xustifica máis que un posicionamento no ano 2012, engadindo que tamén se podería falar das posicións do PSOE no ano 2015, cando xa estaban no goberno.

Sinala que máis que proposta o que existe un relatorio do que aconteceu, tildado ademais con algunha característica de falta de cariño, falta de amor e de diálogo, así como un pouco de "*non me tratedes así*" e incluso un "*estaremos aquí*", engadindo que agarda que a posición do BNG sexa más construtiva.

Sinala a sra. Lemus que, sen prexuízo da posición de forza que quere dar o BNG, os sete concelleiros/as do PP teñen bastante máis forza, engadindo que o di para colocarse cada un no seu sitio, recoñecendo que eles son catro e tamén o saben. Sinala que, cando eran dous, se podería pensar que eran a chave, porén ao final non eran máis que dous concelleiros dos dezasete.

Sinala a sra. Lemus que do que se trata é de formar goberno e de ter persoas traballando polas mañás, e agora mesmo non hai ninguén, porque cada un anda no seu traballo, engadindo que ela non pisa o concello de Teo dende o día 16 de xuño. Considera que se podería dicir que se prolongaron, e poden recoñecer súa parte de culpa, porén dende o 3 de xuño se coñecía esta proposta. Sinala que aínda que pode ser que as formas non foron ás mais convenientes, foi cousa súa, non de Son de Teo, porque lle chamou a prensa, e llo comentou, pois lle parecía que non era un tema no que houbera que ocultar nada, e non é tan melodramático. Considera a sra. Lemus que se peca un pouco de personalismo, e mentres tanto mañá o concello de Teo seguirá sen goberno.

Di a sra. Lemus que non sabe que lle parece á xente, di que non ve á xente preocupada polo posicionamento de cada un, senón por quén leva as áreas e quen

está a gobernar. Sinala que ve que non vai a existir goberno e iso si que lle preocupa bastante máis.

A sra. Lemus di que o BNG considera unha imposición unha proposta da alcaldía, que por certo se colocou de alcalde polo BNG e PSOE, e como tal o alcalde tiña a responsabilidade de formar goberno e iso fixo. Opina a sra. Lemus que tiveron as súas cousas, porén hai momento en que teñen que prevalecer outras posicións, porén se o BNG quere seguir coa dinámica de que todo o que se propón dende a alcaldía é unha imposición, pois aquí van a ter que verse moitas máis veces durante catro ano, entón isto vai a ser complicado.

Agarda a sra. Lemus que se melloren os posicionamentos previos porque senón vai a ser un mandato complicado.

Explica a sra. Lemus que se algo ten que destacar deste mes é que as confrontacións teñen un punto, e eles sabían onde tiñan que parar e ceder, por moito que lles doese, ademais hai un momento en que Teo está por enriba de todos e para moitos agora mesmo non o está.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen agradece á sra. Lemus que se recoñeza que foi o PP o que gañou as eleccións, sete, catro, catro dous, e agora están todos aquí repartíndose un pastel e campando as súas anchas.

Sinala o sr. Guerra que dende o 26 de maio non houbo nin un xesto nin unha chamada cara aos sete concelleiros/as do PP.

Reitera o sr. Guerra o posición do seu grupo en relación á proposta, que se concreta nun voto en contra.

O sr. alcalde sinala que o argumentario do BNG resulta moi curioso, porque se pode cobrar o que se queira, porén so cinco dedicacións, entendendo que o BNG debe explicar qué é o importante os cartos ou as persoas que veñen a traballar ao concello,

cando o razoamento debería ser falar dun limite de cartos, porén o BNG limita a cinco as dedicacións, non vaia a ser que os/as concelleiros/as traballen de máis e o fagan moi ben, sendo esa a traslación lóxica.

Pregunta o sr. alcalde cál é o problema de que traballen cinco e media en vez de cinco, porque igual hai que empezar a contar o número de xubilados que había noutros gobernos, e actualmente o sr. Moñino tamén está xubilado, e aproveitar a persoas que estean xubiladas para facer ese traballo é licito, porén tamén detraen o número de dedicacións exclusivas.

Sinala o sr. alcalde que Son de Teo tamén foi moi coherente en todo este tempo, porque o feito de que a xente veña a traballar e traballe, é perfecto, sexa de quen sexa, e por iso non se entende o de cinco, cinco para qué, unicamente para gañar e para dicir "*aquí gaño eu*".

O sr. alcalde explica que aguantarán ata setembro, xa que ese mes terá que irse ao instituto, e xa se verá, aínda que no instituto xa está, pero está de vacacións.

Considera o sr. alcalde que o problema é que o resultado das eleccións foi complexo. Explica que ao PP non se dirixiu porque interpretou o resultado das eleccións, no senso de que existía unha maioría de esquerdas, fronte aos sete concelleiros/as do PP. Salienta que estes concelleiros/as do PP son moi respectables, non ten nada que ver, porén á hora de facer un goberno non o vai a facer co PP porque parten de posicións ideolóxicas moi diferentes.

Sinala o sr. alcalde que se se está aquí traballando para facer un goberno, para sacar ao concello desta parálise na que está, por falta de xente que poida traballar aquí, porque o que non cobra no pode traballar, o lóxico é que se centre os seus esforzos en facer un goberno.

Considera o sr. alcalde que o mandato electoral foi moi claro, había tres forzas de esquerdas que tiñan que formar un goberno, para ter a maioría, porén o problema é

que un dos actores, que é o BNG, está moito máis cómodo fora. Considera que o BNG non entra no goberno, non porque faga unha proposta de programa e se lle diga que non, senón que non entra porque parten dunha posición apriorística de que non queren entrar e deben explicar iso, deben explicar que non queren entrar a traballar para solucionar os problemas da xente.

Sinala o sr. alcalde que non foi por falta de opcións xa que se lle ofreceu entrar a un goberno a tres un goberno a dous, ofrecéuselles entrar na Xunta de Goberno, e non quixeron, tratándose dunha posición moi cómoda e irresponsable con respecto á cidadanía, que quixo que houbera un goberno das tres forza da esquerda.

Considera o sr. alcalde que a posición do BNG desvirtúa o goberno, porque equipara a esquerda nacionalista coa esquerda de obediencia do Estado, catro a catro, cando o goberno debería ter seis concelleiros de posición nacionalista e catro de posición de obediencia estatal, porque iso foi o que votou a xente. O sr. alcalde sinala que nalgún momento o BNG explicará cal é esa posición. Considera que agora este é un momento de gloria, despois de dicir non sistematicamente, dependen deles, porén se desvirtúa absolutamente o mandato da cidadanía.

Sinala o sr. alcalde que se o BNG non asume esa posición, a poden adornar como queren, porén o único real é que a proposta que hoxe se fai é que os/as concelleiros/as cobren menos que no ano 2011, en plena crise, cando o BNG estaba no goberno, e terán que explicar porque din que non a iso. Salienta que a masa salarial é inferior a cando estaban no goberno o BNG, e haberá que explicar por qué, porque un concelleiro de 2019 ten que cobrar menos que un concelleiro do 2012 e porque os cartos investidos en gobernar teñen que ser inferiores a cando eles estaban no goberno, pese a que a proposta é xenerosa, porque incluso é inferior.

O sr. alcalde sinala que é moi fácil dicir que hai que negociar, porén a negociación é cando existe unhas propostas argumentada e son coherentes.

Considera o sr. alcalde que o que prima así é obstaculizar o goberno, porén seguirán así, non hai problema, e a ver ata onde aguantan, engadindo que o único que padece as consecuencias é a cidadanía de Teo.

Sinala o sr. alcalde que plantexaron de todo, e se o BNG segue nesa posición tirarán para diante, por responsabilidade, e o BNG é libre de decidir o que fai, porque son libres de facelo, porén o terán que pensar.

A petición do BNG, o sr. alcalde di que non hai problema en abrir unha nova quenda de intervencións, porque se trata de debater non de quitarlle a palabra a ninguén, esperando que así se escoite algunha resposta ás cuestións plantexadas.

A concelleira do BNG, sra. Diéguez, dille ao sr. alcalde que agora non serve gritar, aínda que outras veces servía.

O sr. Fernández di que a sra. Lemus falou da situación económica do 2011, da débeda daquel momento, que era de tres millóns de euros, e agora é de case cinco millóns, engadindo que o di en relación con eses argumentos que utiliza a sra. Lemus, e para desfacer o que se di.

Sinala o sr. Fernández que o sr. alcalde fala de xubilados e explica que quizais haberá que poñer nas candidaturas un tope de xubilados ou un mínimo, porque ao final se farán máis beiravías, e cando fala dos xubilados de 2011 e 2019, hai que lembrar que no 2011 tamén había un prexubilado. Pídelle ao sr. alcalde que non faga demagoxia.

O sr. Fernández di que o sr. alcalde fala de demagoxia, salienta que el que non a fai e lembra que na reunión que tiveron, tamén co PSOE, diante daquel panorama, decidiron non entrar no goberno municipal, cando ademais aquilo era "*que decida o BNG*".

Sinala o sr. Fernández que o sr. alcalde pode gobernar tranquilamente, porén hai que dialogar e consensuar co BNG, engadindo que non sabe onde está o problema. Se o

BNG estivera no goberno, igual había tamén cinco dedicacións, e habería que amañarse, porén como non se deu esa situación esa non é a realidade.

Sinala o sr. Fernández que existe un goberno, tal e como se desprende dos Decretos dos que se dou conta hoxe nos que se delegaban as competencias.

O sr. Fernández insiste en que o máis importante é que existe unha posición dunha parte e outra doutra, lexítimas as dúas, e a forma de resolvelo é co diálogo. Pídelle ao sr. alcalde que lle diga unha soa vez en que el ou o BNG dixeran que un concelleiro de Teo cobra demasiado, porque así se deixa de facer demagoxia ou de mentir.

A portavoz do PSOE, sra. Lemus, e o portavoz do PP, sr. Guerra, non fan uso das súas quendas de intervención.

O sr. alcalde explica que evidentemente houbo delegacións, porén iso non quere dicir que se poida gobernar o concello porque o sr. Iglesias e a sra. Lemus están no seu traballo de oito a tres, polo tanto habería que preguntarse quén fai a labor de concelleiro/a, e se fan a labor de concelleiro/a por telefono nos seus traballo, engadindo que iso non é razoable.

Non é razoable porque está o alcalde, e o que hai son unhas delegacións feitas que non se pode exercer, e esa é a realidade, hai persoas designadas como concelleiros que non poden exercer por unha posición de bloqueo do BNG. Considera o sr. alcalde que non é tal difícil entender o dos xubilados, porque había cinco dedicacións, porque había una persoa xubilada que facía o seu traballo, e o facía ben, por iso bastaban cinco.

Pregunta o sr. alcalde cál é o problema en cobrar menos e repartir entre máis ao considerar que é necesario máis xente para traballar, o que se ve é unha situación de bloqueo e absolutamente irracional, porque aínda non escoitou a primeira razón, engadindo que o único que se ve é que é unha posición de política, de política táctica, de facer ver que os do BNG son os máis fortes, porén os prexudicados son os/as

veciños/as de Teo, polo que chegados a esta situación cada quen terá que asumir as súas responsabilidade.

Sinala o sr. alcalde que asumiron a alcaldía con idea de facer un goberno a tres, e se o BNG entrara no goberno e dixera que hai cinco dedicacións, el intentaría convencelos, por unha cuestión de responsabilidade, de goberno, porén agora nin comen nin deixan comer, se trata de bloquear desde fora, sen entrar. Pregunta o sr. alcalde cal é a razón pola que non entran no goberno, sinalando que a única razón é que se está máis cómodo fora, non hai responsabilidade, e seguirán bombardeando.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con oito votos a favor (4 Son de Teo e 4 PSdeG-PSOE) e nove en contra (7 PP e 2 BNG), acorda rexeitar a proposta da alcaldía sobre dedicacións exclusivas e parcial.

8.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE PERSOAL EVENTUAL.

O sr. alcalde da conta da proposta sobre persoal eventual, de 3 de xullo de 2019, que se recolle a continuación.

"**PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE PERSOAL EVENTUAL**

Constituída a Corporación despois das eleccións municipais que tiveron lugar o pasado día 26 de maio, o Pleno do Concello ten que resolver, entre outros extremos, o relativo á determinación do número, características e retribucións do persoal eventual, para o seu posterior nomeamento mediante Resolución da alcaldía, de conformidade co disposto nos artigos 104 e 104 bis da Lei 7/1985, de 2 abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).

Por outra parte, de acordo co previsto no artigo 12 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, ao persoal eventual lle será aplicable, no que sexa axeitado á natureza da súa condición, o réxime xeral dos funcionarios de carreira.

En virtude do exposto, esta alcaldía propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Crear o posto de persoal eventual que se relaciona a continuación, determinando o seu número, características e retribucións:

Denominación do posto:	XEFA DE GABINETE
Número de postos:	1
Características:	Cargo de confianza da alcaldía á quen lle corresponde o seu nomeamento e cese. Cesará automaticamente cando cese a autoridade que a/o nomeou. A súas funcións serán: 1º.- Asistir ao alcalde no desenvolvemento de todas as funcións propias do ámbito das súas responsabilidades políticas, xestionando as relacións da alcaldía coa cidadanía e os colectivos veciñais e realizando tarefas administrativas de trámite e colaboración. 2º.- Asistir ao alcalde en todo o relativo á súa relación cos medios de comunicación e xestionar a páxina WEB municipal. A xornada laboral será a ordinaria do resto do persoal municipal, sen prexuízo da súa flexibilidade segundo as necesidades da alcaldía.
Retribucións:	27.820,00 euros brutos anuais. Ditas retribucións actualizaranse anualmente na porcentaxe na que o fagan as retribucións do persoal funcionarios do concello, e percibiranse en catorce pagas anuais (doce ordinarias e dúas extraordinarias, en xuño e decembro, polo mesmo importe).

Segundo.- Facer público o presente de acordo co previsto na normativa aplicable, e unha vez cumprimentados todos os trámites procedimentais, publicar no Boletín Oficial da Provincia e na web municipal o nomeamento deste/a funcionario/a de emprego, o seu réxime de retribucións e a súa dedicación, en cumprimento do disposto no art. 104.3 da LRBRL.".

Preguntado polo sr. alcalde o portavoz do BNG, sr. Fernández, a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, e o portavoz do PP, sr. Guerra, non fan uso das súas quendas de intervención.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con oito votos a favor (4 Son de Teo e 4 PSdeG-PSOE), sete en contra (7 PP) e dúas abstencións (2 BNG), acorda:

Primeiro.- Crear o posto de persoal eventual que se relaciona a continuación, determinando o seu número, características e retribucións:

Denominación do posto:	**XEFA DE GABINETE**
Número de postos:	**1**
Características:	**Cargo de confianza da alcaldía á quen lle corresponde o seu nomeamento e cese. Cesará automaticamente cando cese a autoridade que a/o nomeou.** **A súas funcións serán:** **1º.- Asistir ao alcalde no desenvolvemento de todas as funcións propias do ámbito das súas responsabilidades políticas, xestionando as relacións da alcaldía coa cidadanía e os colectivos veciñais e realizando tarefas administrativas de trámite e colaboración.** **2º.- Asistir ao alcalde en todo o relativo á súa relación cos medios de comunicación e xestionar a páxina WEB municipal.**

A xornada laboral será a ordinaria do resto do persoal municipal, sen prexuízo da súa flexibilidade segundo as necesidades da alcaldía.

Retribucións: **27.820,00 euros brutos anuais.**

Ditas retribucións actualizaranse anualmente na porcentaxe na que o fagan as retribucións do persoal funcionarios do concello, e percibiranse en catorce pagas anuais (doce ordinarias e dúas extraordinarias, en xuño e decembro, polo mesmo importe).

Segundo.- Facer público o presente de acordo co previsto na normativa aplicable, e unha vez cumprimentados todos os trámites procedimentais, publicar no Boletín Oficial da Provincia e na web municipal o nomeamento deste/a funcionario/a de emprego, o seu réxime de retribucións e a súa dedicación, en cumprimento do disposto no art. 104.3 da LRBRL.

9.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RÉXIME ECONÓMICO DAS ASISTENCIAS E INDEMNIZACIÓNS.

O sr. alcalde da conta da proposta sobre réxime económico das asistencias e indemnizacións, de 3 de xullo de 2019, que se recolle a continuación:

"**PROPOSTA DA ALCALDÍA**

Segundo establece o apartado 3 do artigo 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL), só os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva nin parcial percibirán asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da Corporación de que formen parte, na contía sinalada polo Pleno.

Así mesmo, o apartado 4 do artigo mencionado sinala que os membros das Corporacións locais percibirán indemnizacións polos gastos efectivos ocasionados no exercicio do seu cargo, segundo as normas de aplicación xeral nas Administracións Públicas e as que en desenvolvemento das mesmas aprobe o Pleno corporativo.

Considerando que, segundo o disposto no artigo 75.5 da LBRL, as Corporacións locais consignarán nos seus Orzamentos as indemnizacións e asistencias ás que se fixo referencia nos parágrafos anteriores, dentro dos límites que con carácter xeral se establezan, no seu caso.

Ao abeiro da normativa citada, proponse ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Fixar como asistencias ás concelleiras e os concelleiros da Corporación que non estean acollidos ao réxime de dedicación exclusiva ou parcial, pola concorrencia efectiva ás sesións e reunións dos órganos colexiados dos que formen parte, os seguintes importes:
Sesións plenarias: 129 euros
Sesións da Xunta de Goberno Local: 80 euros
Sesións das Comisións Informativas: 64 euros, co límite de dúas asistencias ao día por concelleiro/a
Sesións da Xunta de Portavoces: 59 euros
Reunións de outros órganos colexiados: 59 euros

SEGUNDO.- Establecer o seguinte réxime respecto das indemnizacións por aloxamento, manutención, e gastos de viaxe:

1. - Indemnizacións por aloxamento e manutención.
Os membros da Corporación percibirán, se é o caso, as axudas correspondentes ao Grupo 1º do Anexo II, do R.D. 462/2002 do 24 de maio, de indemnizacións por razón do servizo. De conformidade co artigo 10 do Real Decreto anterior no caso das dietas a percibir por aloxamento, de non se aplicar o sistema de concerto, o importe a percibir

será o realmente gastado e xustificado, sen que a súa contía poida exceder da especificada no Real Decreto citado.

2.- Indemnizacións por gastos de viaxe.

Os membros da Corporación terán dereito a ser indemnizados polos desprazamentos que teñan que realizar como consecuencia do exercicio do cargo, sendo aplicable neste caso o previsto no artigo 17 do Real Decreto 462/2002. Respecto ao uso do vehículo particular terase en conta o previsto no artigo 18 do Real Decreto 462/2002 e o acordado en Orde do ministerio de Economía e Facenda 3770/2005 da 1 de decembro pola que se revisa o importe da indemnización por uso de vehículo particular establecida no Real Decreto 462/02.

TERCEIRO.- Publicar integramente o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de anuncios, e na páxina web municipal.".

O sr. alcalde sinala que, como dixo, mantendo o criterio que se mantivera na proposta orixinal das dedicacións exclusiva, proponse unha incremento dun 7% das contías.

Preguntado polo sr. alcalde o portavoz do BNG, sr. Fernández, a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, e o portavoz do PP, sr. Guerra, non fan uso das súas quendas de intervención.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con oito votos a favor (4 Son de Teo e 4 PSdeG-PSOE), sete en contra (7 PP) e dúas abstencións (2 BNG), acorda:

PRIMEIRO.- Fixar como asistencias ás concelleiras e os concelleiros da Corporación que non estean acollidos ao réxime de dedicación exclusiva ou parcial, pola concorrencia efectiva ás sesións e reunións dos órganos colexiados dos que formen parte, os seguintes importes:

Sesións plenarias: 129 euros

Sesións da Xunta de Goberno Local: 80 euros

Sesións das Comisións Informativas: 64 euros, co límite de dúas asistencias ao día por concelleiro/a
Sesións da Xunta de Portavoces: 59 euros
Reunións de outros órganos colexiados: 59 euros

SEGUNDO.- Establecer o seguinte réxime respecto das indemnizacións por aloxamento, manutención, e gastos de viaxe:

1. - Indemnizacións por aloxamento e manutención.
Os membros da Corporación percibirán, se é o caso, as axudas correspondentes ao Grupo 1º do Anexo II, do R.D. 462/2002 do 24 de maio, de indemnizacións por razón do servizo. De conformidade co artigo 10 do Real Decreto anterior no caso das dietas a percibir por aloxamento, de non se aplicar o sistema de concerto, o importe a percibir será o realmente gastado e xustificado, sen que a súa contía poida exceder da especificada no Real Decreto citado.

2.- Indemnizacións por gastos de viaxe.
Os membros da Corporación terán dereito a ser indemnizados polos desprazamentos que teñan que realizar como consecuencia do exercicio do cargo, sendo aplicable neste caso o previsto no artigo 17 do Real Decreto 462/2002. Respecto ao uso do vehículo particular terase en conta o previsto no artigo 18 do Real Decreto 462/2002 e o acordado en Orde do ministerio de Economía e Facenda 3770/2005 da 1 de decembro pola que se revisa o importe da indemnización por uso de vehículo particular establecida no Real Decreto 462/02.

TERCEIRO.- Publicar integramente o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de anuncios, e na páxina web municipal.

10.- PROPOSTA ALCALDÍA DE ASIGNACIÓNS A GRUPOS POLÍTICOS.
O sr. alcalde da conta da proposta de asignacións a grupos políticos, de 3 de xullo de 2019, que se recolle a continuación.

"**PROPOSTA DA ALCALDÍA**

Segundo establecen os artigos 73.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, e 44.4 do Regulamento Orgánico da Corporación municipal de Teo, o Pleno da Corporación, con cargo aos Orzamentos anuais da mesma, poderá asignar aos grupos políticos unha dotación económica que deberá contar cun compoñente fixo, idéntico para todos os grupos, e outro variable, en función do número de membros de cada un deles, dentro dos límites que, no seu caso, se establezan con carácter xeral nas Leis de Orzamentos Xerais do Estado, e sen que podan destinarse ao pago de remuneracións de persoal de calquera tipo ao servizo da Corporación ou á adquisición de bens que podan constituír activos fixos de carácter patrimonial.

A o abeiro da normativa citada, proponse ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:
PRIMEIRO.- Dotar economicamente aos Grupos Políticos constituídos no Concello de Teo coas seguintes cantidades: 54 euros ao mes por Grupo Político, máis 107 euros ao mes por cada concelleira ou concelleiro integrante de cada Grupo.

SEGUNDO.- A dotación económica asignada aos Grupos Políticos non poderá destinarse ao pago de remuneracións de persoal de calquera tipo ao servizo da corporación ou á adquisición de bens que podan constituír activos fixos de carácter patrimonial.

TERCEIRO.- Os Grupos Políticos deberán levar unha contabilidade específica da dotación económica asignada polo Pleno con cargo aos Orzamentos anuais da Corporación, contabilidade que porán a disposición do citado Pleno sempre que este o solicite.

CUARTO.- Aprobar as seguintes bases reguladoras do destino e xustificación dos fondos aprobados por este Concello para dotar economicamente aos Grupos Políticos constituídos nesta Corporación:

BASES REGULADORAS

1ª).- OBXECTO. É obxecto das presentes bases a regulación do destino e xustificación dos fondos aprobados por este Concello para dotar economicamente aos grupos políticos constituídos nesta Corporación

2ª).- CONTÍA. A contía dos fondos destinados ascende a 54 euros ao mes por Grupo Político máis 107 euros ao mes por cada concelleira ou concelleiro integrante de cada Grupo, debendo consignarse no Orzamento anual da Corporación con suxeición aos criterios legais previstos no artigo 73 da Lei 7/85, de 2 de abril, artigo 214 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e demais normativa de aplicación.

3ª).- INGRESO. O ingreso dos fondos aprobados realizarase nunha conta bancaria cuxo titular será o grupo político municipal, debendo xustificarse a titularidade ante o Concello, presentando na Tesouraría municipal certificación de número de conta bancaria onde figure o nome e o CIF do grupo político municipal.

4ª).- DEVENGO. A dotación económica para os Grupos Políticos constituídos na Corporación devengarase dende o mes natural seguinte ao da súa constitución ata o mes de finalización do mandato, debendo consignarse no Orzamento anual a contía correspondente.

5ª).- DESTINO. O destino dos fondos asignados será a realización de actividades e servizos dentro do marco da súa función como grupo político dentro da Corporación para a xestión dos seus intereses e actuacións políticas con suxeición á legalidade vixente en todo momento e que non estea expresamente prohibido pola lexislación. A este respecto está expresamente prohibido o pago con ditos fondos de remuneracións de persoal de calquera tipo ao servizo da corporación ou á adquisición de bens que podan constituír activos fixos de carácter patrimonial.

6ª).-XUSTIFICACIÓN.

6.1.- FORMA: Os gastos realizados para os fins previstos no punto anterior

xustificaranse unicamente con factura ou facturas regulamentariamente expedidas a nome do grupo político municipal.

6.2.- PRAZO: A xustificación dos fondos verificarase unha vez ao ano ante o Pleno do Concello, dándose conta no primeiro pleno ordinario que se celebre a partires do mes de febreiro de cada ano, debendo os grupos políticos presentar no Concello a documentación xustificativa durante o mes de xaneiro de cada ano respecto dos gastos realizados no ano anterior vencido. No expediente de xustificación constará o informe de fiscalización da Intervención Municipal.

6.3.- EFECTOS: As cantidades non xustificadas do ano vencido sobre o importe da dotación económica concedida e aboada minorarán a dotación económica do ano seguinte na cantidade respectiva. Antes da data do fin do mandato todas as cantidades aboadas aos grupos deben estar xustificadas ou reintegradas.

7ª).- Nas bases de execución do Orzamento recollerase, no seu caso e a proposta da Intervención, a normativa complementaria ao acordo que agora se adopta.

QUINTO.- Publicar integramente este acordo no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web municipal.”.

O sr. alcalde sinala que, mantendo o criterio que se mantivo en todas as propostas, se incrementan nun 7% as contías.

Preguntado polo sr. alcalde o portavoz do BNG, sr. Fernández, a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, e o portavoz do PP, sr. Guerra, non fan uso das súas quendas de intervención.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con oito votos a favor (4 Son de Teo e 4 PSdeG-PSOE), sete en contra (7 PP) e dúas abstencións (2 BNG), acorda:

PRIMEIRO.- Dotar economicamente aos Grupos Políticos constituídos no Concello de Teo coas seguintes cantidades: 54 euros ao mes por Grupo Político, máis 107 euros ao mes por cada concelleira ou concelleiro integrante de cada Grupo.

SEGUNDO.- A dotación económica asignada aos Grupos Políticos non poderá destinarse ao pago de remuneracións de persoal de calquera tipo ao servizo da corporación ou á adquisición de bens que podan constituír activos fixos de carácter patrimonial.

TERCEIRO.- Os Grupos Políticos deberán levar unha contabilidade específica da dotación económica asignada polo Pleno con cargo aos Orzamentos anuais da Corporación, contabilidade que porán a disposición do citado Pleno sempre que este o solicite.

CUARTO.- Aprobar as seguintes bases reguladoras do destino e xustificación dos fondos aprobados por este Concello para dotar economicamente aos Grupos Políticos constituídos nesta Corporación:

BASES REGULADORAS

1ª).- OBXECTO. É obxecto das presentes bases a regulación do destino e xustificación dos fondos aprobados por este Concello para dotar economicamente aos grupos políticos constituídos nesta Corporación

2ª).- CONTÍA. A contía dos fondos destinados ascende a 54 euros ao mes por Grupo Político máis 107 euros ao mes por cada concelleira ou concelleiro integrante de cada Grupo, debendo consignarse no Orzamento anual da Corporación con suxeición aos criterios legais previstos no artigo 73 da Lei 7/85, de 2 de abril, artigo 214 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e demais normativa de aplicación.

3ª).- INGRESO. O ingreso dos fondos aprobados realizarase nunha conta bancaria cuxo titular será o grupo político municipal, debendo xustificarse a titularidade ante o Concello, presentando na Tesouraría municipal certificación de número de conta bancaria onde figure o nome e o CIF do grupo político municipal.

4ª).- DEVENGO. A dotación económica para os Grupos Políticos constituídos na Corporación devengarase dende o mes natural seguinte ao da súa constitución ata o mes de finalización do mandato, debendo consignarse no Orzamento anual a contía correspondente.

5ª).- DESTINO. O destino dos fondos asignados será a realización de actividades e servizos dentro do marco da súa función como grupo político dentro da Corporación para a xestión dos seus intereses e actuacións políticas con suxeición á legalidade vixente en todo momento e que non estea expresamente prohibido pola lexislación. A este respecto está expresamente prohibido o pago con ditos fondos de remuneracións de persoal de calquera tipo ao servizo da corporación ou á adquisición de bens que podan constituír activos fixos de carácter patrimonial.

6ª).-XUSTIFICACIÓN.
6.1.- FORMA: Os gastos realizados para os fins previstos no punto anterior xustificaranse unicamente con factura ou facturas regulamentariamente expedidas a nome do grupo político municipal.

6.2.- PRAZO: A xustificación dos fondos verificarase unha vez ao ano ante o Pleno do Concello, dándose conta no primeiro pleno ordinario que se celebre a partires do mes de febreiro de cada ano, debendo os grupos políticos presentar no Concello a documentación xustificativa durante o mes de xaneiro de cada ano respecto dos gastos realizados no ano anterior vencido. No expediente de xustificación constará o informe de fiscalización da Intervención Municipal.

6.3.- EFECTOS: As cantidades non xustificadas do ano vencido sobre o importe da dotación económica concedida e aboada minorarán a dotación económica do ano seguinte na cantidade respectiva. Antes da data do fin do mandato todas as cantidades aboadas aos grupos deben estar xustificadas ou reintegradas.

7ª).- Nas bases de execución do Orzamento recollerase, no seu caso e a proposta da Intervención, a normativa complementaria ao acordo que agora se adopta.

QUINTO.- Publicar integramente este acordo no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web municipal.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte e unha horas, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

O alcalde

33252651X RAFAEL CARLOS SISTO (R: P1508300I)
Firmado digitalmente por 33252651X RAFAEL CARLOS SISTO (R: P1508300I)
Fecha: 2019.08.22 11:20:43 +02'00'

Rafael C. Sisto Edreira

A secretaria

VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C
Firmado digitalmente por VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C
Nombre de reconocimiento (DN): cn=VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C, givenName=VIRGINIA, sn=FRAGA DÍAZ - 76967703C, serialNumber=IDCES-76967703C, 2.5.4.97=VATES-P1508300I, ou=CERTIFICADO ELECTRONICO DE EMPLEADO PÚBLICO, o=CONCELLO DE TEO, c=ES
Fecha: 2019.08.22 08:40:51 +02'00'
Versión de Adobe Acrobat Reader: 2019.012.20036

Virginia Fraga Díaz

CONCELLO DE TEO
Secretaría Xeral

A C T A 11/2019

SESIÓN ORDINARIA PLENO MUNICIPAL

– 31 DE XULLO DE 2019 –

Na Casa do Concello, a trinta e un de xullo de dous mil dezanove, reúnense en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que se relacionan a continuación, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

Concelleiros/as:

D.ª Iria Otero Romero
D. Xosé Ignacio Iglesias Villar
D.ª María López Álvarez
D.ª Uxía Lemus de la Iglesia
D. Roberto Moñino Gil
D.ª María Josefa Argibay Silva
D. José Manuel Elías Noya
D. José Manuel Guerra Calvelo
D. Antonio Reyes Sánchez Crespo
D.ª María Vázquez Rey
D.ª María Dolores Nariño Facal
D.ª María Teresa Castro Framil
D.ª Lucía Calvo de la Uz
D.ª Margarita Rosende Domínguez
D. Manuel Anxo Fernández Baz
D.ª Carmen Diéguez González

Secretaria xeral:

D.ª Virginia Fraga Díaz

Interventora:

D.ª Mónica I. Lado Varela

ORDE DO DÍA:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 15.06.19 (CONSTITUTIVA)

2.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA 274/19 Á 583/19)

3.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DO CUMPRIMENTO DOS PRAZOS DAS OPERACIÓNS COMERCIAIS, 1º TRIMESTRE 2019

4.- DACIÓN DE CONTA DA LIQUIDACIÓN 2018

5.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN SOBRE OS REPAROS FORMULADOS NO EXERCICIO 2018

6.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE FESTIVOS LOCAIS 2020

7.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA AO EXPEDIENTE DE REVISIÓN DE OFICIO DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DO 25 DE MARZO DE 2019 (RES 220/19), CONCEDENDO A COMPATIBILIDADE A D. JESÚS M. FERNÁNDEZ CAAMAÑO PARA O EXERCICIO DA AVOGACÍA: PROPOSTA DE RESOLUCIÓN E SOLICITUDE DE DITAME AO CONSELLO CONSULTIVO

8.- PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA SOBRE DEDICACIÓNS EXCLUSIVAS E PARCIAL

9.- PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA SOBRE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES EN ÓRGANOS COLEXIADOS

10.- MOCIÓNS

11.- ROGOS E PREGUNTAS

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, o sr. alcalde, sendo as vinte horas, declara público e aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 15.06.19 (CONSTITUTIVA).

O sr. alcalde pregúntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión constitutiva celebrada o 15 de xuño de 2019.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

2.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA 274/19 Á 583/19).

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas dende o día 17 de abril ata o 24 de xullo de 2019, que comprenden os números 274 ao 583, indicando o sr. alcalde que están a disposición de todos os membros da Corporación para a súa consulta se así o desexan.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

3.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DO CUMPRIMENTO DOS PRAZOS DAS OPERACIÓNS COMERCIAIS, 1º TRIMESTRE 2019.

O sr. alcalde da conta do informe de Tesourería e Intervención, de 3 de maio de 2019, sobre o cumprimento dos prazos de pago das operacións comerciais, do primeiro trimestre do 2019, indicando que estivo a disposición de todos os membros da Corporación para a súa consulta se así o desexan.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

4.- DACIÓN DE CONTA DA LIQUIDACIÓN 2018.

O sr. alcalde da conta do resultado da liquidación 2018, segundo o documento incorporado ao expediente, de 17 de xullo de 2019, que se reproduce a continuación,

indicando que está a disposición de todos os membros da Corporación para a súa consulta se así o desexan.

"DACIÓN DE CONTA

Rafael Sisto Edreira, Alcalde do Concello de Teo, en cumprimento do disposto no artigo 193.4 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, TRLRFL.

DOU CONTA ao Pleno da Corporación dos resultados da Liquidación do exercicio 2018, có seguinte resumo:

1.-RESULTADO ORZAMENTARIO

1.-RESULTADO ORZAMENTARIO NON FINANCEIRO

a) operacións correntes

DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	12.232.889,05
-OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	9.567.453,65
RESULTADO ORZAMENTARIO 1	**2.665.435,40**

b) outras operacións non financieras.

DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	591.916,49
-OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	4.164.341,32
RESULTADO ORZAMENTARIO 2	**-3.572.424,83**

Resultado Orzamentario Non Financeiro(1+2).....-906.989,43€

2.-RESULTADO ORZAMENTARIO FINANCEIRO

a) activos financieros

DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	0.00
-OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	0.00
RESULTADO ORZAMENTARIO F.3	**0.00**

b) pasivos financieros

DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	2.801.876,51
-OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	334748,78
RESULTADO ORZAMENTARIO F.4	**2.467.127,73**

Resultado Orzamentario Financeiro(3+4).....2.467.127,73€

RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO 2018.....1.560.138,30€

Axustes:

1.-Desviacións imputables **positivas (-).....1.031.534,24€**

2.-Desviacións imputables **negativas (+).....280.251,92€**

3.-Modificacións de crédito financiadas con RLTGX, fase O.....0,00€

RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO EXERCICIO 2018	**808.855,98€**

2.-REMANENTE DE TESOURERÍA

1. (+) FONDOS LÍQUIDOS		**2.792.640,47**
2. (+) DEREITOS PENDENTES DE COBRO		**3.498.354,00**
(+) del Presupuesto corriente	445.710,63	
(+) de Presupuestos cerrados	2.691.063,28	
(+) de operaciones no presupuestarias	361.580,09	
(-) cobros realizados pendientes de aplicación definitiva	18.019,54	
3. (-) OBRIGAS PENDENTES DEPAGO		**2.107.666,29**
(+) dol Presupuesto corriente	1.452.473,65	
(+) do Presupuestos cerrados	281.468,17	
(+) de operaciones no presupuestarias	373.724,47	
(-) pagos realizados pendentes de aplicación definitiva	41.123,99	
REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL (1 + 2 - 3)		**4.206.432,63**
SALDOS DE DUBIDOSO COBRO(-)		**922.185,12**
REMANENTE DE TESOURERÍA GFA (-)		**940.476,34**
REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS (RTT-RTGFA)		**2.343.771,17€**

3.-AFORRO NETO E NIVEL DE ENDEBEDAMENTO

AFORRO BRUTO E NETO LIQUIDACION 2018

CAP ING	DRN
1	4.761.025,86
2	99.254,53
3	2.253.005,40
4	5.119.603,26
5	0,00
TOTAL	**12.232.889,05**

CAP GAS	ORN
1	3.805.316,51

2	5.198.468,64
4	559.480,59
TOTAL	**9.563.265,74**

AB	2.669.623,31
ATA	666.695,22
AN	2.002.928,09

DEBEDA VIVA A 31/12/2018	5.162.367,10
DEREITOS CORRENTES LIQUIDADOS	12.232.889,05
% ENDEBEDAMENTO	0,4220

4.- ESTABILIDADE ORZAMENTARIA, REGRA DE GASTO E LIMITE DE DEBEDA:

Estabilidade orzamentaria:incumprimento
Regla de gasto: incumprimento
Sostenibilidade financeira: cumprimento.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

5.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN SOBRE OS REPAROS FORMULADOS NO EXERCICIO 2018.

O sr. alcalde da conta do informe de Intervención, de 19 de xullo de 2019, sobre a os reparos formulados no exercicio 2018, segundo o documento incorporado ao expediente, de 22 de xullo de 2019, que se reproduce a continuación, indicando que está a disposición de todos os membros da Corporación para a súa consulta se así o desexan.

"DACION DE CONTA

En cumprimento do disposto no artigo 2.3 da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de seguido dase conta ao Pleno da Corporación do informe de intervención emitido en relación cós informes de reparo formulados durante o exercicio 2018:

INFORME DE INTERVENCIÓN SOBRE OS REPAROS FORMULADOS NO EXERCICIO 2018

O presente informe emítese en cumprimento do artigo 218 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, segundo o cal: " O órgano interventor elevará informe ó Pleno de tóda-las Resolucións adoptadas polo Presidente da Entidade contrarias ós reparos efectuados, así como un resumo das principias anomalías en materia de ingresos"

Por outra parte, o artigo 2º apartado 3º da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración local ordea á intervención municipal a dar conta ao Pleno da Corporación, como punto indepediente na orde do día, das resolucións da Alcaldía contrarias aos reparos efectuados e das anomalías en materia de ingresos, podendo o Alcalde aportar informe xustificativo da súa actuación.
Igualmente se debe remitir dita información ao Consello de Contas.

1.-Informes desfavorables formulados e resolucións da Alcaldía que resolven as discrepancias:

Reparo 01/2018.-Resolucion da Alcaldía de data 01/03/2018. sobre inexistencia de contratos administrativos de servizos varios, contratos menores sucesivos e facturas sen proposta de gasto previa.

Reparo 02/2018.-Resolución da Alcaldía de data 04/04/2018.Sobre facturas sen proposta de gasto previa.

Reparo 03/2018.- Resolución da Alcaldía de data 26/04/2018. Sobre ausencia de expediente de contratacion ou contrato menor sucesivo . Facturas sen proposta de gasto previa.

Reparo 04/2018.-Resolución da Alcaldía de data 02/05/2018. Sobre ausencia de expediente de contratación ou contrato menor sucesivo. Facturas se proposta de gasto previa.

Reparo 05/2018.- Resolución da Alcaldía de data 04/06/2018. Sobre ausencia de expediente de contratación ou contrato menor sucesivo. Facturas sen proposta de gasto previa.

Reparo 06/2018.- Resolución da Alcaldía de data 31/07/2018 . Sobre ausencia de expediente de contratación ou contrato menor sucesivo. Facturas sen proposta de gasto previa.

Reparo 07/2018.- Resolución da Alcaldía de data 07/09/2018-sobre ausencia de expediente de contratacion servizo. Facturas sen proposta de gasto previa.

Reparo 08/2018.- Reslución da Alcaldía de data 13/09/2018.- Facturas sen proposta de gasto previa.Ausencia de contratos, contrato menor sucesivo.

Reparo 09/2018.-Resolución da Alcaldía de data 03/10/2018. Facturas sen proposta de gasto previa.Ausencia de contratos, contrato menor sucesivo.

Reparo 10/2018.- Resolución da Alcaldía de data 06/11/2018.-sobre ausencia de expediente de contratación ou contratos menores sucesivos, servizos. Facturas sen proposta de gasto previa.

Reparo 11/2018.-Resolución da Alcaldía de data 12/11/2018.-Facturas sen proposta de gasto previa. Ausencia de contratacion ou contrato menor sucesivo.

Reparo 12/2018.-Resolución da Alcaldía de data 30/11/2018.- Sobre ausencia de expediente de contratacion e contrato menor sucesivo.Facturas sen proposta de gasto previa.

Reparo 13/2018.-Resolución da Alcaldía de data 11/12/2018 .- Sobre ausencia de expediente de contratacion e contrato menor sucesivo.Facturas sen proposta de gasto previa.

Reparo 14/2018.-Resolución da Alcaldía de data 26/12/2018 .- Sobre ausencia de expediente de contratacion e contrato menor sucesivo.Facturas sen proposta de gasto previa.

Nota: as resolucións da Alcaldía e acordos plenarios que levantan os reparos anteriores aproban as facturas baseandose na teoría do enriquecemento inxusto (xurisiprudencia do tribunal supremo)

Informes mensuais das nóminas.- por irregularidades deterctadas nas nóminas dalgúns traballadores municipais e por devengar de acordo regulador e convenio colectivo informados xa desfavorablemente por Secretaría e Intervención. O recoñecemento e pago das nominas aprobouse mediante Resolución de Alcaldía cada mes.

2.-ANOMALÍAS EN MATERIA DE INGRESOS:

-Non se está a recadar en via executiva a tasa por abastecemento de auga, sumidoiros e depuración; permañece paralizada dende o exercicio 2012.

Isto é canto ten a ben informar a funcionaria que suscribe.

Teo, 19 de xullo de 2019

A INTERVENTORA

Mónica Lado Varela”

O Pleno da Corporación dase por enterado.

Neste momento, sendo ás vinte horas e cinco minutos, abandona o Salón de Plenos a interventora municipal D.ª Mónica I. Lado Varela.

6.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE FESTIVOS LOCAIS 2020.

O sr. alcalde da conta da proposta de 17 de xullo de 2019, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de administración, cultura, educación, seguridade cidadá, participación veciñal e deportes de 23 de xullo de 2019.

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: Aprobación dos Festivos Locais do Concello de Teo para o ano 2020

Visto o disposto nos arts. 37.2 do Estatuto dos traballadores e no 46 do Real Decreto 2001/1983, do 28 de xullo referente a determinar os dous días que neste Concello teñen carácter de festas locais para o ano 2020.

Vista a tradición deste Concello, que ven fixando dende hai moitos anos como festas locais os días da Ascensión e do San Martiño.

En consecuencia co anteriormente exposto, propoño ó Pleno da Corporación, previo ditame favorable da Comisión Informativa correspondente a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- *Aprobar como festivos locais do Concello de Teo para o ano 2020 os seguintes días:*

- 21 de maio (A Ascensión)

- 11 de novembro (San Martiño)

Segundo.- *Dar traslado deste acordo á Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria".*

Preguntado polo sr. alcalde, o portavoz do BNG, sr. Fernández, a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, e o portavoz do PP, sr. Guerra, non fan uso das súas quendas de intervención.

Non abríndose debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros (4 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE, 7 PP e 2 BNG), acorda:

Primeiro.- Aprobar como festivos locais do Concello de Teo para o ano 2020 os seguintes días:

- 21 de maio (A Ascensión)

- 11 de novembro (San Martiño)

Segundo.- Dar traslado deste acordo á Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

7.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA AO EXPEDIENTE DE REVISIÓN DE OFICIO DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DO 25 DE MARZO DE 2019 (RES 220/19), CONCEDENDO A COMPATIBILIDADE A D. JESÚS M. FERNÁNDEZ CAAMAÑO PARA O EXERCICIO DA AVOGACÍA: PROPOSTA DE RESOLUCIÓN E SOLICITUDE DE DITAME AO CONSELLO CONSULTIVO.

O sr. alcalde da conta da proposta de 11 xullo de 2019, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de persoal, comunicación, normalización lingüística, mocidade e medio natural de 23 de xullo de 2019.

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: Expediente de revisión de oficio da Resolución da alcaldía de 25 de marzo de 2019 (res. 220/19), concedendo a compatibilidade a D. Jesús M. Fernández Caamaño para o exercicio da avogacía: proposta de resolución e solicitude de ditame ao Consello Consultivo.

Considerando que, de acordo co solicitado por D. Jesús Manuel Fernández Caamaño, mediante escrito de 13 de decembro de 2018 (rex. entrada nº 9.163, de 17/12/18), mediante Resolución da alcaldía de 3 de xaneiro de 2019 (res. 2/2019), lle foi concedida unha excedencia por coidado de familiares, por un prazo máximo de tres anos, dende o día seguinte ao da recepción da citada resolución, recepción que tivo lugar o 8 de xaneiro de 2019.

Segundo o citado Decreto durante o período de excedencia o desempeño de actividades retribuídas estará suxeito a autorización previa consonte ás regras establecidas na normativa sobre incompatibilidades, ao abeiro do previsto no artigo 79 do Acordo regulador das condicións laborais do persoal funcionario ao servizo do Concello de Teo e normativa de aplicación.

Considerando que, mediante escrito de 23 de xaneiro de 2019, D. Jesús Manuel Fernández Caamaño solicita que se lle autorice ao desempeño da actividade de avogado por conta propia, durante o tempo que permaneza na situación de excedencia por coidado de familiares, que lle foi concedida mediante Resolución da alcaldía de 3 de xaneiro de 2019 (res. 2/2019) (rex. entrada nº 624, do 25/01/2019).

Considerando que, con data de 13 de marzo de 2019, se lle requiriu ao interesado para que achegase a declaración de que non desempeña actividade que poida impedir ou menoscabar o coidado do familiar a cargo causante do dereito á excedencia concedida no seu día, con suspensión do prazo para resolver ao abeiro do previsto no artigo 22 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (en adiante, LPACAP) (rex. saída nº 535).

Considerando que, con data de 18 de marzo de 2109, D. Jesús Manuel Fernández Caamaño, presenta declaración de que *"la realización de la actividad de abogado por cuenta propia, para cuyo desempeño se ha solicitado autorización expresa a ese Ayuntamiento, ni impide, ni menoscaba, el cuidado del familiar causante de la concesión de la excedencia solicitad*a" (rex. entrada nº 1.706).

Considerando que, en virtude do exposto, mediante Resolución da alcaldía de 25 de marzo de 2019 (res. 220/19), se lle concedeu a D. Jesús M. Fernández Caamaño a compatibilidade para o exercicio dunha actividade privada, nomeadamente o exercicio da avogacía por conta propia, durante o goce da excedencia por coidado de familiar a cargo, previamente concedida, en tanto a mesma non impida nin menoscabe o devandito coidado e non se atope dentro das prohibicións contidas nos artigos 11 e 12 da Lei 53/1984.

Visto o informe de secretaría, de 15 de maio de 2019, incorporado ao expediente.

Considerando que, segundo o informe citado, de conformidade co establecido no artigo catorce da Lei 3/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas (en adiante, LI), e no artigo 50.9 R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidade Locais (en adiante, ROF) o Pleno da Corporación é o órgano que está facultado para recoñecer a compatibilidade ou declarar a incompatibilidade do persoal ao servizo da entidade local.

Considerando que, segundo o artigo 47.1b) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, os actos das Administracións Públicas son nulos de pleno dereito cando se trata de actos ditados por órgano manifestamente incompetente por razón da materia ou do territorio.

Considerando que, en virtude do exposto, e segundo o informe citado, o Decreto da alcaldía, de 25 de marzo de 2019 (res. 220/19), cuxa revisión se pretende, é nulo de pleno dereito ao tratarse dun acto administrativo ditado por órgano manifestamente incompetente por razón da materia.

Considerando que, segundo o artigo 106 da LPACAP, as Administracións Públicas, en calquera momento, por iniciativa propia ou a solicitude de interesado, e previo ditame favorable do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma, se o houbera, declararán de oficio a nulidade dos actos administrativos que

puxeran fin á vía administrativa ou que non foran recorridos en prazo, nos supostos previstos no artigo 47.1 do citado texto legal.

Considerando que o citado informe, e demais incorporados ao expediente, son asumidos pola presente como motivación, en base ao artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

En virtude do exposto, o Pleno da Corporación, na sesión extraordinaria de 21 de maio de 2019, acordou iniciar o procedemento de revisión de oficio da Resolución da alcaldía de 25 de marzo de 2019 (res. 220/19), pola que se recoñece a D. Jesús Manuel Fernández Caamaño a compatibilidade solicitada para o exercicio da avogacía, por atoparse incursa na causa de nulidade á que se refire o artigo 47.1b) da LPACAP, concedendo ao interesado un prazo de vista e audiencia no expediente, durante o prazo de 10 días, a contar dende o seguinte ao da notificación do acordo, para que alegara o que estimara conveniente en defensa dos seus dereitos achegando os documentos e xustificantes que considerara pertinentes.

Considerando que o citado acordo foi notificado o 28 de maio de 2019 (rex. saída nº 1185) a D. Jesús Manuel Fernández Caamaño, sendo recibido por este o 29 de maio de 2019, sen que durante o prazo de dez días concedido para vista e audiencia do expediente se formulara polo interesado alegación algunha, tal e como se desprende do informe do administrativo xefe do negociado de servizos xerais do Concello de Teo, de 8 de xullo de 2019, incorporado ao expediente.

Visto o disposto no artigo 106 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, e en virtude do exposto, proponse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Formular a seguinte proposta de resolución:

"1.- Declarar nula de pleno dereito a Resolución da alcaldía de 25 de marzo de 2019 (res. 220/19), concedendo a compatibilidade a D. Jesús M. Fernández Caamaño para o exercicio da avogacía, por atoparse incurso na causa de nulidade á que se refire o artigo 47.1b) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común

das Administracións Públicas, ao ditarse por órgano manifestamente incompetente por razón da materia.

2.- Notificar o acordo ao interesado, sinalándolle os recursos procedentes".

Segundo.- Continuar coa tramitación do procedemento de revisión de oficio da Resolución da alcaldía de 25 de marzo de 2019 (res. 220/19), concedendo a compatibilidade a D. Jesús M. Fernández Caamaño para o exercicio da avogacía, e solicitar ditame preceptivo do Consello Consultivo de Galicia.

Terceiro.- Notificar o presente acordo ao interesado, advertíndolle que a solicitude do informe preceptivo do Consello Consultivo de Galicia interrompe o prazo para resolver, de acordo co establecido no artigo 22.1 da LPACAP".

Preguntado polo sr. alcalde, o portavoz do BNG, sr. Fernández, a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, e o portavoz do PP, sr. Guerra, non fan uso das súas quendas de intervención.

Non abríndose debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con dez votos a favor (4 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE e 2 BNG) e sete abstencións (7 PP), acorda:

Primeiro.- Formular a seguinte proposta de resolución:

"1.- Declarar nula de pleno dereito a Resolución da alcaldía de 25 de marzo de 2019 (res. 220/19), concedendo a compatibilidade a D. Jesús M. Fernández Caamaño para o exercicio da avogacía, por atoparse incurso na causa de nulidade á que se refire o artigo 47.1b) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, ao ditarse por órgano manifestamente incompetente por razón da materia.

2.- Notificar o acordo ao interesado, sinalándolle os recursos procedentes".

<u>Segundo</u>.- Continuar coa tramitación do procedemento de revisión de oficio da Resolución da alcaldía de 25 de marzo de 2019 (res. 220/19), concedendo a compatibilidade a D. Jesús M. Fernández Caamaño para o exercicio da avogacía, e solicitar ditame preceptivo do Consello Consultivo de Galicia.

<u>Terceiro</u>.- Notificar o presente acordo ao interesado, advertíndolle que a solicitude do informe preceptivo do Consello Consultivo de Galicia interrompe o prazo para resolver, de acordo co establecido no artigo 22.1 da LPACAP.

8.- PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA SOBRE DEDICACIÓNS EXCLUSIVAS E PARCIAL.

O sr. alcalde refírese á proposición da alcaldía, de 26 de xullo de 2019, sobre dedicacións exclusivas e parcial, e sinala que, ao tratarse dun asunto non ditaminado previamente pola Comisión Informativa correspondente, debe ratificarse a súa inclusión na orde do día.

Sometida a votación, o Pleno da Corporación, con quince votos a favor (4 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE e 7 PP) e dúas abstencións (2 BNG), acorda ratificar a inclusión do asunto na orde do día, de acordo cos artigos 82.3 e 97.2 do ROF e 31.2 do ROM.

O sr. alcalde da conta da proposición da alcaldía, de 26 de xullo de 2019, sobre dedicacións exclusivas e parcial, que se reproduce a continuación.

"<u>PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA</u>

O artigo 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), recoñece o dereito dos membros das Corporacións locais a percibir retribucións polo exercicio dos seus cargos, cando os desempeñen con dedicación exclusiva ou parcial, sendo dados de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social e asumindo as Corporacións o pago das cotas empresarias que corresponda.

Neste contexto cabe salientar que as atribucións que a normativa vixente en materia de réxime local lles encomenda aos alcaldes fai preciso que, para acadar a maior eficacia no desempeño das mesmas, o cargo de alcalde deba exercerse con dedicación exclusiva, así como as dedicacións exclusivas e parciais a concelleiros/as necesarias para o eficaz e axeitado funcionamento das distintas áreas municipais.

En virtude do exposto, estudadas as especiais características do Concello e de acordo co establecido nos artigos 75, 75 bis, 75 ter. 1. f) e co artigo 13 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROF), e a disposición adicional trixésimo quinta da Lei 6/2018, de 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018, prorrogado para a anualidade en curso, proponse ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a dedicación exclusiva para o cargo de alcalde, cunhas retribucións brutas anuais de 43.000€, non podendo percibir asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados de que forme parte, pero si percibir indemnizacións polos gastos ocasionados polo exercicio do cargo, cando sexan efectivos, e previa xustificación dos mesmos.

Ditas retribucións actualizaranse anualmente na porcentaxe na que o fagan as retribucións dos funcionarios/as municipais, e percibirase en catorce pagas anuais (doce ordinarias e dúas extraordinarias, en xuño e decembro, polo mesmo importe).

Segundo.- Aprobar a dedicación exclusiva, que implicará dedicación preferente ás tarefas propias do cargo, para as concellarías que se detallan a continuación:
1.- Concellería de Urbanismo, Seguridade cidadá, Enerxía e Sostibilidade.

2.- Concellaría de Mobilidade, Comercio, Turismo, Emprego e Igualdade.

3.- Concellaría de Benestar, Persoal e Deportes.

4.- Concellaría de Educación, Cultura, Administración e Participación veciñal,

A retribución anual que percibirá o/a concelleiro/a responsable de cada unha das concellería citadas será de 34.400,00€ brutos anuais, non podendo percibir asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados de que forme parte, pero si percibir indemnizacións polos gastos ocasionados polo exercicio do cargo, cando sexan efectivos, e previa xustificación dos mesmos.

Ditas retribucións actualizaranse anualmente na porcentaxe na que o fagan as retribucións dos funcionarios/as municipais, e percibirase en catorce pagas anuais (doce ordinarias e dúas extraordinarias, en xuño e decembro, polo mesmo importe).

Terceiro.- Aprobar a dedicación parcial, cunha dedicación das tres cuartas partes da xornada, para realizar as tarefas propias do cargo para a concellería de servizos básicos, coa retribución bruta anual de 25.800,00€, non podendo percibir asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados de que forme parte, pero si percibir indemnizacións polos gastos ocasionados polo exercicio do cargo, cando sexan efectivos, e previa xustificación dos mesmos.

Ditas retribucións actualizaranse anualmente na porcentaxe na que o fagan as retribucións dos funcionarios/as municipais, e percibirase en catorce pagas anuais (doce ordinarias e dúas extraordinarias, en xuño e decembro, polo mesmo importe).

Cuarto.- Solicitar ante a Tesourería Xeral da Seguridade Social a alta dos membros da Corporación con dedicación exclusiva e dedicación parcial, asumindo o Concello as obrigas que as normas do Réxime Xeral da Seguridade Social impoñen ás empresas en relación cos traballadores ao seu servizo.

Quinto.- Asumir o pagamento da cotas empresariais que correspondan en virtude deste acordo.

Sexto.- Facer público o presente acordo segundo o previsto na normativa aplicable".

O sr. alcalde explica que a proposta é a mesma que a do último Pleno, que foi rexeitada, engadindo que vista a situación actual ten intención de facer una modificación da proposición de xeito que se manteña a mesma situación que había no ano 2015, as mesmas dedicacións e os mesmos soldos.

Explica o sr. alcalde que a emenda que propón concrétase na modificación das cantidades recollidas na proposición, e así, no caso da dedicación exclusiva da alcaldía proponse 40.000 €, fronte aos 43.000 € que figuran na proposición, no caso das restantes dedicacións exclusivas proponse 32.000 €, fronte aos 34.400 € que aparecen na proposición, e no caso da dedicación parcial, de tres cuartas partes da xornada, se substituiría por unha dedicación parcial, da metade da xornada, cun importe de 17.000 €, fronte aos 25.800 € que aparecen na proposición.

Explica o sr. alcalde que, de acordo co exposto, ao igual que no ano 2017 e 2018 o gasto ascendería a 185.000 €, engadindo que máis alá non poden ir.

Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do BNG, sr. Fernández, sinala que parece que o sr. alcalde non entendeu o que dixeron os/as veciños/as de Teo nas eleccións de maio, e volta a insistir, sendo ese o problema do 8 de xullo, porque eles xa dicían que para traer unha proposta deste tipo debería de existir un proceso de negociación e diálogo para consensuala.

Sinala o sr. Fernández que o sr. alcalde manda unha proposta, que é igual á do 8 de xullo, e agora quere emendar a proposta para deixala como nos últimos catro anos. Sinala que se se remite ao Pleno de xullo de 2015, hai que ter en conta o voto do BNG naquel Pleno, e non é que o BNG apoiara esa proposta de dedicacións daquel Pleno tampouco.

Sinala o sr. Fernández que o grave do problema é que non se ten en consideración para nada cal é a opinión do BNG, non se abre un proceso de diálogo, que é fundamental para eles, e non se acada unha proposta consensuada, e seguen traéndose propostas, que neste caso xa se sacan no mesmo Pleno, engadindo que esta non lles parece a forma de proceder.

Reitera o sr. Fernández que o problema é o mesmo, porque non lles preocupan as contías do que cobren os/as concelleiros/as, o problema é que non se chegou a negociar e era "*ou isto ou nada*", como se fai agora. Considera o sr. Fernández que o proceso de diálogo e consenso non é importante para o sr. alcalde, e ese é o problema.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, e di que hai unha cuestión de forma e outra de fondo. Tratándose da forma sinala que as posicións foron fixadas por todas as forzas, sobre todo por algún tipo de criterio polo equipo de goberno, e despois polo BNG, que fixou unha serie de criterios de cinco dedicacións e 190.000 €. Sinala que neste caso hai unha proposta dun gasto anual inferior, de 5.000 € menos con respecto ao fixado polo BNG na reunión de hai unha ou dúas semanas.

En canto ao fondo sinala a sra. Lemus que a cuestión é que non hai goberno. Cada un asume a súa responsabilidade da forma que llo permite o seu traballo e iso, á marxe das consideracións de forma, implica unha situación de bloqueo do goberno municipal. Sinala que chegado un determinado momento o seu partido optou por apoiar ao sr. Sisto como alcalde, e este tiña a responsabilidade de formar un goberno, chegouse a un acordo, e fíxose un reparto de áreas bastante equilibrado. Sinala que o que acontece non é forma de xestionar e xa os propios veciños recoñecen que non se está a xestionar.

Considera a sra. Lemus que, con independencia das consideracións de cada un sobre as dedicacións, hai que pensar quén goberna e cómo se goberna, e unha vez que iso se pensa hai que empezar a gobernar canto antes. Salienta que por parte do PSOE fixeron todas as cesións necesarias e ata aquí chegaron, non podendo ir más aló pola conformación das súas áreas, e considera que é unha proposta que debería ser, senón aceptada, si permitida para desbloquear a situación actual.

Entende a sra. Lemus que nestes casos a veces se priman os aspecto tácticos, ou a curto prazo, porén agora hai un problema, que está tendo consecuencias na xestión diaria e administrativa do concello, que é a falta de goberno. Remata a sra. Lemus a súa intervención solicitando a todas as forzas políticas que valoren o tema con respecto

ao decidido polos veciños, que consideren onde está cada un deles e o que se lle debe aos veciños/as. Solicita a sra. Lemus unha certa altura de miras para desbloquear por fin a situación.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, e sinala que non lles parece serio vir con esto así, de esta forma sorpresa. Sinala que van a reiterar o mesmo que no 2015 e no Pleno do outro día polo que non van a apoiar a proposta.

O sr. alcalde di que o problema parece ser que é que non se entendeu a mensaxe do electorado. Esa mensaxe non é que teñan que facer de palmeiros do BNG nin rodealo de atencións. Sinala que a mensaxe das eleccións foi que había tres forzas que tiñan que unirse para gobernar o concello, e se hai unha que, con toda lexitimidade, decide non facelo, está moi ben, pero non se pode poñer o problema onde non é.

O sr. alcalde di que escoitou varias veces ao portavoz do BNG, dende a última semana, que falaba de cinco dedicacións exclusivas, e 190.000 € como tope.

Sinala que a proposta é de 185.000 € e cinco dedicacións e media, polo que se din que non, xa se están retratando e o único que se quere é que non haxa goberno en Teo, é o único.

Sinala o sr. alcalde que se lle ten que deixar distribuír os cartos como queiran e se necesitan cinco dedicación e media, as necesitan, e o fan por menos do que o BNG propón, 185.000 €, polo que agora o BNG lle terá que dicir que non van a poder seguir gobernando nas mesmas condición de como o viñan facendo nos últimos catro anos. Pide o sr. alcalde ao BNG que lle deixen gobernar e desbloqueen a situación, engadindo que se se opoñen se estaría retratando diante da cidadanía e se trataría de bloquear por bloquear.

Aberta a segunda quenda de intervencións, o portavoz do grupo mixto, sr. Fernández, sinala que o goberno anterior tiña nove concelleiros e este oito. No ano 2015 os nove concelleiros votaron a favor da proposta, e incluso o BNG naquel Pleno de

organización preguntaba cáles eran as razóns que xustificaban algunhas das dedicacións exclusivas, tal el como consta na acta, e as explicacións déronse daquela maneira. O sr. Fernández sinala que agora pasa o mesmo, xa que existen concellarías que non dubidan que precisan dedicación exclusiva, como urbanismo, benestar, persoal e deportes, a alcaldía, e incluso servizos básicos, porén hai outras delegacións que polas competencias que ten o concello de Teo non requirirían dedicación exclusiva. Lembra o sr. Fernández que iso o dixeron no ano 2015, e consta en acta.

Explica que cando se fala de cinco dedicacións exclusivas, fala de cando gobernaba o BNG, con cinco dedicacións e a masa salarial era de 190.570 €, máis cargas sociais, por iso se poñía esta referencia. Considera o sr. Fernández que se gobernou con cinco dedicacións, entre os que estaban o sr. alcalde e el mesmo, e por iso falan de cinco. Sinala que cando, no seu momento, se miraba a posibilidade de que o BNG entrara no goberno, falaron de cinco, 2 para Son de Teo, 2 para o PSOE e 1 para o BNG, e dixeron que non, pero permitiron que tiveran as cinco, as mesma que existirían no caso de que no goberno estivese o BNG.

Sinala o sr. Fernández que as cantidades fan referencia a iso porque na política hai que tratar de ser coherente, e eles tratan de ser coherentes. Sinala que o sr. alcalde saca agora esta proposta e pregunta por qué non a saca fai unha hora, cando tiveron unha reunión do POS e dos fondos europeos, por qué prefire chegar ao Pleno. Sinala que se podería chegar ao Pleno cos votos necesarios para aprobalo, se existise diálogo e consenso, porén agora se volta a sacar esta proposta da manga a ver que fan os demais.

O sr. Fernández sinala que neste momento, á vista da situación, lle gustaría que se puidera facer un breve receso, porque a proposta vai máis alá do grupo municipal do BNG e precisa comentar a proposta.

O sr. alcalde di que non hai ningún problema en facer un receso de dez minutos.

Neste momento, sendo as vinte horas e trinta minutos, acórdase facer un receso de 10 minutos, reanudándose a sesión ás vinte horas e corenta minutos, estando presentes, ao igual que antes do receso, todos os/as concelleiros/as da Corporación.

Intervén o portavoz do BNG, sr. Fernández, quen agradece o receso, para poder falar, engadindo que son unha organización política responsable e cando pasan cousas así teñen que falalas, porque non son donos e señores.

Sinala o sr. Fernández que hoxe se demostrou que o sr. alcalde ten unha actitude moi chulesca e ten que empezar a deixala fora do Salón de Plenos, engadindo que el intenta non vir nese plan porque non gaña nada nin el nin os/as veciños/as de Teo.

O sr. Fernández salienta que non necesitan palmadiñas na espalda, xa que o BNG atende aos/ás veciños/as que tiveron a ben darlle o seu apoio, e non a Son de Teo nin ao PSOE.

Considera que a actitude que tivo hoxe o sr. alcalde neste punto non é de recibo e advírtelle que debe ter coidado de non ter esa actitude estes catro anos porque vai a precisar do voto do BNG para moitas cuestións, e el espera que ese voto poida ser un voto positivo ou unha abstención porque os/as veciños/as de Teo precisan que se atendan as moitas necesidades que existen.

Sinala o sr. Fernández que no 2015 existía un goberno con nove concelleiros/as, 7 de Son de Teo e 2 do PSOE, con maioría absoluta, decidiron traer unha proposta e aprobouse cos votos de Son de Teo e PSOE. Porén agora non teñen esa maioría e niso están, neste segundo Pleno con esta cuestión. O sr. Fernández di que o que reclaman, tal e como xa llo dixo persoalmente, é un alcalde dialogante, máis agora cando se trata dun goberno que non ten maioría para sacar todo adiante. Dirixíndose ao sr. alcalde o sr. Fernández dille que sabe que se quere pode facelo. Sinala que a democracia é iso, son formas, fondo e substancia, porén a forma é fundamental, xa que sen aspecto formal non hai democracia e sen diálogo non hai nada.

Sinala o sr. Fernández que para eles a situación é complicada porque se prexudica aos veciños/as de Teo. Explica que o BNG ten toda a disposición ao diálogo, como demostrou na reunión que acaban de celebrar.

Anuncia o sr. Fernández que, por responsabilidade, se van a abster. Solicita que conste en acta que falaban de cinco dedicacións exclusivas e falaban de salarios superiores os que presenta o sr. alcalde, porque para eles en política é moi importante ter salarios dignos, o que non quere dicir que os propostos non o sexan, porque foron os salarios que houbo durante os últimos catro anos, senón que para o BNG non era un problema que se cobrarán 100 euros máis cada mes.

Reitera o sr. Fernández que falaba de cinco dedicacións porque así foi como gobernou o BNG o concello de Teo, no primeiro período con tres dedicacións e media, de 2007 a 2011, e de 2011 ate o 2012, período no que gobernou con maioría absoluta, con cinco dedicacións exclusivas, sendo el unha das persoas que a cobraba, exactamente 36.434 €, 1.865 euros netos cada mes, engadindo que o di para que cando se fala se mire de que cantidades se fala, xa que no se fala de millonadas.

Sinala o sr. Fernández que o que piden e esixen é un alcalde dialogante e dende esa actitude sempre encontrará ao BNG.

Sinala que dende xullo Teo aforrou 22.000 € e aínda que a vontade non era que se aforraran eses cartos, non obstante, con todo isto, se aforraron, sen querer, por non dialogar e consensuar unha proposta.

Reitera o sr. Fernández que para evitar unha situacións deste tipo se necesita un alcalde dialogante e un grupo de goberno que teña esa disposición e así sempre terá ao BNG de parte. Remata o sr. Fernández sinalando que vai a utilizar a frase mítica de que *a política é ética e máis estética*. Sinala que é moi importante, e sobre todo pensar que cando se din esas palabras teñen contido, xa que a ética é fundamental e a estética é moi importante, sobre todo en democracia.

Remata o sr. Fernández a súa intervención, agardando que estes catro anos sexan os catro anos de diálogo en Teo.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, quen formula unha petición para posteriores temas. Sinala que chegados a este punto deberían todos facer un pouco máis de reunión, dándolle a razón ao BNG nisto, considera que hai temas que non se poden discutir de xeito transparente, e agradecería un espírito de colaboración. Sinala que convocaron unha reunión, ás sete da tarde, sobre propostas de obras e infraestruturas para o vindeiro ano, á que asistiu o BNG, denegando o PP a súa asistencia.

O sr. Sánchez pregunta qué para que.

A sra. Lemus di que en xeral gústalle moito perder o tempo e facer reunións de paripé, porén non era esa a súa idea.

O portavoz do PP, sr. Guerra, di que cando non cobran non fan nada.

A sra. Lemus di que, segundo o sr. Guerra, tampouco facían nada cobrando.

A sra. Lemus di que agradecería que se mellorara o diálogo e o espírito de colaboración entre todas as forza políticas, incluídos os que pensan que non traballan e están todo o día mirando para o teito.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen di que o sr. Fernández falou de ética e que ética non hai moita. Sinala que o sr. alcalde fixo unha referencia ao sentir dos veciños sobre o voto, e hai que ter en conta que os veciños decidiron que o PP gañara as eleccións. Explica que levan todo este tempo repartíndose as dedicacións exclusivas, tirándose os tratos, e sen comunicarse co PP.

Salienta que co PP non existiu nin unha chamada por parte de ningún, e dicían nos medios de comunicación "*non pode gobernar a dereita, sobre todo esa dereita*", engadindo que lle gustaría saber a que se refiren con "*esa dereita"*.

Explica o sr. Guerra que a reunión tamén a tiveron fai catro anos e a sra. Lemus fixo o que quixo e por onde quixo, polo que entón non sabe para que veñen. Salienta que todo o concello está destrozado e que o goberno non vai ás obras e agora bótanlle a culpa a que non están cobrando e non teñen obriga de ir, porén non van nin cobrando nin sen cobrar.

O sr. alcalde sinala que é certo que o PP é a forza maioritaria, porén a suma dos votantes de esquerdas é maior, e a suma enriquece e multiplica.

Dirixíndose ao sr. Fernández, o sr. alcalde dille que non se resiste a dicir que se a pretensión do BNG non era baixar o salario, o terán que crer, porén houbo que baixar o que eles dous cobraban no seu momento, en plena crise, de 36.000 € a 32.000€, para que o BNG se absteña. Se ese non era o obxectivo non sabe que intentaba facer o BNG. O sr. alcalde di que se aledan de que se entrara en racionalidade, esperando que a próxima vez non teñan que levar ao BNG ao punto da incoherencia, como aconteceu hoxe, para chegar a un resultado razoable, aínda que se é necesario o volverán a facer.

Sinala o sr. alcalde que haberá todas as vías de diálogo, acordo e colaboración co BNG, agora e sempre, cando non respondan a cuestións tácticas e que vaian simplemente cun obxectivo de non favorecer o goberno, e se se analiza todo o acontecido pódese dicir que era unha posición táctica.

Sinala o sr. alcalde que se ten que xustificar porque tiveron que facer isto, e foi porque crían que era unha situación de incoherencia absoluta.

Remata o sr. alcalde dicíndolle ao sr. Fernández que terán toda a colaboración con toda a lealdade.

O sr. Fernández, dirixíndose ao sr. alcalde, di que non sabe como dicirllo, porque aínda non se votou e xa están así, e non se pode andar con tonterías.

Pregunta o sr. Fernández onde está a incoherencia da que fala o sr. alcalde.

O sr. alcalde sinala que tiveron que facer a proposta que fixeron para que o BNG se plantexe a abstención.

O sr. Fernández pregunta en qué foi incoherente o BNG.

Lembra o sr. Fernández que coñeceron a proposta das dedicacións exclusivas pola prensa, negociada polo equipo de goberno, despois chegaron a unha reunión e se lles di que era o que había, e que o BNG *o tiña que votar*. Explica que cando o BNG pregunta se escoitaron a súa proposta, se lles di que o BNG non ten nada que propoñer, debéndose ter en conta que cando alguén quere o voto da outra parte ten que negocialo.

Lembra o sr. Fernández que no Pleno se dixo que non, e ven esta proposta e a reposta é a mesma, non e non, e punto. E chegouse ao Pleno e xa se comeza autoemedando a súa proposta, polo que non sabe quen será o incoherente, porque cando se ven cunha proposta haberá que defendela ata o final. Sinala que se lle di que é incoherente e pregunta se é por defender o mesmo que tiña o BNG no ano 2011.

Sinala o sr. Fernández que agora o sr. alcalde ponse neste plan, cando aínda nin tan sequera se votou, e incluso di que se hai unha próxima, será igual. Salienta o sr. Fernández que na política as formas son importantes e o da ética e o da estética é importante e o cre, porque sabe o lugar que ocupan e porque os seus votos son precisos e cando é así haberá que intentar falar e consensuar as cousas.

Sinala que, como dixo a sra. Lemus, a actitude é moi importante, porque con actitude conseguiranse resultados, engadindo que se o BNG estivera neste goberno, o goberno tería 5 dedicacións, como tivo o BNG no ano 2011, e agora mesmo os/as

concelleiros/as van a cobrar o mesmo que ata o de agora, aínda que cun concelleiro menos

O sr. alcalde insiste en que a incoherencia está en que o BNG non acepta o montante económico global do ano 2012, engadindo que terán as portas abertas e non haberá ningún problema de colaboración, esperando que se abran as vías para un goberno produtivo.

Antes de sometela a votación, concreta o sr. alcalde a emenda proposta, que consiste en modificar as cantidades incluídas na proposición das dedicacións exclusivas e parcial, nos termos seguintes:

.- Tratándose da alcaldía proponse unha cantidade de 40.000 €, fronte aos 43.000 € que aparecen na proposición.

.- No caso das restantes dedicacións exclusivas proponse a cantidade de 32.000 €, fronte aos 34.400 € que aparecen na proposición.

.- No caso da dedicación parcial (das tres cuartas partes da xornada), proponse substituíla por unha dedicación parcial (da metade da xornada) cun importe de 17.000 €, fronte aos 25.800 € que aparecen na proposición.

Explica o sr. alcalde que se vai a proceder a someter a votación a emenda formulada e a continuación, en función do resultado, someterase a votación a proposición emendada ou a proposición tal e como se presentou.

Sometida a votación a emenda formulada polo sr. alcalde, obtense o seguinte resultado:
Votos a favor – 8 (4 Son de Teo e 4 PSOE)
Votos en contra – 7 (7 PP)
Abstencións – 2 (BNG).

De acordo co resultado da votación, o acordo da proposición emendada quedaría redactado conforme se recolle a continuación

Primeiro.- *Aprobar a dedicación exclusiva para o cargo de alcalde, cunhas retribucións brutas anuais de 40.000€, non podendo percibir asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados de que forme parte, pero si percibir indemnizacións polos gastos ocasionados polo exercicio do cargo, cando sexan efectivos, e previa xustificación dos mesmos.*

Ditas retribucións actualizaranse anualmente na porcentaxe na que o fagan as retribucións dos funcionarios/as municipais, e percibirase en catorce pagas anuais (doce ordinarias e dúas extraordinarias, en xuño e decembro, polo mesmo importe).

Segundo.- *Aprobar a dedicación exclusiva, que implicará dedicación preferente ás tarefas propias do cargo, para as concellarías que se detallan a continuación:*
1.- Concellería de Urbanismo, Seguridade cidadá, Enerxía e Sostibilidade.

2.- Concellaría de Mobilidade, Comercio, Turismo, Emprego e Igualdade.

3.- Concellaría de Benestar, Persoal e Deportes.

4.- Concellaría de Educación, Cultura, Administración e Participación veciñal,

A retribución anual que percibirá o/a concelleiro/a responsable de cada unha das concellería citadas será de 32.000,00 € brutos anuais, non podendo percibir asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados de que forme parte, pero si percibir indemnizacións polos gastos ocasionados polo exercicio do cargo, cando sexan efectivos, e previa xustificación dos mesmos.

Ditas retribucións actualizaranse anualmente na porcentaxe na que o fagan as retribucións dos funcionarios/as municipais, e percibirase en catorce pagas anuais (doce ordinarias e dúas extraordinarias, en xuño e decembro, polo mesmo importe).

Terceiro.- *Aprobar a dedicación parcial, cunha dedicación das metade da xornada, para realizar as tarefas propias do cargo para a concellería de servizos básicos, coa retribución bruta anual de 17.000,00€, non podendo percibir asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados de que forme parte, pero si percibir indemnizacións polos gastos ocasionados polo exercicio do cargo, cando sexan efectivos, e previa xustificación dos mesmos.*

Ditas retribucións actualizaranse anualmente na porcentaxe na que o fagan as retribucións dos funcionarios/as municipais, e percibirase en catorce pagas anuais (doce ordinarias e dúas extraordinarias, en xuño e decembro, polo mesmo importe).

Cuarto.- *Solicitar ante a Tesourería Xeral da Seguridade Social a alta dos membros da Corporación con dedicación exclusiva e dedicación parcial, asumindo o Concello as obrigas que as normas do Réxime Xeral da Seguridade Social impoñen ás empresas en relación cos traballadores ao seu servizo.*

Quinto.- *Asumir o pagamento da cotas empresariais que correspondan en virtude deste acordo.*

Sexto.- *Facer público o presente acordo segundo o previsto na normativa aplicable".*

O sr. alcalde sinala que se vai a someter a votación a proposición de 27 de xullo, coa emenda que se acaba de aprobar.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con oito votos a favor (4 Son de Teo e 4 PSdeG-PSOE), sete votos en contra (7 PP) e dúas abstencións (2 BNG), acorda:

Primeiro.- Aprobar a dedicación exclusiva para o cargo de alcalde, cunhas retribucións brutas anuais de 40.000€, non podendo percibir asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados de que forme parte,

pero si percibir indemnizacións polos gastos ocasionados polo exercicio do cargo, cando sexan efectivos, e previa xustificación dos mesmos.

Ditas retribucións actualizaranse anualmente na porcentaxe na que o fagan as retribucións dos funcionarios/as municipais, e percibirase en catorce pagas anuais (doce ordinarias e dúas extraordinarias, en xuño e decembro, polo mesmo importe).

Segundo.- Aprobar a dedicación exclusiva, que implicará dedicación preferente ás tarefas propias do cargo, para as concellarías que se detallan a continuación:
1.- Concellería de Urbanismo, Seguridade cidadá, Enerxía e Sostibilidade.

2.- Concellaría de Mobilidade, Comercio, Turismo, Emprego e Igualdade.

3.- Concellaría de Benestar, Persoal e Deportes.

4.- Concellaría de Educación, Cultura, Administración e Participación veciñal,

A retribución anual que percibirá o/a concelleiro/a responsable de cada unha das concellería citadas será de 32.000,00€ brutos anuais, non podendo percibir asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados de que forme parte, pero si percibir indemnizacións polos gastos ocasionados polo exercicio do cargo, cando sexan efectivos, e previa xustificación dos mesmos.

Ditas retribucións actualizaranse anualmente na porcentaxe na que o fagan as retribucións dos funcionarios/as municipais, e percibirase en catorce pagas anuais (doce ordinarias e dúas extraordinarias, en xuño e decembro, polo mesmo importe).

Terceiro.- Aprobar a dedicación parcial, cunha dedicación da metade da xornada, para realizar as tarefas propias do cargo para a concellería de servizos básicos, coa retribución bruta anual de 17.000,00€, non podendo percibir asistencias pola

concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados de que forme parte, pero si percibir indemnizacións polos gastos ocasionados polo exercicio do cargo, cando sexan efectivos, e previa xustificación dos mesmos.

Ditas retribucións actualizaranse anualmente na porcentaxe na que o fagan as retribucións dos funcionarios/as municipais, e percibirase en catorce pagas anuais (doce ordinarias e dúas extraordinarias, en xuño e decembro, polo mesmo importe).

Cuarto.- Solicitar ante a Tesourería Xeral da Seguridade Social a alta dos membros da Corporación con dedicación exclusiva e dedicación parcial, asumindo o Concello as obrigas que as normas do Réxime Xeral da Seguridade Social impoñen ás empresas en relación cos traballadores ao seu servizo.

Quinto.- Asumir o pagamento da cotas empresariais que correspondan en virtude deste acordo.

Sexto.- Facer público o presente acordo segundo o previsto na normativa aplicable.

9.- PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA SOBRE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES EN ÓRGANOS COLEXIADOS.

O sr. alcalde refírese á proposición da alcaldía, de 24 de xullo de 2019, sobre nomeamentos de representantes da Corporación en órganos colexiados, sinalando que, ao tratarse dun asunto non ditaminado previamente pola Comisión Informativa correspondente, debe ratificarse a súa inclusión na orde do día

Sometida a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros, acorda ratificar a inclusión do asunto na orde do día, de acordo cos artigos 82.3 e 97.2 do ROF e 31.2 do ROM.

O sr. alcalde da conta da proposición da alcaldía, de 24 de xullo de 2019, sobre nomeamentos de representantes da Corporación en órganos colexiados, que se reproduce a continuación.

"PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS.

De acordo co disposto no artigo 38.c) do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Pleno debe proceder ao nomeamento de representantes da Corporación nos órganos colexiados que sexan da súa competencia.

En virtude do exposto, proponse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Nomear ós/ás concelleiros/as que se detallan a continuación, como representantes desta Corporación nos seguintes Consellos Escolares:

- Consello Escolar do I.E.S. de Cacheiras: María Vázquez Rey
- Consello Escolar do C.E.I.P. de Calo: Dna. María López Álvarez
- Consello Escolar do C.E.I.P. A Ramallosa: Dolores Nariño Facal
- Consello Escolar do C.E.I.P. dos Tilos: Dna. María Josefa Argibay da Silva
- Consello Escolar do C.R.A. (Colexio Rural Agrupado): Carme Diéguez González
- Consello Escolar das Escolas Infantís Municipais: María Josefa Argibay da Silva
- Comisión de baremación das Escolas infantís Municipais: Manuel Anxo Fernández Baz

Segundo.- Nomear como representante da Corporación na Xunta Local de incendios a D. Rafael Carlos Sisto Edreira

Terceiro.- Nomear como representante da Corporación na Mancomunidade de Municipios de Santiago de Compostela a D. Rafael C. Sisto Edreira.

Cuarto.- Nomear como representante da Corporación nas Xuntas de Compensación dos SAUR a Dna. Uxía Lemus de la Iglesia.

Quinto.- Nomear como representante da Corporación no GDR "Terras de Compostela" a Dna. Iria Otero Romero.

Sexto.- Dar traslado do presente acordo aos/ás concelleiros/as e notificalo aos órganos citados para o seu coñecemento e efectos oportunos.
Teo, 24 de xullo de 2019
O alcalde
Rafael C. Sisto Edreira"

O sr. alcalde explica que, en virtude do solicitado polo PP, é preciso emendar a proposición, e así como representante do Consello Escolar do I.E.S. de Cacheiras habería que poñer a D. Antonio R. Sánchez Crespo (en vez de a D.ª María Vázquez Rey) e como representante do Consello Escolar do C.E.I.P. A Ramallosa habería que poñer a D.ª María Vázquez Rey (en vez de a D.ª Dolores Nariño Facal).

Intervén o portavoz do BNG, sr. Fernández, quen sinala que dende o seu grupo queren tamén emendar a proposición no senso de que na Comisión de baremación da Escolas Infantís Municipais se poña a D.ª Carmen Diéguez González, e no Consello Escolar do C.R.A. (Colexio Rural Agrupado) se poña a D. Manuel A. Fernández Baz.

Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do BNG, sr. Fernández, pregunta cál foi o criterio que se utilizou nos Consellos escolares para facer os nomeamentos.

O sr. alcalde explica que o criterio fundamental é que todas as forzas política tiveran representación, aínda que preferiron que a Concelleira de educación escollese en cales prefería estar.

Sinala o sr. alcalde que é certo que non é unha representación proporcional exacta, porque senón ao PP lle corresponderían máis. Entende que todos os órganos teñen unha presenza similar, e non teñen características moi especiais, agás a Comisión de baremación, que ten unha concepción distinta, adxudicándoselle ao BNG por ser a

forza minoritaria nese campo e non ter representación directa en dous Consellos escolares.

O sr. Fernández sinala que cando viu a proposta inicial e viuse na Comisión de baremación lembrou que non se concretara neses termos e que non se dixera que tiña que ir el.

O sr. alcalde sinala que o outro día na Comisión se comentou que a proposta tiña que ser nominal e chegado o momento de facer a proposta non se contaba coa proposta do PP e do BNG, por iso a colocación foi discrecional podendo non obstante ser modificada.

O sr. Fernández sinala que di isto porque estas cousas as toman moi en serio, e ter que asistir a un órgano deste tipo require un tempo importante, porque hai moitos expedientes que revisar, sobre todo ao inicio do curso, e hai cuestións ás que hai que dedicarlle tempo. Salienta que ademais as Comisións de baremación se celebran pola mañá, e hai unha cuestión que ten que ver con temas laborais, problema que non teñen os/as concelleiros/as con dedicación exclusiva. Sinala o sr. Fernández que non poden garantir a asistencia a todos as Comisións de baremación, tendo en conta que toman moi en serio estes órganos, sobre todo cando representan á Corporación municipal, debéndose ter en conta estas cuestións, que para eles son importantes. Sinala o sr. Fernández que dende que el é concelleiro, no 2011, o goberno municipal foi sempre o que tivo a representación en todos os órganos da proposta e agora non se empregou ese criterio, e hai que ter en conta todas estas cuestión para evitar despois ter que andar xustificando ausencias, debendo quedar claras todas estas apreciacións.

A sra. Lemus non fai uso da súa quenda de intervención.

O sr. alcalde sinala que non son representantes do goberno, senón da Corporación, facéndose cun criterio de representación plural. Sinala que, agora, o criterio de tempo é certo, porén cando se fixo a proposta estaban todos/as nas mesmas circunstancias e

nin el mesmo tiña claro se a estas alturas seguirían nas mesmas circunstancias de dispoñibilidade.

Remata o sr. alcalde sinalando que en todo caso se alguén ve que non vai a poder asistir, pode renunciar e se pode mirar de facer outra proposta.

Explica o sr. alcalde que se vai a proceder a someter a votación as emendas formuladas por el mesmo e polo portavoz do BNG.

Sometidas a votación as emendas formuladas, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros, acorda aprobalas.

De acordo co resultado da votación, o acordo da proposición emendada quedaría redactado conforme se recolle a continuación.

"Primeiro.- Nomear ós/ás concelleiros/as que se detallan a continuación, como representantes desta Corporación nos seguintes Consellos Escolares:

- Consello Escolar do I.E.S. de Cacheiras: D. Antonio R. Sánchez Crespo
- Consello Escolar do C.E.I.P. de Calo: Dna. María López Álvarez
- Consello Escolar do C.E.I.P. A Ramallosa: Dna. María Vázquez Rey
- Consello Escolar do C.E.I.P. dos Tilos: Dna. María Josefa Argibay da Silva
- Consello Escolar do C.R.A. (Colexio Rural Agrupado): D. Manuel A. Fernández Vaz
- Consello Escolar das Escolas Infantís Municipais: Dna. María Josefa Argibay da Silva
- Comisión de baremación das Escolas Infantís Municipais: Dna. Carmen Diéguez González

Segundo.- Nomear como representante da Corporación na Xunta Local de incendios a D. Rafael Carlos Sisto Edreira

Terceiro.- Nomear como representante da Corporación na Mancomunidade de Municipios de Santiago de Compostela a D. Rafael C. Sisto Edreira.

Cuarto.- Nomear como representante da Corporación nas Xuntas de Compensación dos SAUR a Dna. Uxía Lemus de la Iglesia.

Quinto.- Nomear como representante da Corporación no GDR "Terras de Compostela" a Dna. Iria Otero Romero.

Sexto.- Dar traslado do presente acordo aos/ás concelleiros/as e notificalo aos órganos citados para o seu coñecemento e efectos oportunos.

O sr. alcalde sinala que se vai a someter a votación a proposición de 24 de xullo, coas emendas aprobadas.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros (4 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE, 7 PP e 2 BNG), acorda:

Primeiro.- Nomear ós/ás concelleiros/as que se detallan a continuación, como representantes desta Corporación nos seguintes Consellos Escolares:

- **Consello Escolar do I.E.S. de Cacheiras: D. Antonio R. Sánchez Crespo**
- **Consello Escolar do C.E.I.P. de Calo: Dna. María López Álvarez**
- **Consello Escolar do C.E.I.P. A Ramallosa: Dna. María Vázquez Rey**
- **Consello Escolar do C.E.I.P. dos Tilos: Dna. María Josefa Argibay da Silva**
- **Consello Escolar do C.R.A. (Colexio Rural Agrupado): D. Manuel A. Fernández Vaz**
- **Consello Escolar das Escolas Infantís Municipais: Dna. María Josefa Argibay da Silva**
- **Comisión de baremación das Escolas infantís Municipais: Dna. Carmen Diéguez González**

<u>Segundo</u>.- Nomear como representante da Corporación na Xunta Local de incendios a D. Rafael Carlos Sisto Edreira

<u>Terceiro</u>.- Nomear como representante da Corporación na Mancomunidade de Municipios de Santiago de Compostela a D. Rafael C. Sisto Edreira.

<u>Cuarto</u>.- Nomear como representante da Corporación nas Xuntas de Compensación dos SAUR a Dna. Uxía Lemus de la Iglesia.

<u>Quinto</u>.- Nomear como representante da Corporación no GDR "Terras de Compostela" a Dna. Iria Otero Romero.

<u>Sexto</u>.- Dar traslado do presente acordo aos/ás concelleiros/as e notificalo aos órganos citados para o seu coñecemento e efectos oportunos.

10.- MOCIÓNS.

Antes de entrar no punto undécimo da orde do día relativo a rogos e preguntas, o sr. alcalde, de conformidade co previsto no artigo 91.4 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, e no artigo 33 do Regulamento orgánico, pregunta se algún grupo municipal quere presentar algunha moción de urxencia, sen que se presente ningunha polos grupos municipais.

11.- ROGOS E PREGUNTAS.

<u>ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO BNG.</u>

O/a concelleiro/a do BNG, formulan os/as seguintes rogos e preguntas:

1.- A sra. Diéguez sinala que vai a formular un rogo que non sabe se chegou a Pleno, pero, polo que lle di a veciñanza, si chegou ao Concello.

Pide a sra. Diéguez que se adopten medidas para garantir a seguridade viaria no lugar de Ribas, Oza. Explica que alí hai un cambio de rasante, é unha estrada estreita e non hai beiravías e os bordes están cheos de maleza, as sinais están en mal estado e

agora mesmo tapadas polas silvas. Hai unha sinal de limitación a 50, porén practicamente non a respecta ninguén. Sinala a sra. Diéguez que, sen prexuízo de todo o que acaba de sinalar, o principal problema é o cambio de rasante porque esta xusto aí. Hai unha incorporación á pista, ao lado do local social, e as persoas que se incorporan, se teñen que ir dirección a Cacheiras, teñen que atravesar un carril e non teñen visibilidade suficiente. Considera a sra. Diéguez que quizais se os coches foran a 50 si lle daría tempo pero se circulan a moito máis de 50, como acontece todos os días, os veciños/as que viven por esas casas e se teñen que incorporar todos os días á estrada, xóganse ter un accidente.

Salienta a sra. Diéguez que son os/as veciños/as as que lle pediron que trouxera este rogo, porque aínda que xa se plantexara a problemática e nalgún momento se tomaron medidas, non foron efectivas porque esa bandas rugosas eran arrancadas constantemente.

Sinala a sra. Diéguez que non existe unanimidade no tema das bandas rugosas, porén a seguridade está por enriba doutras cuestións. Pide a sra. Diéguez que se adopten medidas para garantir a seguridade.

O sr. alcalde sinala que comparten tanto preocupación como a valoración das bandas rugosas, indicando que o rogo será derivado ao concelleiro responsable da área.

2.- O sr. Fernández refírese ao Convenio da Xunta sobre a limpeza de fincas e pregunta se é o Seaga quen fai os traballos.

O sr. alcalde resposta que o Seaga so fai os traballos nas parroquias de Calo e Cacheiras, sempre e cando o propietario decida que o faga a ese prezo razoable de 35 € cada mil metros cadrados, porén para que o faga o terreo a limpar terá que estar dentro da faixa secundaria.

O sr. Fernández sinala que non sabe se o feito de que o faga o Seaga é algo obrigatorio, porque hai empresas locais que se dedican a eses traballos.

O sr. alcalde sinala que non o ter que facer o Seaga, engadindo que en principio o que lle dixeron en reunións informativas é que o Seaga vai a contratar a empresas da zoa para a realización dos traballos.

O sr. Fernández sinala que iso é importante.

O sr. alcalde sinala que iso se lle trasladou pola Dirección Xeral de forestais.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PSdeG-PSOE.

O/a concelleiro/a do PSdeG-PSOE non formulan ningún rogo nin pregunta.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PP.

Os/as concelleiros/as do PP formulan os/as seguintes rogos e preguntas:

1.- O sr. Guerra di que unha señora da Hermida está pedindo que se vaia desbrozar.

2.- O sr. Guerra sinala que na travesía de Balcaide se lle prometeu que en decembro ia a estar feito o alcantarillado e están esperando.

O sr. alcalde di que o material está xa todo alí e do único do que dependen agora é do permiso de fomento, ao que se lles chamou incluso hoxe, que se está retrasando máis da conta.

3.- O sr. Guerra sinala que no camiño que hai en San Antoniño da Arieira, no camiño portugués, no cruce que hai para arriba, onde hai unha pista municipal, ao igual que o camiño, asfaltada, a tajea non funciona e cando chove ese camiño é un río. Pide o sr. Guerra que se revise esa tajea e máis a seguinte, indo polo camiño e collendo á dereita.

4.- O sr. Sánchez refírese a un escrito que rexistraron a principios deste mes por unhas deficiencias na rúa Pena escorredia, en representación de diferentes veciños/as que

lles deron a coñecer esas carencias pola zoa. Pregunta o sr. Sánchez qué se lle pode dicir ao respecto.

O sr. alcalde sinala que estes día non se puido mirar moito. Explica que o mirou por enriba e sabe que había algunha cuestión que escapaba da competencia do concello, con respecto o tema da luz, ou de postes de Fenosa, ou de transformadores que quedaban alí de vello que, independentemente diso, si que se poderá pedir que se retiren. Sinala que se fará a semana que ven.

5.- O sr. Sánchez sinala que se queixa a veciñanza da zoa de que Geseco estaciona e limpan os seus vehículos fora da nave verquindo residuos á propia rúa, o comezo do paseo do roteiro. Pregunta o sr. Sánchez se teñen constancia disto e, se non é así, que tomen as medidas oportunas para que non ocorra.

O sr. alcalde sinala que non teñen constancia e que se mirará.

6.- O sr. Sánchez interésase pola situación dun coche abandonado e pregunta se se fixeron xestións. Sinala que a situación é especialmente delicada porque está aparcada nunha praza de minusválidos. Pregunta o sr. Sánchez se se lle notificou ao propietario.

O sr. Moñino di que a policía o ten en trámite para desaloxar o coche, engadindo que en todo caso non está tan claro que se trate dunha praza de minusválidos.

O sr. Sánchez di que, descoñecendo porque o di o sr. Moñiño, a praza está sinalizada.

7.- O sr. Sánchez sinala que tamén introduciron outros escritos e non recibiron resposta, engadindo que si que recibiron resposta dunhas facturas de Chevere.

O sr. alcalde pregúntalle a que escritos se refire.

O sr. Sánchez di que eran unha serie de preguntas que se refería ás farolas que apareceron en milanuncios.com, engadindo que é suficiente con que lles responda por escrito.

8.- A sra. Calvo refírese á piscina municipal dos Tilos e sinala que varios usuarios piden a reposición de 10 hamacas á maior brevidade posible, porque inicialmente tiñan 20 e agora contan con 10.

9.- Sinala a sra. Calvo que o 12 de xullo de 2019 D.ª María Encarnación González Ponce, veciña dos Tilos, presentou por rexistro de entrada un escrito sinalando que o aforo da piscina foi excedido en varios ocasión e que so conta cun socorrista. Pregunta a sra. Calvo se se cumpre a ratio de socorristas, conforme ao sinalado pola lei, e se é certo e teñen constancia do límite excedido.

O sr. alcalde sinala que o aforo para o recinto total está en 500 persoas, pechándose so un día cando se alcanzaron as 400 persoas no interior porque se entende que calquera usuario ten dereito a entrar, pechándose o acceso para entrada libre. Explica o sr. alcalde que o aforo do vaso é de 150 é o aforo do vaso, polos cálculos que di a empresa, nunca superou as 110 persoas.

Salienta o sr. alcalde que á piscina dos Tilos haberá que facerlle unha reforma importante, ao final da tempada, porque existe unha perda de auga, na zona subterránea. Explica que se valora a posibilidade de aumentar a zona de solaina e en todo caso a situación con respecto ao aforo do vaso e demais, se a situación persiste, haberá que limitar o aforo, ás 300 primeiras persoas, para garantir nesa medida que non haxa máis acceso que o permitido. Explica que cando o concelleiro de deportes se incorpore definitivamente ao traballo valoraran esa situación.

10.- Refírese a sra. Calvo á urbanización San Sadurniño e sinala que, o 17 de xullo, presentou un escrito sinalando a urxencia sobre todo dunha farola no parque infantil, xa que antes estaba a caixa dos cables, por fora, e aínda que é verdade que fai unha

semana hai un cono, non é suficiente tendo en conta o público que está alí. Os veciños piden a reposición da farola, ademais de que alí a iluminación é moi escasa.

11.- Sinala a sra. Calvo que no escrito tamén sinalaba que as rúas Viveiro, Choupelo e a Laimeiriña teñen unhas fochancas impresionantes, sen entrar nos bordillos e noutras cuestións, engadindo que os veciños están cansados diso, que xa ben de antes das eleccións.

A sra. Lemus explica que, tratándose da farola, consultado o servizo eléctrico, se ben é de fai tempo, non existe perigo, situándose un cono para marcar o sitio.

A sra. Calvo di que é bastante discutible, porque hai nenos.

A sra. Lemus sinala que se o servizo eléctrico di que non é perigoso, entende que non o van a dicir que non o é se o fora.

O sr. alcalde sinala que se mirará o programa de reparación das estradas, engadindo que tamén hai algún un problema de aparcamento nunha das rúas, porén nestes días se poñerán con este tema.

12.- O sr. Sánchez quere facer unha apreciación que acaba de detectar agora. Sinala que rescatando o documento copia da solicitude para as preguntas das farolas, decátase que, dende a implantación do novo sistema de rexistros da secretaría virtual, no xustificante que ten de entrega da documentación e as preguntas formuladas, non conta por ningunha parte nin o día nin a hora de entrega nin o número de rexistro, ou polo menos el non o atopa neste momento, o que lle parece anómalo.

Co permiso da Presidencia, interveño eu, secretaria da Corporación, para aclarar que a se o sr. Sánchez se refire o rexistro 999 (o da sede), todo documento presentado ten a información á que se refire este concelleiro, porque se trata dunha obriga legal, engadindo en todo caso que cando queira pódese facer a comprobación oportuna.

O sr. Sánchez lembra que nas antigas plantillas, aparecía perfectamente arriba, nun lugar destacado como corresponde, o día, hora e número de rexistro, porén no novo non o atopa.

13.- A sra. Rosende sinala que unha das lombas é un perigo xa que fai o efecto contrario do que se trataba que fixera. Está posta onde IES de Cacheiras, os coches pasan a diario e a esquivan, incluso vindo de arriba, e ese é o gran problema, así que van a acabar levando a calquera persoa, a calquera neno ou a calquera coche, tratándose dun perigo dos gordos. Explica a sra. Rosende que hai unha sinal e fai o efecto contrario do que debería facer, sinalando que se é perigoso, que vaia cara arriba e que se desvíen á dereita, é peor se veñen de arriba, engadindo que a ela mesma lle pasou e chamou persoalmente á Policía Local máis dunha vez.

O sr. alcalde sinala que en todo caso, valorando a perigosidade e a necesidade de tomar medidas correctoras, se alguén se monta nunha beiravía o criticarían colectivamente, polo que se alguén fai iso deberá ser obxecto de persecución.

A sra. Rosende sinala que o problema é que o fan, polo que haberá que tomar medidas

O sr. alcalde di estar totalmente de acordo.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte e unha horas e trinta e cinco minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

O alcalde

RAFAEL CARLOS SISTO EDREIRA - 33252651X

Firmado digitalmente por RAFAEL CARLOS SISTO EDREIRA - 33252651X
Fecha: 2019.09.12 13:19:15 +02'00'

Rafael C. Sisto Edreira

A secretaria

VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C

Firmado digitalmente por VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C
Nombre de reconocimiento (DN): cn=VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C, givenName=VIRGINIA, sn=FRAGA DÍAZ - 76967703C, serialNumber=IDCES-76967703C, 2.5.4.97=VATES-P1508300I, ou=CERTIFICADO ELECTRONICO DE EMPLEADO PUBLICO, o=CONCELLO DE TEO, c=ES
Fecha: 2019.09.12 13:14:42 +02'00'
Versión de Adobe Acrobat Reader: 2019.012.20040

Virginia Fraga Díaz

CONCELLO
DE TEO
Secretaría Xeral

A C T A 12/2019

SESIÓN EXTRAORDINARIA PLENO MUNICIPAL

– 19 DE SETEMBRO DE 2019 –

Na Casa do Concello, a dezaoito de setembro de dous mil dezanove, reúnense en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que se relacionan a continuación, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión extraordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

Concelleiros/as:

D.ª Iria Otero Romero

D. Xosé Ignacio Iglesias Villar

D.ª María López Álvarez

D. José Manuel Guerra Calvelo

D. Antonio Reyes Sánchez Crespo

D.ª María Vázquez Rey

D.ª María Dolores Nariño Facal

D.ª María Teresa Castro Framil

D.ª Lucía Calvo de la Uz

D.ª Margarita Rosende Domínguez

D.ª Uxía Lemus de la Iglesia

D. Roberto Moñino Gil

D.ª María Josefa Argibay da Silva

D. José Manuel Elías Noya

D. Manuel Anxo Fernández Baz

D.ª Carmen Diéguez González

Secretaria xeral:

D.ª Virginia Fraga Díaz

Interventora:

D.ª Mónica I. Lado Varela

ORDE DO DÍA:

1.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA AO EXPEDIENTE DE REVISIÓN DE OFICIO DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DO 25 DE MARZO DE 2019 (RES 220/19), CONCEDENDO A COMPATIBILIDADE A D. JESÚS M. FERNÁNDEZ CAAMAÑO PARA O EXERCICIO DA AVOGACÍA: DECLARACIÓN DE NULIDADE

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, o sr. alcalde, sendo as dezanove horas e vinte minutos, declara público e aberto o acto, pasando a tratar o asunto incluído na orde do día que figura na convocatoria, que é o seguinte:

1.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA AO EXPEDIENTE DE REVISIÓN DE OFICIO DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DO 25 DE MARZO DE 2019 (RES 220/19), CONCEDENDO A COMPATIBILIDADE A D. JESÚS M. FERNÁNDEZ CAAMAÑO PARA O EXERCICIO DA AVOGACÍA: DECLARACIÓN DE NULIDADE.

O sr. alcalde refírese á xustificación do Pleno extraordinario que se está a celebrar e lembra que xa no seu momento, antes das eleccións, se valorou polos grupos políticos o tema da iniciación do expediente, habida conta de que se trata dun proceso dunha duración determinada e se non se respectaban os prazos o expediente podería caducar e habería que inicialo de novo. Salienta que chegados a este punto, recibido o ditame do Consello Consultivo, trátase de adoptar canto antes o acordo que proceda e evitar así a caducidade do expediente.

O sr. alcalde da conta da proposta de 4 de setembro de 2019, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de persoal, comunicación, normalización lingüística, mocidade e medio natural, de 12 de setembro de 2019.

"**PROPOSTA DA ALCALDÍA**

Asunto: Expediente de revisión de oficio da Resolución da alcaldía de 25 de marzo de 2019 (res. 220/19), concedendo a compatibilidade a D. Jesús M. Fernández Caamaño para o exercicio da avogacía: declaración de nulidade.

Considerando que, de acordo co solicitado por D. Jesús Manuel Fernández Caamaño, mediante escrito de 13 de decembro de 2018 (rex. entrada nº 9.163, de 17/12/18), mediante Resolución da alcaldía de 3 de xaneiro de 2019 (res. 2/2019), lle foi concedida unha excedencia por coidado de familiares, por un prazo máximo de tres anos, dende o día seguinte ao da recepción da citada resolución, recepción que tivo lugar o 8 de xaneiro de 2019.

Segundo o citado Decreto durante o período de excedencia o desempeño de actividades retribuídas estará suxeito a autorización previa consonte ás regras establecidas na normativa sobre incompatibilidades, ao abeiro do previsto no artigo 79 do Acordo regulador das condicións laborais do persoal funcionario ao servizo do Concello de Teo e normativa de aplicación.

Considerando que, mediante escrito de 23 de xaneiro de 2019, D. Jesús Manuel Fernández Caamaño solicita que se lle autorice ao desempeño da actividade de avogado por conta propia, durante o tempo que permaneza na situación de excedencia por coidado de familiares, que lle foi concedida mediante Resolución da alcaldía de 3 de xaneiro de 2019 (res. 2/2019) (rex. entrada nº 624, do 25/01/2019).

Considerando que, con data de 13 de marzo de 2019, se lle requiriu ao interesado para que achegase a declaración de que non desempeña actividade que poida impedir ou menoscabar o coidado do familiar a cargo causante do dereito á excedencia concedida no seu día, con suspensión do prazo para resolver ao abeiro do previsto no artigo 22 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (en adiante, LPAC) (rex. saída nº 535).

Considerando que, con data de 18 de marzo de 2109, D. Jesús Manuel Fernández Caamaño presenta declaración de que *"la realización de la actividad de abogado por cuenta propia, para cuyo desempeño se ha solicitado autorización expresa a ese Ayuntamiento, ni impide, ni menoscaba, el cuidado del familiar causante de la concesión de la excedencia solicitad*a" (rex. entrada nº 1.706).

Considerando que, en virtude do exposto, mediante Resolución da alcaldía de 25 de marzo de 2019 (res. 220/19), se lle concedeu a D. Jesús Manuel Fernández Caamaño a compatibilidade para o exercicio dunha actividade privada, nomeadamente o exercicio da avogacía por conta propia, durante o goce da excedencia por coidado de familiar a cargo, previamente concedida, en tanto a mesma non impida nin menoscabe o devandito coidado e non se atope dentro das prohibicións contidas nos artigos 11 e 12 da Lei 53/1984.

Visto o informe de secretaría, de 15 de maio de 2019, incorporado ao expediente.
Considerando que, segundo o informe citado, de conformidade co establecido no artigo catorce da Lei 3/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas (en adiante, LI), e no artigo 50.9 R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidade Locais (en adiante, ROF) o Pleno da Corporación é o órgano que está facultado para recoñecer a compatibilidade ou declarar a incompatibilidade do persoal ao servizo da entidade local.

Considerando que, segundo o artigo 47.1b) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, os actos das Administracións Públicas son nulos de pleno dereito cando se trata de actos ditados por órgano manifestamente incompetente por razón da materia ou do territorio.

Considerando que, en virtude do exposto, e segundo o informe citado, o Decreto da alcaldía, de 25 de marzo de 2019 (res. 220/19), cuxa revisión se pretende, é nulo de pleno dereito ao tratarse dun acto administrativo ditado por órgano manifestamente incompetente por razón da materia.

Considerando que, segundo o artigo 106 da LPAC, as Administracións Públicas, en calquera momento, por iniciativa propia ou a solicitude de interesado, e previo ditame favorable do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma, se o houbera, declararán de oficio a nulidade dos actos administrativos que puxeran fin á vía administrativa ou que non foran recorridos en prazo, nos supostos previstos no artigo 47.1 do citado texto legal.

En virtude do exposto, o Pleno da Corporación, na sesión extraordinaria de 21 de maio de 2019, acordou iniciar o procedemento de revisión de oficio da Resolución da alcaldía de 25 de marzo de 2019 (res. 220/19), pola que se recoñece a D. Jesús Manuel Fernández Caamaño a compatibilidade solicitada para o exercicio da avogacía, por atoparse incursa na causa de nulidade á que se refire o artigo 47.1b) da LPAC, concedendo ao interesado un prazo de vista e audiencia no expediente, durante 10 días, a contar dende o seguinte ao da notificación do acordo, para que alegara o que estimara conveniente en defensa dos seus dereitos achegando os documentos e xustificantes que considerara pertinentes.

Considerando que o citado acordo foi notificado o 28 de maio de 2019 (rex. saída nº 1185) a D. Jesús Manuel Fernández Caamaño, sendo recibido por este o 29 de maio de 2019, sen que durante o prazo de dez días concedido para vista e audiencia do expediente se formulara polo interesado alegación algunha, tal e como se desprende do informe do administrativo xefe do negociado de servizos xerais do Concello de Teo, de 8 de xullo de 2019, incorporado ao expediente.

Considerando que, de acordo co exposto, o Pleno da Corporación, na sesión ordinaria de 31 de xullo de 2019, acordou:

"Primeiro.- *Formular a seguinte proposta de resolución:*

"1.- Declarar nula de pleno dereito a Resolución da alcaldía de 25 de marzo de 2019 (res. 220/19), concedendo a compatibilidade a D. Jesús M. Fernández Caamaño para o exercicio da avogacía, por atoparse incurso na causa de nulidade á que se refire o artigo 47.1b) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común

das Administracións Públicas, ao ditarse por órgano manifestamente incompetente por razón da materia.

2.- Notificar o acordo ao interesado, sinalándolle os recursos procedentes".

Segundo.- *Continuar coa tramitación do procedemento de revisión de oficio da Resolución da alcaldía de 25 de marzo de 2019 (res. 220/19), concedendo a compatibilidade a D. Jesús M. Fernández Caamaño para o exercicio da avogacía, e solicitar ditame preceptivo do Consello Consultivo de Galicia.*

Terceiro.- *Notificar o presente acordo ao interesado, advertíndolle que a solicitude do informe preceptivo do Consello Consultivo de Galicia interrompe o prazo para resolver, de acordo co establecido no artigo 22.1 da LPACAP".*

Considerando que, con data de 1 de agosto de 2019 (rex. saída nº 1.846), remitiuse ao Consello Consultivo copia do expediente de revisión de oficio do Decreto da alcaldía de 25 de marzo de 2019, para a emisión do correspondente ditame preceptivo, documentación que foi recibida polo Consello nesa mesma data.

Considerando que, con data de 1 de agosto de 2019 (rex. saída nº 1847), notificouse a D. Jesús Manuel Fernández Caamaño o acordo adoptado polo Pleno da corporación o 31 de xullo de 2019, sendo recibido por este o 5 de agosto de 2019.

Considerando que o informe citado de secretaría, de 15 de maio de 2019, é asumido pola presente como motivación, en base ao artigo 88.6 da LPAC.

Visto o ditame do Consello Consultivo, de 28 de agosto de 2019 (rex. entrada nº 553, de 02/09/2019), polo que se informa favorablemente a proposta de resolución formulada polo concello, que é igualmente asumido pola presente como motivación, en base ao artigo 88.6 da LPAC.

Considerando que, con data de 4 de setembro de 2019 (rex. saída nº 2082), lle foi comunicada a D. Jesús Manuel Fernández Caamaño a recepción do ditame do Consello Consultivo, en cumprimento do establecido no artigo 22.1 da LPAC, dándolle traslado do mesmo.

En virtude do exposto e de conformidade co artigo 106 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, proponse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Declarar nula de pleno dereito a Resolución da alcaldía de 25 de marzo de 2019 (res. 220/19), concedendo a compatibilidade a D. Jesús Manuel Fernández Caamaño para o exercicio da avogacía, por atoparse incursa na causa de nulidade á que se refire o artigo 47.1 b) da LPAC, ao ditarse por órgano manifestamente incompetente por razón da materia.

Segundo.- Notificar o acordo ao interesado, con sinalamento dos recursos procedentes.

Terceiro.- Comunicar o presente á Secretaría Xeral do Consello Consultivo, de conformidade co artigo 45 do Regulamento de organización e funcionamento do mesmo (Decreto 91/2015, de 18 de xuño)".

Preguntado polo sr. alcalde, os portavoces dos grupos políticos municipais non fan uso das súas quendas de intervencións.

Non abríndose debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con dez votos a favor (4 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE e 2 BNG) e sete abstencións (7 PP), acorda:

Primeiro.- Declarar nula de pleno dereito a Resolución da alcaldía de 25 de marzo de 2019 (res. 220/19), concedendo a compatibilidade a D. Jesús Manuel Fernández Caamaño para o exercicio da avogacía, por atoparse incursa na causa

de nulidade á que se refire o artigo 47.1 b) da LPAC, ao ditarse por órgano manifestamente incompetente por razón da materia.

Segundo.- Notificar o acordo ao interesado, con sinalamento dos recursos procedentes.

Terceiro.- Comunicar o presente á Secretaría Xeral do Consello Consultivo, de conformidade co artigo 45 do Regulamento de organización e funcionamento do mesmo (Decreto 91/2015, de 18 de xuño).

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as dezanove horas e vinte e tres minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

O alcalde

33252651X RAFAEL CARLOS SISTO (R: P1508300I)

Firmado digitalmente por 33252651X RAFAEL CARLOS SISTO (R: P1508300I)
Fecha: 2019.10.23 14:28:35 +02'00'

Rafael C. Sisto Edreira

A secretaria

VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C

Firmado digitalmente por VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C
Fecha: 2019.10.23 14:19:58 +02'00'

Virginia Fraga Díaz

CONCELLO
DE TEO
Secretaría Xeral

A C T A 13/2019

SESIÓN ORDINARIA PLENO MUNICIPAL

– 25 DE SETEMBRO DE 2019 –

Na Casa do Concello, a vinte e cinco de setembro de dous mil dezanove, reúnense en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que se relacionan a continuación, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

Concelleiros/as:

D.ª Iria Otero Romero
D. Xosé Ignacio Iglesias Villar
D.ª María López Álvarez
D. José Manuel Guerra Calvelo
D. Antonio Reyes Sánchez Crespo
D.ª María Vázquez Rey
D.ª María Dolores Nariño Facal
D.ª María Teresa Castro Framil
D.ª Lucía Calvo de la Uz
D.ª Margarita Rosende Domínguez
D.ª Uxía Lemus de la Iglesia
D. Roberto Moñino Gil
D.ª María Josefa Argibay da Silva
D. José Manuel Elías Noya
D. Manuel Anxo Fernández Baz
D.ª Carmen Diéguez González

Secretaria acctal:

D.ª Mª Elena Sueiro Fernández

ORDE DO DÍA:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DO 08.07.19 E DO 31.07.19

2.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA 584/19 Á 739/19)

3.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DO CUMPRIMENTO DOS PRAZOS DAS OPERACIÓNS COMERCIAIS, 2º TRIMESTRE 2019

4.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE ADHESIÓN Á INICIATIVA EUROPEA DO "PACTO DOS ALCALDES PARA O CLIMA E A ENERXÍA"

5.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO "ÁREA RECREATIVA HORTA DO CURA FASE I (POS+ADICIONAL 1/2019) E DESESTIMENTO DO PROXECTO "ÁREA RECREATIVA HORTA DO CURA FASE II (POS+2019 COMPLEMENTARIO)

6.- DITAME DA MOCIÓN CONXUNTA DE SONDETEO, PSdeG-PSOE E PP DE TEO, DE APOIO Á CAMPAÑA #EmerxenciaFeminista PROMOVIDA POLAS ORGANIZACIÓNS DE MULLERES CON MOTIVO DA ACCIÓN PREVISTA PARA O 20 DE SETEMBRO DE 2019, EN TODO O PAÍS

7.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG DE RECOÑECEMENTO ÁS MOBILIZACIÓNS DESENVOLVIDAS POLO FEMINISMO GALEGO

8.- DITAME DA MOCIÓN DO BNG RELATIVA Á EMERXENCIA CLIMÁTICA E Á MOBILIZACIÓN DO 27 DE SETEMBRO POLO CLIMA

9.- MOCIÓNS

10.- ROGOS E PREGUNTAS

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, o sr. alcalde, sendo as vinte horas e cinco minutos, declara público e aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DO 08.07.19 E DO 31.07.19.

Acta da sesión extraordinaria do 8 de xullo de 2019.

O sr. alcalde pregúntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión extraordinaria celebrada o 8 de xullo de 2019.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

Acta da sesión ordinaria do 31 de xullo de 2019.

O sr. alcalde pregúntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o 31 de xullo de 2019.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

2.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA 584/19 Á 739/19).

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas dende o día 25 de xullo ata o 20 de setembro de 2019, que comprenden os números 584 ao 739, indicando o sr. alcalde que están a disposición de todos os membros da Corporación para a súa consulta se así o desexan.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

3.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DO CUMPRIMENTO DOS PRAZOS DAS OPERACIÓNS COMERCIAIS, 2º TRIMESTRE 2019.

O sr. alcalde da conta do informe de Tesourería e Intervención, de 15 de xullo de 2019, sobre o cumprimento dos prazos de pago das operacións comerciais do 2º trimestre 2019.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

4.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE ADHESIÓN Á INICIATIVA EUROPEA DO "PACTO DOS ALCALDES PARA O CLIMA E A ENERXÍA".

O sr. alcalde da conta da proposta de 13 de setembro de 2019, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de persoal, comunicación, normalización lingüística, mocidade e medio natural de 19 de setembro de 2019.

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Adhesión á iniciativa europea do "Pacto dos alcaldes para o clima e a enerxía"

A Comisión Europea puxo en marcha en 2008 o Pacto dos Alcaldes (Covenant of Mayors), unha iniciativa aberta a todas as cidades e municipios en Europa co obxectivo de involucrar ás autoridades locais e aos cidadáns no desenvolvemento e a aplicación da política enerxética da Unión Europea. O Pacto consiste no compromiso das cidades asinantes de ir máis alá dos obxectivos adoptados para o ano 2020 pola UE para reducir as emisións de CO2 a través de medidas de eficiencia enerxética, de accións relacionadas coa promoción das enerxías renovables e da mobilidade urbana sostible. A adhesión a esta iniciativa, supoñía acollerse ao denominado obxectivo 20/20/20, cuxa meta era aumentar a eficiencia enerxética un 20%, aumentar o uso de enerxía procedente de fontes renovables outro 20% e reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI) un 20% para o ano 2020.

A partir do éxito do Pacto dos Alcaldes, en 2014 lanzouse a iniciativa Mayors´ Adapt, baseada no mesmo modelo de xestión pública, mediante a que se invitaba ás cidades a asumir compromisos políticos e tomar medidas para anticiparse aos efectos inevitables do cambio climático.

O 15 de outubro de 2015, a Comisión Europea lanzou o Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía (Covenant of Mayors for Climate & Energy), fusionando as iniciativas anteriores. Esta nova ferramenta pretende reunir aos alcaldes/alcaldesas das cidades europeas nunha rede permanente de intercambio de información para a aplicación de boas prácticas: mellorar a eficiencia enerxética no ámbito urbano, conseguir unha redución das emisións de CO2 no ámbito territorial local e aumentar a resiliencia fronte ao cambio climático.

Para alcanzar estes obxectivos, os municipios adheridos ao Pacto comprométense a redactar un Plan de Acción para a Enerxía Sostible e o Clima (PACES), nun prazo máximo de dous anos dende a data de adhesión. O PACES inclúe:

1) un inventario de referencia de emisións (IRE) para facer o seguimento da súa efectividade das accións de mitigación;

2) unha avaliación de riscos e vulnerabilidades ante o cambio climático;

Ademais, cada dous anos deberase presentar un informe de seguimento do PACES.

O “Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía” consiste no compromiso dos concellos signatarios de facer propios os obxectivos da Unión Europea para o ano 2030 e reducir as emisións de CO2 no seu territorio en, polo menos, o 40% a través de medidas de eficiencia enerxética e dun maior uso de fontes de enerxía renovable, traballando á súa vez na implantación de medidas de adaptación ao cambio climático e aumento da resiliencia fronte a este, así como un aumento da cooperación coas autoridades locais e rexionais similares na UE e fóra dela para mellorar o acceso á enerxía segura, sostible e alcanzable.

Sectores como os municipais, residenciais e terciarios, e o transporte, considéranse sectores clave para a mitigación. As autoridades locais deberán concentrar os seus esforzos en reducir a demanda de enerxía nos seus territorios e adaptar a demanda enerxética á oferta promovendo a utilización de recursos enerxéticos locais.

A Xunta de Galicia, consciente de que o Pacto dos Alcaldes polo Clima e a Enerxía e o mellor instrumento para implicar aos concellos de Galicia na loita contra o cambio climático, decidiu participar nesta iniciativa como coordinador do pacto na Comunidade Autónoma de Galicia, co obxectivo de promover e apoiar aos concellos de Galicia na

súa adhesión ao pacto e conseguir que no ano 2020 haxa, a lo menos, 100 concellos galegos adheridos ao Pacto, e estean todos os concellos de mais de 20.000 habitantes.

Coñecedores da importancia das accións locais na mitigación do cambio climático, recoñecemos que o noso compromiso esixe:

Unha acción política decidida:

Definir obxectos ambiciosos a longo prazo, máis alá dos mandatos políticos.

Unha interacción coordinada entre a mitigación e a adaptación a través da mobilización de todas as áreas municipais implicadas;

Un enfoque territorial integral e intersectorial.

A asignación dos recursos humanos, técnicos e financeiros axeitados:

- O compromiso de todas as partes implicadas nos nosos territorios.
- O empoderamento dos cidadáns como consumidores proactivos “prosumers” e participantes nun sistema enerxético responsable e sensible á demanda.

Accións inmediatas, medidas flexibles e efectivas para agora e para o futuro, “non regresivas”.

A implantación de solucións intelixentes para facer fronte aos retos sociais e técnicos da transición enerxética.

Revisar periodicamente ns nosas accións conforme aos controis e as avaliacións dos resultados.

Valorando estes aspectos, propoñemos á corporación municipal de Teo sumarse ao PACTO DOS ALCALDES PARA O CLIMA E A ENERXÍA e apoiar esta iniciativa necesaria para conseguir a sustentabilidade enerxética e a adaptación ao cambio climático do noso Concello. Os compromisos que asumimos concrétanse en:

1. Reducir as emisións de CO_2 no noso territorio en ao menos un 40 por cento ata 2030 mediante o aumento da eficiencia enerxética e un maior uso de fontes de enerxía renovables.
2. Traballar na promoción de medidas para a adaptación ao cambio climático mediante a creación de plans de acción en favor da enerxía sustentable e o aumento da resiliencia fronte ao cambio climático.
3. Elaborar un Inventario de Emisións de Referencia e unha avaliación de riscos e vulnerabilidades derivados do Cambio Climático, como base para o Plan de Acción

para eo Clima e a Enerxía Sustentable (PACES) no que se resuman as accións clave que planean levar a cabo.

4. Presentar o Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentable no prazo de 2 anos a partir da sinatura oficial do Pacto dos Alcaldes para a supervisión e verificación do proceso.
5. Desenvolvido o Plan de Acción, elaborar un informe bianual para a avaliación, control e verificación dos obxectivos, informando dos fitos acadados en cumprimento do Plan.
6. Compartir a nosa visión, resultados, experiencia e coñecemento con outras autoridades locais e rexionais da Unión Europea.
7. Adaptar as estruturas do Concello incluíndo a asignación de suficientes recursos humanos para o desenvolvemento das acciones necesarias.
8. Mobilizar á sociedade civil no noso ámbito para que participe no desenvolvemento do Plan de Acción.
9. Comunicar os presentes acordos á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para facer posible as tarefas de apoio e coordinación.

En consecuencia, proponse ao Pleno da Corporación municipal de Teo aprobar o seguinte ACORDO:

- A adhesión do Concello de Teo ao Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía, promovido pola Unión Europea.

- Facultar ao Alcalde de Teo para representar ao Concello na sinatura do Pacto de Alcaldes e en calquera outras actuacións que requira a súa execución".

Aberta a primeira quenda de intervencións, intervén o portavoz do BNG, sr. Fernández, para indicar que o seu grupo está de acordo pois todo o que se faga neste sentido é positivo, e que votarán a favor.

Intervén o portavoz do BNG, sr. Fernández, para indicar que o seu grupo está de acordo e que votarán a favor.

A portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, e o portavoz do PP, sr. Guerra non fan uso da súa quenda de intervención.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (4 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE, 7 PP e 2 BNG), acorda:

- A adhesión do Concello de Teo ao Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía, promovido pola Unión Europea.

- Facultar ao Alcalde deTeo para representar ao Concello na sinatura do Pacto de Alcaldes e en calquera outras actuacións que requira a súa execución.

5.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO "ÁREA RECREATIVA HORTA DO CURA FASE I (POS+ADICIONAL 1/2019) E DESESTIMENTO DO PROXECTO "ÁREA RECREATIVA HORTA DO CURA FASE II (POS+2019 COMPLEMENTARIO).

O sr. alcalde cede a palabra á concelleira de urbanismo, seguridade cidadá, enerxía e sostibilidade, D.ª Uxía Lemus de la Iglesia.

A sra. Lemus da conta da proposta da alcaldía de 4 de setembro de 2019, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de urbanismo, infraestruturas, sostibilidade e servizos básicos de 19 de setembro de 2019.

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: aprobación de proxecto modificado "Area Recreativa Horta do Cura Fase I" (POS+ Adicional 1/2019) e desestimento do proxecto "Area Recreativa Horta do Cura Fase II (POS+2019 complementario)

Considerando que o Pleno da Corporación, na sesión ordinaria de 18 de decembro de 2018, acordou aprobar o Plan de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS + 2019”, e así mesmo acordou aprobar o plan complementario.

Vista a circular remitida pola Deputación Provincial sobre a elaboración do POS + ADICIONAL 1/2019 por maior achega desa Deputación, de data 30/04/2019, e considerando que segundo a mesma a cantidade que definitivamente lle corresponde ao Concello de Teo no POS + ADICIONAL 1/2019 ascende a 621.616,76 euros.

Tendo en conta que por Resolución de Alcaldía de data 6 de maio de 2019 (rectificada mediante Resolución de Alcaldía de 10 de maio de 2019 (res 343/19)), acordouse participar na 1ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2019 da Deputación Provincial da Coruña**,** confirmando a aplicación da maior achega provincial asignada ao financiamento dos investimentos financeiramente sostibles que xa tiña incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2019, no que se incluía o investimento denominado “AREA RECREATIVA HORTA DO CURA FASE I”, cun importe de proxecto de 439.998,88 euros.

Tendo en conta que dito proxecto foi informado desfavorablemente pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural en data 25/02/2019, solicitando se emendase a documentación presentada, remitindo o Concello dita documentación en resposta ao requirido en data 05/07/2019.

Logo de ver a resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 23 de agosto de 2019, relativa á solicitude de autorización de obras na Area Recreativa Horta do Cura, de data 23/08/2019 (rex. entrada nº 5256, de 26/08/2019), na que se autorizan as obras da área recreativa solicitadas.

Por outro lado, logo de ver que no plan complementario ao POS+ 2019, estaba incluído o seguinte investimento “AREA RECREATIVA HORTA DO CURA FASE II”, cun importe de 149.774,67 euros.

Tendo en conta que a resolución de 24 de maio de 2019 de concesión das subvencións destinadas á creación ou mellora de infraestruturas nos concellos de Galicia con poboación inferior a 50.000 habitantes para o ano 2019, convocadas pola Orde do 21 de decembro de 2018, da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, pola que concede unha subvención ao investimento "Area Recreativa Horta do Cura, fase II", por un importe de 96.800 euros, o 64,6304% do total do proxecto.

Tomando en consideración estes antecedentes, proponse ao Pleno Municipal a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o proxecto modificado da obra "AREA RECREATIVA HORTA DO CURA FASE I", de data xullo de 2019, incluída no POS + Adicional 1/2019.

Segundo.- Desistir da inclusión do investimento "AREA RECREATIVA HORTA DO CURA FASE II" no Plan Complementario do POS+2019, debido á obtención dunha subvención autonómica para a súa execución.

Terceiro.- Remitir este acordo á Deputación Provincial para a súa incorporación ao expediente".

Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do BNG, sr. Fernández, e o portavoz do PP, sr. Guerra, non fan uso da súa quenda de intervencións.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con dez votos a favor (4 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE e 2 BNG) e sete abstencións (7 PP), acorda:

Primeiro.- Aprobar o proxecto modificado da obra "AREA RECREATIVA HORTA DO CURA FASE I", de data xullo de 2019, incluída no POS + Adicional 1/2019.

Segundo.- Desistir da inclusión do investimento "AREA RECREATIVA HORTA DO CURA FASE II" no Plan Complementario do POS+2019, debido á obtención dunha subvención autonómica para a súa execución.

Terceiro.- Remitir este acordo á Deputación Provincial para a súa incorporación ao expediente.

6.- DITAME DA MOCIÓN CONXUNTA DE SONDETEO, PSdeG-PSOE E PP DE TEO, DE APOIO Á CAMPAÑA #EmerxenciaFeminista PROMOVIDA POLAS ORGANIZACIÓNS DE MULLERES CON MOTIVO DA ACCIÓN PREVISTA PARA O 20 DE SETEMBRO DE 2019, EN TODO O PAÍS.

O sr. alcalde cede a palabra á concelleira de mobilidade, comercio, turismo, emprego e igualdade, D.ª Iria Otero Romero.

A sra. Otero da conta da moción conxunta de Son de Teo, PSdeG-PSOE e PP de Teo, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de benestar social, igualdade, transportes, turismo, comercio e emprego de 19 de setembro de 2019.

"MOCION CONXUNTA DE SONDETEO, PsdeG-PSOE E PP DE TEO, DE APOIO Á CAMPAÑA #EmerxenciaFeminista PROMOVIDA POLAS ORGANIZACIÓNS DE MULLERES CON MOTIVO DA ACCIÓN PREVISTA PARA O 20 DE SETEMBRO DE 2019, EN TODO O PAÍS.

Ao amparo do disposto no artigo 97.2 do Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2569/86 do 28 de Novembro, o Grupos Municipais asinantes presentan para o seu debate e posterior aprobación, se procede, a proposición sobre "Apoio á campaña #EmerxenciaFeminista promovida en Galicia, entre outras, polas organizacións de mulleres: Federación de Asociacións de Mulleres Rurais de Galicia, Rede Galega pola Igualdade, Asociación Profesional de Axentes de Igualdade de Oportunidades Galega, Sociedade Galega de Sexoloxía, soño de Lilth, Teenses pola igualdade, Foro feminista Maruxa Mallo, Asociación Viúvas Demócratas de Vigo, Colectivo Feminista Pontevedra, Rede de Mulleres Veciñais Contra os Malos Tratos de Vigo, así como a agrupación Comando Igualdade, e outras que se poderán ir sumando; todas elas en repulsa contra os asasinatos de mulleres e a violencia machista",

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O verán de 2019, será recordado como un verán negro.

Os telexornais énchense de asasinatos machistas, os seus titulares din que aparecemos mortas, non señores, estannos asasinando.

O pasado mes de xullo, cada dous días, unha muller foi asasinada. Isto xa non é unha alerta, declaramos a emerxencia feminista. Pais que asasinan aos seu fillos e fillas para causar o maior dos sufrimentos. Pederastia, trata, desaparicións, asasinatos, chantaxes, extorsión, ameazas, acoso, agresións, abusos, manadas, violacións están á orde do día. Unha xustiza que non é xusta, poñendo en dúbida a declaración das vítimas. Sentencias sen sentido que nos manda a mensaxe alta e clara de que “o teu corpo non te pertence, a túa vida non te pertence”.

E seguimos, seguimos como si se puidese continuar. Seguimos porque están acostumados á nosa xustiza, están acostumados á violencia, están acostumados a tratarnos coma cidadáns de segunda, acostumados aos nosos corpos sen vida. Para vos “estas cousas pasan e pasaron sempre”. Seguimos neste estado de guerra inadmisible nun estado democrático.

Non hai tempo, paremos o mundo, non se pode seguir normalizando esta situación, non se pode seguir condenando ás mulleres a convivir co terrorismo machista. Un terror que se mete en cada recuncho do noso día a día, coa dúbida constante de quen será a seguinte.

Fáltannos as máis de mil mulleres asasinadas dende o 2003, fáltannos todas as que non foron contadas, todas as que xa non están. So no mes de xullo 13 mulleres e unha menor foron asasinadas.

Basta de mirar cara outro lado, da falta de compromiso, dos erros que se permiten. Esiximos responsabilidade e maior compromiso de a tódalas institucións do noso Estado de Dereito.

Por todo o anterior, SOLICITAMOS A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

PRIMEIRO E ÚNICO: Apoio desta corporación municipal á campaña #EmerxenciaFeminista, convocada polas organizacións feministas e a colaboración coas entidades convocantes, a través do medios dos que dispón o concello mediante as seguintes accións:

A. Iluminar de violeta a noite do 20 de setembro a fachada do Concello ou a zona onde se realice a concentración convocada polas organizacións como mostra do compromiso na loita contra a violencia machista, así como prestar o apoio e soporte preciso para a organización da concentración/manifestación e que lle poida ser solicitada polas organizacións convocantes.

B. Pronunciamento público da corporación municipal contra os asasinatos machistas e contra toda forma de violencia contra as mulleres, contra a normalización da mesma, e contra a apatía e a indiferenza.

C. Posicionamento da corporación contra todas aquelas medidas, campañas e mensaxes que contribúan á xustificación da violencia de xénero, que promovan a súa minusvaloración ou cuestionamento así como das ferramentas normativas das que nos temos dotado para combatela. Non podemos permitir que teñan un espazo de poder quen non recoñece a violencia de xénero como un problema social, contra o que hai que loitar sen descanso dende tódalas instancias: iso é terrorismo de estado".

Aberta a primeira quenda de intervencións,o portavoz do BNG, sr. Fernández cede a palabra á concelleira do seu grupo, sra. Diéguez, que sinala que están a favor, pero consideran que só con xestos non se elimina esta lacra, e por iso presentan unha moción que vai más alá.

A portavoz do PSdG-PSOE, sra. Lemus, e o portavoz do PP, sr. Guerra non fan uso da quenda de intervencións.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (4 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE, 7 PP e 2 BNG), acorda:

Apoio desta corporación municipal á campaña #EmerxenciaFeminista, convocada polas organizacións feministas e a colaboración coas entidades convocantes, a través do medios dos que dispón o concello mediante as seguintes accións:

A. Iluminar de violeta a noite do 20 de setembro a fachada do Concello ou a zona onde se realice a concentración convocada polas organizacións como mostra do compromiso na loita contra a violencia machista, así como prestar o apoio e soporte preciso para a organización da concentración/manifestación e que lle poida ser solicitada polas organizacións convocantes.

B. Pronunciamento público da corporación municipal contra os asasinatos machistas e contra toda forma de violencia contra as mulleres, contra a normalización da mesma, e contra a apatía e a indiferenza.

C. Posicionamento da corporación contra todas aquelas medidas, campañas e mensaxes que contribúan á xustificación da violencia de xénero, que promovan a súa minusvaloración ou cuestionamento así como das ferramentas normativas das que nos temos dotado para combatela. Non podemos permitir que teñan un espazo de poder quen non recoñece a violencia de xénero como un problema social, contra o que hai que loitar sen descanso dende tódalas instancias: iso é terrorismo de estado.

7.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG DE RECOÑECEMENTO ÁS MOBILIZACIÓNS DESENVOLVIDAS POLO FEMINISMO GALEGO.

O sr. alcalde cede a palabra ao portavoz do BNG, D. Manuel A. Fernández Baz, que cede a palabra á concelleira do seu grupo, Dna. Carmen Diéguez, quen da conta da moción do seu grupo (rex. entrada nº 6105, de 10/09/2019), que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de benestar social, igualdade, transportes, turismo, comercio e emprego de 19 de setembro de 2019.

"O grupo municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO** no Concello de Teo, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal do Pleno da Corporación, presenta a seguinte **MOCIÓN** para o seu debate en Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado mes de marzo de 2019 o feminismo galego volveu facer historia cunha folga e unha serie de mobilizacións previas que superaron a asistencia e expectativas xeradas após a tamén histórica xornada do 8 de marzo de 2018. Porén, a resposta esixida nas rúas non ten chegado na parte que compete ás administracións públicas e é preciso tomar conciencia da necesidade de incrementar os esforzos a realizar.

Recentemente Galiza, e tamén outros pobos do Estado español, volvían vivir asasinatos machistas que fixeron saltar a alarma social pero que, porén, unha vez máis, non mereceron comparecencias específicas dos gobernos como si o fixeron outros asuntos. No mes de xullo , galegas e galegos volvíamos saír ás rúas para condenar un novo feminicidio en Galiza, no concello de Vilalba. Cómpre recordar tamén que este

último asasinato tiña lugar despois de que unha orde de afastamento fora quebrantada, o que nos recorda a necesidade imperiosa de mellorar os mecanismos de protección existentes e de mellorar e aumentar os recursos existentes.

A estes feitos únense unha longa lista de acontecementos recentes que non son unha excepción, senón que son habituais na nosa realidade máis achegada, e que nos recordan a necesidade de apostar por máis medidas para unha transformación social urxente que debilite o sistema patriarcal que nos violenta e asasina. Recordamos, por exemplo, novos concursos sexistas que tiveron que ser cancelados por presión social, denuncias por agresións sexuais en festas e festivais, agresións verbais aos puntos lilás de moitos eventos, sentenzas patriarcais, puntos de encontro con condicións inadecuadas e, unha vez máis, pechados no mes de agosto ou problemas coa rede de casas de acollida ao tempo que o tan publicitado Pacto de Estado é un titular máis do que unha realidade (sen supoñer aínda un só cambio legal relevante para as mulleres galegas) e o cumprimento da Lei galega de 2007 está a ser sistematicamente vulnerado en cuestións tan importantes como a atención psicolóxica dentro da Atención Primaria.

Son moitos os sinais de alerta dunha situación insoportábel e que non se arranxa con medidas cosméticas como posicionamentos puntuais nas efemérides ou xestos exclusivamente simbólicos e baleiros de contido e compromiso. As administracións teñen unha responsabilidade que debe cumprirse, corrixir o que non funciona e incrementar as actuacións.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

1. Expresar o recoñecemento da Corporación ás mobilizacións desenvolvidas polo feminismo galego.

2. Comprometerse a incrementar os recursos económicos destinados á prevención e loita contra a violencia machista no vindeiro exercicio económico.

3. Demandar do goberno central:

a) o incremento cando menos no dobre as contías destinadas á administración local para o vindeiro exercicio económico, procurando os mecanismos legais oportunos para garantilos con independencia da situación política estatal e da existencia ou non de

novos orzamentos

b) a reformulación dos criterios de reparto para que se teñan en conta as especificidades do noso país como son a dispersión, o alto número de entidades de poboación e o avellentamento para que Galiza deixe de estar discriminada a ese respecto.

c) impulsar as medidas oportunas para deixar de incumprir o Convenio do Consello de Europa sobre prevención e loita contra a violencia contra a muller e a violencia doméstica (Convenio de Istambul)

3. Demandar da Xunta de Galiza:

a) Un incremento substancial dos recursos económicos destinados especificamente a loitar contra a violencia de xénero que, como mínimo, deben situarse no 1% dos orzamentos da Xunta de Galiza para o ano 2020.

b) Deixar de incumprir a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero comprometendo os recursos persoais e económicos necesarios para paliar os efectos negativos do seu incumprimento e da política económica aplicada durante a década Feijó".

A portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, non fai uso da súa quenda de intervención.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra á concelleira do seu grupo D.ª María Vázquez Rey, que sinala que o seu grupo se vai abster, pero que nunca irán en contra porque consideran que hai que seguir a traballar nesta liña.

O sr. Alcalde da a palabra á concelleira do seu grupo Dª. Iria Otero Romero, que sinala que van votar a favor.

Nos se fai uso da segunda quenda de intervencións.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con dez votos a favor (4 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE e 2 BNG) e sete abstencións (7 PP), acorda:

1. Expresar o recoñecemento da Corporación ás mobilizacións desenvolvidas polo feminismo galego.

2. Comprometerse a incrementar os recursos económicos destinados á prevención e loita contra a violencia machista no vindeiro exercicio económico.

3. Demandar do goberno central:

a) o incremento cando menos no dobre as contías destinadas á administración local para o vindeiro exercicio económico, procurando os mecanismos legais oportunos para garantilos con independencia da situación política estatal e da existencia ou non de novos orzamentos

b) a reformulación dos criterios de reparto para que se teñan en conta as especificidades do noso país como son a dispersión, o alto número de entidades de poboación e o avellentamento para que Galiza deixe de estar discriminada a ese respecto.

c) impulsar as medidas oportunas para deixar de incumprir o Convenio do Consello de Europa sobre prevención e loita contra a violencia contra a muller e a violencia doméstica (Convenio de Istambul)

3. Demandar da Xunta de Galiza:

a) Un incremento substancial dos recursos económicos destinados especificamente a loitar contra a violencia de xénero que, como mínimo, deben situarse no 1% dos orzamentos da Xunta de Galiza para o ano 2020.

b) Deixar de incumprir a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero comprometendo os recursos persoais e económicos necesarios para paliar os efectos negativos do seu incumprimento e da política económica aplicada durante a década Feijóo.

8.- DITAME DA MOCIÓN DO BNG RELATIVA Á EMERXENCIA CLIMÁTICA E Á MOBILIZACIÓN DO 27 DE SETEMBRO POLO CLIMA.

O sr. alcalde cede a palabra ao portavoz do BNG, D. Manuel A. Fernández Baz.

O sr. Fernández da conta da moción do seu grupo (rex. entrada nº 6106, de 10/09/2019), que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de persoal, comunicación, normalización lingüística, mocidade e medio natural de 19 de setembro de 2019.

"O grupo municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO** no Concello de Teo, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal do Pleno da Corporación, presenta a seguinte **MOCIÓN** para o seu debate en Pleno, relativa á emerxencia climática e á mobilización do 27 de setembro polo clima.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. O vindeiro venres 27 de setembro está convocada unha mobilización mundial en defensa do planeta e para facerlle fronte ás ameazas e riscos derivados da chamada "crise do clima". Trátase dunha chamada de atención diante do inexorábel "cambio climático" e da incapacidade de organismos internacionais e grandes corporacións para facerlles fronte.

A proba máis evidente desta crise son os recentes informes de dous organismos internacionais dependentes das Nacións Unidas: o Panel Intergubernamental sobre o Cambio Climático (IPCC) e a Plataforma Intergubernamental de Biodiversidade e Servizos Ecosistémicos (IPBES). Estes informes fixeron saltar as alarmas sobre a catástrofe ambiental e humana a que está abocada o planeta se non se produce un drástico cambio de rumbo, xa que non se están cumprindo os obxectivos marcados nos sucesivos cumios do clima e os acordos internacionais ao respecto.

Non é tempo pois de "bágoas de crocodilo" nin de declaracións para a galería. É tempo de actuar, e de facelo con determinación. Cómpre aprobar un plan de acción que vaia ás causas do problema, non que simplemente minimice, atenúe e atrase as súas gravísimas consecuencias.

2. Dada a magnitude e as graves consecuencias que está a ter xa a "emerxencia

climática", consideramos necesario enfrontala desde unha tripla dimensión: a global, a galega e a local.

En primeiro lugar, nunha perspectiva global, cómpre denunciar o interese en poñer o foco de atención nas consecuencias da crise climática (incremento das temperaturas, seca, escaseza de recursos, destrución da biodiversidade, ameazas para a saúde) e non nas súas causas: sistema económico capitalista depredador de recursos, xerador de relacións inxustas e de graves agresións ás persoas, aos pobos e aos ecosistemas... Cómpre polo tanto denunciar as consecuencias da actual fase do capitalismo e explicar a crise climática nese contexto, poñendo en relación as agresións ao medio coas desigualdades económicas e sociais e as opresións nacionais e de clase.

En segundo termo, desde unha perspectiva galega é necesario ter en conta o papel de Galiza na economía estatal e mundial como fornecedora de materias primas, mediante o desenvolvemento de actividades extractivas e depredadoras que teñen altos custos ambientais e escasos beneficios sociais e para o país no seu conxunto. En consecuencia, débese situar no centro do debate as consecuencias para o clima, para a saúde, para a cohesión social e territorial e para o benestar colectivo das actividades extractivas de sectores como o enerxético, industrial, forestal, megamineiro, a mobilidade, o ciclo da auga, a xeración e xestión dos residuos, os macrocentros comerciais... defendendo un modelo alternativo que poña o relevo na sustentabilidade, na xustiza social, no equilibrio ambiental e no beneficio colectivo para o noso país.

En terceiro lugar, é necesario considerar como afecta a emerxencia climática no ámbito local e as medidas que poden desenvolver os concellos e deputación, no seu ámbito de competencia, para facerlle fronte a este desafío, mediante a redución da pegada ecolóxica con actuacións no ámbito do urbanismo, a mobilidade, a enerxía, a xestión dos residuos, a xestión do ciclo da auga, ou a aposta por un desenvolvemento económico máis sustentábel e máis xusto que fomente os recursos propios, as cadeas de valor e o comercio de proximidade.

3. O debate sobre a emerxencia climática é un terreo cheo de trampas, cheo de declaracións para a galería, de boas intencións e de posturas cosméticas. Todo o mundo se apunta á moda do verde, do sustentábel, da economía circular, mesmo aqueles gobernos e grandes corporacións que traballan xusto no sentido contrario e que son os principais responsábeis da crise do clima. Por iso precisamos menos declaracións e máis

actuacións, menos postureo e máis medidas efectivas para cambiar o rumbo dun mundo que vai camiño da catástrofe.

Polo anteriormente exposto, o BNG presenta a seguinte Moción para o debate no Pleno.

1. Apoiar a mobilización mundial en defensa do clima do 27 de setembro e organizar actividades dirixidas á sensibilización da poboación sobre as causas e consecuencias da emerxencia climática.

2. Denunciar a responsabilidade dos gobernos, especialmente os dos países desenvolvidos, e das grandes corporacións na actual crise climática, e esixir ao Estado español e á UE que desenvolva medidas eficaces para facerlle fronte ás causas deste grave problema, que teñen que ver con un sistema económico depredador de recursos, xerador de relacións inxustas e de graves agresións ás persoas, aos pobos e aos ecosistemas.

3. Reclamar ao goberno da Xunta de Galiza que desenvolva un marco lexislativo e estratexias concertadas con todos os axentes económicos, sociais e institucionais para loitar eficazmente contra as causas da emerxencia climática, mudando de raíz as súas políticas en relación coa ordenación do territorio, a protección da paisaxe e dos ecosistemas, a mobilidade, a xestión dos residuos, a enerxía, a minaría, a xestión da auga e en xeral as políticas económicas que fomentan a depredación dos recursos, a despoboación e o empobrecemento.

4. Impulsar/seguir impulsando actuacións encamiñadas a minguar a pegada ecolóxica no seu ámbito xeográfico desenvolvendo as seguintes medidas no período 2019-2023:

- Aposta por fontes de enerxías renovábeis no abastecemento, polo aforro e a eficiencia no consumo, e por un modelo enerxético sustentábel, xusto, accesíbel para os sectores máis desfavorecidos e que estea ao servizo do desenvolvemento das comunidades locais e da economía galega.
- Desenvolvemento dun modelo de mobilidade sustentábel, saudábel e seguro, que potencie a mobilidade natural (a pé, en bici) e o transporte colectivo, e que restrinxa ao estritamente necesario a uso dos vehículos privados a motor.
- Desenvolvemento de modelos urbanos compactos, accesíbeis, amábeis e integradores, que favorezan a cohesión social, a creación de espazos públicos e zonas verdes seguras e accesíbeis, o dinamismo social e a actividade económica e comercial de proximidade.

- Desenvolvemento de sistemas de xestión de residuos que promovan a redución, que fomenten a reutilización e que establezan o tratamento de proximidade dos biorresiduos primando a compostaxe domiciliaria e comunitaria. Demanda da implantación de sistemas de depósito, devolución e retorno para envases e ambalaxes.
- Implantación de sistemas de xestión pública do ciclo da auga que prioricen o aforro, a reutilización, a eficiencia das redes de distribución e tratamento, e a sensibilización social sobre o uso sustentábel da auga. Apoio a sistemas de xestión comunitaria da auga que primen o aforro, a eficiencia das redes de distribución, o consumo responsábel e a reutilización dos recursos.
- Fomento da produción e o consumo de proximidade, potenciando iniciativas de produción e comercialización de produtos locais.
- Potenciar os espazos naturais protexidos e a súa conectividade e impulsar iniciativas de posta en valor do monte apostando pola multifuncionalidade e a limitación das especies forestais como o eucalipto que degradan e empobrecen os ecosistemas.

5. Creación dun comité ou gabinete de acción contra a emerxencia climática, en coordinación con outras instancias institucionais. O obxectivo deste comité é analizar, propoñer e coordinar todas as actuacións da institución para facerlle fronte á crise climática tendo en conta as competencias na materia, que poderán ter a condición de Plan Director ou Plan Estratéxico fronte á emerxencia climática. A súa elaboración, desenvolvemento, seguimento e avaliación farase coa máxima participación social, coa necesaria perspectiva de xénero e con criterios de transparencia".

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, expón que coa aclaración do punto cinco parécelle correcto e axeitado, e que apoian a moción.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra á concelleira do seu grupo D.ª Dolores Nariño, que expón que lle parece unha boa idea, pero que poderían delimitar un pouco máis certos aspectos, concretamente pregúntase que tipo de medidas se prantexan co fomento da produción e consumo de proximidade, e como se enfocarían esas medidas.

A sra. Otero, concelleira de Son deTeo, apunta que no punto cinco poderíase engadir o "Comité de acción municipal de emerxencia climática".

O sr. Alcalde concede a palabra ao o portavoz do BNG, sr. Fernández, para que resposte ás preguntas que lle prantexan, indicando este que o nome que se poña non é un problema. En canto á pregunta realizada pola sra. Nariño resposta que sempre é mellor mercar produtos de proximidade, temos o mercado labrego e campañas polo comercio local, mercando en proximidade axudamos a reducir as emisións de CO2 que produce o transporte. Pero hai tendencia a deixar de producir, de xeito que si tivesemos unha crise climática grave, tamén teriamos un grave problema, xa que todos os produtos virían de fora.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con dez votos a favor (4 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE e 2 BNG) e sete abstencións (7 PP), acorda:

1. Apoiar a mobilización mundial en defensa do clima do 27 de setembro e organizar actividades dirixidas á sensibilización da poboación sobre as causas e consecuencias da emerxencia climática.

2. Denunciar a responsabilidade dos gobernos, especialmente os dos países desenvolvidos, e das grandes corporacións na actual crise climática, e esixir ao Estado español e á UE que desenvolva medidas eficaces para facerlle fronte ás causas deste grave problema, que teñen que ver con un sistema económico depredador de recursos, xerador de relacións inxustas e de graves agresións ás persoas, aos pobos e aos ecosistemas.

3. Reclamar ao goberno da Xunta de Galiza que desenvolva un marco lexislativo e estratexias concertadas con todos os axentes económicos, sociais e institucionais para loitar eficazmente contra as causas da emerxencia climática, mudando de raíz as súas políticas en relación coa ordenación do territorio, a protección da paisaxe e dos ecosistemas, a mobilidade, a xestión dos residuos, a enerxía, a minaría, a xestión da auga e en xeral as políticas económicas que fomentan a depredación dos recursos, a despoboación e o empobrecemento.

4. Impulsar/seguir impulsando actuacións encamiñadas a minguar a pegada

ecolóxica no seu ámbito xeográfico desenvolvendo as seguintes medidas no período 2019-2023:

- Aposta por fontes de enerxías renovábeis no abastecemento, polo aforro e a eficiencia no consumo, e por un modelo enerxético sustentábel, xusto, accesíbel para os sectores máis desfavorecidos e que estea ao servizo do desenvolvemento das comunidades locais e da economía galega.

- Desenvolvemento dun modelo de mobilidade sustentábel, saudábel e seguro, que potencie a mobilidade natural (a pé, en bici) e o transporte colectivo, e que restrinxa ao estritamente necesario a uso dos vehículos privados a motor.

- Desenvolvemento de modelos urbanos compactos, accesíbeis, amábeis e integradores, que favorezan a cohesión social, a creación de espazos públicos e zonas verdes seguras e accesíbeis, o dinamismo social e a actividade económica e comercial de proximidade.

- Desenvolvemento de sistemas de xestión de residuos que promovan a redución, que fomenten a reutilización e que establezan o tratamento de proximidade dos biorresiduos primando a compostaxe domiciliaria e comunitaria. Demanda da implantación de sistemas de depósito, devolución e retorno para envases e ambalaxes

- Implantación de sistemas de xestión pública do ciclo da auga que prioricen o aforro, a reutilización, a eficiencia das redes de distribución e tratamento, e a sensibilización social sobre o uso sustentábel da auga. Apoio a sistemas de xestión comunitaria da auga que primen o aforro, a eficiencia das redes de distribución, o consumo responsábel e a reutilización dos recursos.

- Fomento da produción e o consumo de proximidade, potenciando iniciativas de produción e comercialización de produtos locais.

- Potenciar os espazos naturais protexidos e a súa conectividade e impulsar iniciativas de posta en valor do monte apostando pola multifuncionalidade e a limitación das especies forestais como o eucalipto que degradan e empobrecen os ecosistemas.

5. Creación dun comité ou gabinete de acción contra a emerxencia climática, en coordinación con outras instancias institucionais. O obxectivo deste comité é analizar, propoñer e coordinar todas as actuacións da institución para facerlle

fronte á crise climática tendo en conta as competencias na materia, que poderán ter a condición de Plan Director ou Plan Estratéxico fronte á emerxencia climática. A súa elaboración, desenvolvemento, seguimento e avaliación farase coa máxima participación social, coa necesaria perspectiva de xénero e con criterios de transparencia.

9.- MOCIÓNS.

Antes de entrar no punto décimo da orde do día relativo a rogos e preguntas, o sr. alcalde, de conformidade co previsto no artigo 91.4 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, e no artigo 33 do Regulamento orgánico, pregunta se algún grupo municipal quere presentar algunha moción de urxencia, sen que se presente ningunha polos grupos municipais.

10.- ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO BNG.

A concelleira do BNG, Dª. Carmen Diéguez, formula os seguintes rogos, os dous primeiro xa presentados por escrito, e preguntas:

- Trátase dun rogo sobre seguridade viaria no lugar do Pazo en Raris, a estrada que vai entre Sestelo e Bouñou, no Milladoiro, é moi estreita e moi recta, e os conductores/as non respectan os límites de velocidade de sentido común. Os veciños púxeronse en contacto con ela e por iso roga que se poñan bandas reductoras ou que se adopten outras medidas nese sentido.
- Roga que na urbanización que hai despois de Caxade se poñan contedores máis cerca, xa que teñen que levar o vidro a Luou ou á Ramallosa. Nota en falta máis sensibilidade por parte da poboación, habería que sensibilizar á xente para reciclar ben, e indica que as cunetas entre os Verxeles e O Piro están cheas de bolsas de lixo.
- En canto ás obras de Ribas, quedaron moi ben, pero a a veciñanza pide que se poden as árbores porque ocupan todo o espazo das aceiras, e pregunta se hai data para poñer bandas redutoras.

O sr. alcalde expón que o tema dos contedores o da sensibilización á veciñanza, o próximo ano remata o contrato de recollida de lixo e hai que plantexarse todos estos temas.

O portavoz do BNG, sr. Fernández Baz, formula os seguintes rogos e preguntas:
- O cano polo que bota auga da fonte en Sestelo está desfeito, habería que botarlle un ollo. É de ferro e os veciños piden si se podería poñer de outro material.
- Hai un escrito da comunidade de Campos de MIrabel que pide a colocación dun punto de luz á altura da fachada dun edificio, cambio da sinalización, sinalización reflectante nos pasos de peóns, establecer como velocidade máxima na rua 30 Km/hora, que se pinten as prazas de estacionamento para motocicletas nas catro esquinas da urbanización... Todo esto xa o pediu antes, pero agora o reitera, e quere saber como vai este tema.

A portavoz do PSdG-PSOE, sr. Lemus, contesta que algunha desas medidas xa está proxectada, e que hai un plan de mellora de accesibilidade que se vai licitar agora; en canto aos puntos de luz tería que consultalo cos técnicos, pero que en principio a zona está ben ilumindada, e en canto as motocicletas indica que ten que falalo ca policía.

O sr. Fernández indica que hai punto onde a urbanización está moi iluminada, pero onde piden o punto de luz é nunha esquina que sí pode estar moi escura.
- En Solláns púxose un lombo e cando chove acumula auga e salpícase aos peóns que van pola acera. Urxe solucionalo agora que ven o inverno.
- Algún veciño dos Tilos lle cometa si sería posible achegar a marquesina dos Tilos á parada do bus?. A marquesina está no alto e o bus para antes da subida dado o paso elevado que hai.

A sra. Lemus indica que terían que mirar, entre outras cousas, o tamaño da acera dos Tilos.
- Presentou un rogo por escrito hai uns meses sobre o parque infantil en Cabovila, e pide que se volva a poñer sobre a mesa este asunto.
- Solicita, dirixéndose ao sr. Elías que tapen un pouco un bache que hai chegando a Fornelos na estrada principal. Hai outro bache baixando pola pista detrás do campo de fútbol de Calo, onde está a ponte, que está nunha alcantarilla e que si o colle séntelo.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PSdeG-PSOE.

Os/as concelleiros/as do PSdeG-PSOE non formulan ningún rogo nin pregunta.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PP.

O concelleiro do PP, sr. Sánchez, formula os seguintes rogos e preguntas:

- O sr. Sánchez, indica que na pista desde Loureiro, Luou, ata a A Grela en Lampai asfaltáronse uns poucos metros, e pregunta cando se asfaltará máis.

A sr. Lemus, concelleira de urbanismo, seguridade cidadá, enerxía e sostibilidade, resposta que na seguinte tandada de contratación.

- Continúa o sr. Sánchez preguntando cando se rematará a obra e se porá en funcionamento o colector de Espasande. Xa preguntou antes das eleccións e se lle dixo que á volta do verán.

O sr. alcalde dixo que a el lle aseguran que principios de outubro se reanudaría a obra, pero cando se obtiveron os permisos a empresa estaba comprometida con outra obra.

O concelleiro do PP, sr. Guerra, formula os seguintes:

- O sr. Guerra pregunta di que sobre o parque de Cabovila, xa había un parque hai anos e hai tres anos xa acordaron facelo.
- O sr. Guerra expón que os veciños da urbanización de Monte en Cacheiras, dende o cambio de luminarias, seguen sen luz, son cinco farolas, oito casas, e levan tres ou catro meses sen luz.

A sra. Lemus expón que nesa fase, co cambio de luminarias, os cadros empezaron a dar erros, e se comprobou que o erro do cableado era moi grande, e houbo moitas discusións sobre a propiedade pública ou privada do muro, polo que o retraso é considerable, pero estase traballando para arranxalo.

-Continúa o sr. Guerra sinalando que na pista de Chao do Río a Outeiro, da fonte de abaixo á fonte de arriba, os veciños piden que se poñan uns tubos. O sr. Guerra pregunta que lle pode dicir aos veciños.

O sr. Moniño indica que que é un tema que se fará cando se poda.

A concelleira do PP, sra. Vázquez, formula os seguintes rogos e preguntas:

- A sr. Vázquez sinala que a pista que hai en Reis que sube pola aldea de Piñeiro hai catro anos que se pediu que se asfaltase, vai en costa e ten gravilla solta, preguntando se podería ter arreglo.
- Pregunta se hai posibilidades, unha vez que estea feito, de poñer luz no aparcadoiro de Pontevea, porque no se ve nada de noite.

A sra. Lemus resposta que están a traballar nelo, que xa falaron con Fenosa, pedindo orzamentos para colocar un punto de luz con placa solar.

A concelleira do PP, sra. Nariño, interésase polas actuacións que se van facer no cemiterio municipal de Penelas, porque na parte de diante está todo levantado e non sabe que se vai facer.

O sr. Elías indica que actuacións na instalación de auga.

A concellira do PP, sra. Calvo, indica que as obras de mellora do parque en San Sadurniño precisan moita luz, e que os veciños rogan que se manteña a estética das luminarias, e que se eliminen barreiras arquitectónicas na mesma urbanización, na medida do posible, insiste tamén no mal estado das aceras, e pide que se doten máis contedores de reciclaxe de vidro e pilas. Xa sabe que está anunciada unha reunión ca veciñanza.

A sra. Lemus sinala que as obras van ser en Montouto, vaise facer unha reurbanización, que se vai levar ao POS e que se van explicar aos veciños, pretendes evitar a inseguridade viaria desa zona.

Intervén a sra. Nariño para indicar, xa que se está a falar dos parques, que hai moitos que teñen materiais perigosos (ferro) e solicite que se lles cambie o material.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte e unha horas e cinco minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria accidental, dou fe.

O alcalde

Rafael C. Sisto Edreira

33252651X RAFAEL CARLOS SISTO (R: P1508300I) Firmado digitalmente por 33252651X RAFAEL CARLOS SISTO (R: P1508300I) Fecha: 2019.11.21 13:41:45 +01'00'

A secretaria accidental

Mª Elena Sueiro Fernández

MARÍA ELENA SUEIRO FERNÁNDEZ - 33294676Z Firmado digitalmente por MARÍA ELENA SUEIRO FERNÁNDEZ - 33294676Z Fecha: 2019.11.21 12:18:13 +01'00'

A C T A 14/2019

SESIÓN EXTRAORDINARIA PLENO MUNICIPAL

– 9 DE OCTUBRE DE 2019 –

Na Casa do Concello, a nove de outubro de dous mil dezanove, reúnense en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que se relacionan a continuación, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión extraordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

Concelleiros/as:

D.ª Iria Otero Romero

D. Xosé Ignacio Iglesias Villar

D.ª María López Álvarez

D. José Manuel Guerra Calvelo

D. Antonio Reyes Sánchez Crespo

D.ª María Vázquez Rey

D.ª María Dolores Nariño Facal

D.ª María Teresa Castro Framil

D.ª Lucía Calvo de la Uz

D.ª Margarita Rosende Domínguez

D.ª Uxía Lemus de la Iglesia

D.ª María Josefa Argibay da Silva

D. José Manuel Elías Noya

D. Manuel Anxo Fernández Baz

D.ª Carmen Diéguez González

Non asiste, previa escusa:

D. Roberto Moñino Gil

Secretaria xeral:

D.ª Virginia Fraga Díaz

Interventora:

D.ª Mónica I. Lado Varela

ORDE DO DÍA:

1.- DACIÓN DE CONTA DA COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS

2.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DA CONTA XERAL 2018

3.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE ACORDO DE NON DISPOÑIBILIDADE DE CRÉDITOS E APROBACIÓN DE PLAN ECONÓMICO FINANCIERO: 2019-2020

4.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS E DEPORTIVAS

5.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE TEO

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, o sr. alcalde, sendo as vinte horas, declara público e aberto o acto.

1.- DACIÓN DE CONTA DA COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS.

O sr. alcalde da conta da composición das Comisións Informativas segundo o documento incorporado ao expediente, do 20 de agosto de 2019, que se reproduce a continuación:

"**ASUNTO: COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS**

De acordo co establecido nos artigos 38 e 123 e seguintes do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das entidades Locais, en relación co artigo 14 do Regulamento Orgánico

Municipal, á vista dos escritos presentados no seu momento polos diferentes grupos políticos, as comisións informativas, creadas por acordo do Pleno do 8 de xullo de 2019 quedarán integradas polos membros que se recollen a continuación, sendo o alcalde o presidente de todas elas.

Escritos dos grupos políticos:

SON DE TEO - (REX. ENTRADA Nº 4629, de 10/07/2019)

PSdeG-PSOE– (REX. ENTRADA Nº 398(SEDE), de 09/07/2019)

PP – (REX. ENTRADA Nº 4661, de 12/07/19 E Nº 4900, de 29/07/19)

BNG - (REX. ENTRADA Nº4655, de 12/07/2019),

Comisións informativas:

1.- Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Sostibilidade e Servizos básicos.

2.- Comisión Informativa de Administración, Cultura, Educación, Seguridade cidadá, Participación veciñal e Deportes

3.- Comisión Informativa de Persoal, Comunicación, Normalización lingüística, Mocidade e Medio Natural.

4.- Comisión Informativa de Benestar social, Igualdade, Transportes, Turismo, Comercio e Emprego

5.- Comisión Informativa de Facenda e Asuntos Económicos, que asume as funcións da Comisión Especial de Contas.

A composición de todas as Comisións Informativas, será a seguinte:

- 3 concelleiros/as do PP

- 1 concelleiro/a de SONdeTEO

- 2 concelleiros/as do PSdeG-PSOE

- 1 concelleiro/a do BNG

O alcalde é o Presidente nato de todas as Comisións Informativas, porén, a presidencia efectiva poderá delegala en calquera membro da Corporación, a proposta da propia Comisión, tras a correspondente elección efectuada no seu seno

Composición das Comisións informativas:

1.- COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, INFRAESTRUTURAS, SOSTIBILIDADE E SERVIZOS BÁSICOS.

Presidente:

D. Rafael Sisto Edreira (SdeT)

Concelleiros/as:

D. José Manuel Guerra Calvelo (PP)

Suplente: D.ª Mª Dolores Nariño Facal

D. Antonio R. Sánchez Crespo (PP)

Suplente: María Vázquez Rey

D.ª Lucía Calvo de la Uz (PP)

Suplente: D.ª Margarita Rosende Domínguez

D. X. Ignacio Iglesias Villar (SdeT)

Suplente: D.ª Iria Otero Romero

D. Roberto Moñino Gil (PSdeG-PSOE)

Suplente: D.ª M.ª Josefa Argibay da Silva

D.ª Uxía Lemus de la Iglesia (PSdeG-PSOE)

Suplente: D. José Manuel Elías Noya

D. Manuel Anxo Fernández Baz (BNG)

Suplente: D.ª Carmen Diéguez González

2.- COMISIÓN INFORMATIVA DE ADMINISTRACIÓN, CULTURA, EDUCACIÓN, SEGURIDADE CIDADÁ, PARTICIPACIÓN VECIÑAL E DEPORTES

Presidente:

D. Rafael C. Sisto Edreira (SdeT)

Concelleiros/as:

D.ª María Vázquez Rey (PP)

Suplente: D.ª Lucía Calvo de la Uz

D. Antonio R. Sánchez Crespo (PP)

Suplente: D.ª Mª Dolores Nariño Facal

D.ª Mª Teresa Castro Framil (PP)

Suplente: D.ª Margarita Rosende Domínguez

D. X. Ignacio Iglesias Villar (SdeT)

Suplente: D.ª María López Álvarez

D.ª M.ª Josefa Argibay da Silva (PSdeG-PSOE)

Suplente: D. Roberto Moñino Gil

D.ª Uxía Lemus de la Iglesia (PSdeG-PSOE)

Suplente: D. José Manuel Elías Noya

D. Manuel Anxo Fernández Baz (BNG)

Suplente: D.ª Carmen Diéguez González

3.- COMISIÓN INFORMATIVA DE PERSOAL, COMUNICACIÓN, NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA, MOCIDADE E MEDIO NATURAL

Presidente:

D. Rafael C. Sisto Edreira (SdeT)

<u>Concelleiros/as</u>:

D.ª María Vázquez Rey (PP)

Suplente: D.ª Margarita Rosende Domínguez

D.ª Mª Teresa Castro Framil (PP)

Suplente: D.ª Lucía Calvo de la Uz

D.ª Mª Dolores Nariño Facal (PP)

Suplente: D. Antonio R. Sánchez Crespo

D.ª María López Álvarez (SdeT)

Suplente: D. X. Ignacio Iglesias Villar

D.ª M.ª Josefa Argibay da Silva (PSdeG-PSOE)

Suplente: D. Roberto Moñino Gil

D. José Manuel Elías Noya (PSdeG-PSOE)

Suplente: D.ª Uxía Lemus de la Iglesia

D.ª Carmen Diéguez González (BNG)

Suplente: D. Manuel Anxo Fernández Baz

4.- COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE, TRANSPORTES, TURISMO, COMERCIO E EMPREGO

<u>Presidente</u>:

D. Rafael C. Sisto Edreira (SdeT)

<u>Concelleiros/as</u>:

D.ª Mª Dolores Nariño Facal (PP)

Suplente: D.ª Mª Teresa Castro Framil

D.ª Margarita Rosende Domínguez (PP)

Suplente: D.ª Lucía Calvo de la Uz

D.ª María Vázquez Rey (PP)

Suplente: D. Antonio R. Sánchez Crespo

D.ª Iria Otero Romero (SdeT)

Suplente: D. X. Ignacio Iglesias Villar

D.ª M.ª Josefa Argibay da Silva (PSdeG-PSOE)

Suplente: D. Roberto Moñino Gil

D. José Manuel Elías Noya (PSdeG-PSOE)

Suplente: D.ª Uxía Lemus de la Iglesia

D.ª Carmen Diéguez González (BNG)

Suplente: D. Manuel Anxo Fernández Baz

5.- COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ASUNTOS ECONÓMICOS, QUE ASUME AS FUNCIÓNS DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS

Presidente:

D. Rafael C. Sisto Edreira (SdeT)

Concelleiros/as:

D. José Manuel Guerra Calvelo (PP)

Suplente: D. Antonio R. Sánchez Crespo

D.ª Margarita Rosende Domínguez (PP)

Suplente: D.ª Mª Teresa Castro Framil

D.ª Lucía Calvo de la Uz (PP)

Suplente: D.ª Mª Dolores Nariño Facal

D.ª Iria Otero Romero (SdeT)

Suplente: D.ª María López Álvarez

D. Roberto Moñino Gil (PSdeG-PSOE)

Suplente: D.ª M.ª Josefa Argibay da Silva

D.ª Uxía Lemus de la Iglesia (PSdeG-PSOE)

Suplente: D. José Manuel Elías Noya

D. Manuel Anxo Fernández Baz (BNG)

Suplente: D.ª Carmen Diéguez González

Teo, 20 de agosto de 2019
O alcalde,

Rafael C. Sisto Edreira”

O Pleno da Corporación toma coñecemento.

2.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DA CONTA XERAL 2018.

O sr. alcalde da conta da proposta de 1 de outubro de 2019, que se recolle a continuación.

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Visto o expediente da Conta Xeral do Concello de Teo correspondente ao exercicio 2018, formada segundo o establecido no artigo 208 do Real Decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, e co contido sinalado no artigo 209.

Considerando que devandita Conta Xeral foi informada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas, Facenda e Asuntos Económicos, na súa sesión extraordinaria celebrada en data 20/08/2019.

Tendo en conta que a Conta Xeral correspondente ao exercicio 2018 estivo exposta ao público durante quince días hábiles, mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da

Provincia (BOP) nº 162, de data 28/08/2019, podendo as persoas interesadas presentar reclamacións, reparos ou observacións durante devandito prazo de quince días hábiles e oito máis.

Considerando que durante o prazo legalmente establecido non se presentaron reclamacións, reparos ou observacións, segundo consta no informe emitido polos servizos xerais.

En virtude do exposto, e de acordo co establecido no artigo 212.4 do TRLRFL, proponse AO PLENO:

Primeiro.- Aprobar a Conta Xeral do Concello de Teo correspondente ao exercicio 2018.

Segundo.- Render a Conta Xeral así aprobada e toda a documentación que a integra ao Tribunal de Cuentas, tal e como se establece no artigo 212.3 do TRLRFL, así como ao Consello de Contas de Galicia, segundo o establecido no artigo 25.2 da Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas.

Terceiro: Enviar ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a Conta Xeral 2018, nos termos que indica a Orde HAP/2105/ 2012, de 1 de outubro.

Teo, 1 de outubro de 2019

O ALCALDE

Rafael Sisto Edreira”

O sr. alcalde explica que a conta é un documento contable feito polo departamento de intervención, polo que non se trata de discutir se o que se gastou foi ben ou mal gastado, xa que para iso está o orzamento e a liquidación, senón se as contas foron así ou non.

Refírese o sr. alcalde ás conclusións do informe de intervención e salienta que no mesmo se recolle un resultado orzamentario positivo e un remanente de tesourería positivo e o nivel de endebedamento no 0,42 %.

Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do BNG, sr. Fernández, sinala que vaia por diante que se trata da conta xeral do 2018 vinculada ao orzamento prorrogado

aprobado en xullo do 2017. No 2018 existiron modificacións importantes, unhas normais, ao tratarse dun orzamento prorrogado, e outras vinculadas ao préstamo do IDAE e ao POS, entre outros temas. Tratándose dos reparos insiste o sr. Fernández na necesidade de reducilos ao máximo, para así evitar ter que proceder ao seu levantamento. Sinala que se trata dunha conta xeral que amosa uns indicadores bastante positivos, tal e como se reflicte nos informes de intervención, comezando polo resultado orzamentario e rematando polo remanente líquido de tesourería.

Remata o sr. Fernández a súa intervención sinalando que a súa posición vai a estar vinculada á posición que tiveron en relación co orzamento orixinal ao que vai vinculado dalgunha maneira esta conta xeral.

A portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, non fai uso da súa quenda de intervención.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra á concelleira do seu grupo D.ª Lucía Calvo de la Uz.

A sra. Calvo di que saben que se trata dun documento técnico, unha foto fixa da realidade, porén supón que todos serán conscientes de que se non se cumpre cos prazos se bloquearía a posibilidade de acceso a subvencións e se incorrería nunha grave irresponsabilidade por parte do goberno, engadindo que, aínda que se está en prazo, vaise ao límite. Salienta a sra. Calvo que a conta xeral está presentada tarde, mal e arrastro e lembra que na anualidade 2018 se presentou o 26 de setembro e nesta anualidade no día de hoxe, 9 de outubro, e o prazo remata o 15 deste mes.

Quere a sra. Calvo deixar claro que dos informes de intervención se desprende a mala xestión do goberno por cousas como as que vai a detallar. Sinala que se incumpre a regra de gasto, hai catorce reparos, irregularidades nas nóminas dalgúns traballadores e cousas tan graves como que do remanente de tesourería chama a atención os case 2,7 millóns de euros de dereitos pendentes de cobro de exercicios xa pechados, a non recadación en vía executiva da taxas de auga, sumidoiros e depuración, engadindo que estas reclamacións permanecen paralizadas dende 2012. Pregunta a sra. Calvo qué é o que pasa, se é que uns veciños pagan e outros non.

Sinala a sra. Calvo que no informe de intervención se reflicte claramente o que acaba de dicir, que non se reclaman polo vía executiva as taxas de saneamento, alcantarillado e depuración dende o ano 2012 aos veciños que no seu momento non pagaron. Sinala que tendo en conta que so se poden reclamar os últimos catro anos, está claro que se perdeu o ingreso da friolera de case 2,7 millóns de euros.

Espera a sra. Calvo que o sr. alcalde teña unha boa explicación, que lle gustará escoitar, e pregunta se é xusto para os/as veciños/as de Teo que uns paguen e outros non, engadindo que haberá que depurar responsabilidades porque non é que isto sexa grave senón que é gravísimo. Considera a sra. Calvo que do estudo da liquidación extráese unha moi baixa execución do capítulo 6 en investimentos de gasto, posto que dos 8,8 millóns de euros a penas se executaron 4 millóns, por tanto por debaixo do 50 %. Pregunta a qué obedece isto, tendo en conta que todos eran investimentos necesarios para o Concello, e porque non se executaron, engadindo que se trata doutra cuestión inexplicable.

Tratándose de vertente de ingresos, pregunta a sra. Calvo como é posible que dos 3.000.000 € estimados de ingresos de taxas so se recollan 2.200.000 €, o que quere dicir é que hai unha sobreestimación á hora de orzamentar. Sinala que isto é o que se deriva do informe de intervención, engadindo que iso mesmo volve a suceder no capítulo 6 de ingresos, xa que dos 120.000 € que se contemplan, non se recoñece ningún dereito, polo que clarisimamente se está inflando a conta, tal e como di a intervención.

Sinala a sra. Calvo que ambas situacións son unha imprudencia flagrante, porque inflar ingresos da lugar a un maior gasto e provoca desequilibrio orzmentario, porque se non se recada daría lugar a déficit e tensións na tesourería municipal. Considera a sra. Calvo que hai que ter máis sentido e non se pode gastar máis cartos dos que se recadan, engadindo que o orzamento de ingresos debe estar consignado de acordo ao principio de prudencia. Pide a sra. Calvo que non se inflen as contas, que despois da lugar a maior gasto.

Sinala a sra. Calvo que das tres regras incúmprense dúas, a regra de gasto e a estabilidade orzamentaria. Lembra que o concello está suxeito ao cumprimento do Plan

de axuste 2012-2020, aprobado con ocasión do mecanismo de pago a provedores, e non se está a cumprir.

Di a sra. Calvo que, por resumir, hai de todo, reparos, incumprimentos de todo tipo, dubidoso cobro, contratos menores con informes desfavorables e sen fiscalización previa, etc, etc.

Remata a sra. Calvo a súa intervención sinalando que, despois de todo o exposto, o voto do seu grupo será negativo, engadindo que supón que non será unha sorpresa, porque aínda que o miraran con cariño é imposible aceptar isto.

O sr. alcalde sinala que a sra. Calvo comezou dicindo que era un documento contable, polo tanto parten de que hai algunha conta mal, porque para non aprobar as contas se supón que hai algunha conta que falla, que hai algo que está mal reflectido, que hai algo que se gastou que non está reflectido, porque se non se aproban as contas o que se fai é unha interpretación política de cómo se fixo a xestión económica.

O sr. alcalde considera que a sra. Calvo ten todo o dereito do mundo a facer esa interpretación política e aínda que considera que non é o sitio, podería selo, pero á hora de votar as contas, non se entende moi ben, porque as contas ou están ben ou están mal contabilizadas.

Sinala o sr. alcalde que xa que se fixo unha crítica política, vai a respostar algunha cousiña.

O sr. alcalde sinala que todo o razoamento da sra. Calvo ten un fallo, se fala de que non se pode gastar máis do que se ingresa, e pregunta que cómo é que hai 808.855,98 € de superávit, engadindo que iso non pode responder máis que a que se ingresou máis do que se gastou, senón non pode haber superávit. Polo tanto, aínda existindo partes nas que ten razón a sra. Calvo, a argumentación xeral caese, porque senón non podería existir superávit.

Sinala que existen cuestións que a sra. Calvo non controla porque non estivo aquí e explica que os 2,7 millóns de euros do tema de augas non é porque os veciños non pagaran, senón que é porque o que non pagou é Aquaguest, tratándose dun tema que está no Xulgado. Sinala que independentemente de que non se fixera a recadación executiva, hai que ter en conta que está delegada na Deputación e ninguén no Concello dou unha orde de que non se fixese, polo que non pode ser culpa da Alcaldía. Considera o sr. alcalde que neste punto a sra. Calvo non ten razón, aínda que si a ten por exemplo no tema dos reparos, engadindo que costa moito axustar a economía e o funcionamento económico do Concello á nova regulamentación porque hai as limitacións que hai para contratación. Neste momento esta sen contratar case todo o POS 2018, cos expedientes enriba da mesa de Secretaría, porque non se da para máis.

Sinala o sr. alcalde que hai que sacar os contratos, porén non é por unha falta de vontade ou porque os/as responsables políticos/as non fagan o seu traballo, porén as limitacións as veces son duras nese senso.

Explica o sr. alcalde que o Consello de Contas fai unha serie de recomendacións para reducir por exemplo o tema dos reparos, como poñer controles internos de supervisións, e se vai a facer, porén non é tanto unha deixadez política senón que non se conta con persoal suficiente. Explica que este ano viu terriblemente esfarelado dende o punto de vista de control, coa administración electrónica, e así se antes se facían dous ou tres mesas de contratación nunha maña, agora se necesitan varias mañás para facer unha soa mesa. Sinala que hai que conseguir facelo, porén é algo que non se consigue de hoxe para mañá. Explica o sr. alcalde que é certo que no remanente de tesourería están eses dereitos de dubidoso cobro, e aclara que hai que mantelos aí porque se está pendente dunha resolución xudicial, e quitalos significaría recoñecer que non se ten dereito a eles, e iso sería un arma para o enimigo. Remata o sr. alcalde a súa intervención sinalando que, aínda que sobre eses temas de política económica teñan que falar e discutir moito, hoxe o que se valora é un documento contable, engadindo que entende a crítica política porén lle costa máis entender un voto negativo, porque ao final é cuestión de sumar e restar, e se está ben, para ben ou para mal, é que foi así.
Co permiso da presidencia, a interventora municipal e sinala que a Conta ten que quedar aprobada para a súa remisión ao Consello de Contas.

O sr. alcalde sinala que se o Pleno non aproba a Conta, non se pode remitir.

Aberta a segunda quenda de intervencións, o portavoz do grupo mixto, sr. Fernández, e a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, non fan uso das súas quendas de intervención.

Intervén a concelleira do PP, D.ª Lucía Calvo de la Uz, e sinala que a súa intervención foi unha crítica construtiva, porque o primeiro que dixo é que era un documento técnico, unha foto fixa da realidade. Pregúntalle ao sr. alcalde onde quere que diga todo o que dixo, no campo de fútbol ou no Pleno.

O sr. alcalde respóndelle que na liquidación orzamentaria.

A sra. Calvo sinala que ela quere deixar constancia agora e aquí. Indica que o sr. alcalde lle di que está reclamado vía xudicial e pregunta polos 14 reparos sinalando que segundo o alcalde son culpa dos técnicos. A sra. Calvo pídelle ao sr. alcalde que llo explique porque o quere entender.

O sr. alcalde sinala que hai reparos de todo tipo. Explica que hai contratos menores que se repiten sistematicamente, como a desratización, que son contratos bastante pírricos. Salienta que nas mesas de contratación hai moitos expedientes pendentes e leva moito tempo sacalos. Sinala que a responsabilidade final é do goberno, ou porque non é capaz de buscar os mecanismos para contratar o persoal necesario ou polo que sexa, porén cada un dos reparos se poderían xustificar, engadindo que cada reparo é un mundo. Sinala que hai cen mil facturas que van sen retención de crédito, debéndose ter en conta que hai que facer un proceso para reter, por exemplo 75 €, porén hai que facelo porque senón é un reparo.

A sra. Calvo sinala que se trata de cartos públicos.

O sr. alcalde sinala que hai que ter coidado porque o feito de facer a retención de crédito inicial é para asegurar que existe crédito para pagalo e nunca pasou que non existise crédito para pagar unha factura e ningunha factura se deixou de pagar, todas se pagaron,

porque había crédito, o que faltou foi o proceso administrativo de cubrir un papel para que a intervención valorase se había ou non crédito. Sinala que a veces con facturas pequenas se salta ese paso, aínda que non estea ben feito, porén non é que se trate de cartos públicos con menos control, engadindo que o grave sería realizar un gasto ser ter a dispoñibilidade orzamentaria. Salienta o sr. alcalde que no goberno se recalca moito que cada concelleiro/a ten que se responsable do seu orzamento, ao igual que na súa casa, reiterando que a retención de crédito deber facerse en montantes grandes e pequenos, porén, sobre todo nestes últimos, a veces iso se salta.

Sinala o sr. alcalde que tamén existen circunstancias excepcionais que provocan que, por distintas causas, non se fai retención en suposto de maior importe, e asumen a responsabilidade, e neste senso o espazo para mellorar é moito, co mesmo argumento que antes, porén non hai nin un so euro de cartos públicos que non se saiba a onde foi, ou quen autorizou o gasto ou que non houbera cartos para pagar, polo tanto se leva unha xestión económica bastante responsable, e por riba hai un superávit de 800.000 €, polo tanto mal de todo non se fai, aínda que a sra. Calvo teña razón nalgunhas cousas que dixo.

Non habendo máis intervencións e sometida a proposta a votación, prodúcese o seguinte resultado:

- Votos a favor – 7 (4 Son de Teo e 3 PSdeG-PSOE)

- Votos en contra – 7 (PP)

- Abstencións – 2 (BNG)

Producíndose un resultado de empate, sométese a proposta novamente a votación, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor – 7 (4 Son de Teo e 3 PSdeG-PSOE)

- Votos en contra – 7 (PP)

- Abstencións – 2 (BNG)

Persistindo o resultado de empate, decide o voto de calidade do alcalde.

De acordo co exposto, o Pleno da Corporación, con sete votos a favor (4 Son de Teo e 3 PSdeG-PSOE), sete en contra (7 PP) e dúas abstencións (2 BNG), decidindo o voto de calidade do Presidente, acorda:

Primeiro.- Aprobar a Conta Xeral do Concello de Teo correspondente ao exercicio 2018.

Segundo.- Render a Conta Xeral así aprobada e toda a documentación que a integra ao Tribunal de Cuentas, tal e como se establece no artigo 212.3 do TRLRFL, así como ao Consello de Contas de Galicia, segundo o establecido no artigo 25.2 da Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas.

Terceiro: Enviar ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a Conta Xeral 2018, nos termos que indica a Orde HAP/2105/ 2012, de 1 de outubro.

3.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE ACORDO DE NON DISPOÑIBILIDADE DE CRÉDITOS E APROBACIÓN DE PLAN ECONÓMICO FINANCIERO: 2019-2020.

O sr. alcalde da conta da proposta de 30 de setembro de 2019, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Facenda e Asuntos Económicos, que asume as funcións da Comisión Especial de Contas, de 3 de outubro de 2019.

"**PROPOSTA DA ALCALDÍA**

PLAN ECONÓMICO-FINANCEIRO AOS EFECTOS DO CUMPRIMENTO DA REGRA DE GASTO E A ESTABILIDADE ORZAMENTARIA

O informe de Intervención sobre la liquidación do exercicio 2018 de 27 de maio de 2019 constata o incumprimento da estabilidade orzamentaria e da regra de gasto, o que esixe, de conformidade co disposto nos artigos. 21 e 23 da LOEPSF, a formulación dun Plan Económico Financeiro que permita no ano en curso e no seguinte cumprir cos referido parámetros.

Estes datos da liquidación orzamentaria do exercicio 2018 foron remitidos ao *Ministerio de Hacienda* ao abeiro do artigo 15.4 da Orde HAP 2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei orgánica

2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (LOEOSF).

Consecuentemente, con data do 3 de xullo de 2018 a Dirección Xeral de Política Financeira e do Tesouro e Fondos Europeos da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, remitiu escrito a esta Alcaldía extraendo das regras fiscais o resultado dun incumprimento da regra de gasto de 572.670,19€ e unha capacidade de financiamento de 870.145,43€, do que se conclúe a necesidade dun acordo de non dispoñibilidade de créditos (AND) por 588.132,90€ e da aprobación dun novo PEF 2019-2020.

A orixe deste desaxuste está na participación do concello de Teo no programa de axudas para a renovación das instalacións de alumeado exterior municipal convocadas polo IDAE (Ministerio de Energía, Turismo y Agenda digital. Resolución do 28 de abril publicada no BOE do 5 de maio de 2015), aprobada polo Pleno da Corporación o 28 de abril de 2016 sen ningún voto en contra.

A resolución do Consello de Administración do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) do 20 de decembro de 2016 favorable á solicitude da axuda solicitada polo concello de Teo, complementada coa resolución do mesmo órgano asinada o 13 de febreiro de 2018, concedeu un préstamo reembolsable por 2.716.886,86€ a interese do 0.0%, que deu lugar á escritura pública de contrato de préstamo asinado en Madrid o 15 de marzo de 2018, e ao ingreso desta cantidade nas arcas municipais con data do 5 de abril de 2018.

A execución do contrato asinado coa empresa *Asistencia y Soluciones de Arquitectura e Ingeniería SL* (ASAI) por un importe total de 2.671.536,06€ (IVE incluído) como resultado do procedemento público aberto para a execución do “Proxecto de obras de renovación das instalacións de alumeado público exterior do Concello de Teo”, deu lugar a aprobación das dez certificacións de obra e das correspondentes facturas polo importe total do contrato, a última delas en marzo de 2019.

A contabilización das facturas do proxecto recoñecidas e pagadas ao longo do exercicio 2018 supuxeron un importe total de 2.182.819,59€, incorporadas no capítulo 6 de gastos non financeiros do exercicio. O ingreso do préstamo recibido compútase no capítulo 9 de ingresos, polo que non se contabiliza como “ingreso non financeiro”, orixinando o

incumprimento da estabilidade orzamentaria en 870.144,74€ e o incumprimento da regra de gasto en 572.670,79€.

Tendo en conta os datos reflectidos no Informe de Intervención sobre a liquidación do exercicio do 2018 asinada o 27 de maio de 2019, que sinala un resultado orzamentario axustado de +808.855,98€, así como a evolución do Remanente líquido de Tesourería para Gastos Xerais (RLTGG) e o nivel de endebedamento nos últimos exercicios, a situación económico-financeira do Concello é estable e solvente.

Tendo en conta que a Auditoría enerxética na que se basea o proxecto de renovación financiado polo IDAE indica que a súa execución vai supoñer un aforro anual en consumo de 283.728,57€, sen contabilizar nin o aforro por redución de potencia contratada nin o aforro estimado polo incremento nas tarifas eléctricas nos próximos anos, polo que a redución de custos anuais vai permitir a devolución da cota anual de capital (ao interese do 0%) e un importante aforro a maiores.

Proponse ao Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Aprobar o Plan Económico-Financeiro 2019-2020 que acompaña esta proposta e publicalo no Boletín Oficial da Provincia

Segundo.- Aprobar o acordo de non dispoñibilidade de créditos (AND) para o exercicio 2019 que esta proposta incorpora como ANEXO

Terceiro.- Remitir o PEF 2019-20, para o seu coñecemento á *Comisión Nacional de Administración Local* e a Dirección Xeral de Política Financeira e do Tesouro da Consellería de Facenda

Cuarto.- Efectuar as comunicacións telemáticas que procedan en cumprimento das obrigas contempladas na Orde HAP/2015/2012 de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira (LOEPSF).

Teo, 30 de setembro de 2019

Asdo: Rafael C. Sisto Edreira

ANEXO

partida orzamentaria	capitulo	data de aprobacion	data de aplicación efectiva	efecto económico exercicio 2019
132/12001	1	25/09/19	26/09/19	10.132,90
132/12101	1	25/09/19	26/09/19	22.000,00
132/16000	1	25/09/19	26/09/19	20.000,00
151/12001	1	25/09/19	26/09/19	10.000,00
151/15000	1	25/09/19	26/09/19	2.000,00
161/15000	1	25/09/19	26/09/19	3.000,00
170/15000	1	25/09/19	26/09/19	500,00
170/15100	1	25/09/19	26/09/19	500,00
170/22706	2	25/09/19	26/09/19	5.000,00
170/22799	2	25/09/19	26/09/19	10.000,00
170/62900	6	25/09/19	26/09/19	20.000,00
171/15000	1	25/09/19	26/09/19	1.500,00
171/15100	1	25/09/19	26/09/19	1.500,00
230/15000	1	25/09/19	26/09/19	5.000,00
241/22100	2	25/09/19	26/09/19	220.000,00
312/15100	1	25/09/19	26/09/19	1.000,00
312/21200	2	25/09/19	26/09/19	2.000,00
320/15100	1	25/09/19	26/09/19	2.000,00
330/13000	1	25/09/19	26/09/19	20.000,00
330/16000	1	25/09/19	26/09/19	5.000,00
334/22606	2	25/09/19	26/09/19	1.000,00
334/22609	2	25/09/19	26/09/19	9.000,00
340/15000	1	25/09/19	26/09/19	1.000,00
430/60900	6	25/09/19	26/09/19	30.000,00
430/61900	6	25/09/19	26/09/19	29.000,00
440/22602	2	25/09/19	26/09/19	5.000,00
450/13000	1	25/09/19	26/09/19	38.000,00
450/15000	1	25/09/19	26/09/19	2.000,00
450/15100	1	25/09/19	26/09/19	1.000,00
912/10000	1	25/09/19	26/09/19	5.000,00
912/48000	4	25/09/19	26/09/19	1.000,00
920/13000	1	25/09/19	26/09/19	40.000,00
920/15000	1	25/09/19	26/09/19	1.000,00
931/12000	1	25/09/19	26/09/19	13.000,00
931/12100	1	25/09/19	26/09/19	8.000,00
931/12101	1	25/09/19	26/09/19	20.000,00
931/15000	1	25/09/19	26/09/19	2.000,00
931/15100	1	25/09/19	26/09/19	1.000,00
931/68100	1	25/09/19	26/09/19	20.000,00

Obra no expediente informe de intervención, do 30 de setembro de 2019, que se reproduce a continuación.

" **INFORME DE INTERVENCIÓN**

ASUNTO: APROBACION PLAN ECONÓMICO FINANCEIRO 2019/2020.

Coa finalidade de dar cumprimento ao disposto pola Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira, vixente dende o 01/05/2012, e modificada pola Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público e Lei Orgánica 1/2016, de 31 de outubro, esta Intervención emite o seguinte informe, en relación có PEF 2019/2020 que agora se presenta:

1º.-PRINCIPIOS XERAIS

A Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de aplicación ás Entidades Locais enumera unha serie de principios xerais e procedementos a que debe axeitarse a política orzamentaria do sector público, os mais relevantes son:

PRINCIPIO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA.-Artigo 3.

"1.-A elaboración, aprobación e execución dos Orzamentos e demais actuacións que afeten aos gastos ou ingresos dos distintos suxeitos comprendidos no ámbito de aplicación desta lei se realizará nun marco de estabilidade orzamentaria, coherente coa normativa europea.

2.-Se entenderá por estabilidade orzamentaria das Administracións Públicas a situación de equilibrio ou superávit estructural."

PRINCIPIO DE SOSTENIBILIDADE FINANCEIRA.-Artigo 4.

"1.-As actuacións das Administracións Públicas e demais suxeitos comprendidos no ámbito de aplicación desta lei estarán suxeitas ao principio de sostenibilidade financeira.

2.-Se entenderá por sostenibilidade financeira a capacidade para financiar compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites de déficit e débeda pública, conforme ao estabrecido nesta lei e na normativa europea.

Se entende que existe sostenibilidade da débeda comercial, cando o período medio de pago aos provedores non supereo prazo máximo previsto na normativa sobre morosidade."

2º.- ESTABILIDADE ORZAMENTARIA.

A) INSTRUMENTACIÓN

O artigo 11 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, dispón:

"1.-A elaboración, aprobación e execución dos orzamentos e demais actuacións que afecten aos gastos e ingresos das Administracións Públicas e demais entidades que forman parte do sector público se someterá ao principio de **estabilidade orzamentaria**.

2.- Ningunha Administración poderá incurrir en déficit estructural, definido como déficit axustado de ciclo, neto de medidas excepcionais e temporais

…

4.-As Corporacións Locais deberán manter unha posición de equilibrio ou superávit orzamentario.

…

6.-Para o cálculo do déficit estructural se aplicará a metodoloxía utilizada pola Comisión Europea no marco da normativa de estabilidade orzamentaria."

B) CÁLCULO DA ESTABILIDADE ORZAMENTARIA

Ven determinada pola diferencia entre os capítulos 1 a 7 do estado de Ingresos, e os capítulos 1 a 7 do estado de gastos, e sobre dita diferencia se practicarán os axustes que indica Manual de Cálculo del Déficit en Contabilidad Nacional adaptado a las Corporaciones Locales.

3º.-SOSTENIBILIDADE FINANCEIRA

A)INSTRUMENTACIÓN

Regulada no artigo 13 da lei:

"1.-O volumen de débeda pública, definida de acordo có Protocolo sobre Procedemento de déficit excesivo, do conxunto das Administracións Públicas non poderá superar o 60% do PIB nacional expresado en termos nominais, ou o que se establezca pola normativa europea.

Este limite se distribuirá de acordo cós seguintes porcentajes, expresados en termos nominais do PIB nacional: 44% para a Administración central, 13% para o conxunto de CCAA e 3% para o conxunto das Corporacións Locais."

4º.-REGRA DE GASTO

A) DEFINICIÓN

O artigo 12 regula a regla de gasto:

"1.- A **variación do gasto computable** da Administración central, das Comunidades Autónomas e3 das Corporacións Locais, non poderá superar a **taxa de referencia de crecemento** do PIB de medio prazo da economía española.

2.-Se entenderá por gasto computable …os empregos non financeiros definidos no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, excluídos os xuros da débeda, o gasto non discrecional en prestacións por desemprego, a parte do gasto financiado con fondos finalistas procedentes da UE ou doutras administracións públicas e as transferencias ás CCAA e ás EELL vencelladas aos sistemas de financiación.

3.-Corresponde ao Ministerio de Economía e Competitividade calcular a taxa de referencia de crecemento do PIB de medio prazo da economía española…Esta taxa se publicará no informe a que se refire o artigo 15.5 desta Lei. Será a referencia a ter en

conta pola Administración Central e cada unha das CCAA e CCLL na elaboración dos seus respectivos Orzamentos."

5º.-MEDIDAS PREVENTIVAS, CORRECTIVAS E COERCITIVAS- P.E.F.

O artigo 18 estabrece:

1.-As Administracións Públicas farán un seguimento dos datos da execución orzamentaria e axustarán o gasto público para garantir que ao peche do exercicio no se incumple o obxectivo de estabilidade orzamentaria.

E o 19 advirte:

1.-En caso de apreciar un risco de incumprimento da estabilidade orzamentaria, do obxectivo de débeda pública ou da regla de gasto…das Corporacións Locais, o Goberno, a proposta do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, formulará unha advertencia motivada á Administración responsable previa audiencia á mesma…dita advertencia se fará pública a efectos de xeral coñecemento.

2.-A Administración advertida terá o prazo de un mes para adoptar as medidas necesarias para evitar o risco, que serán comunicadas ao Ministerio de Facenda e Administracións Púbicas. Se non se adoptasen as medidas ou o Ministerio de Facenda apreciase que son insuficientes para correxir o risco, se aplicarán as medidas correctivas previstas nos artigos 20,21 e 25.1ª).

Para correxir o incumprimento anterior, o artigo 21 prevee:

1.-**En caso de incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria**, **do obxectivo de débeda ou da regla de gasto, a administración incumpridoda formulará un plan económico-financeiro** que permita no ano en curso, e no seguinte o cumprimento dos obxectivos ou da regla de gasto, có contido e alcance previstos neste artigo.

E o 23 regula a súa tramitación:

1.-Os plans económico-financeiros … serán presentados ante os órganos contemplados nos apartados seguintes no prazo máximo de un mes dende que se constate o incumprimento… Estes plans deberán ser aprobados por ditos órganos no prazo máximo de dous meses dende a súa presentación e a súa posta en marcha non poderá exceder de tres meses dende a constatación do incumprimento.

4.-Os plans económico-financeiros elaborados polas CCLL deberán estar aprobados polo Pleno da Corporación.

…

Os plans económico-financeiros se remitirán á Comisión Nacional de Administración Local. Se dará a estes plans a mesma publicidade que a estabrecida polas leis para os Orzamentos da Entidade.

O artigo 24 estipula:

1.-O MHAP, elaborará trimestralmente un informe de seguemento da aplicación das medidas contidas nos plans económico-financeiros, para o cal recabará a información necesaria.

3.-En caso de que nos informes de seguemento se verifique unha desviación en aplicación das medidas, o MHAP requerirá á Administración responsable para que xustifique dita desviación, aplique as medidas ou, no seu caso, inclúa novas medidas que garantan o cumprimento do obxectivo de estabilidade.

Finalmente, os artigos 25 e 26 recollen medidas coercitivas en caso de incumprimento:

-**En caso de falta de presentación, de falta de aprobación ou de incumprimento do plan económico-financeiro …a Administración Pública responsable deberá**:

a) aprobar no prazo de 15 días dende que se produzca o incumprimento, a **non dispoñibilidade de créditos** que garantan o cumprimento do obxectivo estabrecido.

De non adoptarse esta medida, ou en caso de ser insuficiente, será nomeada unha comisión de expertos que valorará a situación económica real do concello e imporá as regras de obrigado cumprimento por parte da entidade.

b) constituír un **depósito con xuros** no Banco de España equivalente ao 0,2% do seu PIB nominal.

-**En caso de incumprimento das medidas anteriores, o Goberno ou no seu caso, a CCAA que teña atribuída a tutela financeira, requerirá ao Presidente** da Corporación para que as adopte, e, en caso de novo incumprimento, a CCAA adoptará as medidas para o seu cumprimento forzoso.

A persistencia no incumprimento dalgunha das obrigas anteriores, cando supoña o incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, do obxectivo de débeda pública ou da regra de gasto, **poderá considerarse como xestión gravemente dañosa para os intereses xerais, e poderá procederse á disolución dos órganos da CCLL incumplidora**.

6º.-CONCLUSIONS

Tras examinar o Plan económico financiero que se presenta se comproba que:

1º.-O Plan vai precedido do acordo requerido de indispoñibilidade de créditos por importe de 588.132,90€, neste punto a fiscalización é favorable.

2º.- O plan se presenta fóra fora do prazo de un mes dende que se constatou o incumprimento.

3º.- O plan permitirá correxir os desequilibrios en canto a regla de gasto e estabilidade orzamentaria en prazo de dous anos.

Polos motivos expostos a que suscribe non atopa motivos para informar desfavorablemente o plan económico financiero 2019 a 2020 coa excepción relativa ao prazo.

Teo, 30 de setembro de 2019

A interventora

Mónica Isabel Lado Varela”

Faise constar que se incorpora como anexo á presente o “PLAN ECONÓMICO-FINANCIEIRO DO CONCELLO DE TEO 2019/2020 AOS EFECTOS DO CUMPRIMENTO DA REGRA DE GASTO E A ESTABILIDADE ORZAMENTARIA”

O sr. alcalde explica que pasou o que sabían que ía a pasar. Sinala que cando no Pleno decidiron solicitar o plan do IDAE para a renovación do alumeado público se sabía que se se concedía o crédito ían a pasar dúas cousas. Unha é que se ían a ter que gastar tres millóns e pico de euros, naquel momento, aínda que finalmente foron dous millóns seiscentos mil euros, nun único exercicio económico, e que iso faría saltar a regra de gasto. O sr. alcalde salienta que non discuten que se saltaron a regra de gasto, o que discuten é porque teñen quer ter a regra de gasto, porque o Concello ten que ter un control financeiro, superávit no orzamento, recursos, porén é administración tutelada, que non pode asumir un custo, xa que a alternativa sería non asumir o custo de renovación do alumeado, non conseguir un aforro, certificado polo IDAE, do 70% no consumo eléctrico, e seguir gastando máis e máis. Lembra o sr. alcalde que había lámparas de mercurio que era unha situación tercer mundista enerxeticamente.

Salienta que se quería facerse supoñía saltarse a regra de gasto e agora teñen que adoptar os mecanismos que a Lei, se estea ou non de acordo con ela, impón para poder corrixir esa situación. Explica que tamén acontece outra contradición, que espera que alguén lle explique algunha vez, ao tratarse dun préstamo como non se chega ao 75 %, senón so ao 42 %, non se necesita pedir permiso á Comunidade Autónoma para endebedarse, porén se te endebedas como neste caso, para facer este cambio que é fundamental para a economía do concello, se computa o gasto pero non o ingreso, e iso da lugar a un desequilibrio orzamentario, algo que tamén se sabía que ía a acontecer. O sr. alcalde sinala que previamente se valorou a situación, e o mecanismo é que agora hai que facer un acordo de non dispoñibilidade de créditos por un importe semellante ao que se excederon na regra de gasto, e un pouquiño máis, e asegurarse de que na liquidación

do orzamento deste ano va a cumprir todos parámetros. Salienta que iso foi o que se fixo e polo tanto buscáronse ese cartos dos que non van a dispoñer, polo que este ano, de forma absurda, xa se vai a ter un superávit de 588.000 €, e logo se dirá que non se executou o orzamento, porén é o que di a Lei, se fai e xa está. O sr. alcalde sinala que van controlando ben o orzamento deste ano, os estados de liquidación amosan que van dentro do cumprimento da regra de gasto, e se farán os axustes necesarios, de aquí a final de ano, para que a liquidación quede conforme a lei di que ten que quedar.

Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do BNG, sr. Fernández, sinala que é o segundo plan económico financeiro, nos últimos dous anos, e o terceiro se se ten en conta o período dende o ano 2012. O primeiro aínda está vixente e, segundo o informe de intervención, non se está cumprindo nalgúns dos parámetros contemplados, e o segundo foi consecuencia da liquidación do exercicio 2016 e no que se constataba o incumprimento da estabilidade orzamentaria e da regra de gasto, daquela vinculada ao tema das facturas de Aquaguest dos anos 2014 e 2015, plan que se rematou este ano e que, como sinala intervención, se cumpriu.

Explica o sr. Fernández que este terceiro plan é consecuencia dunha decisión adoptado polo Pleno da Corporación Municipal, unha aposta polo aforro enerxético diante da emerxencia climática, que foi renovar as instalación do alumeado exterior a través do IDAE. Salienta que aquela decisión da Corporación ten unhas consecuencias contables, e unha delas é necesariamente este plan económico financeiro. O sr. Fernández sinala que teñen clara a súa parte de responsabilidade nesa decisión, de apostar pola eficiencia enerxética, e por iso teñen claro que non se van a opoñer. Sinala que en todo caso, tamén en coherencia coa postura manifestada nos orzamentos do 2017, prorrogado do 2018, polo problema do IDAE, e sendo consecuente co que acaba de subliñar, vanse a abster, aínda sabendo que é responsabilidade de todos/as os membros da Corporación que se vexan avogados a este plan económico financeiro.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, quen sinala que o risco do IDAE era coñecido, se fixeron varias reunións coa Xunta de Galicia e coa Intervención económica

para saber como podían axustar, en canto a magnitudes orzamentarias, o préstamo do IDAE, e axustouse algo pero non se dou axustado todo o que se tiña que axustar. Sinala a sra. Lemus que o tema chama a atención, debéndose adiantar que tamén vai a pasar con fondos FEDER, de case tres millóns de euros, nos que o 80 % da subvención o cubre o FEDER e isto se xustifica a efectos de gasto da subvención, porén os fondos propios, 600.000 €, non, polo que haberá que intentaran axustarse outra vez, aínda que entende que neste caso vai a ser más fácil. Sinala a sra. Lemus que é curioso que se favoreza todo o posible mecanismos de cambio de adaptación dos Concellos ás novas circunstancias de cambio climático, eficiencia enerxética, sobre todo con fondos europeos, e chegado un determinado momento se atopan con estes problemas, engadindo que non hai formula legal para sostelo. Explica a sra. Lemus que se se fixeran as contas respecto á estabilidade orzamentaria, se non existira o préstamo do IDAE, habería unha capacidade de financiamento positiva de 1.400.000 €, e na regra de gasto habería un cumprimento da mesma, polo tanto parece que coas normas estatais estanse provocando incumprimentos aos Concellos cando debería ser todo o contrario, e nese senso deben buscarse mecanismos ao efecto.

Explica a sra. Lemus que a Unión Europea está dando aportacións de financiamento moi importantes, porén o que non pode ser é que acudir a estes fondos obrigue a todos a facer cálculos, non tanto da capacidade financeira, senón de cómo xustificar nun papel que non se están incumprindo os tres elementos básicos orzamentarios ou de liquidación que implica dende fai uns anos a normativa estatal. Sinala a sra. Lemus que ela sempre se queda co aforro acadado, e explica que feitas as primeiras contas existe xa un aforro do 50% e agora se están cambiando as peaxes. Sinala que se está discutindo con Naturgy, que funciona case como un monopolio, e despois de que se discuta e se leve a cabo a baixada das peaxes e dos cambios de contratos, se cambiará a contratación e se irá ao mecanismos de contratación do Estado, da FEMP, e se meteran na bolsa de contratación e a enerxía eléctrica sairá aínda máis barata que agora, que existen contratos antigos moi esaxerados.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra á concelleira do seu grupo D.ª Lucia Calveo de la Uz.

A sra. Calvo sinala que efectivamente con este PEF se cumprirá a regra de gasto, o que celebran porque ao fin ao cabo a obriga que teñen é cumprir coa lei. A sra. Calvo formulas dúas preguntas ao sr. alcalde. Pregúntalle se está en condicións de asegurar todos os pagos a provedores a 31 de decembro de 2019, e se se compromete a que a conta 413 estea a cero a 31 de decembro de 2019.

O sr. alcalde pregunta cal é a conta 413.

A sra. Calvo dille ao sr. alcalde que ten aí a interventora.

A sra. interventora sinala que agora mesmo non o lembra.

A sra. Calvo sinala que é onde van as facturas que non hai liquidez para pagar, que se quitan do seguinte orzamento.

O sr. alcalde sinala que hai dous conceptos distintos. Aclara que van a pagar todas as facturas a 31 de decembro, engadindo que non hai problemas de liquidez, senón que o problema, neste caso concreto, é que teñen que ter unha partida orzamentaria onde non acabaran de gastar todo, onde meter os gastos. Explica que se por exemplo teñen 100.000 € para gastar nunha partida, se fai un acordo de non dispoñibilidade de 50.000 €, e polo tanto non poden chegar facturas por máis de 50.000 €, e se iso acontecera, terían cartos para pagalas, pero non poderían pagalas porque se pasarían orzamentariamente. Salienta que non é un problema de que teñan ou non cartos, senón que se trata dun problema de política orzamentaria. Salienta o sr. alcalde que traballaron moito con Tesourería todo este plan para poder garantir iso, que sempre se pagaría, aínda que podería esixir un recoñecemento extraxudicial de crédito para pagalo, pero intentan ser serios e claro que van a poder garantir que se pagarán as facturas a 31 de decembro.

Non habendo máis intervencións e sometida a proposta a votación, prodúcese o seguinte resultado:
- Votos a favor – 7 (4 Son de Teo e 3 PSdeG-PSOE)
- Votos en contra – 7 (PP)
- Abstencións – 2 (BNG)

Producíndose un resultado de empate, sométese a proposta novamente a votación, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor – 7 (4 Son de Teo e 3 PSdeG-PSOE)
- Votos en contra – 7 (PP)
- Abstencións – 2 (BNG)

Persistindo o resultado de empate, decide o voto de calidade do alcalde.

De acordo co exposto, o Pleno da Corporación, con sete votos a favor (4 Son de Teo e 3 PSdeG-PSOE), sete en contra (7 PP) e dúas abstencións (2 BNG), decidindo o voto de calidade do Presidente, acorda:

Primeiro.- Aprobar o Plan Económico-Financeiro 2019-2020 que acompaña esta proposta e publicalo no Boletín Oficial da Provincia

Segundo.- Aprobar o acordo de non dispoñibilidade de créditos (AND) para o exercicio 2019 que esta proposta incorpora como ANEXO

Terceiro.- Remitir o PEF 2019-20, para o seu coñecemento á *Comisión Nacional de Administración Local* e a Dirección Xeral de Política Financeira e do Tesouro da Consellería de Facenda

Cuarto.- Efectuar as comunicacións telemáticas que procedan en cumprimento das obrigas contempladas na Orde HAP/2015/2012 de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira (LOEPSF).

4.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS E DEPORTIVAS.

O sr. alcalde cede a palabra ao concelleiro dos servizos de benestar, persoal e deportes, D. Xosé Ignacio Iglesias Villar.

O sr. Iglesias da conta da proposta da alcaldía do 13 de setembro de 2019, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Facenda e Asuntos Económicos, que asume as funcións da Comisión Especial de Contas, de 19 de setembro de 2019.

"**PROPOSTA DA ALCALDÍA**

MODIFICACION DA ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POR ACTIVIDADES CULTURAIS E DEPORTIVAS.

Considerando que o Concello de Teo ven prestando o servizo de actividades culturais e deportivas dende fai anos, e que conta cunha ordenanza reguladora da do prezo público por prestación dos citados servizos.

Considerando que resulta necesario incluír novas bonificacións para equiparara a situación das familias monoparentais coas numerosas, que deberían de aparecer reflexados no texto da ordenanza do prezo público.

PROPOÑO ao Pleno da Corporación, previo dictame da Comisión Especial de Contas, Facenda e Asuntos Económicos, a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.-Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza do Prezo Público por actividades culturais e deportivas, que de seguido se reflicte:

MODIFICACION DA ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS E DEPORTIVAS.

Artigo único.- modificación do artigo 5.-Exencións e bonificacións

Modifícase o texto do artigo 5º no apartado dedicado ás bonificacións, de xeito que queda redactado como segue:

Artigo 5 – Exencións e bonificacións

A solicitude de exencións de prezos públicos deberá facerse por escrito no momento de formalizar a inscrición na actividade, agás cambios que se produzan con posterioridade.

No caso de solicitudes posteriores de exencións de prezos públicos que sexan admitidas e tramitadas polo concello e de resolverse favorablemente, a bonificación ou exención terá efectos a partir da data da solicitude de bonificación.

Darán dereito a exención total nos prezos públicos pertencer a:

- Familias en situación de emerxencia social acreditada polos servizos sociais do Concello de Teo, mediante informe social, no que se faga constar a dificultade económica de acceso a este servizo.
- Unidades familiares cunha renda per cápita igual ou inferior ao 25% do IPREM anual*. (*) IPREM anual: indicador público de renda de efectos múltiples. Terase en

conta o IPREM anual do exercicio ao que corresponda a declaración do IRPF, e xustificarase coa presentación desta declaración ou documentación análoga no caso de non existir obriga legal de presentala.

- Unidades familiares na que todas e todos os seus membros adultos se atopen en situación de desemprego . xustificarase coa presentación de documentación acreditativa da situación de desemprego e da de convivencia.

Darán dereito a unha bonificación do 50% nos prezos públicos pertencer a:

- Familia numerosa de categoría especial, segundo a súa definición contemplada na Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas. Presentarase titulo de familia numerosa.
- Unidades familiares cunha renda per cápita igual ou inferior ao 50% do IPREM anual. (*) IPREM anual: indicador público de renda de efectos múltiples. Terase en conta o IPREM anual do exercicio ao que corresponda a declaración do IRPF, e xustificarase coa presentación desta declaración ou documentación análoga no caso de non existir obriga legal de presentala.

Darán dereito a unha bonificación do 20% nos prezos públicos as seguintes situacións :

- Pertencer a unha familia numerosa categoría xeral, segundo a súa definición contemplada na Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas. Presentarase titulo de familia numerosa
- Usuarios e usuarias menores de idade con cunha discapacidade recoñecida como mínimo do 33% . Documentarase coa certificación de discapacidade ou co declaración de dependencia.
- Pertencer a familias monoparentais segundo a definición da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, establecida no apartado c) do artigo 4. Esta situación deberá acreditarse mediante a presentación do Libro de familia no que figuren un/ha proxenitor/a e os/as menores, así como o certificado de convivencia. No caso de falecemento dun/ha proxenitor/a, presentarase, ademais da documentación anterior, o certificado de defunción. De existires outro proxenitor ou proxenitora coa obriga do pagamento da pensión de alimentos que non contribúa economicamente ao sustento da descendencia común, requiriranse tamén o testemuño do convenio xudicialmente aprobado ou da resolución xudicial que declare o dereito de alimentos, o testemuño de ter instado a execución da

resolución que declare aquel dereito e a certificación expedida polo/a secretario/a xudicial que acredite o resultado infrutuoso desa execución. Con carácter excepcional, por estar en curso o proceso xudicial correspondente, poderase eximir da entrega desta última documentación mediante informe do departamento de Servizos Sociais do concello de Teo.

As anteriores bonificacións non son acumulables, de xeito que os usuarios/as tan só poderán acollerse a aquela que lles resulta máis beneficiosa.

Segundo.- Expoñer o texto da Ordenanza ao público, durante trinta días mediante edicto no BOP, para que os interesados poidan presentar reclamacións ou suxestións.

Se transcorrido dito prazo, non se presentase reclamación algunha, a Ordenanza quedará definitivamente aprobada.

No suposto de que se presentase algunha reclamación ou suxestión, éstas deberán ser resoltas polo Pleno da Corporación previa aprobación definitiva".

Obra no expediente informe de secretaría do 1 de outubro de 2019.

Explica o sr. Iglesias que a proposta refírese á modificación da última das ordenanzas reguladoras de prezo público de actividades que quedaban sen cambiar, xa que na anterior lexislatura cambiáronse as de conciliación e a de Teo madruga para introducir un elemento que era unha reclamación lóxica e de xustiza, a de igualar as bonificacións por mor de pertencer a unha familia numerosa e por pertencer a unha familia monoparental, que é o que basicamente se fai, ademais dalgunha pequena modificación de redacción para darlle coherencia ao artigo.

Preguntado polo sr. alcalde, os/as concelleiros/as non fan uso das súas quendas de intervención.

Non abríndose debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (4 Son de Teo, 3 PSdeG-PSOE, 7 PP e 2 BNG), acorda:

Primeiro.-Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza do Prezo Público por actividades culturais e deportivas, que de seguido se reflicte:

MODIFICACION DA ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS E DEPORTIVAS.

Artigo único.- modificación do artigo 5.-Exencións e bonificacións

Modifícase o texto do artigo 5º no apartado dedicado ás bonificacións, de xeito que queda redactado como segue:

Artigo 5 – Exencións e bonificacións

A solicitude de exencións de prezos públicos deberá facerse por escrito no momento de formalizar a inscrición na actividade, agás cambios que se produzan con posterioridade.

No caso de solicitudes posteriores de exencións de prezos públicos que sexan admitidas e tramitadas polo concello e de resolverse favorablemente, a bonificación ou exención terá efectos a partir da data da solicitude de bonificación.

Darán dereito a exención total nos prezos públicos pertencer a:

- **Familias en situación de emerxencia social acreditada polos servizos sociais do Concello de Teo, mediante informe social, no que se faga constar a dificultade económica de acceso a este servizo.**
- **Unidades familiares cunha renda per cápita igual ou inferior ao 25% do IPREM anual*. (*) IPREM anual: indicador público de renda de efectos múltiples. Terase en conta o IPREM anual do exercicio ao que corresponda a declaración do IRPF, e xustificarase coa presentación desta declaración ou documentación análoga no caso de non existir obriga legal de presentala.**
- **Unidades familiares na que todas e todos os seus membros adultos se atopen en situación de desemprego . xustificarase coa presentación de documentación acreditativa da situación de desemprego e da de convivencia.**

Darán dereito a unha bonificación do 50% nos prezos públicos pertencer a:

- **Familia numerosa de categoría especial, segundo a súa definición contemplada na Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas. Presentarase titulo de familia numerosa.**
- **Unidades familiares cunha renda per cápita igual ou inferior ao 50% do IPREM anual. (*) IPREM anual: indicador público de renda de efectos múltiples. Terase en conta o IPREM anual do exercicio ao que corresponda a declaración do IRPF, e xustificarase coa presentación desta declaración ou documentación análoga no caso de non existir obriga legal de presentala.**

Darán dereito a unha bonificación do 20% nos prezos públicos as seguintes situacións :

- **Pertencer a unha familia numerosa categoría xeral, segundo a súa definición contemplada na Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas. Presentarase titulo de familia numerosa**
- **Usuarios e usuarias menores de idade con cunha discapacidade recoñecida como mínimo do 33% . Documentarase coa certificación de discapacidade ou co declaración de dependencia.**
- **Pertencer a familias monoparentais segundo a definición da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, establecida no apartado c) do artigo 4. Esta situación deberá acreditarse mediante a presentación do Libro de familia no que figuren un/ha proxenitor/a e os/as menores, así como o certificado de convivencia. No caso de falecemento dun/ha proxenitor/a, presentarase, ademais da documentación anterior, o certificado de defunción. De existires outro proxenitor ou proxenitora coa obriga do pagamento da pensión de alimentos que non contribúa economicamente ao sustento da descendencia común, requiriranse tamén o testemuño do convenio xudicialmente aprobado ou da resolución xudicial que declare o dereito de alimentos, o testemuño de ter instado a execución da resolución que declare aquel dereito e a certificación expedida polo/a secretario/a xudicial que acredite o resultado infrutuoso desa execución. Con carácter excepcional, por estar en curso o proceso xudicial correspondente, poderase eximir da entrega desta última documentación mediante informe do departamento de Servizos Sociais do concello de Teo.**

As anteriores bonificacións non son acumulables, de xeito que os usuarios/as tan só poderán acollerse a aquela que lles resulta máis beneficiosa.

Segundo.- Expoñer o texto da Ordenanza ao público, durante trinta días mediante edicto no BOP, para que os interesados poidan presentar reclamacións ou suxestións.

Se transcorrido dito prazo, non se presentase reclamación algunha, a Ordenanza quedará definitivamente aprobada.

No suposto de que se presentase algunha reclamación ou suxestión, éstas deberán ser resoltas polo Pleno da Corporación previa aprobación definitiva.

5.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE TEO.

O sr. alcalde cede a palabra ao concelleiro dos servizos de benestar, persoal e deportes, D. Xosé Ignacio Iglesias Villar.

O sr. Iglesias da conta da proposta da alcaldía do 30 de setembro de 2019, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de benestar social, igualdade, transportes, turismo, comercio e emprego de 19 de setembro de 2019.

"**PROPOSTA DA ALCALDÍA**

MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE TEO

O Regulamento de organización e funcionamento das Escolas lnfantís municipais do concello de Teo (en adiante ElMs) foi publicado no BOP do 7 de decembro de 2015.

Este regulamento establece unha prelación no acceso ás prazas das Escolas lnfantís Municipais e a estes efectos hai que ter en conta que as necesidades sociais mudan e

faise necesario contemplar unha nova categoría no listado de colectivos con prioridade de acceso, modificando o artigo 6 b), que actualmente ten o seguinte contido:

" *b) Novo ingreso:*

As prazas que non sexan cubertas no procedemento anterior ofertaranse á poboación xeral que cumpra os requisitos que fixa o artigo 4º. Dentro desta modalidade determínase a seguinte orde de preferencia:

1. *Usuarias/os que ocupaban praza reservada a ingresos urxentes.*

2. *Fillas/os de traballadoras/os do centro no que estas/es prestan servizo, independentemente do seu empadroamento no concello de Teo.*

3. *Solicitantes con irmán/á cunha praza renovada no centro para o que se solicita o novo ingreso.*

4. *As restantes solicitudes de unidades familiares nas que todos os seus membros estean empadroados, adxudicadas atendendo á puntuación obtida pola aplicación do baremo que se achega no Anexo I.*

5. *As solicitudes de unidades familiares nas que non todos os seus membros estean empadroados, adxudicadas atendendo á puntuación obtida pola aplicación do baremo que se achega no Anexo I.*

Poderanse presentar solicitudes antes do nacemento, estas faranse efectivas se a data de nacemento fora anterior ao día 1 de xuño do ano para o que se solicita praza.

Neste caso deberá acreditarse no menor tempo posible o seu nacemento presentando no rexistro do concello o libro de familia no que se realice a súa inscrición. No caso de que se producise con posterioridade a esta data, a solicitude non terá ningún efecto,sendo levada de xeito automático na seguinte convocatoria da comisión de baremación de rocedemento extraordinario."

Aos efectos do previsto no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC), hai que ter en conta que o vixente Regulamento de organización e funcionamento das escolas infantís municipais do concello de Teo foi aprobado no ano 2015, resultando polo tanto preciso de acordo co exposto a súa revisión e actualización, podéndose entender que a modificación do Regulamento, que agora se propón regula aspectos parciais desta materia previamente regulada.

Considerando que o Regulamento en cuestión non vai ter un impacto significativo na actividade económica nin impón obrigas relevantes aos destinatarios e destinatarias, tratándose, como se desprende do seu contido, dunha norma organizativa dun servizo municipal.

En virtude do exposto, e de conformidade co previsto no artigo 133 e Disposición adicional primeira da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, e artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, proponse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación do Regulamento de organización e funcionamento das escolas infantís municipais do concello de Teo, nos termos que se recolle a continuación.

Modifícase o texto do apartado b do artigo 6º no procedemento ordinario de acceso, incorporando dentro do mesmo unha nova categoría no listado de colectivos con prioridade de acceso, no punto 2 (“2. Fillas/os de traballadoras/os do centro no que estas/es prestan servizo, independentemente do seu empadroamento concello de Teo”), quedando o apartado b) do artigo en cuestión (6ºb) redactado segundo se detalla a continuación:

“ b) Novo ingreso:

As prazas que non sexan cubertas no procedemento anterior ofertaranse á poboación xeral que cumpra os requisitos que fixa o artigo 4º. Dentro desta modalidade determínase a seguinte orde de preferencia:

1- Usuarias/os que ocupaban praza reservada a ingresos urxentes.

2- Nenas e nenos que teñan necesidades educativas especiais que dean lugar a necesidade de ocupar dúas prazas.

3- Fillas/os de traballadoras/os do centro no que estas/es prestan servizo, independentemente do seu empadroamento no concello de Teo.

4- Solicitantes con irmán/á cunha praza renovada no centro para o que se solicita o novo ingreso.

5- As restantes solicitudes de unidades familiares nas que todos os seus membros estean empadroados, adxudicadas atendendo á puntuación obtida pola aplicación do baremo que se achega no Anexo I.

6- As solicitudes de unidades familiares nas que non todos os seus membros estean empadroados, adxudicadas atendendo á puntuación obtida pola aplicación do baremo que se achega no Anexo I.

Poderanse presentar solicitudes antes do nacemento, estas faranse efectivas se a data de nacemento fora anterior ao día 1 de xuño do ano para o que se solicita praza.

Neste caso deberá acreditarse no menor tempo posible o seu nacemento presentando no rexistro do concello o libro de familia no que se realice a súa inscrición. No caso de que se producise con posterioridade a esta data, a solicitude non terá ningún efecto, sendo levada de xeito automático na seguinte convocatoria da comisión de baremación de procedemento extraordinario".

Segundo.- Someter o expediente a información pública, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de edictos da Corporación e na web municipal, durante o prazo de 30 días, para a presentación de reclamacións. De non formularse reclamacións durante a exposición pública, entenderase aprobada definitivamente a citada modificación.

Terceiro.- O acordo definitivo, incluído o inicial elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da modificación deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia, sen que entre en vigor ata que se leve a cabo dita publicación e transcorra o prazo previsto no art. 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de conformidade cos artigos 49 e 70.2 da citada lei".

O sr. Iglesias sinala que esta modificación xa a tiñan prevista dende o anterior proceso de matrículas da escolas infantís. Explica que a cuestión é que ata este momento para o novo ingreso o feito de ter unha discapacidade so se tiña en conta con dous puntos dentro do baremo xeral, dando igual que estes dous puntos foran porque calquera membro da unidade familiar tivera unha discapacidade ou a tivera o propio demandante da praza. A cuestión é que os/as nenos/as que teñan necesidades educativas especiais e necesiten ocupar dúas prazas, tal e como se regula na normativa autonómica, nas escolas infantís

privadas ou ben lles cobraban dúas prazas ou directamente non lles contestaban, e iso daba lugar a que de facto a única alternativa que tiñan era a escola pública. Explica o sr. Iglesias que isto obriga a cambiar os puntos onde se recollen as prioridades dos novos ingresos da escolas infantís, e introducilos no punto dous, e así so terán por diante os/as usuarios que ocupaban praza reservada a ingresos urxentes do ano anterior e así o que se consagra é practicamente a seguridade de praza para este tipo de alumnos/as.

Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do BNG, amosa a súa conformidade á proposta, engadindo que en todo caso, aínda que está regulado o de ocupar dúas prazas, o realmente importante sería ocupar unha praza e ter persoal de apoio.

A portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, e o portavoz do PP, sr. Guerra, non fan uso das súas quendas de intervención.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (4 Son de Teo, 3 PSdeG-PSOE, 7 PP e 2 BNG), acorda:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación do Regulamento de organización e funcionamento das escolas infantís municipais do concello de Teo, nos termos que se recolle a continuación.

Modifícase o texto do apartado b do artigo 6º no procedemento ordinario de acceso, incorporando dentro do mesmo unha nova categoría no listado de colectivos con prioridade de acceso, no punto 2 (“2. Fillas/os de traballadoras/os do centro no que estas/es prestan servizo, independentemente do seu empadroamento concello de Teo”), quedando o apartado b) do artigo en cuestión (6ºb) redactado segundo se detalla a continuación:

“ **b) Novo ingreso:**

As prazas que non sexan cubertas no procedemento anterior ofertaranse á poboación xeral que cumpra os requisitos que fixa o artigo 4º. Dentro desta modalidade determínase a seguinte orde de preferencia:

1- Usuarias/os que ocupaban praza reservada a ingresos urxentes.

2- Nenas e nenos que teñan necesidades educativas especiais que dean lugar a necesidade de ocupar dúas prazas.

3- Fillas/os de traballadoras/os do centro no que estas/es prestan servizo, independentemente do seu empadroamento no concello de Teo.

4- Solicitantes con irmán/á cunha praza renovada no centro para o que se solicita o novo ingreso.

5- As restantes solicitudes de unidades familiares nas que todos os seus membros estean empadroados, adxudicadas atendendo á puntuación obtida pola aplicación do baremo que se achega no Anexo I.

6- As solicitudes de unidades familiares nas que non todos os seus membros estean empadroados, adxudicadas atendendo á puntuación obtida pola aplicación do baremo que se achega no Anexo I.

Poderanse presentar solicitudes antes do nacemento, estas faranse efectivas se a data de nacemento fora anterior ao día 1 de xuño do ano para o que se solicita praza.

Neste caso deberá acreditarse no menor tempo posible o seu nacemento presentando no rexistro do concello o libro de familia no que se realice a súa inscrición. No caso de que se producise con posterioridade a esta data, a solicitude non terá ningún efecto, sendo levada de xeito automático na seguinte convocatoria da comisión de baremación de procedemento extraordinario".

Segundo.- Someter o expediente a información pública, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de edictos da Corporación e na web municipal, durante o prazo de 30 días, para a presentación de reclamacións. De non formularse reclamacións durante a exposición pública, entenderase aprobada definitivamente a citada modificación.

Terceiro.- O acordo definitivo, incluído o inicial elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da modificación deberá publicarse no Boletín Oficial da

Provincia, sen que entre en vigor ata que se leve a cabo dita publicación e transcorra o prazo previsto no art. 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de conformidade cos artigos 49 e 70.2 da citada lei.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte horas e cincuenta minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

O alcalde

33252651X RAFAEL CARLOS SISTO (R: P1508300I)
Firmado digitalmente por 33252651X RAFAEL CARLOS SISTO (R: P1508300I)
Fecha: 2019.11.22 13:54:18 +01'00'

Rafael C. Sisto Edreira

A secretaria

VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C
Firmado digitalmente por VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C
Fecha: 2019.11.22 13:50:44 +01'00'

Virginia Fraga Díaz

ANEXO

“PLAN ECONÓMICO – FINANCIEIRO DEL CONCELLO DE TEO 2019/2020

AOS EFECTOS DO CUMPRIMENTO DA

REGRA DE GASTO E A ESTABILIDADE ORZAMENTARIA

INDICE

1. Introdución

2. Contido e tramitación

3. Situación actual

4. Causas do incumprimento da Regra de Gasto

5. Causas del incumprimento da Estabilidade orzamentaria

6. Medidas a adoptar para corrixir a situación

7. Conclusión

1. INTRODUCIÓN

“A Regra de Gasto é un instrumento de disciplina orzamentaria que trata de garantir a sostibilidade das contas públicas de xeito que, nun horizonte de medio prazo, o medre do gasto das AAPP veña limitado pola capacidade de financialo con ingresos estables e sostidos no tempo.” Así define a Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal (AIReF) creada pola Lei Orgánica 6/2013 de 14 de novembro, a Regra de Gasto nun documento divulgativo da mesma. E engade: “De acordo con esta filosofía, a aplicación desta regra impide que o gasto público medre anualmente por enriba da taxa de referencia de medre do PIB a medio prazo da economía española, sendo posible superala, unicamente, no suposto de que ese exceso se compense con aumentos de ingresos de carácter permanente.”

A Regra de Gasto desprega a súa operatividade unha vez que as AAPP, tralo intenso proceso de consolidación fiscal, se aproximan ao equilibrio orzamentario, ao impoñer á súa aplicación unha evolución do gasto público máis restritiva que a que resultaría compatible co cumprimento do obxectivo de déficit.

Por outra banda, trátase dunha Regra esixible a todas as Entidades Locais, con independencia da súa situación económica, financeira e orzamentaria. Así tamén estará sometida a dita regra unha entidade local saneada, sen débeda pública, con superávit orzamentario e con remanente de tesourería positivo. É unha regra de carácter absoluto que non admite excepcións no seu cumprimento.

O informe de Intervención sobre la liquidación do exercicio 2018 de 27 de maio de 2019 constata o incumprimento da estabilidade orzamentaria e da regra de gasto, o que esixe pois, de conformidade co disposto nos artigos. 21 e 23 da LOEPSF, a formulación dun Plan Económico Financeiro que permita no ano en curso e no seguinte cumprir cos referido parámetros.

Estes datos da liquidación orzamentaria do exercicio 2018 foron remitidos ao *Ministerio de Hacienda* ao abeiro do artigo 15.4 da Orde HAP 2105/2012, de 1 de outubro, pola que se

desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (LOEOSF).

Consecuentemente, con data do 3 de xullo de 2018 a Dirección Xeral de Política Financeira e do Tesouro e Fondos Europeos da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, remitiu escrito a esta Alcaldía extraendo das regras fiscais o resultado dun incumprimento da regra de gasto de 572.670,19€ e unha capacidade de financiamento de 870.145,43€, do que se conclúe a necesidade dun acordo de non dispoñibilidade de créditos (AND) por 588.132,90€ e da aprobación dun novo PEF 2019-2020.

2. CONTIDO E TRAMITACIÓN

De acordo co artigo 21 da LOEPSF, o Plan Económico-Financeiro conterá, como mínimo, a seguinte información:

a) As causas do incumprimento da regra de gasto.
b) As previsións tendenciais de ingresos e gastos, baixo o suposto de que non se producen cambios nas políticas fiscais e de gastos.
c) A descrición, cuantificación e o calendario de aplicación das medidas incluídas no plan, sinalando as partidas orzamentarias ou rexistros extraorzamentarios nos que se contabilizarán.
d) As previsións das variables económicas e orzamentarias das que parte o plan, así como os supostos sobre os que se basean estas previsións, de acordo co previsto no informe ao que se fai referencia no apartado 5 do artigo 15.
e) Unha análise de sensibilidade considerando escenarios económicos alternativos.

Ademais, o referido Plan debe conter tamén a información a que se refire o art. 9.2 da Orden HAP/2015/2012 de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro da información. Remitirase para o seu coñecemento á *Comisión Nacional de Administración Local*, e daráselle a mesma publicidade que a establecida polas leis para os orzamentos da entidade.

Finalmente, o *Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas* dará publicidade aos plans económico-financeiros e á adopción efectiva das medidas aprobadas cun seguimento do impacto efectivamente observado das mesmas.

3. SITUACIÓN ACTUAL

3.1 A liquidación do orzamento municipal 2018 ofrece as seguintes magnitudes:

REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS : 2.343.771,17 €
RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO: 808.855,98 €

3.2 En canto á análise da **ESTABILIDADE ORZAMENTARIA**, o informe de Intervención de data 27 de maio de 2019 sinala os seguintes datos:

Capítulo	DRN liq. 2018	ORN liq. 2018	
1	4.761.025,86	3.805.316,51	
2	99.254,53	5.198.468,64	
3	2.253.005,40	4.187,91	
4	5.119.603,26	559.480,59	
5	0,00	0,00	
6	0,00	4.164.341,32	
7	591.916,49	0,00	
Total	**12.824.805,54**	**13.731.794,97**	
Diferenza: capacidade de financiamento			**-906.989,43**

Axustes	36.844,69
EP Final	**-870.144,74**

Como ben sinala o informe de Intervención, a estabilidade orzamentaria ven determinada pola diferencia entre os capítulos 1 ao 7 do estado de Ingresos e os capítulos 1 ao 7 do estado de Gastos, non contabilizándose neste cálculo os ingresos do capítulo 9 derivados

do financiamento, neste caso, con fondos europeos para a execución de grandes investimentos rendibles a medio prazo.

Deste modo, INCÚMPRESE o principio de estabilidade orzamentaria de acordo coa definición contemplada no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais.

3.3 En canto ao principio de **SOSTIBILIDADE FINANCEIRA**, e de acordo co artigo 4 da LOEPSF, utilízanse como indicadores do cumprimento deste principio:

AFORRO NETO (A 31/12/2018)	:	2.002.928,09 €
TANTO POR CENTO DE ENDEBEDAMENTO (a 31/12/2016)		42,20 %

O Aforro Neto positivo indícanos que os ingresos correntes do Concello son suficientes para facer fronte aos gastos correntes e ás amortizacións de capital dos préstamos concertados.

E, por outra banda, o concello de Teo atópase moi por baixo do coeficiente do 75% da Ratio Legal de Endebedamento, que privaría da posibilidade de apelar ao crédito para financiar operacións de capital.

De acordo coo anterior, CUMPRE co principio de Sostibilidade Financeira.

3.4 Finalmente, respecto á análise da **REGRA DE GASTO,** a liquidación do orzamento de 2018 pon de manifesto o seu incumprimento, de acordo cos seguintes cálculos:

Ano 2018

Límite regra de gasto 2018 no PEF vixente	Aumento/ diminución recadación cambios normativos	Límite regra de gasto para o exercicio	GC liquidación 2018	Cumprimento Regra de gasto
11.709.461,75	0,00	11.709.461,75	12.282.132,54	**-572.670,79**

No ano 2019 débense pois adoptar os acordos de non dispoñibilidade de créditos (AND) previstos no artigo 25 da LOEOSF, como mínimo, a contía do incumprimento da regra de

gasto incrementada na taxa de referencia do incremento do produto interior bruto aplicable ao exercicio 2019 (2,7%), é dicir, un importe de **588.132,90€.**

4. CAUSAS DO INCUMPRIMENTO DA REGRA DE GASTO

A orixe deste desaxuste está na participación do concello de Teo no programa de axudas para a renovación das instalacións de alumeado exterior municipal convocadas polo IDAE (Ministerio de Energía, Turismo y Agenda digital. Resolución do 28 de abril publicada no BOE do 5 de maio de 2015), aprobada polo Pleno da Corporación o 28 de abril de 2016 sen ningún voto en contra.

Este acordo fundamentábase na necesidade de renovar completamente unha instalación de alumeado público absolutamente obsoleta, de alto consumo enerxético e altamente custosa para o concello, utilizando un préstamo reembolsable por 2.716.886,86€ a interese do 0.0% concedido polo instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE).

A Auditoría enerxética na que se basea o proxecto de renovación financiado polo IDAE indica que a súa execución vai supoñer un aforro anual en consumo de 283.728,57€, sen contabilizar nin o aforro por redución de potencia contratada nin o aforro estimado polo incremento nas tarifas eléctricas nos próximos anos, polo que a redución de custos anuais vai permitir a devolución da cota anual de capital (ao interese do 0%) e un importante aforro anual a maiores.

A execución do contrato asinado coa empresa *Asistencia y Soluciones de Arquitectura e Ingeniería SL* (ASAI) por un importe total de 2.671.536,06€ (IVE incluído) como resultado do procedemento público aberto para a execución do “Proxecto de obras de renovación das instalacións de alumeado público exterior do Concello de Teo”, deu lugar a aprobación das dez certificacións de obra e das correspondentes facturas polo importe total do contrato, a última delas en marzo de 2019.

A contabilización das facturas do proxecto recoñecidas e pagadas ao longo do exercicio 2018 supuxeron un importe total de 2.182.819,59€, un gasto extraordinario, exclusivo neste exercicio, e que suporá un importante aforro nos próximos anos.

5. CAUSAS DO INCUMPRIMENTO DA ESTABILIDADE ORZAMENTARIA

A orixe deste desaxuste está, como xa se explica no apartado referido á regra de gasto, na participación do concello de Teo no programa de axudas para a renovación das instalacións de alumeado exterior municipal convocadas polo IDAE (Ministerio de Energía, Turismo y Agenda digital, aprobada polo Pleno da Corporación o 28 de abril de 2016.

A resolución do Consello de Administración do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) do 20 de decembro de 2016 favorable á solicitude da axuda solicitada polo concello de Teo, complementada coa resolución do mesmo órgano asinada o 13 de febreiro de 2018, concedeu un préstamo reembolsable por 2.716.886,86€ a interese do 0.0%, que deu lugar á escritura pública de contrato de préstamo asinado en Madrid o 15 de marzo de 2018, e ao ingreso desta cantidade nas arcas municipais con data do 5 de abril de 2018.

A execución do contrato asinado coa empresa *Asistencia y Soluciones de Arquitectura e Ingeniería SL* (ASAI) por un importe total de 2.671.536,06€ (IVE incluído), deu lugar a aprobación das dez certificacións de obra e das correspondentes facturas polo importe total do contrato.

A contabilización das facturas do proxecto recoñecidas e pagadas ao longo do exercicio 2018 supuxeron un importe total de 2.182.819,59€, incorporadas no capítulo 6 de gastos non financeiros do exercicio. O ingreso do préstamo recibido compútase no capítulo 9 de ingresos, polo que non se contabiliza como “ingreso non financeiro”, orixinando o incumprimento da estabilidade orzamentaria en 870.144,74€.

Por outra banda, como xa se especificou con anterioridade, a Auditoría enerxética na que se basea o proxecto de renovación financiado polo IDAE indica que a súa execución vai supoñer un aforro anual en consumo de 283.728,57€, sen contabilizar nin o aforro por redución de potencia contratada nin o aforro estimado polo incremento nas tarifas eléctricas nos próximos anos, polo que a redución de custos anuais vai permitir a devolución da cota anual de capital e un importante aforro a maiores.

Por outra banda, tendo en conta os datos reflectidos no Informe de Intervención sobre a liquidación do exercicio do 2018 asinada o 27 de maio de 2019, que sinala un resultado orzamentario axustado de +808.855,98€, así como a evolución do Remanente líquido de Tesourería para Gastos Xerais (RLTGG) e o nivel de endebedamento nos últimos exercicios, a situación económico-financeira do Concello é estable e solvente.

6. MEDIDAS A ADOPTAR PARA CORRIXIR A SITUACIÓN

A nova versión do manual da aplicación PEFEL2 sobre o *Modelo de Plan Económico Financiero* desenvolvido en aplicación do artigo 21 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade, establece que, a partir do exercicio no que se aprobe o Plan Económico Financeiro, tomarase como teito de gasto non o límite da entidade en base á taxa de referencia correspondente, senón o gasto real executado (por enriba dese límite) no exercicio do incumprimento. Deste xeito, a base de cálculo para os sucesivos exercicios de vixencia do Plan será o gasto computable incumprido ou excedido.

Aprobado, en cumprimento do artigo 25 da LOEOSF, o acordo de non dispoñibilidade de créditos (AND) por 588.132,90€, unha vez detectadas e analizadas as causas que motivaron o incumprimento, e tendo en conta a situación económico-financeira da Corporación a 31/12/2018, así como o orzamento de 2019, non se considera preciso establecer ningunha medida estrutural para corrixir este desequilibrio, pois a ausencia de incorporación de créditos ao orzamento de 2019 con cargo ao RTGX así como o carácter excepcional do gasto realizado que motivou o incumprimento da regra de gasto (o proxecto do IDAE), deben propiciar que en 2019 se cumpra coa Regra de Gasto e a estabilidade orzamentaria na liquidación deste.

Con todo, e a fin de garantir a consecución de tal obxectivo farase unha permanente avaliación e seguimento do desenvolvemento orzamentario, de forma que, ante a primeira sinal de existencia de risco, se adopten as medidas necesarias para asegurar o seu cumprimento, chegando en última instancia a declarar como crédito non dispoñible o importe preciso das partidas que se estime oportuno.

Cabe considerar, aínda que teña que tomarse coas debidas reservas, que o estado de execución do orzamento de 2019 a 30 de xuño de 2019, aporta os seguintes datos:

Dereitos recoñecidos netos a 30/06/2019	**Obrigas recoñecidas netas a 30/06/2019**
5.696.891,06	4.928.361,40

Remanente de tesourería para gastos xerais a 30/06/2019
2.184.432,07

Poderíase considerar así, que neste momento temos absorbido o exceso de gasto computable de 2018 que provoca o incumprimento da Regra de Gasto.

8. CONCLUSIÓN

Analizada a situación económica do concello de Teo derivada da liquidación do orzamento 2018, podemos afirmar que, en xeral, as magnitudes orzamentarias son claramente positivas.

De este modo, disponse dun considerable Remanente de Tesourería para Gastos Xerais e dun Aforro Neto Positivo, a Ratio do Capital Vivo a 31/12/2018 atópase notablemente por baixo do límite que marca a normativa vixente e, ademais, cúmprese co principio de Sostibilidade financeira.

Polo que se refire ao incumprimento da Regra del Gasto e a Estabilidade Orzamentaria, o que motiva a elaboración e aprobación do presente plan económico–financeiro, e tal e como se detallou con anterioridade, é consecuencia directa da participación do concello de Teo no programa de axudas para a renovación das instalacións de alumeado exterior municipal convocadas polo IDAE (Ministerio de Energía, Turismo y Agenda digital, aprobada polo Pleno da Corporación o 28 de abril de 2016, un gasto excepcional e que, ademais, vai supoñer un importante aforro nos próximos anos.

Consecuentemente, este plan económico–financeiro presenta como únicas medidas de corrección o acordo de non dispoñibilidade de créditos (AND) por 588.132,90€, o exhaustivo control da execución do orzamento de 2019 e o compromiso de aprobación dun orzamento municipal para o exercicio 2020 cumprindo cos principios de estabilidade orzamentaria e regra del gasto.

Teo, 20 de setembro 2019

Asdo.: Rafael C. Sisto Edreira

Alcalde”

CONCELLO DE TEO
Secretaría Xeral

A C T A 15/2019

SESIÓN EXTRAORDINARIA PLENO MUNICIPAL

– 15 DE OUTUBRO DE 2019 –

Na Casa do Concello, a quince de outubro de dous mil dezanove, reúnense en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que se relacionan a continuación, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión extraordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

Concelleiros/as:

D.ª Iria Otero Romero
D. Xosé Ignacio Iglesias Villar
D.ª María López Álvarez
D. José Manuel Guerra Calvelo
D. Antonio Reyes Sánchez Crespo
D.ª María Vázquez Rey
D.ª María Dolores Nariño Facal
D.ª María Teresa Castro Framil
D.ª Lucía Calvo de la Uz
D.ª Margarita Rosende Domínguez
D.ª Uxía Lemus de la Iglesia
D.ª María Josefa Argibay da Silva
D. Manuel Anxo Fernández Baz
D.ª Carmen Diéguez González

Non asisten, previa escusa:

D. Roberto Moñino Gil
D. José Manuel Elías Noya

Secretaria xeral:
D.ª Virginia Fraga Díaz

ORDE DO DÍA:

1.- ELECCIÓN DE MEMBROS DE MESAS ELECTORAIS PARA AS ELECCIÓNS XERAIS DO 10.11.19

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, o sr. alcalde, sendo as nove horas e trinta minutos, declara público e aberto o acto, pasando a tratar o asunto incluído na orde do día que figura na convocatoria, que é o seguinte:

1.- ELECCIÓN DE MEMBROS DE MESAS ELECTORAIS PARA AS ELECCIÓNS XERAIS DO 10.11.19.

Co permiso da presidencia, interveño eu, secretaria da Corporación, e procedo a dar conta dos artigos 25 e 26 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral (en adiante, LOREG).

Así, de conformidade co primeiro dos artigos citados infórmase que a Mesa Electoral está formada por un Presidente e dous Vogais, e dáse lectura ao artigo 26 do citado texto legal nos termos seguintes:

"1.- A formación das Mesas compete aos Concellos, baixo a supervisión das Xuntas Electorais de Zoa.

2.- O Presidente e os vogais de cada Mesa son designados por sorteo público entre a totalidade das persoas incluídas na lista de electores da Mesa correspondente, que saiban ler e escribir e sexan menores de setenta anos, se ben a partir dos sesenta e cinco anos poderán manifestar a súa renuncia no prazo de sete días. O Presidente deberá ter o título de Bachiller ou de Formación Profesional de segundo Grado, ou subsidiariamente o de Graduado Escolar ou equivalente.

3.- Procédese da mesma forma ao nomeamento de dous suplentes para cada un dos membros da Mesa.

4.- Os sorteos arriba mencionados realizaranse entre os días vixésimo quinto e vixésimo noveno posteriores á convocatoria".

A estes efectos e sen prexuízo do recollido no artigo 26.4 da LOREG debe terse en conta a "*Instrución 9/2019, do 25 de setembro, da Xunta Electoral Central, de aplicación ás eleccións ao Congreso dos Deputados e ao Senado de 10 de novembro de 2019, da disposición adicional sétima da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, na súa redacción dada pola Lei Orgánica 2/2016*", en cuxo apartado sétimo se sinala que o sorteo que deben realizar os Concellos para a designación dos membros das Mesas electorais, en aplicación do disposto no artigo 26 da LOREG, se fará entre o 15 e o 23 de outubro.

Explícase que noutros sorteos públicos de Mesas electorais o Pleno acordaba que, no caso de que non se puidera efectuar a notificación dalgún dos membros das mesas que resulten do sorteo, se acudiría á listaxe de suplentes que, a maiores dos que esixe a lei, xera o programa utilizado para o sorteo público en cada unha das Mesas correspondentes. Proponse a estes efectos utilizar esta listaxe para os casos de imposibilidade de notificación.

Os/as concelleiros/as presentes aceptan unanimemente a proposta.

Seguidamente, de acordo do previsto no artigo 26 da LOREG e coas Instrucción citada, procédese a efectuar o sorteo público dos membros das Mesas electorais para as eleccións xerais do 10 de novembro de 2019, obténdose o seguinte resultado:

DISTRITO : 01 SECCIÓN: 001 MESA: A

Presidente: D. Manuel Ángel Beceiro Fernández
1ª vogal: D.ª Enalia Mª Álvarez Iglesias
2ª vogal: D.ª Mª del Carmen Hermida Otero
1º suplente de presidente: D. Alberto Bouzón Fernández
2º suplente de presidente: D. Juan Carlos González Moure
1ª suplente de 1ª vogal: D.ª Mª del Carmen Gómez Fernández
2º suplente de 1ª vogal: D. Óscar Bernárdez Ayaso
1º suplente de 2ª vogal: D. Rogelio Gómez Fernández
2º suplente de 2ª vogal: D. Vicente García García

DISTRITO : 01 SECCIÓN: 001 MESA: B

Presidente: D. Simón Peña Villasenín

1ª vogal: D.ª Sandra Picón Ferro

2ª vogal: D.ª Ana Mª Sanjuás Ares

1º suplente de presidente: D. Fernando Méndez Tabernero

2º suplente de presidente: D. Guillermo Ignacio Midón Martínez

1º suplente de 1ª vogal: D. Alejandro Pereira Castillo

2ª suplente de 1ª vogal: D.ª Ester Osuna Hoyos

1ª suplente de 2ª vogal: D.ª Marta Represa Montenegro

2ª suplente de 2ª vogal: D.ª Antía Rosendo Segade

DISTRITO : 01 SECCIÓN: 002 MESA: A

Presidenta: D.ª Rebeca Leal Eimil

1º vogal: D. Alfredo Blanco Peón

2º vogal: D. Luis Albares Gómez

1ª suplente de presidenta: D.ª Mª Luz Garrido Grille

2º suplente de presidenta: D. Raúl Cembrero Fuciños

1º suplente de 1º vogal: D. José Figueiras Vigo

2ª suplente de 1º vogal: D.ª Nieves Casal Pascual

1º suplente de 2º vogal: D. Miguel Cainzos Achirica

2º suplente de 2º vogal: D. Juan Carlos Carro Sánchez

DISTRITO : 01 SECCIÓN: 002 MESA: B

Presidenta: D.ª Aurea Sende Rivas

1ª vogal: D.ª Celia Rodríguez Pazos

2º vogal: D. Iván Ribadas Pomar

1º suplente de presidenta: D. Mario Manuel Sende Rivas

2ª suplente de presidenta: D.ª Mª Isabel Midón García

1º suplente de 1ª vogal: D. José Luis Sánchez Iglesias

2º suplente de 1ª vogal: D. Juan Ignacio Pampín Tolderlund

1º suplente de 2º vogal: D. José Manuel Rey Couto

2º suplente de 2º vogal: D. Miguel Rodríguez Rodríguez

DISTRITO : 01 SECCIÓN: 003 MESA: U

Presidente: D. Anxo Varela Hernández

1º vogal: D. Javier Vivanco Vázquez

2º vogal: D. Camilo Rodríguez Blanco

1º suplente de presidente: D. Alfonso Manuel Fernández Paderne

2ª suplente de presidente: D.ª Mª dos Milagros Martínez García

1ª suplente de 1º vogal: D.ª Tamara Camino Recouso

2º suplente de 1º vogal: D. Antonio Bentos Montoya

1º suplente de 2º vogal: D. José Antonio Vilar Domínguez

2ª suplente de 2º vogal: D.ª Clara Aurelia Gándara Rodríguez

DISTRITO : 01 SECCIÓN: 004 MESA: A

Presidente: D. José Enrique Blanco Dono

1º vogal: D. José Iglesias Nieto

2ª vogal: D.ª Obdulia Calviño Lamas

1º suplente de presidente: D. Christian López Rodríguez

2ª suplente de presidente: D.ª Mª del Carmen Blanco Iglesias

1ª suplente de 1º vogal: D.ª Mª Teresa Ces López

2º suplente de 1º vogal: D.ª Ana Mª Illobre Illobre

1º suplente de 2ª vogal: D. José Manuel Couto Souto

2ª suplente de 2ª vogal: D.ª Sonia Álvarez Pita

DISTRITO : 01 SECCIÓN: 004 MESA: B

Presidente: D. José Antonio Márquez Seoane

1º vogal: D. José Ramón Rivadulla Vázquez

2ª vogal: D.ª Isabel Ricart García

1º suplente de presidente: D. Adrián Ulla Rivas

2º suplente de presidente: D. Manuel de la Rosa Pérez

1º suplente de 1º vogal: D. Javier Rodríguez Botana

2º suplente de 1º vogal: D. Gumersindo Villar Cabo

1ª suplente de 2ª vogal: D.ª Marta Quintás Pereira

2ª suplente de 2ª vogal: D.ª Mª Beatriz Magariños Ferro

DISTRITO : 01 SECCIÓN: 005 MESA: A

Presidenta: D.ª Mª Begoña Barro Castro

1ª vogal: D.ª Fátima de Jesús Mirás

2ª vogal: D.ª Mª del Carmen Iglesias Casas

1ª suplente de presidenta: D.ª Carmen García Mosquera

2ª suplente de presidenta: D.ª Mª Elena Bao Ferreiro

1ª suplente de 1ª vogal: D.ª Mª Salomé Alemán de la Escosura

2ª suplente de 1ª vogal: D.ª Mª Jesús Alvelo Collazo

1ª suplente de 2ª vogal: D.ª Patricia Brea Carrillo

2ª suplente de 2ª vogal: D.ª Begoña Castelao Ferreiro

DISTRITO : 01 SECCIÓN: 005 MESA: B

Presidenta: D.ª Raquel Pérez Andrade

1ª vogal: D.ª Belén Ordoñez Brea

2º vogal: D. Julián Ángel Picón Costoya

1ª suplente de presidenta: D.ª Mª Eva Liste Mirás

2º suplente de presidenta: D. Adrián Rama Castroagudín

1ª suplente de 1ª vogal: D.ª Ana Mª Vilas Pérez

2ª suplente de 1ª vogal: D.ª Josefina Rivera Iglesias

1º suplente de 2º vogal: D. Pablo Piñeiro Neiro

2ª suplente de 2º vogal: D.ª Mª Dolores Laura Pino Serrano

DISTRITO : 01 SECCIÓN: 006 MESA: A

Presidente: D. Ángel Barreiro Rodríguez

1º vogal: D. Ramón Caamaño Fernández

2ª vogal: D.ª Mª Teresa García Teijeiro

1ª suplente de presidente: D.ª Mª del Carmen Dono Sánchez

2º suplente de presidente: D. Andrés Díaz González

1ª suplente de 1º vogal: D.ª Martha Ximena Lozano Orozco

2ª suplente de 1º vogal: D.ª Mª del Carmen Buján González

1º suplente de 2ª vogal: D. Ancor Antonio Hernández Nieto

2º suplente de 2ª vogal: D. Gabriel Barreiro Rivera

DISTRITO : 01 SECCIÓN: 006 MESA: B

Presidente: D. Juan Francisco Romay Sieira

1º vogal: D. Raúl Rodríguez Suárez

2º vogal: D. Marcelino Sanín Villar

1ª suplente de presidente: D.ª Mª Manuela Posse Arenas

2º suplente de presidente: D. Nicolás Patiño Diéguez

1ª suplente de 1º vogal: D.ª Elena Rial Martínez

2º suplente de 1º vogal: D. Carlos Villarino Arias

1ª suplente de 2º vogal: D.ª Celia Rodríguez Liñeiras

2º suplente de 2º vogal: D. Pablo Sueiro Trigo

DISTRITO : 01 SECCIÓN: 007 MESA: U

Presidente: D. Ángel Ferrero Serrano

1º vogal: D. Gerardo Rodríguez Salgado

2º vogal: D. Manuel López García

1ª suplente de presidente: D.ª Mª Elena Rodríguez Gavela

2º suplente de presidente: D. Carlos Martínez Prado

1ª suplente de 1º vogal: D.ª Matilde Lea Puga

2ª suplente de 1º vogal: D.ª Mª Teresa Schreck Mata

1ª suplente de 2º vogal: D.ª Eva Camba Liñeiras

2º suplente de 2º vogal: D. Juan José Gallego Fouz

DISTRITO : 01 SECCIÓN: 008 MESA: U

Presidente: D. Martín Ortigueira Rosende

1º vogal: D. Juan Manuel Lindín Fernández

2º vogal: D. Jesús Alfonso Boquete Cortizo

1º suplente de presidente: D. Miguel Ángel Fernández García

2ª suplente de presidente: D.ª Mª Luisa Fernández Somoza

1º suplente de 1º vogal: D. Manuel Sousa García

2º suplente de 1º vogal: D. Aurelio Codesido Pazos

1ª suplente de 2º vogal: D.ª Mª Yolanda Caneda Martínez

2ª suplente de 2º vogal: D.ª Felisa Cela Villaverde

DISTRITO : 01 SECCIÓN: 009 MESA: A

Presidenta: D.ª Mª Dolores Álvarez Rial

1º vogal: D. Pablo Luis Alvela Fernández

2º vogal: D. Jesús Fontao Mosteiro

1ª suplente de presidenta: D.ª Ana Mª Aurora Golán García

2ª suplente de presidenta: D.ª Mª Paulette Lorenzo Permuy

1ª suplente de 1º vogal: D.ª Josefa Rosa Fernández Vidal

2ª suplente de 1º vogal: D.ª Pastora Currás Quintairos

1º suplente de 2º vogal: D. José Ramón Alonso Álvarez

2º suplente de 2º vogal: D. Eliseo Cerdeira Valladares

DISTRITO : 01 SECCIÓN: 009 MESA: B

Presidenta: D.ª Mª Vanesa Vázquez Rodríguez

1º vogal: D. Juan Jesús Rey Villaverde

2º vogal: D. Martín Romero Vieites

1º suplente de presidenta: D. Juan Carlos Mallón Vázquez

2ª suplente de presidenta: D.ª Natalia Novoa Núñez

1º suplente de 1º vogal: D. Iván Perol Meijide

2º suplente de 1º vogal: D. Alejandro del Río Maceira

1º suplente de 2º vogal: D. José Luis Valle Arias

2º suplente de 2º vogal: D. Jorge Picola Alonso

DISTRITO : 02 SECCIÓN: 001 MESA: A

Presidente: D. José Mª Bustabad Martínez

1ª vogal: D.ª Mónica Mª Ferreiro García

2º vogal: D. José Manuel Balado Rodríguez

1ª suplente de presidente: D.ª Josefina Angueira Coto

2ª suplente de presidente: D.ª Carmen Rodríguez Quevedo

1º suplente de 1ª vogal: D. Manuel José Barreiro Chico

2º suplente de 1ª vogal: D. Aitor Barreiro Chico

1ª suplente de 2º vogal: D.ª Mª Salomé Otero Chico

2º suplente de 2º vogal: D. Santiago Mateo López

DISTRITO : 02 SECCIÓN: 001 MESA: B

Presidenta: D.ª Iris Pardal Ferreira

1ª vogal: D.ª Mª Isabel Crespo Ranilla

2º vogal: D. Andrés Manzano Pérez

1º suplente de presidenta: D. Óscar Carro Iglesias

2º suplente de presidenta: D. Ricardo Feijoo Costa

1º suplente de 1ª vogal: D. Manuel Castro Graña

2º suplente de 1ª vogal: D. Javier Segura Crespo

1º suplente de 2º vogal: D. Manuel Casal Gómez

2ª suplente de 2º vogal: D.ª Pilar Villaverde Cebey

DISTRITO : 02 SECCIÓN: 002 MESA: A

Presidenta: D.ª Mª Jesús Ramos Varela

1ª vogal: D.ª Mª Teresa Lorenzo Sánchez

2ª vogal: D.ª Emérita Riveiro Silva

1º suplente de presidenta: D. Lorenzo Ameneiro García

2ª suplente de presidenta: D.ª Ana Mª Pazos Saavedra

1º suplente de 1ª vogal: D. Manuel Duro Mirás

2ª suplente de 1ª vogal: D.ª Mª Montserrat Míguez García

1º suplente de 2ª vogal: D. Jesús Manuel Rodríguez García

2ª suplente de 2ª vogal: D.ª Margarita Crego Buela

DISTRITO : 02 SECCIÓN: 002 MESA: B

Presidenta: D.ª Mª Trinidad Padín Fontán

1ª vogal: D.ª Mª Jesús Penas Ferreiro

2ª vogal: D.ª Cleofé Celia Salgueiro Villar

1ª suplente de presidenta: D.ª Mª Amparo Beiro Martínez

2º suplente de presidenta: D. Alfonso Vicente Carballo

1º suplente de 1ª vogal: D. Gerardo Duarte Álvarez

2º suplente de 1ª vogal: D. José Antonio González Rodríguez

1ª suplente de 2ª vogal: D.ª Ana Mº Barcala Pérez

2ª suplente de 2ª vogal: D.ª Cristina García Carreira

DISTRITO : 03 SECCIÓN: 001 MESA: U

Presidenta: D.ª Mª del Carmen Andújar Lameiro

1º vogal: D. Jorge Blanco Fraga

2ª vogal: D.ª Mª Esther Iglesias Sánchez

1º suplente de presidenta: D. Juan Carlos Amado Neira

2º suplente de presidenta: D. José Manuel Bouzón Picón

1º suplente de 1º vogal: D. José Antonio Pérez Calvelo

2º suplente de 1º vogal: D. Manuel Paz Torres

1º suplente de 2ª vogal: D. José Castiñeiras Martínez

2º suplente de 2ª vogal: D. Ricardo Braña Fernández

DISTRITO : 03 SECCIÓN: 002 MESA: A

Presidenta: D.ª Mª Nora Pousa Díaz

1º vogal: D.ª Mª Isabel Andújar Durán

2º vogal: D.ª Isabella Foylan Clayton

1º suplente de presidenta: D. Benjamín Victorino Regueiro Muñoz

2º suplente de presidenta: D. Jacobo Lema Alves

1ª suplente de 1ª vogal: D.ª Mª Dolores Rancaño Osorio

2ª suplente de 1ª vogal: D.ª Mª Teresa Sierra Palmeiro

1º suplente de 2ª vogal: D. Rodrigo Luis Feáns Pardo

2ª suplente de 2ª vogal: D.ª Mª de las Mercedes Ruíz Genovés

DISTRITO : 03 SECCIÓN: 002 MESA: B

Presidente: D. Jesús Fernández Trinidad

1º vogal: D. Marcial Conde Parajó

2ª vogal: D.ª Mª Begoña Tajes Castro

1ª suplente de presidente: D.ª Mª Dolores Martínez González

2º suplente de presidente: D. Noel Mera Casal

1º suplente de 1º vogal: D. Humberto Manuel Villaverde Rodríguez

2ª suplente de 1º vogal: D.ª Mª José Yáñez Díaz

1º suplente de 2ª vogal: D. Jesús Manuel Cutrín Regueira

2ª suplente de 2ª vogal: D.ª Carmen Regueiro Carbia

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as dez horas e quince minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

O alcalde

33252651X RAFAEL CARLOS SISTO (R: P1508300I)
Firmado digitalmente por 33252651X RAFAEL CARLOS SISTO (R: P1508300I)
Fecha: 2019.11.22 10:09:54 +01'00'

Rafael C. Sisto Edreira

A secretaria

VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C
Firmado digitalmente por VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C
Fecha: 2019.11.22 10:03:46 +01'00'

Virginia Fraga Díaz

A C T A 16/2019

SESIÓN ORDINARIA PLENO MUNICIPAL

– 30 OCTUBRE DE 2019 –

Na Casa do Concello, a trinta de outubro de dous mil dezanove, reúnense en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que se relacionan a continuación, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

Concelleiros/as:

D.ª Iria Otero Romero

D. Xosé Ignacio Iglesias Villar

D.ª María López Álvarez

D. José Manuel Guerra Calvelo

D. Antonio Reyes Sánchez Crespo

D.ª María Vázquez Rey

D.ª María Dolores Nariño Facal

D.ª María Teresa Castro Framil

D.ª Lucía Calvo de la Uz

D.ª Margarita Rosende Domínguez

D.ª Uxía Lemus de la Iglesia

D. Roberto Moñino Gil

D.ª María Josefa Argibay da Silva

D. José Manuel Elías Noya

D. Manuel Anxo Fernández Baz

D.ª Carmen Diéguez González

CONCELLO DE TEO
Secretaría

Secretaria xeral:
D.ª Virginia Fraga Díaz

ORDE DO DÍA:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 19.09.19

2.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA 740/19 Á 841/19)

3.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DO CUMPRIMENTO DOS PRAZOS DAS OPERACIÓNS COMERCIAIS, 3º TRIMESTRE 2019

4.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DO IV PLAN DE IGUALDADE E DA PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO

5.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE RECOÑECEMENTO DA COMPATIBILIDADE AO POLICÍA LOCAL DO CONCELLO DE TEO D. JESÚS MANUEL FERNÁNDEZ CAAMAÑO

6.- MOCIÓNS

7.- ROGOS E PREGUNTAS

CONCELLO DE TEO
Secretaría

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, o sr. alcalde, sendo as vinte horas, declara público e aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 19.09.19.

O sr. alcalde pregúntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión extraordinaria celebrada o 19 de setembro de 2019.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

2.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA 740/19 Á 841/19).

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas dende o día 21 de setembro ao 24 de outubro de 2019, que comprenden os números 740 ao 841, indicando o sr. alcalde que están a disposición de todos os membros da Corporación para a súa consulta se así o desexan.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

3.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DO CUMPRIMENTO DOS PRAZOS DAS OPERACIÓNS COMERCIAIS, 3º TRIMESTRE 2019.

O sr. alcalde da conta do informe de Tesourería e Intervención, de 1 de outubro de 2019, sobre o cumprimento dos prazos de pago das operacións comerciais, do 3º trimestre do 2019, indicando que está a disposición de todos os membros da Corporación para a súa consulta se así o desexan.

O Pleno da Corporación toma coñecemento.

4.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DO IV PLAN DE IGUALDADE E DA PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO.

O sr. alcalde cede a palabra á concelleira de mobilidade, comercio, turismo, emprego e igualdade, D.ª Iria Otero Romero.

CONCELLO DE TEO
Secretaría

A sra. Otero da conta da proposta da alcaldía de 18 de outubro de 2019, que se recolle a continuación, corrixida e ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de benestar social, igualdade, transportes, turismo, comercio e emprego de 24 de outubro de 2019.

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: IV Plan de igualdade e da prevención da violencia de xénero

A tarefa de traballar pola igualdade efectiva das mulleres e a erradicación da violencia machista ha de ser un obxectivo prioritario dentro de calquera entidade, mais os

concellos son axentes motores chave para o desenvolvemento local e os cambios sociais, económicos e culturais. Por iso, deben situarse en primeira liña na intervención e a consecución da igualdade real e efectiva de mulleres e homes. O IV Plan de igualdade e da prevención da violencia de xénero do Concello de Teo (2019-2023) é un reflexo da vontade expresa do Concello por loitar contra a violencia de xénero e todo tipo de discriminación que seguen a perpetuar relacións de desigualdade entre as persoas por razón de xénero.

Este plan terá que contribuír a mellorar a situación das mulleres a través de accións concretas dirixidas fundamentalmente á eliminación da violencia machista e das desigualdades que se sofren polo feito de ser mulleres en calquera ámbito, xa sexa social, laboral, político ou económico.

O IV Plan de igualdade e da prevención da violencia de xénero do concello de Teo (2019-2023) vai permitir, durante os próximos catro anos, desenvolver políticas de acción positiva en todos os ámbitos co fin de alcanzar a igualdade efectiva entre as mulleres e os homes no concello de Teo. O seu obxectivo primordial é traballar na implantación da transversalidade de xénero, é dicir, introducir a perspectiva de igualdade de xénero en todos os niveis e fases de todas as políticas nos diferentes ámbitos de intervención co fin de que a igualdade de oportunidades sexa realidade en todas as políticas e accións realizadas a nivel municipal.

CONCELLO DE TEO
Secretaría

Pretende ser un documento de traballo concibido e feito á medida das necesidades de mulleres e homes do municipio de Teo e que xa está a trazar o camiño dunha política municipal concibida e aplicada desde a perspectiva de xénero.

Mais só a través a implicación dos diferentes axentes sociais no desenvolvemento das distintas accións do Plan lograrase avanzar na igualdade real e cambiar as actitudes sociais avanzando cara unha sociedade máis igualitaria e xusta.

Por este motivo, enténdese necesaria a tramitación en Pleno deste IV Plan de igualdade e da prevención da violencia de xénero do Concello de Teo (2019-2023).

En virtude do exposto, proponse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o IV Plan de igualdade e da prevención da violencia de xénero do Concello de Teo (2019-2023), dando publicidade ao mesmo na web municipal e no portal de transparencia.

Segundo.- Asumir e comprometerse no desenvolvemento de dito Plan".

Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do BNG, sr. Fernández, a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, e o portavoz do PP, sr. Guerra, amosan o apoio dos seus respectivos grupos.

Non abríndose debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros, acorda:

Primeiro.- Aprobar o IV Plan de igualdade e da prevención da violencia de xénero do Concello de Teo (2019-2023), dando publicidade ao mesmo na web municipal e no portal de transparencia.

CONCELLO DE TEO
Secretaría

Segundo.- Asumir e comprometerse no desenvolvemento de dito Plan.

Incorpórase como Anexo á presente acta o IV Plan de igualdade e da prevención da violencia de xénero do Concello de Teo (2019-2023).

5.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE RECOÑECEMENTO DA COMPATIBILIDADE AO POLICÍA LOCAL DO CONCELLO DE TEO D. JESÚS MANUEL FERNÁNDEZ CAAMAÑO.

O sr. alcalde da conta da proposta de 21 outubro de 2019, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de persoal, comunicación, normalización lingüística, mocidade e medio natural de 24 de outubro de 2019.

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: Recoñecemento de compatibilidade para o exercicio da avogacía ao policía local do Concello de Teo D. Jesús Manuel Fernández Caamaño.

Considerando que, de acordo co solicitado por D. Jesús Manuel Fernández Caamaño mediante escrito de 13 de decembro de 2018 (rex. entrada nº 9.163, de 17/12/18), por Resolución da alcaldía de 3 de xaneiro de 2019 (res. 2/2019) lle foi concedida unha excedencia por coidado de familiares, por un prazo máximo de tres anos, dende o día seguinte ao da recepción da citada resolución, recepción que tivo lugar o 8 de xaneiro de 2019.

Segundo o citado Decreto durante o período de excedencia o desempeño de actividades retribuídas estará suxeito a autorización previa consonte ás regras establecidas na normativa sobre incompatibilidades, ao abeiro do previsto no artigo 79 do Acordo regulador das condicións laborais do persoal funcionario ao servizo do Concello de Teo e demais normativa de aplicación.

Considerando que, mediante escrito de 23 de xaneiro de 2019, D. Jesús Manuel Fernández Caamaño solicita que se lle autorice ao desempeño da actividade de avogado por conta propia, **durante o tempo que permaneza na situación de excedencia por coidado de familiares**, que lle foi concedida mediante Resolución da alcaldía de 3 de xaneiro de 2019 (res. 2/2019) (rex. entrada nº 624, do 25/01/2019).

CONCELLO DE TEO
Secretaría

Considerando que, con data de 13 de marzo de 2019, se lle requiriu ao interesado para que achegase a declaración de que non desempeña actividade que poida impedir ou menoscabar o coidado do familiar a cargo causante do dereito á excedencia concedida no seu día (rex. saída nº 535).

Considerando que, con data de 18 de marzo de 2109, D. Jesús Manuel Fernández Caamaño presenta declaración de que *"**la realización de la actividad de abogado por cuenta propia, para cuyo desempeño se ha solicitado autorización expresa a***

ese Ayuntamiento, ni impide, ni menoscaba, el cuidado del familiar causante de la concesión de la excedencia solicitada" (rex. entrada nº 1.706).

Considerando que, en virtude do exposto, mediante Resolución da alcaldía de 25 de marzo de 2019 (res. 220/19), se lle concedeu a D. Jesús Manuel Fernández Caamaño a compatibilidade para o exercicio dunha actividade privada, nomeadamente o exercicio da avogacía por conta propia, durante o goce da excedencia por coidado de familiar a cargo, previamente concedida, en tanto a mesma non impida nin menoscabe o devandito coidado e non se atope dentro das prohibicións contidas nos artigos 11 e 12 da Lei 53/1984.

Visto o informe de secretaría, de 15 de maio de 2019, incorporado ao expediente.

Considerando que, segundo o informe citado, de conformidade co establecido no artigo catorce da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas (en adiante, LI), e no artigo 50.9 R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidade Locais (en adiante, ROF) o Pleno da Corporación é o órgano que está facultado para recoñecer a compatibilidade ou declarar a incompatibilidade do persoal ao servizo da entidade local.

CONCELLO DE TEO
Secretaría

Considerando que, segundo o artigo 47.1b) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, os actos das Administracións Públicas son nulos de pleno dereito cando se trata de actos ditados por órgano manifestamente incompetente por razón da materia ou do territorio.

Considerando que, en virtude do exposto, e segundo o informe citado, o Decreto da alcaldía, de 25 de marzo de 2019 (res. 220/19), era nulo de pleno dereito ao tratarse dun acto administrativo ditado por órgano manifestamente incompetente por razón da materia.

Considerando que, segundo o artigo 106 da LPAC, as Administracións Públicas, en calquera momento, por iniciativa propia ou a solicitude de interesado, e previo ditame favorable do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma, se o houbera, declararán de oficio a nulidade dos actos administrativos que puxeran fin á vía administrativa ou que non foran recorridos en prazo, nos supostos previstos no artigo 47.1 do citado texto legal.

En virtude do exposto, o Pleno da Corporación, na sesión extraordinaria de 21 de maio de 2019, acordou iniciar o procedemento de revisión de oficio da Resolución da alcaldía de 25 de marzo de 2019 (res. 220/19), pola que se recoñece a D. Jesús Manuel Fernández Caamaño a compatibilidade solicitada para o exercicio da avogacía, por atoparse incursa na causa de nulidade á que se refire o artigo 47.1b) da LPAC, concedendo ao interesado un prazo de vista e audiencia no expediente, durante 10 días, a contar dende o seguinte ao da notificación do acordo, para que alegara o que estimara conveniente en defensa dos seus dereitos achegando os documentos e xustificantes que considerara pertinentes.

CONCELLO DE TEO
Secretaría

Considerando que o citado acordo foi notificado o 28 de maio de 2019 (rex. saída nº 1185) a D. Jesús Manuel Fernández Caamaño, sendo recibido por este o 29 de maio de 2019, sen que durante o prazo de dez días concedido para vista e audiencia do expediente se formulara polo interesado alegación algunha, tal e como se desprende do informe do administrativo xefe do negociado de servizos xerais do Concello de Teo, de 8 de xullo de 2019, incorporado ao expediente.

Considerando que, de acordo co exposto, o Pleno da Corporación, na sesión ordinaria de 31 de xullo de 2019, acordou:

"Primeiro.- *Formular a seguinte proposta de resolución:*

"1.- Declarar nula de pleno dereito a Resolución da alcaldía de 25 de marzo de 2019 (res. 220/19), concedendo a compatibilidade a D. Jesús M. Fernández Caamaño para o exercicio da avogacía, por atoparse incurso na causa de nulidade á que se refire o artigo 47.1b) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común

das Administracións Públicas, ao ditarse por órgano manifestamente incompetente por razón da materia.

2.- Notificar o acordo ao interesado, sinalándolle os recursos procedentes".

Segundo.- *Continuar coa tramitación do procedemento de revisión de oficio da Resolución da alcaldía de 25 de marzo de 2019 (res. 220/19), concedendo a compatibilidade a D. Jesús M. Fernández Caamaño para o exercicio da avogacía, e solicitar ditame preceptivo do Consello Consultivo de Galicia.*

Terceiro.- *Notificar o presente acordo ao interesado, advertíndolle que a solicitude do informe preceptivo do Consello Consultivo de Galicia interrompe o prazo para resolver, de acordo co establecido no artigo 22.1 da LPACAP".*

Considerando que, con data de 1 de agosto de 2019 (rex. saída nº 1.846), remitiuse ao Consello Consultivo copia do expediente de revisión de oficio do Decreto da alcaldía de 25 de marzo de 2019, para a emisión do correspondente ditame preceptivo, documentación que foi recibida polo Consello nesa mesma data.

CONCELLO DE TEO
Secretaría

Considerando que, con data de 1 de agosto de 2019 (rex. saída nº 1847), notificouse a D. Jesús Manuel Fernández Caamaño o acordo adoptado polo Pleno da corporación o 31 de xullo de 2019, sendo recibido por este o 5 de agosto de 2019.

Visto o ditame do Consello Consultivo, de 28 de agosto de 2019 (rex. entrada nº 553, de 02/09/2019), polo que se informou favorablemente a proposta de resolución formulada polo concello, ditame cuxa recepción lle foi comunicada ao interesado con data de 4 de setembro de 2019 (rex. saída nº 2082), en cumprimento do establecido no artigo 22.1 da LPAC, dándolle traslado do mesmo.

En virtude do exposto e de conformidade co artigo 106 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, o Pleno da Corporación, na sesión de 19 de setembro de 2019, acordou:

***Primeiro*.-** *Declarar nula de pleno dereito a Resolución da alcaldía de 25 de marzo de 2019 (res. 220/19), concedendo a compatibilidade a D. Jesús Manuel Fernández Caamaño para o exercicio da avogacía, por atoparse incursa na causa de nulidade á que se refire o artigo 47.1 b) da LPAC, ao ditarse por órgano manifestamente incompetente por razón da materia.*

***Segundo*.-** *Notificar o acordo ao interesado, con sinalamento dos recursos procedentes.*

***Terceiro*.-** *Comunicar o presente á Secretaría Xeral do Consello Consultivo, de conformidade co artigo 45 do Regulamento de organización e funcionamento do mesmo (Decreto 91/2015, de 18 de xuño)".*

Con data de 20 de setembro de 2019 comunicouse ao Consello Consultivo o acordo adoptado (rex. saída nº 2229), notificándose ese mesmo día ao interesado (rex. saída nº 2230), recibíndose por este o 23 de setembro.

Con data de 27 de setembro de 2019, D. Jesús Manuel Fernández Caamaño solicita que se autorice a compatibilidade para o exercicio da actividade de avogado por conta propia, ao respectar a normativa de incompatibilidades e permitir unha mellor conciliación da vida laboral e familiar (rex. entrada nº 6701).

CONCELLO DE TEO
Secretaría

Visto o informe da técnica de recursos humanos, de 2 de outubro de 2019, cuxas consideracións legais e técnicas se reproduce a continuación:

"*CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS*

PRIMEIRA. Jesús Manuel Fernández Caamaño é funcionario de carreira do Concello de Teo desde o 10.12.2007, desenvolvendo as funcións de policía local, grupo C1.

SEGUNDA. En virtude da resolución da Alcaldía de data 03.01.2019 foille concedida unha excedencia por coidado de familiares con efectos do día 09.01.2019 e cunha duración máxima de tres anos ao abeiro do previsto no artigo 177 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia en concordancia co artigo 89.4 do Real

Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

TERCEIRA. O apartado n.º 5 do artigo 177 da Lei 2/2015 citada anteriormente establece que: "Durante o período de excedencia, o desempeño de actividades retribuídas está suxeito a autorización previa conforme ás regras establecidas na normativa sobre incompatibilidades".

Pola súa parte, o artigo 92 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, no seu número 1 establece que: "os funcionarios ao servizo da Administración local réxense, no non disposto nesta Lei, pola Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público -hoxe Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público-, pola restante lexislación do Estado en materia de función pública, así como pola lexislación das Comunidades Autónomas, nos termos do artigo 149.1.18.ª da Constitución".

E continúa na súa disposición final terceira: "o persoal das Policías Municipais e dos Corpos de Bombeiros gozará dun Estatuto específico, aprobado regulamentariamente, tendo en conta respecto dos primeiros a Lei de Forzas e Corpos de Seguridade do Estado".

O artigo 7 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, en consonancia co artigo 3 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, regula no seu número 1: "o persoal funcionario ao servizo das entidades locais galegas réxese pola lexislación básica estatal que lle resulte aplicable e por esta lei, coas especialidades reguladas no seu título X".

CONCELLO DE TEO
Secretaría

E, a continuación no seu número 2: "o persoal dos corpos de policía local réxese, ademais de pola normativa mencionada na alínea anterior, pola lexislación xeral de forzas e corpos de seguridade e pola súa lexislación específica, a cal regulará as demais especialidades do seu réxime xurídico".

CUARTA. Tendo en conta o anterior, cómpre facer unha remisión ao Regulamento de Situacións Administrativas dos Funcionarios Civís da Administración Xeral do Estado, aprobado por Real Decreto 365/1995, de 10 de marzo, de aplicación supletoria ás entidades locais, que no seu artigo 14.1 parágrafo terceiro establece: "A concesión desta excedencia farase previa declaración do peticionario de que non desempeña actividade que poida impedir ou menoscabar o coidado persoal do fillo menor".

E, aínda cando o tenor do artigo refírese ao coidado de menores, é evidente que a obriga de tal declaración deberá facerse extensiva a quen goce dunha excedencia por coidado de familiares a cargo, dado que a regulación desta está no mesmo articulado dos artigos 89.4 da do RDL 5/2015 e 177 da Lei 2/2015, anteriormente citados.

QUINTA. O réxime xurídico de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas ven determinado, basicamente, pola Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas. O devandito réxime persigue a dedicación do empregado público a un só posto público e a súa neutralidade e independencia, sendo de aplicación ao persoal ao servizo das Corporacións Locais ao abeiro do previsto na letra c) do número 1 do seu artigo segundo.

Pola súa parte, e para o suposto concreto da solicitude que nos ocupa, debemos atender ao regulado nos artigos 11 e 12 da Lei 53/1984, nos que se determinan as prohibicións relativas ao exercicio de actividades privadas polo persoal comprendido no seu ámbito de aplicación.

CONCELLO DE TEO
Secretaría

Neste sentido a sentenza do Tribunal Constitucional do 11 de abril de 1997 di: "As incompatibilidades dos funcionarios públicos tenden a garantir a súa obxectividade de actuación, en evitación de relacións de dependencia perturbadoras, así como a súa eficacia, procurando a máxima dedicación ás funcións propias do seu emprego ou cargo, característica aquela e esta predicables constitucionalmente da actividade das Administracións públicas e, por tanto, esixibles tamén aos seus servidores".

SEXTA. Non obstante o anterior, e atendendo a que no presente suposto atopámonos ante unha solicitude dun empregado público en excedencia por coidado de familiar a cargo, haberá que estar ao que sinala a Xurisprudencia, entre outras, a sentencia do Tribunal Supremo de 27 de outubro de 2003, que establece a obriga de solicitar a compatibilidade para o exercicio de actividades privadas na situación de excedencia para o coidado de fillos e a sentencia do mesmo Tribunal de 10 de febreiro de 2015 que argumenta que: "na medida en que o novo traballo resulta compatible con coidado do menor, non se lle deben anudar á lexítima aspiración da nai traballadora de obter algúns ingresos -que deixou de obter precisamente pola excedencia para o coidado de fillos- unhas consecuencias tan negativas como as que antes referimos".

SÉTIMA. Segundo o artigo 50.9 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF) aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, e o artigo 47.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL), é competencia do Pleno da Corporación, por maioría simple, a autorización ou denegación de compatibilidade do persoal ao servizo da entidade local para un segundo posto ou actividade no sector público, así como a resolución motivada recoñecendo a compatibilidade ou declarando a incompatibilidade do citado persoal para o exercicio de actividades da entidade local, á que se refiren os artigos 9 e 14 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo da Administración Pública.

CONCELLO DE TEO
Secretaría

OITAVA. Segundo o artigo 20 da LI, o incumprimento da normativa en materia de incompatibilidades será sancionado conforme ao réxime disciplinario de aplicación, sen prexuízo da executividade da incompatibilidade en que se incorrera.

Neste sentido, segundo o apartado segundo e terceiro do citado artigo "o exercicio de calquera actividade compatible non servirá de escusa ao deber de residencia, á asistencia ao lugar de traballo que requira o seu posto ou cargo, nin ao atraso, neglixencia ou descoido no desempeño dos mesmos. As correspondentes faltas serán cualificadas e sancionadas conforme ás normas que se conteñan no réxime disciplinario aplicable, quedando automaticamente revogada a autorización ou

recoñecemento de compatibilidade se na resolución correspondente se cualifica de falta grave ou moi grave. Os órganos aos que compete a dirección, inspección ou xefatura dos diversos servizos coidarán baixo a súa responsabilidade de prevenir ou corrixir, no seu caso, as incompatibilidades en que poida incorrer o persoal".

A estes efectos, débese igualmente ter en conta que, segundo o artigo 95.2 n) do EBEP, considerase falta disciplinaria moi grave o incumprimento das normas sobre incompatibilidade cando iso dea lugar a unha situación de incompatibilidade. No mesmo senso pronúnciase o artigo 185 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.

Polo exposto, INFORMO
Que á vista do solicitado por Jesús Manuel Fernández Caamaño, pódese concluír que é o Pleno da Corporación o órgano competente para, no seu caso, recoñecerlle ao interesado a compatibilidade solicitada, compatibilidade que se axusta á normativa aplicable, sempre que se dea cumprimento ás limitacións legalmente establecidas e expostas no presente informe, salientándose a estes efectos que o traballo manifestado pola interesado na súa solicitude, lle permita cumprir coa finalidade da excedencia -o coidado do familiar a cargo-, e non se atope dentro das prohibicións contidas nos artigos 11 e 12 da Lei 53/1984.

Este é o meu informe que dou no lugar e data abaixo indicados e que someto a calquera outro mellor fundado en Dereito".

CONCELLO DE TEO
Secretaría

En virtude do exposto, e de acordo co artigo 50.9 do ROF e catorce da LI, proponse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Recoñecer a D. Jesús Manuel Fernández Caamaño a compatibilidade para o exercicio da avogacía, durante o tempo en que o interesado se atope na situación de excedencia voluntaria por coidado de familiar a cargo (concedida ao interesado mediante Resolución da alcaldía de 3 de xaneiro de 2019 (nº 2/19)), sempre que a citada compatibilidade non impida nin menoscabe o devandito coidado de familiar a cargo, e non se atope dentro das prohibicións contidas nos artigo 11 e 12 da LI.

Segundo.- Que se proceda a inscribir a compatibilidade recoñecida no correspondente rexistro de persoal.

Terceiro.- Notificar o presente ao interesado con sinalamento dos recursos procedentes, dar traslado ao departamento de intervención e de persoal e publicar no portal de transparencia, de acordo coa normativa aplicable".

O sr. alcalde explica que na Comisión Informativa xa tiveron ocasión de falar detidamente de como fora o proceso. Sinala que agora se trata de resolver a petición de compatibilidade do traballador. Salienta que, tal e como se dixo na Comisión Informativa, trátase dun caso diferente a outros que se teñen plantexado porque o traballador ten concedida unha excedencia por tres anos. Salienta o sr. alcalde que en todo caso para salvagardar o feito de que se concedera a excedencia para o coidado de familiar se tivo coidado de recoller na proposta todas as condicionantes precisas. Explica o sr. alcalde que, aínda que se trata dunha decisión discrecional, dadas as circunstancias especiais que concorren, ao atoparse o traballador en situación de excedencia, tampouco existen moitos argumentos para denegala.

Preguntado polo sr. alcalde, o portavoz do BNG, sr. Fernández, a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, e o portavoz do PP, sr. Guerra, non fan uso das súas respectivas quendas de intervención.

ELLO DE TEO
ecretaría

Non abríndose debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con nove votos a favor (4 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE e 1 BNG) e sete abstencións (7 PP), acorda:

Primeiro.- Recoñecer a D. Jesús Manuel Fernández Caamaño a compatibilidade para o exercicio da avogacía, durante o tempo en que o interesado se atope na situación de excedencia voluntaria por coidado de familiar a cargo (concedida ao interesado mediante Resolución da alcaldía de 3 de xaneiro de 2019 (nº 2/19)), sempre que a citada compatibilidade non impida nin menoscabe o devandito coidado de familiar a cargo, e non se atope dentro das prohibicións contidas nos artigo 11 e 12 da LI.

<u>Segundo</u>.- Que se proceda a inscribir a compatibilidade recoñecida no correspondente rexistro de persoal.

<u>Terceiro</u>.- Notificar o presente ao interesado con sinalamento dos recursos procedentes, dar traslado ao departamento de intervención e de persoal e publicar no portal de transparencia, de acordo coa normativa aplicable.

6.- MOCIÓNS.

Antes de entrar no punto sétimo da orde do día relativo a rogos e preguntas, o sr. alcalde, de conformidade co previsto no artigo 91.4 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, e no artigo 33 do Regulamento orgánico, pregunta se algún grupo municipal quere presentar algunha moción de urxencia, presentándose as seguintes:

1.- Moción do BNG, do 29 de outubro de 2019, en relación ao vindeiro 25 de novembro.

2.- Moción do PP, do 30 de outubro de 2019, para a petición de comparecencia da concelleira de mobilidade, comercio, turismo, emprego e igualdade.

CONCELLO DE TEO
Secretaría

1.- <u>Moción do BNG, do 29 de outubro de 2019, en relación ao vindeiro 25 de novembro</u>.

O sr. Fernández xustifica a urxencia da moción sobre a base de que este é o último Pleno antes do 25 de novembro, xa que o Pleno do citado mes terá lugar o día 27.

Sometida a urxencia a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros e co quórum da maioría absoluta do número legal, acorda que se proceda ao debate e posterior votación da moción do BNG en relación ao vindeiro 25 de novembro.

O sr. alcalde cede a palabra ao portavoz do BNG, D. Manuel A. Fernández Baz.

Intervén o portavoz do BNG, D. Manuel A. Fernández Baz, quen lle cede a palabra á concelleira do seu grupo D.ª Carmen Diéguez González.

A sra. Diéguez da conta da moción do seu grupo, do 29 de outubro de 2019, en relación ao vindeiro 25 de novembro, que se recolle a continuación.

"O Grupo Municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO** no Concello de Teo, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal do Pleno da Corporación, presenta a seguinte **MOCIÓN EN RELACIÓN AO VINDEIRO 25 DE NOVEMBRO**, para o seu debate en Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Cada 25 de novembro os titulares, os minutos de silencio e as declaracións institucionais lembran a vixencia da violencia machista e do sistema patriarcal. Así mesmo, o feminismo galego volta saír á rúa como cada vez que somos asasinadas ou agredidas.

A violencia machista exercida contra as mulleres é un problema de primeira orde, contrario aos dereitos humanos e que a escala mundial representa un auténtico xenocidio e diante do que os titulares, minutos de silencio e declaracións institucionais de cada 25 de novembro son insuficientes.

CONCELLO DE TEO
Secretaría

Historicamente a violencia ten sido minimizada, ocultada e invisibilizada e os avances que temos dado responden á capacidade transformadora do feminismo e dos movementos de mulleres en Galiza e no resto do mundo. Nos últimos anos asistimos a mobilizacións históricas en Galiza que dan cumprida conta da fartura diante dunha situación que é insostíbel. Nos últimos anos as respostas aos feminicidios que impulsa o feminismo galego teñen aumentado en número de convocatorias e en asistencia. Así mesmo, asistimos a dúas folgas históricas no 8 de marzo de 2018 e 2019 que superaron toda expectativa.

Se ben é certo que temos dado pasos adiante como sociedade na visibilización da violencia machista, fica moito por facer. É clave aumentar os recursos dispoñíbeis, e é clave tamén visibilizar todo tipo de violencias machistas.

Un dos debates que o feminismo ten conseguido colocar na axenda pública é o da violencia sexual. Movementos como o #PrimAcoso ou o #Meetoo así como a resposta a casos como o da Manada marcaron un antes e un despois na conciencia colectiva, e deben marcar un antes e un despois tamén na resposta das administracións públicas.

É preciso recoñecer a importancia e gravidade das violacións e agresións sexuais na nosa sociedade e a insuficiencia nos recursos de intervención e atención. Segundo datos do propio Consello Xeral do Poder Xudicial hai un 80% de feitos delictivos que non se denuncian. Malia isto, as denuncias teñen experimentado un incremento das agresións e as persoas expertas da cadea xudicial e de atención alertan ademais dun incremento na súa brutalidade.

Así mesmo, a Fiscalía Xeral do Estado ten alertado nas súas recentes edicións da Memoria Anual sobre o aumento da violencia e os delitos de natureza sexual entre as persoas máis novas e relacíonao directamente coa preeminencia da pornografía nas redes sociais e como forma de educación e socialización sexual.

CONCELLO DE TEO
Secretaría

Galiza está dotada dun amplo marco legal que inclúe a violencia sexual como unha forma de violencia machista desde o ano 2007. Porén, o goberno Feijóo non ten feito o esforzo suficiente por desenvolver este marco e por adaptar os recursos a todo tipo de violencia. Así mesmo, cómpre recordar que o Estado español continúa a incumprir o Convenio de Istambul e tamén o propio Pacto de Estado que prometía avanzar nunha definición da violencia machista que supere o enfoque patriarcal e reducionista que a limita ao ámbito familiar e da parella.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte ACORDO:

1.- Demandar da Xunta de Galiza:

1.1 O incremento dos recursos económicos destinados especificamente a loitar contra a violencia de xénero do proxecto de orzamentos de 2020 de forma que se sitúen, como mínimo, no 1% do total e así dotar de suficientes recursos para que se rectifique a liña de incumprimento da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

1.2. Demandar da Xunta de Galiza a mellora da atención e prevención da violencia machista e, particularmente, da violencia sexual, adoptando as seguintes medidas:

a) Garantir a gratuidade da atención xurídica ás vítimas de violencia sexual por ser vítimas de violencia machista e impulsar unha campaña específica para informar da existencia deste recurso.

b) Promover un programa específico de formación en materia de violencia sexual para todos os ámbitos profesionais que traballan na prevención e atención da violencia machista (ámbitos sanitarios, policiais, administrativos e xurídicos, educativos, administración local...).

c) Constituír unha mesa de traballo na que se avalíe, xunto cunha representación do ámbito xudicial, policial e forense, a casuística das denuncias en Galiza por agresión sexual, de cara a analizar posíbeis fallos na cadea de atendemento e intervir no seu baixo número.

d) Desenvolver un protocolo específico de atención á violencia sexual, con especial atención ao ámbito xudicial.

NCELLO DE TEO
Secretaría

e) Impulsar iniciativas no campo da prevención e sensibilización da mocidade, a comezar pola extensión, antes do remate de 2020, a todos os centros de educación secundaria do país de obradoiros específicos sobre o consentimento co obxectivo de contribuír a superar a preeminencia da pornografía como referente formativo na mocidade galega; así como desenvolver as actuacións necesarias para incorporar contidos coeducativos transversais de superación da dominación sexual en todas as fases educativas.

2. Demandar do goberno central as seguintes medidas para avanzar no recoñecemento da violencia sexual como violencia machista:

a) demandar a introdución no marco legal do concepto de consentimento para mellorar a tipificación e tratamento da violación e das agresións sexuais así como a consideración destes delitos como delitos de carácter público.

b) Impulsar a aplicación da directriz do artigo 36 do Convenio de Istambul que estipula que as autoridades deben adoptar todas as medidas necesarias para garantir que o sexo non consentido sexa tratado sempre coma un delito.

c) modificar a definición estatal de violencia de xénero de acordo co Convenio de Istambul de forma que a violencia sexual sexa recoñecida como tal, como xa fixo a lei galega no ano 2007.

d) desenvolver as actuacións legais de organización necesarias para que os delitos de violencia sexual sexan instruídos nos xulgados exclusivos de violencia machista e transferir a Galiza os recursos orzamentarios necesarios para esta adaptación.

Teo, 29 de outubro de 2019

Carmen Diéguez González Manuel Anxo Fernández Baz"

A sra. Dieguez sinala que fai pouco trouxeron unha moción no mesmo senso, engadindo que volven a reiterar o mesmo porque os feitos, evidencias e a violencia continúa e haberá que traballar todos os días ata erradicala. Salienta a sra. Diéguez que acábase de aprobar o Plan de igualdade, que supón outro paso máis, pouco a pouco se están dando pasos, porén as institucións teñen que facer moito máis e por iso continúan chamando na porta das institucións e continúan insistindo en que tanto a Xunta como o Estado, no que lles corresponda a cada un, teñen que aumentar os esforzos.

CONCELLO DE TEO
Secretaría

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, anuncia o apoio do seu grupo, non so pola urxencia temporal senón tamén pola urxencia do feminicidio que están sufrindo as mulleres neste pais.

O portavoz do PP, sr. Guerra, non fai uso da súa quenda de intervención.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros (4 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE, 7 PP e 2 BNG), acorda:

1.- Demandar da Xunta de Galiza:

1.1 O incremento dos recursos económicos destinados especificamente a loitar contra a violencia de xénero do proxecto de orzamentos de 2020 de forma que se

sitúen, como mínimo, no 1% do total e así dotar de suficientes recursos para que se rectifique a liña de incumprimento da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

1.2. Demandar da Xunta de Galiza a mellora da atención e prevención da violencia machista e, particularmente, da violencia sexual, adoptando as seguintes medidas:

a) Garantir a gratuidade da atención xurídica ás vítimas de violencia sexual por ser vítimas de violencia machista e impulsar unha campaña específica para informar da existencia deste recurso.

b) Promover un programa específico de formación en materia de violencia sexual para todos os ámbitos profesionais que traballan na prevención e atención da violencia machista (ámbitos sanitarios, policiais, administrativos e xurídicos, educativos, administración local...).

c) Constituír unha mesa de traballo na que se avalíe, xunto cunha representación do ámbito xudicial, policial e forense, a casuística das denuncias en Galiza por agresión sexual, de cara a analizar posíbeis fallos na cadea de atendemento e intervir no seu baixo número.

CONCELLO DE TEO
Secretaría

d) Desenvolver un protocolo específico de atención á violencia sexual, con especial atención ao ámbito xudicial.

e) Impulsar iniciativas no campo da prevención e sensibilización da mocidade, a comezar pola extensión, antes do remate de 2020, a todos os centros de educación secundaria do país de obradoiros específicos sobre o consentimento co obxectivo de contribuír a superar a preeminencia da pornografía como referente formativo na mocidade galega; así como desenvolver as actuacións necesarias para incorporar contidos coeducativos transversais de superación da dominación sexual en todas as fases educativas.

2. Demandar do goberno central as seguintes medidas para avanzar no recoñecemento da violencia sexual como violencia machista:

a) demandar a introdución no marco legal do concepto de consentimento para mellorar a tipificación e tratamento da violación e das agresións sexuais así como a consideración destes delitos como delitos de carácter público.

b) Impulsar a aplicación da directriz do artigo 36 do Convenio de Istambul que estipula que as autoridades deben adoptar todas as medidas necesarias para garantir que o sexo non consentido sexa tratado sempre coma un delito.

c) modificar a definición estatal de violencia de xénero de acordo co Convenio de Istambul de forma que a violencia sexual sexa recoñecida como tal, como xa fixo a lei galega no ano 2007.

d) desenvolver as actuacións legais de organización necesarias para que os delitos de violencia sexual sexan instruídos nos xulgados exclusivos de violencia machista e transferir a Galiza os recursos orzamentarios necesarios para esta adaptación.

CONCELLO DE TEO
Secretaría

2.- <u>Moción do PP, do 30 de outubro de 2019, para a petición de comparecencia da concelleira de mobilidade, comercio, turismo, emprego e igualdade</u>.

O sr. Sánchez sinala que cando puideron estudar o expediente, entre a análise e as posteriores respostas da alcaldía, xa se meteron no período ordinario de presentar as mocións, de aí que se traia agora, tendo en consideración que se trata ademais dunha cuestión que xa anunciaran previamente e que practicamente é un puro trámite.

Sometida a urxencia a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros e co quórum da maioría absoluta do número legal, acorda que se proceda ao debate e posterior votación da moción do PP para a petición de comparecencia da concelleira de mobilidade, comercio, turismo, emprego e igualdade.

"O voceiro do Partido Popular, José Manuel Guerra, abaixo asinante, en nome propio e no do grupo municipal do PP, presenta ao Pleno, para o seu debate e aprobación se procede, a seguinte **MOCIÓN PARA A PETICIÓN DE COMPARECENCIA DA**

CONCELLEIRA DE MOBILIDADE, COMERCIO, TURISMO,EMPREGO E IGUALDADE:

Exposición de motivos:

O pasado 26 de setembro, segundo fontes xornalísticas, deuse a coñecer que a concelleira da que se solicita a comparecencia tiña a pretensión de contratar, supostamente, unha empresa da súa preferencia saltándose os prazos preestablecidos, os criterios dos especialistas e cun presuposto que duplicaba o doutras entidades. Considerando estes feitos, dende o grupo popular solicitouse o "acceso inmediato" ao expediente.

Concedido o acceso ao mesmo, e revisada a documentación o pasado 2 de outubro, a información consultada segue a xerar certas dúbidas respecto do procedemento. Por tal motivo, propoño a aprobación do seguinte ACORDO:

1. **Solicitar a comparecencia da sra. concelleirade mobilidade, comercio, turismo, emprego e igualdade.**

ONCELLO DE TEO
Secretaría

José Manuel Guerra Calvelo

En Teo, a 30 de outubro de 2019"

O sr. Sánchez sinala que nesta moción se solicita a comparecencia da concelleira de igualdade, formalizando algo que xa tiñan anunciando publicamente, en base a esa información que debe ser pública respecto da solicitude de subvención da FEMP, por todos coñecida.

O sr. alcalde sinala que eles non teñen ningún problema en dar todas as explicacións oportunas, porén si que piden, como noutras ocasións, se se quere, que se sinale qué preguntas quere que se contesten para dispoñer da información necesaria no momento da contestación.

Aberta a quenda de intervencións, o portavoz do BNG, sr. Fernández, e a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, non fan uso da súas respectivas quendas de intervención.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros (4 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE, 7 PP e 2 BNG), acorda solicitar a comparecencia da sra. concelleira de mobilidade, comercio, turismo, emprego e igualdade.

7.- ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO BNG.

O/a concelleiro/a do BNG, formulan os/as seguintes rogos e preguntas:

1.- Sinala a sra. Diéguez que querían facer un rogo en relación á seguridade viaria. Sinala que parece ser que a pista que vai dende o Sisto, da que un ramal vai ao Gadis e outro vai á rotonda da travesía de Cacheiras, é un tramo de concentración de accidentes, especialmente nun sitio que está á altura onde era un muíño. Pide a sra. Diéguez que se analice a situación para ver qué medidas se poderían tomar para ver se se pode evitar que se sigan producindo accidentes.

O sr. alcalde sinala que alí se puxera biondas diante do muíño, porén revisarase a situación.

CONCELLO DE TEO
Secretaría
CC

2.- O sr. Fernández refírese ao tema da velocidade, concretamente na estrada que vai de Ribeira a Raxó, incluso que chega ata Procelas, que se utiliza moito como enlace para entrar na autovía. Sinala que os/as veciños/as denuncian que os coches pasan a moita velocidade e reclaman algún tipo de medida. Sinala que agora os máis recorridos son os pasos sobreelevados, porén non sabe se esa medida ou outra, porén os veciños/as reclaman que se atenda ese problema. Sinala que se trata dun problema que non é exclusivo desa estrada, porque outro caso sería a rúa carballo nos Tilos, onde o problema é similar porque os pasos sobreelevados parece que non son efectivos. Sinala o sr. Fernández que unha das medidas que lle comentaron os veciños da zoa era a posibilidade de limitar a velocidade a 20 km/h, aínda que el considera que non sería efectiva de por si.

3.- Tratándose das escolas infantís sinala o sr. Fernández que este días saíu un tema na prensa dunha denuncia duns pais e nais. O sr. Fernández quere saber se o problema das escolas infantís é un problema que ten que ver con cuestións económicas, porque non hai recursos, ou se é porque non existe unha lista de substitución formalizada.

O sr. Iglesias sinala que non hai ningún problema. Lembra que xa se dixo no momento que se asumiron as escolas, que durante un período as substitucións de persoal non ían a ser posibles, porén hai xente a media xornada á que se lle amplía a xornada para poder cubrir baixas e demais.

Agora estase ao final dese proceso, ao longo da seguinte semana haberá unha mesa xeral de persoal e vanse informar as bases xerais de substitucións e de bolsas do concello. Unha vez que se publiquen esas bases, as primeiras bases específicas serán as do persoal das escolas infantís. Reitera o sr. Iglesias que ata este momento non existen problemas de substitución, e esta semana existiu un problema cos limpadores e se recorreu ás limpadoras do concello para que limparan as escolas infantís.

Agora mesmo precísanse os listados de emprego, porén os tempos administrativos son os que son e hai unha serie de normas, que hai que cumprir, e de prazos e de tempos.

CONCELLO DE TEO
Secretaría

4.- Dirixíndose ao sr. alcalde, o sr. Fernández dille que no PXOM hai unha pista que vai do núcleo de Bustelo ata a autoestrada, máis ou menos, porén esa pista está sen limpar e está totalmente cuberta, engadindo que pensa que nunca se habilitou como pista. Pregunta o sr. Fernández se se ten previsto abrila.

O sr. alcalde sinala que en principio tampouco existiu unha demanda ao respecto, de aí que se deixara así.

O sr. alcalde sinala que en principio non tiveron más reclamacións ao respecto, engadindo que na medida en que exista demanda se estudará.

5.- O sr. Fernández sinala refírese á casa que ten o concello en Xermeade e pregunta qué se vai a facer.

O sr. iglesias sinala que a da curva está inviable e en todo caso que habería que limpar a finca. Lembra que fai seis anos que foi alí e non quedaban nin as uralitas. Sinala que aquilo foi unha chapuza, e logo cando se quixo retomar era imposible facer nada, había que derribala e facer outra. Sinala o sr. Iglesias que tamén hai outra que está indo de Luou cara Lampai, que está totalmente comida. Sinala que este tipo de propiedades son residuos que os habería que sacar, porque non hai posibilidade de facer nada, tendo en conta ademais onde está situada a casa, ao fondo dun barranco.

O sr. Fernández sinala que cando pasa por alí acórdase do tema.

Sinala o sr. Iglesias que os servizos técnicos a valoraran fai seis anos e o que determinaron é que procedía derribala.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PSdeG-PSOE.

Os/as concelleiros/as do PSdeG-PSOE non formulan ningún rogo nin pregunta.

CONCELLO DE TEO
Secretaría

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PP.

Os/as concelleiros/as do PP formulan os/as seguintes rogos e preguntas:

1.- Sinala o sr. Guerra que lle preguntan pola pista entre Sebe e A Pedra, porque ten un estado nefasto. Refírese ás pistas de Coira sinalando que están na mesma situación, e pregunta qué se vai a facer. O sr. Guerra sinala que hai un bache ou un socabón enfronte de froitas barreiro, engadindo que descoñece se se subsanou. Refírese o sr. Guerra a unha pista en Solláns entre o sr. Manuel Fernández e o seu fillo Marcelino, que se chama por un lado Chouchiños e por outro chámase A pereira, que ten douscentos metros lineais e ten un estado lamentable.

O sr. alcalde, tratándose da de Coira, cál é en concreto, engadindo que agora se está metendo a auga, a que baixa dende o depósito ata Rial do Mato, e se están facendo

agora todas as obras das acometidas particulares, engadindo que tratándose das outras se revisará a situación.

O sr. Guerra sinala que en Lamas se fixeron 100 ou 150 metros en campaña electoral, porén falta todo o tramo ata abaixo, que é un quilómetro máis.

O sr. alcalde sinala que en Lamas as actuacións que se fixeron foron sempre por sitios por onde se metera a auga e o saneamento, engadindo que nunhas se fixo simplemente a reposición da zoa e noutras ao estar nun estado moi deteriorado se fixo completa. Sinala que seguro que se se tocou en Lamas foi por ese motivo, pola auga.

O sr. Guerra sinala que alí a auga xa a puxera o sr. Armando Blanco. Sinala que alí alguén puxo rúa corredoira dos buratos e se foi en época electoral e se asfaltaron cento cincuenta metros e a pista ten un quilómetro douscentos.

O sr. alcalde sinala que neste caso teralle que preguntar ao concelleiro responsable.

O sr. Guerra dille que esa pista habería que ancheala un pouco, e a pista que vai a Malfurado non se tocou en moitos anos.

C
CONCELLO DE TEO
Secretaría

2.- A sra. Vázquez sinala que ten unha pregunta en relación coas garderías, engadindo que en todo caso en parte xa está respondida. Pregunta se sobre isto fora o mesmo que lles dixera a eles e pregunta se se chegou a falar coas familias, engadindo que lles sorprendeu a noticia que saíu en prensa.

O sr. Iglesias sinala que a noticia de prensa non ten nada que ver con isto, porque se refería aos traslados de persoal dentro das escolas infantís. Ás familias se lle mandou unha carta e basicamente é a lóxica normal de dirección dunha escola e de xestión de persoal. Hai persoal que se quere mover, outro que ten unhas necesidades de conciliación que implican buscar unha mellora e hai unha organización. Explica o sr. Iglesias que as escolas infantís son un centro de traballo único, o Concello de Teo, con tres escolas e hai que conxugar as pezas para que encaixe o mellor posible e o rendemento das escolas sexa óptimo.

Sinala que evidente a xestión de corenta persoas, que veñen dunha contratación privada, e que hai que artellar todos os mecanismos é complexo, porén en principio a

noticia dos Tilos, parte das tres persoas que se moveron de alí, unha o pediu, a outra se lle preguntou e aceptou e a terceira non puxo ningún problema. Sinala que en todas as escolas, todos os anos, existen cambios de persoal, e así por exemplo nos Tilos hai dúas baixas e a xente que está indo é xente que non coñecen, porque non hai outra forma de cubrir o persoal.

A sra. Vázquez sinala que lles sorprendeu o malestar da familias.

O sr. Iglesias sinala que llo dixeron á Ampa e explicóuselle ás familias, concretamente á familia, porque se trata dunha persoa que fixo chegar a queixa por catros sitios diferentes, engadindo que se está falando todo o posible e se non é suficiente se voltará a falar máis. Explica que ningunha tutora dos Tilos foi movida, moveuse unha tutora que levaba nos Tilos dous meses, porque estivera case un ano de baixa. Volveu a traballar a finais de maio, estivo traballando xuño e xullo, en agosto a gardería dos Tilos pechou. Esa persoa pediu o traslado e entendeuse que non ia a causar gran prexuízo, porque non tiña un vinculación forte cos nenos porque non estivo con eles todo o ano, e o resto das tutoras, que son as que teñen o contacto directos cos nenos, seguen no seu posto de traballo. Sinala o sr. Iglesias que de non ser así se esperaría a acabar o ciclo,

Explica que os nenos/as dos Tilos, en Agosto, estiveron na Ramallosa, onde non estaban as traballadores dos Tilos, senón ás da Ramallosa.

Sinala que os/as nenos/as están afeitos a que haxa diversidade de persoas, que abren a porta e os colle, porén en xeral despois dun mes de vacacións os nenos/as o primeiro día de escolas estrañan, aínda que fora a súa profesora o ano anterior, porque nun mes os/as nenos/as tamén se esquecen de quen as collía.

Sinala o sr. Iglesias que o que lle respondeu é o que está dicindo agora, o que se dicía na prensa, engadindo que tiveron unha reunión coa AMPA e manifestaron que non era tanto por vontade propia senón que tiñan unha queixa desta persoa. Sinala o sr. Iglesias que o que miran, tanto él como o equipo técnico, nos momentos de toma das

decisións é que sexan axeitadas á normativa e que posibiliten que os equipos sigan funcionando, porque tamén a xente cando levan moito tempo traballando xuntos ou non están cómodos é necesario mover, e iso foi o que se fixo.

3.- A sra. Vázquez sinala que hai case un ano, no Pleno de novembro de 2018, solicitara o arranxo da estrada que vai de Xermeade a Olveira e a Vilariño. No seu momento o sr. Xurxo Francos dixo que o asfaltado usado nesa estrada non fora o axeitado e xustamente a choiva deses meses o deteriorou e provocou os baches moito antes do que se tiña previsto. Antes de finalizar o ano se taparon, e antes do verán ditos baches volvían a estar, máis grandes. Sinala a sra. Vázquez que haberá dúas ou tres semanas viu os camións asfaltando aí, porén so asfaltaron o primeiro bache que se ve dende a xeral pero o resto da estrada non. Pregunta a sra. Vázquez porque se asfaltou iso, se o asfaltou alguén que non ten que ver co Concello, se foi o Concello e, de ser así, porque non se asfaltou todo.

A concelleira de urbanismo sinala que se mirará.

4.- A sra. Nariño sinala que a maioría dos/as concelleiros/as estaban no primeiro trimestre de ano lembrarán que se solicitara a Xurxo, logo das actuación que se fixeran no parque de Penelas, as porterías, xa solicitadas no seu día, que como mínimo se anclaran, aínda que o ideal era poñer uns novas, e Xurxo dixo que se ia a facer. A semana anterior ás eleccións do mes de maio, se puxeron os barrotes, porén estase finalizando o mes de outubro os barrotes están postos, non hai rede e as porterías brillaron pola súa ausencia durante todo o verán, que é cando se utilizan. Pregunta a sra. Nariño se se vai a facer algunha actuación e cando vai a ser.

O sr. alcalde di que mirarán se houbo algunha descoordinación coa empresa, porque non ten moita explicación.

5.- A sra. Nariño, con respecto a actuación que se tiña previsto a facer no viario dende Cobas ata Penelas, sinala que os/as veciños/as preguntan para cando vai a ser finalmente.

A sra. Lemus sinala que a actuación podería chegar a ser en decembro.

Pregunta a sra. Nariño que se tiña previsto algo para esa baixada, esa curva perigosa da que tiñan falado, algo que tamén solicitou e segue esperando. Explica a sra. Nariño que dende Cobas sería ideal, no momento en que se faga, abordar o tema da curva moi perigosa antes da primeira casa, á que no seu momento se botou formigón.

O sr. Moñino di que estivo alí co arquitecto e que hai unha pendente tremenda.

A sra. Nariño di que o autobús escolar encallou alí dúas veces.

O sr. Moñino sinala que cree que alí hai unha limitación a 20, engadindo que tecnicamente ten difícil solución.

A sra. Nariño di que se o autobús escolar encallou varias veces, por algo debe ser.

O sr. Moñino reitera que se trata dunha curva perigosa, pero que ten moi difícil solución.

NCELLO DE TEO
Secretaría

6.- A sra. Calvo sinala que quería preguntar por un escrito presentado no rexistro o 1 de outubro, polo Presidente da asociación de taxis de Teo, no que se expón as seguintes peticións: reconfigurar a parada principal de taxis de Montouto, porque é unha parada moi perigosa, situada nunha vía de servizo e na entrada dun vado permanente onde están continuamente entrando vehículos. Tamén sinala que o aparcamento dos taxis se fai moi perigoso por ter que facer manobras para aparcar en vez de entrar dunha soa vez da parada, solicitando unha nova ubicación da parada de taxis de Montouto e pintar o resto das paradas do Concello e darlles máis visibilidade que non teñen. Sinala a sra. Calvo que o escrito está dirixido ao sr. alcalde e pregunta que se vai a facer ao respecto e si xa se falou con eles.

A sra. Otero sinala que, como responsable delegada desa área, xa se lle dou traslado do escrito e xa tiveron unha xuntanza co Presidente da asociación de taxis e con outra compañeira. Sinala que escoitaron esas e outras demandas, e se quedou en repasar as paradas pintadas no chan, non habendo problema a estes efectos. Sinala a sra. Otero que, tal e como se lle comunicou a eles, vanse recolocar as sinais no senso da circulación dos peóns e non de fronte á estrada, porque efectivamente hai nalgunha zona que senón é como se non estivesen sinalizadas, engadindo que ao mellor non se pode facer en todas porque tamén é un obsctáculo na beiravía.

Explica a sra. Otero que, tratándose da parada principal de Montouto, non ven a perigosidade da que falan, porén si que é certo que unha proposta deles é cambiar a parada para o outro sentido de circulación, alegando máis que a seguridade, por unha necesidade dos servizo que normalmente fan, que son de subida, e onde está agora o/a usuario/a está pagando un tramo para poder facer un cambio de sentido que non tería que pagar.

A sra. Calvo pregunta cando se falou con eles.

A sra. Otero di ese mesmo día que presentaron o escrito.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte horas e cincuenta minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

O alcalde

CONCELLO DE TEO Alcaldía

33252651X RAFAEL CARLOS SISTO (R: P1508300I)

Firmado digitalmente por 33252651X RAFAEL CARLOS SISTO (R: P1508300I)
Fecha: 2019.11.26 15:22:59 +01'00'

Rafael C. Sisto Edreira

A secretaria

VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C

Firmado digitalmente por VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C
Fecha: 2019.11.26 15:23:48 +01'00'

Virg[illegible] Fraga Díaz

ANEXO Á ACTA DA SESIÓN PLENARIA DO 30 DE OUTUBRO DE 2019

IV PLAN DE IGUALDADE E DA PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO

IV Plan Igualdade

e da prevención da violencia de xénero

CONCELLO DE TEO

(2019-2023)



GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE LA PRESIDENCIA, RELACIONES CON LAS CORTES E IGUALDAD
Pacto de Estado contra la violencia de género
CONCELLO DE TEO
Igualdade
CIM Teo

Edita:

Concello de Teo
Concellería de Igualdade
Centro de Información ás Mulleres
Ramallosa, 38
15883 Teo - A Coruña

Índice

1. INTRODUCIÓN 4

2. O CONTEXTO 5

3. DIAGNOSE DA SITUACIÓN EN MATERIA DE IGUALDADE DEMULLERES
E HOMES 8

4. METODOLOXÍA 8

5. ÁREAS DE ACTUACIÓN
11
5.1.Área 1: Transversalidade de xénero na administración local 13
5.2.Área 2: Prevención da violencia de xénero 19
5.3.Área 3: Educación e cultura 19
5.4.Área4: Deporte e mocidade 26
5.5.Área 5: Asociacionismo e participación social 32
5.6.Área 6: Formación e emprego 36
5.7.Área 7: Benestar social e conciliación 41

6. AVALIACIÓN
52

7. ANEXOS 53
Anexo 1: Ficha de avaliación 53
Anexo 2: Marco normativo 85
Anexo 3: Glosario de termos 88

1. Introdución

As administracións públicas deben ser un motor fundamental para garantir a igualdade de oportunidades de homes e mulleres, co fin de mellorar o nivel e a calidade de vida das persoas e avanzar cara a unha sociedade máis democrática e xusta.

A tarefa de traballar pola Igualdade efectiva das Mulleres e Homes ten que ser un obxectivo prioritario dentro de calquera entidade, co obxecto de responder no campo da igualdade os desafíos económicos, políticos e sociais da sociedade galega de principios do século XXI; e especialmente cando se trate dunha entidade pública.

O *IV Plan de igualdade e da prevención da violencia de xénero do concello deTeo(2019-2023)* terá que contribuír a mellorar a situación das mulleres a través de accións concretas dirixidas fundamentalmente a eliminación das desigualdades.

Este IV Plan vai permitir durante os próximos cinco anos desenvolver políticas de acción positiva en todos os ámbitos co fin de alcanzar a igualdade efectiva entre as mulleres e os homes no concello de Teo.

Este plan pretende ser un documento de traballo concibido e feito á medida das necesidades de mulleres e homes do municipio e que xa está a trazar o camiño dunha política municipal concibida desde a perspectiva de xénero.

O seu obxectivo primordial e traballar na implementación dunha estratexia de mainstreaming de xénero co fin de que a igualdade de oportunidades sexa realidade en todas as políticas e accións realizadas a nivel municipal.

Dito plan foi deseñado a partir da información específica recollida a través do diagnose realizado no municipio sobre a situación de mulleres e homes, información que se tomou como referencia para formular os obxectivos e accións a desenvolver en sete áreas de actuación.

A través do desenvolvemento das distintas accións e a implicación dos diferentes axentes sociais, se logrará avanzar na igualdade real e cambiar as actitudes sociais avanzando deste xeito cara a unha sociedade máis xusta e igualitaria.

2. O Contexto

O concello de Teo ten unha superficie de 79,3 Km² e unha poboación de 18.525 habitantes, das cales 9.410 son mulleres (50,8%) e 9.115 son homes (49,2%) e, o que supón un equilibrio poboacional entre ambos sexos (datos do Instituto Nacional de Estatística do 1 de Xaneiro de 2018 (gráfica 1). A súa densidade de poboación é de 233,01 hab./km².

Gráfica 1: Distribución da poboación de Teo segundo xénero (2018)



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE e INE (2018)

O concello está formado por trece parroquias: Bamonde, Cacheiras, Calo, Lampai, Lucí, Luou, Os Tilos, Oza, Rarís, Recesende, Reis, Teo e Vilariño; destacando polo número de habitantes Cacheiras con 3.433, Calo con 3.941 e os Tilos con 2.723, entre os tres constitúen o 65 % da poboación total do concello, (gráfica 2), habitantes que son nunha pequena maioría do sexo feminino.

Gráfica 2: Poboación de Teo desagregada por parroquias e sexo (2001)



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE (2001)

A distribución da poboación por grupos de idade (gráfica 3) revela que na base da pirámide, onde está a xuventude (0 a 15 anos) o número de homes é maior que de mulleres, mentres que no grupo de persoas adultas (15 a 65 anos) e de persoas maiores (máis de 65 anos) son as mulleres as que superan o número de homes, debido a súa elevada esperanza de vida.

Gráfica 3: Pirámide de poboación do concello de Teo (2018)



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE (2018)

3.Diagnose da situación en materia de igualdade de mulleres e homes

A continuación, preséntase a diagnose da situación en materia de igualdade o Concello de Teo, co fin de detectar as necesidades e realidades da cidadanía e así poder definir as actuacións a contemplar no deseño do Plan de Igualdade para o período 2019-2023.

Para a realización da diagnose, recolleuse en primeiro lugar, información sobre os datos estatísticos dispoñibles da realidade social do concello a través da consulta de diferentes fontes secundarias.

Para completar dita información, elaborouse unha enquisa dirixida as persoas responsables dos departamentos das distintas concellerías e aos axentes implicados no desenvolvemento do Plan, para avaliar o estado inicial da igualdade en cada un dos departamentos e para coñecer as necesidades e problemas detectados en materia de igualdade no ámbito das súas competencias.

A enquisa consta dunha serie de preguntas referidas aos seguintes aspectos:coñecementos acerca da igualdade, actuacións en materia de igualdade desenvolvidas no departamento ou entidade, recursos dispoñibles e formación en igualdade persoal.

Ao mesmo tempo, solicitóuselles información desagregada por sexo das actuacións realizadas por cada departamento, da situación das mulleres e homes de Teo no ámbito das súas competencias e propostas de actuacións que consideraban que eran prioritarias incluír no novo Plan.

1. EDUCACIÓN.

O Concello de Teo conta cun total de 10 centros educativos que cobren as súas necesidades educativas; 5 de titularidade pública e outros tantos de titularidade privada. A oferta educativa vai dende Ensinanza Infantil e Primaria, Ensinanzas de Música, Ciclos Formativos e Idiomas Estranxeiros.

Polo que respecta ao número de alumnos matriculados en centros públicos nos niveis de Educación Infantil, Primaria e Secundaria Obrigatoria no ano 2018, gráfica 1, o número de mulleres matriculadas en Educación Infantil é do 53,3% fronte ao 46,6% dos homes; en Educación Primaria son os homes cun 50, 2% os que superan ao número de mulleres (49,8%) e no nivel de Ensinanza Secundaria Obrigatoria o 52,6% dos matriculados son homes e o 47,4% mulleres.

Gráfica 1: Alumnado matriculado en centros públicos segundo o sexo en Infantil, Primaria e Secundaria Obrigatoria (2018)



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE (2018)

En canto ao profesorado dos centros de titularidade pública, gráfica 2, a presenza das mulleres é do 72%, mentres que a dos homes é do 28%.

Gráfica 2: Profesorado en centros de titularidade pública segundo o sexo (2018)



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE (2018)

No que respecta as actuacións en materia de igualdade dirixidas ao alumnado de diferentes etapas educativas, organizáronse durante o ano 2018 diferentes actividades organizadas polo CIM.

Tal e como se pode observar na seguinte táboa, celebráronse obradoiros tanto de autoestima como de igualdade dirixido a alumnado dos últimos cursos de educación primaria e de 1º curso de Educación Secundaria, no que participaron un elevado número de alumnado.

Táboa 1: nºpersoas participantes nas actividades dirixidas ao alumnado organizadas polo Centro de Información ás Mulleres (2018)

Actividades	Mulleres	Homes	Total
Obradoiro de autoestima para alumnado de 5º de primaria	75	77	152
Obradoiro de igualdade para alumnado de 4º de primaria	70	75	145
Obradoiro de igualdade para alumnado de 1º da ESO	70	65	135

Fonte: Elaboración propia a partir de datos achegados polo Concello

2. MERCADO LABORAL E PARTICIPACIÓN ECONÓMICA.

Dende o 1 de Xaneiro do 2018 ata o 30 de Abril de 2019 o número de contratos rexistrados no concello de Teo é de 9.768, dos cales 5.350 fixéronse a homes (55%) e 4.418 a mulleres (45%).

Gráfica 3: Contratos rexistrados no concello dende Xaneiro 2018 ata Abril 2019



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE (2019)

Si analizamos os contratos rexistrados segundo sexo e nivel de estudos, as maiores diferenzas atopámolas nos niveis inferiores onde a presenza homes é moi superior a de mulleres; dos contratos realizados a persoas analfabetas o 59% son de homes e o 41% de mulleres; con estudos primarios a porcentaxe de homes é do 63,4% mentres que a de mulleres é do 36,6%; con estudos secundarios son os homes cun 52,8% os que superan ao número de mulleres 47,2%. No nivel de estudos superiores se aprecia unha presenza equilibrada entre ambos sexos, un 49,8% de mulleres e 50,2% de homes.

Gráfica 4: Contratos rexistrados segundo sexo e nivel de estudos dende Xaneiro 2018 ata Abril 2019



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE (2019)

Tendo en conta a temporalidade dos contratos, dos 9.768 rexistrados 513 son indefinidos (5,55%) e 9.225 temporais (94,44%).

Gráfica 5: Contratos rexistrados segundo duración dende Xaneiro 2018 ata Abril 2019



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE (2019)

Se desagregamos estes datos por razón de sexo observase como o 57,11% dos contratados indefinidos son homes fronte ao 42,8% que son mulleres; nos contratos temporais os homes acadan o 54,64% e as mulleres o 45,33%.

Gráfica 6: Contratos rexistrados segundo xénero e duración do contrato dende Xaneiro 2018 ata Abril 2019



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE (2019)

Con respecto aos contratos realizados segundo o sector de actividade económica as maiores diferencias entre homes e mulleres atópanse no sector da Construción, onde os homes acaparan o 96,45% dos contratos e as mulleres só un 3,55%; a continuación aparece o sector da Industria cun 80,7% de contratados homes e só un 19,3% de mulleres seguido moi de cerca pola Agricultura e Pesca 79,57% de homes e 20,43% de mulleres. No sector Servizos o número de contratos de homes e mulleres están equiparados cun 50,97% e 49,03% respectivamente.

Gráfica 7: Contratos iniciais segundo xénero e sector de actividade económica dende Xaneiro 2018 ata Abril 2019



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE (2019)

Dentro das actuacións levadas a cabo polo departamento de emprego do concello de Teo no ano 2018, o número de mulleres participantes nos diferentes programas é inferior ao de homes, excepto no Obradoiro de Emprego Reforesta, onde participaron 6 mulleres e 5 homes.

Gráfica 8: Nº de persoas participantes nos distintos programas, cursos e actividades organizadas polo departamento por sexo



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do departamento de emprego do concello (2019)

Tal e como se pode observar na gráfica 15, no ano 2018 creáronse no concello un total de 11 empresas (autónomos) das cales 6 foron creadas por mulleres (54,5%) e 5 por homes (45,5%).

Gráfica 9Nº de empresas creadas no ano 2018 segundo sexo



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do departamento de emprego do concello (2019)

A gráfica 16 reflicte datos do paro rexistrado segundo sexo e nivel de estudos rematados, dende o 1 de Xaneiro do 2018 ata o 30 de Abril do 2019. A porcentaxe de mulleres analfabetas en situación de desemprego é do 83,45% fronte ao 16,55% de homes. Con Estudos Primarios Incompletos o número de parados homes é do 57,27% e o de mulleres é do 42,73%. Os homes con Estudos Primarios completos en desemprego superan ás mulleres cun 54,87% e 45,13% respectivamente. Pola contra, o número de parados con Estudos Secundarios é maior nas mulleres (52,83%) que nos homes (47,17%). No grupo de persoas con Estudos Postsecundarios son as mulleres cun 66,66% as que superan aos homes (3,33%) desempregados.

Gráfica 10 Paro rexistrado segundo sexo e nivel de estudos rematados dende Xaneiro 2018 ata Abril 2019



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE (2019)

Tendo en conta número de persoas desempregadas por sector de actividade, os datos amosan que a porcentaxe de mulleres desempregadas no sector servizos (62,71%) é moito máis elevada que a dos homes (37,29%) ; sen un emprego anterior tamén son as mulleres as que cun 72,5% superan aos homes (27,5 %). Chama a atención o sector da Construción onde os homes desempregados supoñen un 87,83% e as mulleres o 12,17%. Igualmente ocorre no sector de Agricultura e Pesca onde o 75,97% de desempregados son homes e o 24,03% son mulleres, isto pode deberse a que na actualidade tanto a construción como a agricultura e a pesca son sectores moi masculinizados. Por último no sector da Industria é onde ambos sexos están equiparados, 53,06% de homes desempregados e 46,94% mulleres desempregadas.

Gráfica 11: Paro rexistrado segundo xénero e sector de actividade dende Xaneiro 2018 ata Abril 2019



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE (2019)

3. PARTICIPACIÓN SOCIAL E POLITICA.

A corporación política de Teo está composta por 17 concelleiros/as, duplicando o número de 11 concelleiros (64,7%) ao de 6 concelleiras (35,3%) o que supón unha marcada diferencia na participación política entre un e outro sexo.

Gráfica 12: Distribución segundo xénero da Corporación Municipal (2019)



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Concello

En canto á distribución por áreas de goberno hai unha presenza maioritaria de homes. Así, 5 das 8 concellerías, (62,5%), están encabezadas por homes e 3 (37,5%) por mulleres.

Gráfica 13: Distribución segundo xénero e áreas de goberno (2018)



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Concello

4. BENESTAR SOCIAL

Tal e como se pode apreciar na gráfica 14 o número de homes pensionistas no concello de Teo no ano 2017 é de 1.754 e o número de mulleres é de 1.614. Asemade tamén se pode observar como ademais da diferencia en canto ao número tamén atópanse diferenzas na contía das pensións, mentres a media das pensións dos homes é de 1.111,63 euros, a das mulleres é de 823,7 euros.

Gráfica 14: Número de pensionistas e importe medio da pensións segundo o sexo (2017)



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE (2019)

En canto ao número de beneficiarios de pensións non contributivas da Seguridade Social, o 79,1% das mulleres son beneficiarias de pensións de xubilación fronte ao 20,9% de homes. Con pensións de invalidez son tamén as mulleres (56,58%) as que superan en porcentaxe ao número de homes (43,42%).

Gráfica 15: Número de persoas beneficiarios de pensións non contributivas da Seguridade Social segundo sexo e tipo de pensión (2017)



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE (2019)

Tal e como pode observarse na gráfica 20, o 72% das persoas beneficiarias da Renda de Integración Social (RISGA) no ano 2017 foron mulleres, e o 28% homes.

Gráfica 16: Persoas beneficiarias da Renda de Integración Social de Galicia (RISGA) segundo sexo (2017)



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE (2019)

Polo que respecta ao número de persoas con algún tipo de discapacidade e segundo o sexo, observase que o número de mulleres é superior ao dos homes, 731 mulleres e 674 homes no 2017, e 717 mulleres e 637 homes no 2018.

Gráfica 17: Persoas con algún tipo de discapacidade segundo sexo (2017-2018)



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE (2019)

No que respecta ao servizos de atención ás mulleres, segundo os datos dispoñibles, no CIM o número de persoas atendidas ascendeu a un total de 122, das que 110 son mulleres e 12 homes.

Táboa 2: nº persoas atendidas no CIM (2018)

	Mulleres	Homes
122	110	12

Fonte: Elaboración propia a partir de datos achegados polo CIM

O perfil tipo das persoas que reciben asesoramento xurídico e de mulleres entre 25-53.

Táboa 3: Nº de persoas atendidas no servizo de asesoramento xurídico do Centro de Información ás Mulleres.

Mulleres	Homes	Total
45	10	55

Fonte: Elaboración propia a partir de datos achegados polo CIM

As persoas que acoden ao centro de información ás mulleres para recibir asesoramento xurídico solicitan principalmente información sobre dereitos de familia, xustiza gratuíta, asuntos de familia...

Táboa 4: nº consultas xurídicas por sexo e tipo de consulta xurídica (2018)

Tipo de consulta	Mulleres	Homes	Total
Dereito de familia	24	3	27
Dereito laboral	2	0	2
Dereito civil xeral	16	4	20

Seguridade social	5	4	9
Dereito administrativo	1	1	2
Dereito penal	0	1	1
Xustiza de balde	19	1	20
Total	66	14	81

Fonte: elaboración propia a partir de datos achegados polo CIM

No que respecta ao asesoramento psicolóxico recibido no CIM o número de persoas atendidas ascendeu a un total de 68, das que 66 son mulleres e 2 homes.

Táboa 5: Nº de persoas atendidas no servizo de asesoramento psicolóxico do Centro de Información ás Mulleres.

Mulleres	Homes	Total
66	2	68

Fonte: Elaboración propia a partir de datos achegados polo CIM

O perfil tipo das persoas que reciben asesoramento psicolóxico tamén é o de mulleres de diferentes franxas de idade, maioritariamente entre 25 e 53.

Táboa 6: Táboa: Nº de persoas atendidas por sexo e tipo de consulta psicolóxica

Tipo de consulta	Muller	Home	Total
Atención prestada	62	2	64
Demanda exposta pola usuaria	1		1
Situación emocional detectada			
Outros	3		3
Total	66	2	68

Fonte: Elaboración propia a partir de datos achegados polo CIM

No ano último ano tiveron orde de protección un total de 4 mulleres.

Táboa 7: nº de mulleres con orde de protección (2018)

Tipo de medida	Nº de Mulleres
Orde de protección	4

Fonte: elaboración propia a partir de datos achegados polo CIM

En canto o número de mulleres beneficiarias de prestación económica tan só dúas foron beneficiarias das axudas de pagamento único.

Táboa 8: nº de mulleres beneficiarias de prestación económica (2018)

Tipo de prestación	Nº de Mulleres
Axudas de pagamento único	2
Axudas de pagamento periódico	-
Axudas vivendas de aluguer	-

Fonte: elaboración propia a partir de datos achegados polo CIM

O concello conta con catro centros de saúde atendidos por persoal sanitario e administrativo. A gráfica 18, amósanos como se distribúe o persoal nos distintos centros en función do sexo. No centro de saúde de Folgueiras – Calo son 6 mulleres e 1 home; en Cacheiras 7 mulleres e 3

homes; no centro de saúde dos Tilos 6 mulleres e 1 home e en Pontevea están equiparados, 1 home e 1 muller.

Gráfica 18: Distribución do persoal sanitario e administrativo dos centros de saúde segundo xénero (2018)



Fonte: Elaboración propia a partir de datos da Consellería de Sanidade (2018)

En materia de saúde, organizouse desde o Centro de Información ás Mulleres, charlas sobre esta temática que afectan especificamente ás mulleres tales como unha Charla sobre a Endometriose, así como un curso de autoestima e autodefensa

Táboa 9: nº persoas participantes nas actividades organizadas polo Centro de Información ás Mulleres (2018)

Actividades	Mulleres	Homes	Total
Curso de autoestima a través do teatro	4	-	4
Curso de autodefensa para mulleres	17	-	17
Charla sobre a endometriose	9	1	10
Total		1	35

Fonte: elaboración propia a partir de datos achegados polo CIM

5. CULTURA E DEPORTES.

Existen no concello de Teo dúas bibliotecas públicas: BPM do Grilo en Cacheiras e a BPM do Tilos. O número de persoas socias segundo o sexo é de 831 mulleres (75,61%) e 268 homes (24,39%).

Gráfica 19:Número de persoas socias da biblioteca segundo sexo (2019)



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Concello

Os fondos adquiridos sobre temática de xénero nos últimos catro anos foi de un total de 60 exemplares.

En canto a participación de mulleres e homes nas actividades deportivas organizadas polo Concello, deportes, na táboa 3, aparecen recollidas as actividades deportivas segundo sexo, organizadas polo correspondente departamento. Chama a atención que tanto na actividade de Escolas Deportivas Municipais como nas actividades para persoas adultas o número de mulleres é moi superior ao dos homes, pola contra, na Liga de Fútbol Sala do total de 250 persoas participantes 249 son homes e só 1 muller.

Táboa 10: Actividades deportivas segundo sexo 2018-2019

Actividades	Idades	Mulleres	Homes	Total
Escolas deportivas municipais	De 3 a 18 anos	432	192	624

Actividades para persoas adultas	Máis de 18 anos	213	32	245
Liga de fútbol sala	Máis de 18 anos	1	249	250

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Departamento de Bibliotecas do concello (2019)

Polo que se refire ao número de imaxes masculinas ou femininas utilizadas en carteis, no cartel da carreira pedestre 2019 utilizáronse 2 imaxes masculinas e 1 feminina.

A táboa nº 4, fai referencia as persoas usuarias dos centros de cultura, como se pode observar non aparecen datos cuantitativos, pero si se fai constancia de que é maior o número de mulleres ca de homes nas actuacións teatrais e musicais; nos Obradoiros Culturais son metade e metade.

En canto ás persoas que compoñen o xurado do Certame de postais de Nadal desagregadas por sexo, (táboa nº 11), son 3 mulleres e 1 home.

Táboa 11: Nº de persoas que compoñen o xurado dos certames ou premios convocados polo concello por sexo

Nome do certamen ou premio	Mulleres	Homes	Total
Certame de postais de Nadal	3	1	4

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Departamento

Outras actividades relacionadas coa cultura e dirixidas a visibilizar a igualdade, foron as realizadas polo Centro de Información ás Mulleres, que contaron coa participación dun número elevado de mulleres.

Táboa 12: nº persoas participantes nas actividades organizadas polo Centro de Información ás Mulleres (2018)

Actividades	Mulleres	Homes	Total
Excursión 8 de marzo	17	-	17
Faladorio "Andar cos tempos"	6	1	7
Imaxes da memoria represaliada e resistente	11	4	15
Obradoiro "Os roles de xénero no baile tradicional"	9	-	9
Performance sobre o amor romántico	54	7	61
Total		12	109

Fonte: Elaboración propia a partir de datos achegados polo CIM

6. POLÍTICA DE IGUALDADE MUNICIPAL

Practicamente a maioría das persoas enquisadas (91%), ten coñecemento do que é un Plan de Igualdade.

Gráfica 20: Sabe o que é un Plan de Igualdade?



Fonte: Elaboración propia a partir de datos da enquisa

Tal e como se pode observar na gráfica 24, o 63,6% das persoas enquisadas, teñen en conta na programación das actuacións do departamento as necesidades de mulleres e home fronte a un 27,3% que afirma o contrario e o 9,1% que non sabe ou non contesta.

Gráfica 21: Na programación das actuacións do seu departamento/entidade téñense en conta as necesidades de mulleres e homes?



Fonte: Elaboración propia a partir de datos da enquisa

Segundo o 54,5% das persoas enquisadas, desde os departamentos do Concello se levan a cabo accións específicas dirixidas a fomentar á igualdade, o 36,4% di que non e o 9,1% non sabe ou non contesta. Tan só 4 das 11 persoas enquisadas mencionan as accións específicas desenvoltas.

Gráfica 22: Lévanse a cabo accións específicas dirixidas a fomentar á igualdade?



Fonte: Elaboración propia a partir de datos da enquisa

Á pregunta de si se avalía o impacto das actuacións levadas a cabo, algo máis da metade das persoas enquisadas, o 54,5%, afirma que non, o 9,1% opina que si se avalía, o 27,3% non sabe ou non contesta e o 9,1% restante menciona que se avalía as veces.

Gráfica 23: Avalíase o impacto das actuacións levadas a cabo na redución das desigualdades entre mulleres e homes?



Fonte: Elaboración propia a partir de datos da enquisa

Segundo o 54,5% dos enquisados/as non se realizan reunións de coordinación co departamento responsable de igualdade para programar actuacións dirixidas a fomentar a igualdade fronte ao 27,3% que opina o contrario. O 9,1% afirma que este tipo de reunión se fan ás veces e o 9,1% non sabe ou non contesta.

Gráfica 24: Realízanse reunións de coordinación co departamento responsable de igualdade para programar actuacións dirixidas a fomentar a igualdade?



Fonte: Elaboración propia a partir de datos da enquisa

O uso da linguaxe non sexista na documentación elaborada polos diferentes departamentos é unha realidade segundo a opinión do 90,9% das persoas enquisadas. O 9,1% contesta que non.

Gráfica 25: Na documentación elaborada polo seu departamento emprégase unha linguaxe non sexista?



Fonte: Elaboración propia a partir de datos da enquisa.

En canto a si se conta con orzamento específico para traballar accións relativas á igualdade o 90,9% das persoas enquisadas contesta que non. O 9,1% non sabe ou non contesta.

Gráfica 26: Conta o seu departamento con orzamento específico para traballar accións relativas á igualdade?



Fonte: Elaboración propia a partir de datos da enquisa.

O 63,6% das persoas enquisadas, afirma que no departamento non se conta con persoal con formación e/ou experiencia en igualdade. O 27,3% opina que si e o 9,1% non sabe ou non contesta.

Gráfica 27:O seu departamento conta con persoal con formación e/ou experiencia en igualdade?



Fonte: Elaboración propia a partir de datos da enquisa

Segundo o 72,7% das persoas enquisadas nos departamentos non se recolle información desagregada por sexo, fronte a un 18,2% que opina o contrario. Un 9,1% non sabe ou non contesta.

Gráfica 28: Recóllese información desagregada por sexo?



Fonte: Elaboración propia a partir de datos da enquisa

O 54,5% das persoas enquisadas non ten formación en materia de igualdade de oportunidades. O 27,3% está formado e, un 9,1% ten escasa formación ao respecto. O 9,1% non sabe ou non contesta.

Gráfica 29: Ten formación en materia de igualdade de oportunidades



Fonte: Elaboración propia a partir de datos da enquisa

O 90,9% das persoas enquisadas cree que o traballo a prol da igualdade é fundamental, mentres que o 9,1% considera que non é necesario.

Gráfica 30: Cree que o traballo a prol da igualdade é necesario para o desenvolvemento do seu departamento ou da súa entidade.



Fonte: Elaboración propia a partir de datos da enquisa

En xeral, as persoas enquisadas non amosan a existencia de problemáticas concretas nas áreas nas que traballan.

En canto as oportunidades e as dificultades á hora de introducir a igualdade de oportunidades nas actuacións, as persoas enquisadas sinalan entre as primeiras o predominio de persoal feminino no cadro de persoal do concello e a eliminación de diferencias e a procura de igualdade de oportunidades nos distintos ámbitos municipais. Pola súa parte, a maioría considera que non se atopan con dificultades á hora de introducir a igualdade de oportunidades a nivel municipal.

Por último, como propostas de mellora, aínda que en algún dos departamentos non o consideran necesario e outros non contestan, aparecen as seguintes:

- Adaptar vestiarios para ámbolos dous sexos
- Concienciación de toda a comunidade educativa e traballar desde idades temperás.
- Escasa presencia de asociacións feministas no Concello que traballen a prol da defensa dos intereses e dereitos das mulleres.
- Ausencia de actuacións de dinamización da igualdade, específicas para as mulleres que viven no rural.
- Falta de coordinación entre os diferentes axentes da comunidade que realizan actuacións na área de igualdade.

PRINCIPAIS CONCLUSIÓNS DA DIAGNOSE

A continuación preséntanse as conclusións máis relevantes da diagnose.

- Maior esperanza de vida das mulleres do Concello.
- Escasa representación de mulleres na Corporación Municipal e nas distintas áreas de goberno.
- Elevada porcentaxe de mulleres sen formación en situación de desemprego e en situación de precariedade laboral con contratos a tempo parcial.
- Existencia dunha clara segregación ocupacional en función do sexo, segregación que sitúa ás mulleres en ocupacións moi determinadas e en sectores de maior taxa de desemprego.
- Menor participación de mulleres nos Obradoiros de Emprego organizados polo Concello.
- Maior número de mulleres beneficiarias de pensións non contributivas e de integración social.
- Escasa actividade empresarial feminina.
- Incremento do número de mulleres que fan uso do Centro de Información ás mulleres para solicitar asesoramento psicolóxico e xurídico así como dos servizos sociais.
- Elevada participación feminina nas actividades organizadas polo Centro de Información ás mulleres así como nas actividades culturais e deportivas organizadas polo Concello, a excepción de deportes claramente masculinizados onde a participación dos homes e maior.
- Falta de datos desagregados por sexo nas estatísticas municipais e nas actividades realizadas polos departamentos municipais.
- Ausencia de avaliación do impacto das actuacións levadas a cabo para a redución das desigualdade entre mulleres e homes.
- Falta de coordinación entre os diferentes departamentos municipais para programar actuacións dirixidas a fomentar a igualdade.
- Escasa formación e experiencia en igualdade do persoal técnico do Concello.
- Inexistencia de dotación orzamentaria específica para levar a cabo accións dirixidas a fomentar a igualdade.
- Escasa presencia de asociacións feministas no Concello que traballen a prol da defensa dos intereses e dereitos das mulleres.
- Ausencia de actuacións de dinamización da igualdade, específicas para as mulleres que viven no rural.

- Falta de coordinación entre os diferentes axentes da comunidade que realizan actuacións na área de igualdade.

4. Metodoloxía

A elaboración do IV Plan de igualdade de oportunidades levouse a cabo a través de varias fases, nas que se contou coa colaboración do persoal das diferentes áreas municipais.

FASES DE ELABORACIÓN DO PLAN

Figura 1: Fases do Plan



1º Fase: PREPARATORIA

Nesta primeira fase leváronse a cabo reunións co persoal do Centro de Información ás Mulleres do Concello de Teo, nas que se acordou a metodoloxía de traballo a seguir no proceso de elaboración do Plan.

2º Fase: DIAGNOSE

Para a realización da diagnose da igualdade no municipio, levouse a cabo en primeiro lugar unha análise de fontes documentais de información, isto é, da normativa internacional, europea, estatal e autonómica (ver anexo 2) e de datos estatísticos aportados polo Centro de Información ás Mulleres e polas diferentes Concellarías

Posteriormente, pasouse unha enquisa ao persoal do Concello e axentes intervintes no desenvolvemento do Plan, para avaliar o estado inicial da igualdade en cada un dos departamentos e coñecer as necesidades e problemas detectados en materia de igualdade no ámbito das súas competencias.

A enquisa empregada constaba dunha serie de preguntas referidas aos seguintes aspectos: coñecementos acerca da igualdade,actuacións en materia de igualdade desenvolvidas no departamento ou entidade e recursos dispoñibles.

Ao mesmo tempo, solicitóuselles a cada departamento, información desagregada por sexo das actuacións realizadas en materia de igualdade así como propostas de actuacións que consideraban que eran prioritarias incluír no novo Plan con base as carencias e desigualdades detectadas.

A partir da información recompilada, procedeuse a elaboración dun informe diagnóstico da situación da igualdade no concello que serviu de referencia para a delimitación das áreas de traballo en materia de igualdade e as propostas de actuación a desenvolver para os próximos anos.

3ª Fase: DIVULGACIÓN E PARTICIPACIÓN

A partir da información recollida na primeira fase de diagnoseestablecéronse as áreas que se consideran de prioritaria intervención así como os obxectivos e as actuacións de cada área. Para

a elaboración das actuacións correspondentes tivéronse en conta as achegas dadas pola cidadanía durante a exposición pública do Plan.

4ª Fase: REDACCIÓN DO PLAN

Finalmente realizouse o primeiro borrador do IV Plan de igualdade que se presentou publicamente a cidadanía para a súa valoración e achegas durante o mes de xuño de 2019 na páxina web do Concello.

Este Plan de Igualdade está integrado por sete áreas de actuación que se enmarcarán no contexto das distintas medidas existentes en materia de igualdade que establecen o camiño a seguir dentro do noso contexto que son, osProgramas de Acción Comunitaria para a Igualdade de Oportunidades, o Plan Estratéxico de Igualdade de Oportunidades (2014-2016)[1]e o VII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes (2017-2020)[2].

No obstante neste Plan estableceuse como prioritaria a inclusión dun área de actuación específica relativa a medidas de prevención da violencia de xénero para dar cumprimento as medidas do Pacto de Estado[3] en materia de violencia de xénero.

Unha vez rematado todo o proceso, procedeuse á redacción definitiva do IV Plan de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes do Concello de Teo (2019-2023).

[1]Plan Estratéxico de Igualdade de Oportunidades (2014-2016)
http://www.inmujer.gob.es/actualidad/PEIO/docs/PEIO2014-2016.pdf
[2]VII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes (2017-2020)http://igualdade.xunta.gal/sites/default/files/files/documentos/vii_planigualdade_20170403_galego_1.pdf
[3] Este Plan está financiado a cargo aos créditos recibidos do Ministerio da Presidencia, Relacións coas Cortes e Igualdade (Secretaría do estado de Igualdade).

5. Áreas de actuación

O IV Plan, esta configurado por un total de sete áreas nas que se enmarcan as actuacións a levar a cabo.

Figura 2: Áreas de intervención do Plan de Igualdade.



Para cada unha das áreas de actuación, se delimitan os obxectivos, as distintas actuacións, os departamentos responsables das distintas accións e os indicadores de avaliación para medir o grao de cumprimento das actuacións comprometidas no plan.

Arredor das sete áreas de intervenciónagrúpanse os obxectivos xerais do Plan, que son os seguintes:

- Incorporar a perspectiva de xénero en todas as actividades que se programen por parte dos distintos departamentos municipais do Concello.
- Loita contra a violencia de xénero a través da prevención, sensibilización e asistencia e apoio na atención das vítimas.
- Promover valores educativos e hábitos culturais igualitarios na cidadanía.
- Incorporar a perspectiva de xénero no deseño, selección e programación de actividades deportivas e dirixidas a mocidade.

- Mellorar a tecido asociativo e a presencia e participación das mulleres en todos os ámbitos da vida cidadán de Teo.
- Favorecer e mellorara o acceso ao emprego e o emprendemento das mulleres, incidindo na súa formación.
- Promover actuacións que melloren a calidade de vida das mulleres e que favorezan a corresponsabilidade e a conciliación da vida laboral e familiar.

5.1.ÁREA 1

TRANSVERSALIDADE DE XÉNERO NA ADMINISTRACIÓN LOCAL

Obxectivo da área

Incorporar a perspectiva de xénero en todas as actividades que se programen por parte dos distintos departamentos municipais do Concello.

Figura 3:Áreas de intervención do Plan de Igualdade. Transversalidade de xénero na administración local.



Obxectivo específico 1. Promover a sensibilización e formación do persoal do Concello en materia de igualdade.

Actuación 1

Realización dunha campaña de difusión do IV Plan de Igualdade do Concello de Teo a toda a cidadanía.

Departamento (s) ou axente (s) responsables

- Concellería de Igualdade
- Todas as concellerías e departamentos.

Temporalidade

- 2019 e 2020

Indicadores de seguimento e avaliación

- Número de campañas realizadas
- Número de reunións, contactos ou presentacións realizadas
- Número e tipo de canles de difusión

Actuación 2

Formar ao persoal técnico e político na perspectiva de xénero para garantir a consecución da igualdade.

Departamento (s) ou axente (s) responsables

- Concellería de Igualdade
- Todas as concellerías e departamentos.

Temporalidade

- 2019, 2020, 2021, 2022 e 2023

Indicadores de seguimento e avaliación

- Número e tipo de actividade formativa
- Número de persoas participantes
- Grao de satisfacción das persoas participantes

Obxectivo específico 2. Fomentar o uso de linguaxe e imaxes non sexistas en todas as comunicacións municipais e de datos desagregados por sexo.

Actuación 3

Velar por que a linguaxe e imaxe empregada en toda a cartelería, documentación, publicidade, proxectos, ofertas de emprego público… non conteña elementos discriminatorios e sexistas.

Departamento (s) ou axente (s) responsables

- Concellería de Igualdade
- Todas as concellerías e departamentos.

Temporalidade

- 2019, 2020, 2021, 2022 e 2023

Indicadores de seguimento e avaliación

- Número e tipo de documentos
- Número de departamento(s) ou axente(s) implicados

Actuación 4

Introducir como norma habitual a desagregación de datos por sexo en todas as estatísticas municipais, informes, memorias, actividades… nas que participe a cidadanía.

Departamento (s) ou axente (s) responsables

- Concellería de Igualdade
- Todas as concellerías e departamentos.

Temporalidade

- 2019, 2020, 2021, 2022 e 2023

Indicadores de seguimento e avaliación

- Número e tipo de documentos
- Número de departamento(s) ou axente(s) implicados

Obxectivo específico 3. Promover unha maior participación e implicación do persoal na posta en marcha de actuacións en materia de igualdade.

Actuación 5

Adoptar as medidas necesarias para mellorar a organización coordinada de actuacións en materia de igualdade entre os diferentes departamentos municipais.

Departamento (s) ou axente (s) responsables

- Concellería de Igualdade
- Todas as concellerías e departamentos.

Temporalidade

- 2019, 2020, 2021, 2022 e 2023

Indicadores de seguimento e avaliación

- Número e tipos de documentos.
- Número de departamento(s) ou axente(s) implicados

Actuación 6

Creación dunha Comisión Técnica Interdepartamental na que estean integradas todas as concellerías e departamentos implicadas no desenvolvemento do Plan.

Departamento (s) ou axente (s) responsables

- Concellería de Igualdade
- Todas as concellerías e departamentos.

Temporalidade

- 2019 e 2020

Indicadores de seguimento e avaliación

- Creación da Comisión Técnica Interdepartamental
- Número de entidades participantes
- Número de mulleres e homes participantes
- Número e tipo de acordos establecidos
- Número de contactos establecidos

Obxectivo específico4: Incorporar criterios de igualdade nas convocatorias de contratación do Concello.

Actuación 7

Favorecer que se incorpore como criterio o principio de igualdade nos procedementos de contratación e nas bases Reguladora de Subvencións promovidas polo Concello.

Departamento (s) ou axente (s) responsables

- Concellería de Igualdade
- Todas as concellerías e departamentos.

Temporalidade

- 2019, 2020, 2021, 2022 e 2023

Indicadores de seguimento e avaliación

- Número de procesos de contratación aplicados
- Número de subvencións promovidas
- Número de departamentos implicados.

Obxectivo específico5: Incorporar criterios de igualdade nos orzamentos e no espazo web do Concello.

Actuación 8

Dotar os departamentos municipais de partidas orzamentarias específicas para levar a cabo actuacións específicas en materia de igualdade.

Departamento (s) ou axente (s) responsables

- Concellería de Igualdade
- Todas as concellerías e departamentos.

Temporalidade

- 2019, 2020, 2021, 2022 e 2023

Indicadores de seguimento e avaliación

- Número de actuación levadas a cabo
- Número de concellerías, departamento(s) e axente(s) implicados

Actuación 9

Creación e mantemento dun espazo dentro da web do Concello sobre a igualdade de xénero.

Departamento (s) ou axente (s) responsables

- Concellería de Igualdade
- Comunicación

Temporalidade

- 2020

Indicadores de seguimento e avaliación

- Espazo web creado
- Número e tipo de entradas de información
- Número de visitas

Actuación 10

Manter e fomentar a perspectiva de xénero en todas as Redes Sociais vinculadas ao Concello.

Departamento (s) ou axente (s) responsables

- Concellería de Igualdade
- Todos os departamentos

Temporalidade

- 2020

Indicadores de seguimento e avaliación

- Número e tipo de entradas de información
- Número de departamento(s) ou axente(s) implicados

5.2.ÁREA 2

PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO

Obxectivo de área

Loita contra a violencia de xénero a través da prevención, sensibilización e asistencia e apoio na atención das vítimas.

Figura 4:Áreas de intervención do Plan de Igualdade. Prevención da violencia de xénero.



Obxectivo específico 1. Levar a cabo actuacións de prevención da violencia de xénero con alumnado de diferentes etapas educativas

Actuación 11

Realización de obradoiros de prevención da violencia de xénero, ciberviolencia de xénero e sexual na adolescencia para alumnado e ANPAS.

Departamento (s) ou axente (s) responsables

- Concellería de Igualdade
- Concellería de Educación
- Centros educativos
- ANPAS

Temporalidade

- 2020, 2021, 2022 e 2023

Indicadores de seguimento e avaliación

- Número e tipo de obradoiros realizados

- Número de persoas participantes
- Grao de satisfacción das persoas participantes

Obxectivo específico 2. Mellorar a atención das mulleres vítimas de violencia de xénero

Actuación 12

Manter e ampliar o servizo de asesoramento xurídico e psicolóxico do Centro de Información ás Mulleres.

Departamento (s) ou axente (s) responsables

- Concellería de Igualdade

Temporalidade

- 2019, 2020, 2021, 2022 e 2023

Indicadores de seguimento e avaliación

- Número de accións desenvolvidas

Obxectivo específico 3: Sensibilizar a cidadanía sobre a violencia de xénero.

Actuación 13

Continuar coas actos de conmemoración do día 25 de novembro, Día Internacional para a Eliminación da Violencia de Xénero, incluíndo actividades de sensibilización contra a violencia de xénero.

Departamento (s) ou axente (s) responsables

- Concellería de Igualdade
- Todas as concellerías, departamentos e axentes sociais.

Temporalidade

- 2019, 2020, 2021, 2022 e 2023

Indicadores de seguimento e avaliación

- Número de tipo de actividades realizadas

- Número de persoas participantes
- Grao de satisfacción das persoas participantes

Actuación 14

Realizar campañas de sensibilización, formación e concienciación sobre a violencia de xénero dirixidas a cidadanía xeral.

Departamento (s) ou axente (s) responsables

- Concellería de Igualdade

Temporalidade

- 2020, 2021 e 2022

Indicadores de seguimento e avaliación

- Número e tipo de campañas de sensibilización realizadas.
- Número de persoas participantes
- Grao de satisfacción das persoas participantes

Actuación 15

Continuar coa organización de charlas informativas, conferencias, coloquios, mesas redondas dirixidas á poboación en xeral para concienciar sobre a violencia de xénero.

Departamento (s) ou axente (s) responsables

- Concellería de Igualdade

Temporalidade

- 2019, 2020, 2021, 2022 e 2023

Indicadores de seguimento e avaliación

- Número e tipo de actividade implementadas
- Número de persoas participantes
- Grao de satisfacción das persoas participantes

Actuación 16

Realización de actividades de sensibilización contra a explotación sexual e a trata de mulleres.

Departamento (s) ou axente (s) responsables

- Concellería de Igualdade
- Concellería de Benestar
- Servizos Sociais Comunitarios

Temporalidade

- 2019, 2020, 2021, 2022 e 2023

Indicadores de seguimento e avaliación

- Número e tipo de actividades de sensibilización realizadas
- Número de persoas participantes
- Grao de satisfacción das persoas participantes

Actuación 17

Continuar coa elaboración de obradoiros de autoestima para mulleres, especialmente mulleres en situación de exclusión, vulnerabilidade ou que sufriran violencia de xénero.

Departamento (s) ou axente (s) responsables

- Concellería de Igualdade

Temporalidade

- 2020, 2021 e 2022

Indicadores de seguimento e avaliación

- Número de obradoiros realizados

- Número de persoas participantes
- Grao de satisfacción das persoas participantes

Actuación 18

Inclusión na organización de festas e eventos municipais de actuacións coordinadas de prevención e atención as agresións sexuais.

Departamento (s) ou axente (s) responsables

- Concellería de Igualdade
- Concellería de Comercio e Turismo
- Concellería de Cultura
- Concellería de Persoal
- Voluntariado
- Protección Civil
- Policía Local

Temporalidade

- 2019, 2020, 2021, 2022 e 2023

Indicadores de seguimento e avaliación

- Número de persoas que recibiron información ou asesoramento
- Grao de satisfacción das persoas participantes

Obxectivo Específico 4: Elaborar protocolos e dar continuidade as accións da Mesa de Violenciade xénero a través da mellora da coordinación e formación do persoal.

Actuación 19

Elaboración dun protocolo integral de violencia de xénero no ámbito local.

Departamento (s) ou axente (s) responsables

- Concellería deIgualdade
- Concellería de Benestar
- Concellería de Persoal

- Concellería de Educación
- Policía Local
- Centros educativos
- Centros de saúde

Temporalidade

- 2020 e 2021

Indicadores de seguimento e avaliación

- Elaboración do protocolo
- Número de reunións e contactos establecidos

Actuación 20

Potenciar a Mesa de Violencia de Xénero e mellorar a coordinación entre os diferentes axentes que interveñen nos diferentes casos de violencia de xénero.

Departamento (s) ou axente (s) responsables

- Concellería de Igualdade
- Concellería de Benestar
- Policía Local
- Centros educativos
- Centros de saúde

Temporalidade

- 2020

Indicadores de seguimento e avaliación

- Número de medidas adoptadas
- Número de contactos establecidos
- Grao de satisfacción das persoas participantes

Actuación 21

Realización de cursos de formación especializada para as persoas integrantes da Mesa de Violencia de Xénero e o persoal que intervén na atención ás vítimas de violencia de xénero.

Departamento (s) ou axente (s) responsables

- Concellería de Igualdade
- Concellería de Benestar

- Concellería de Persoal
- Concellería de Educación
- Policía Local
- Centros educativos
- Centros de saúde

Temporalidade

- 2021 e 2023

Indicadores de seguimento e avaliación

- Número e tipo de cursos realizados
- Número de persoas participantes nos curso de formación
- Número de departamentos implicados
- Grao de satisfacción das persoas participantes

5.3.ÁREA 3

EDUCACIÓN E CULTURA

Obxectivo de área

Promover valores educativos e hábitos culturais igualitarios na cidadanía.

Figura 5: Áreas de intervención do Plan de Igualdade. Educación e cultura.



Obxectivo específico 1. Promover valores educativos igualitarios na comunidade escolar.

Actuación 22

Elaboración dun protocolo de actuación en materia de igualdade cos centros educativos para incorporar a perspectiva de xénero na comunidade escolar.

Departamento (s) ou axente (s) responsables

- Concellería de Igualdade
- Concellería de Educación
- Comunidade escolar

Temporalidade

- 2021, 2022 e 2023

Indicadores de seguimento e avaliación

- Documento protocolo realizado
- Número de reunión e contactos establecidos
- Número e relación de persoas participantes.
- Número de entidades participantes

Actuación 23

Realización de campañas de educación non sexista en colaboración coa ANPAS.

Departamento (s) ou axente (s) responsables

- Concellería de Igualdade
- Concellería de Educación
- Comunidade escolar
- ANPAS

Temporalidade

- 2021, 2022 e 2023

Indicadores de seguimento e avaliación

- Número e tipo de campañas realizadas
- Nº de persoas participantes
- Grao de satisfacción das persoas participantes

Actuación 24

Organización de obradoiros de elección profesional non sexistas dirixidos ao alumnado e familias.

Departamento (s) ou axente (s) responsables

- Concellería de Igualdade
- Concellería de Educación
- Comunidade escolar
- ANPAS

Temporalidade

- 2020 e 2023

Indicadores de seguimento e avaliación

- Número de obradoiros realizados
- Número de persoas participantes
- Grao de satisfacción das persoas participantes

Actuación 25

Mantemento dos obradoiros de igualdade para alumnado da ESO e incremento a todos os cursos da ESO.

Departamento (s) ou axente (s) responsables

- Concellería de Igualdade
- Concellería de Educación
- Comunidade escolar

Temporalidade

- 2019, 2020, 2021, 2022 e 2023

Indicadores de seguimento e avaliación

- Número de obradoiros realizados
- Número de persoas participantes
- Grao de satisfacción das persoas participantes

Actuación 26

Realización de obradoiros separados por sexo, que incidan na prevención de conductas asociadas ao modelo patriarcal, e que teña como obxecto evitar a guerra de sexos, a prevención de conductas homófobas, a conciencia e renuncia aos privilexios, a educación emocional masculina.

Departamento (s) ou axente (s) responsables

- Concellería de Igualdade
- Concellería de Educación
- Comunidade escolar

Temporalidade

- 2020, 2022 e 2023

Indicadores de seguimento e avaliación

- Número de obradoiros realizados
- Número de persoas participantes
- Grao de satisfacción das persoas participantes

Obxectivo específico 2. Visibilizar nas actividades culturais organizados polo Concello as aportacións das mulleres de Teo.

Actuación 27

Realización de actividades escolares sobre as achegas sociais, artística e culturais das mulleres na historia de Teo.

Departamento (s) ou axente (s) responsables

- Concellería de Igualdade
- Comunidade escolar

Temporalidade

- 2021 e 2023

Indicadores de seguimento e avaliación

- Número e tipo de actividades realizadas
- Número de persoas participantes
- Grao de satisfacción das persoas participantes

Actuación 28

Organizar exposicións, concertos, representacións teatrais etc., dirixidos a promover a difusión da produción artística realizada por mulleres ou que aborden cuestións de igualdade.

Departamento (s) ou axente (s) responsables

- Concellería de Igualdade
- Concellería de Benestar
- Concellería de Cultura

Temporalidade

- 2019, 2020, 2021, 2022 e 2023

Indicadores de seguimento e avaliación

- Número e tipo de actividades realizadas
- Número de persoas asistentes
- Grao de satisfacción das persoas participantes

Obxectivo específico 3. Incorporar a perspectiva de xénero nas programacións culturais.

Actuación 29

Organizar foros de debates, encontros, mesas redondas, xornadas con diferentes entidades para favorecer unha toma de conciencia dos valores igualitarios.

Departamento (s) ou axente (s) responsables

- Concellería de Igualdade
- Concellería de Cultura
- Concellería de Educación

Temporalidade

- 2020, 2022 e 2023

Indicadores de seguimento e avaliación

- Número e tipo de actividades realizadas
- Número de persoas participantes
- Grao de satisfacción das persoas participantes

Actuación 30

Promover certames de narración con obras que traten temática de igualdade.

Departamento (s) ou axente (s) responsables

- Concellería de Igualdade
- Concellería de Cultura
- Concellería de Educación

Temporalidade

- 2020, 2021, 2022 e 2023

Indicadores de seguimento e avaliación

- Número de certames promovidos
- Número de persoas participantes

Actuación 31

Promover a presenza equilibrada de mulleres e homes nas programación culturais, na presenza de xurados e concesión de premios.

Departamento (s) ou axente (s) responsables

- Concellería de Igualdade
- Concellería de Cultura
- Comunidade escolar

Temporalidade

- 2019, 2020, 2021, 2022 e 2023

Indicadores de seguimento e avaliación

- Número de persoas que recibiron premios
- Número de persoas participantes nos xurados

Actuación 32

Continuar ampliando os fondos bibliográficos sobre igualdade e coeducación nas Bibliotecas Municipais e coa difusión dos mesmos, creando espazos de igualdade.

Departamento (s) ou axente (s) responsables

- Concellería de Igualdade
- Concellería de Benestar
- Bibliotecas públicas

Temporalidade

- 2019, 2020, 2021, 2022 e 2023

Indicadores de seguimento e avaliación

- Número de fondos bibliográficos adquiridos
- Número de espazos de igualdade creados
- Grado de difusión

5.4.ÁREA 4

DEPORTES E MOCIDADE

Obxectivo de área

Incorporar a perspectiva de xénero no deseño, selección e programación de actividades deportivas e dirixidas a mocidade.

Figura 6:Áreas de intervención do Plan de Igualdade. Asociacionismo e participación social.



Obxectivo específico1. Rachar cos estereotipos de xénero no deporte e na mocidade.

Actuación 33

Realización de campañas de sensibilización e obradoiros que axuden a romper coas crenzas estereotipadas das actividades deportivas.

Departamento (s) ou axente (s) responsables

- Concellería de Igualdade
- Concellería de Deportes

Temporalidade

- 2020, 2021, 2022 e 2023

Indicadores de seguimento e avaliación

- Número e tipo de campañas de sensibilización realizadas
- Número e tipo de obradoiros realizados
- Número de persoas participantes
- Grao de satisfacción das persoas participantes

Actuación 34

Realización de actividades xuvenís, dende a perspectiva de xénero, que axuden ao cambio de actitudes e a romper cos estereotipos sexistas.

Departamento (s) ou axente (s) responsables

- Concellería de Igualdade
- Concellería de Mocidade
- Concellería de Participación Veciñal
- Concellería de Cultura e Educación

Temporalidade

- 2019, 2020, 2021, 2022 e 2023

Indicadores de seguimento e avaliación

- Número e tipo de actividades realizadas
- Número de persoas participantes
- Grao de satisfacción das persoas participantes

Actuación 35

Deseño de obradoiros de supervivencia doméstica para a mocidade.

Departamento (s) ou axente (s) responsables

- Concellería de Igualdade
- Concellería de Mocidade
- Concellería de Participación Veciñal

Temporalidade

- 2021e 2023

Indicadores de seguimento e avaliación

- Número de obradoiros realizados
- Número de persoas participantes
- Grao de satisfacción das persoas participantes

Obxectivo específico2. Promocionar a igualdade de oportunidades no deporte.

Actuación 36

Apoiar con recursos as entidades deportivas que realicen actuacións encamiñadas a conseguir unha participación equilibrada de homes e mulleres.

Departamento (s) ou axente (s) responsables

- Concellería de Igualdade
- Concellería de Deporte

Temporalidade

- 2020, 2021, 2022 e 2023

Indicadores de seguimento e avaliación

- Número de entidades apoiadas

Actuación 37

Visibilizar a mulleres deportistas do municipio destacadas en algunha disciplina deportivas a través dos canles de difusión do Concello ou medios de comunicación.

Departamento (s) ou axente (s) responsables

- Concellería de Igualdade
- Concellería de Deporte

Temporalidade

- 2019, 2020, 2021, 2022 e 2023

Indicadores de seguimento e avaliación

- Número de accións realizadas
- Canles de difusión empregados

5.5.ÁREA 5

ASOCIACIONISMO E PARTICIPACIÓN SOCIAL

Obxectivo de área

Mellorar a tecido asociativo e a presencia e participación das mulleres en todos os ámbitos da vida cidadán de Teo.

Figura 7:Áreas de intervención do Plan de Igualdade. Asociacionismo e participación social.



Obxectivo específico 1. Fomentar o tecido asociativo feminino e a participación das mulleres

Actuación 38

Fomentar a presenza de mulleres nas asociacións e outros órganos de participación e decisión maioritariamente integradas por homes.

Departamento (s) ou axente (s) responsables

- Concellería de Igualdade
- Concellería de Participación Veciñal

Temporalidade

- 2020 e 2021

Indicadores de seguimento e avaliación

- Número de actividades realizadas
- Número de contactos establecidos
- Número de reunións mantidas
- Número de persoas participantes

Actuación 39

Promover a creación de asociacións coa perspectiva de xénero que enriquezan o tecido asociativo local.

Departamento (s) ou axente (s) responsables

- Concellería de Igualdade
- Concellería de Participación Veciñal

Temporalidade

- 2020, 2021, 2022 e 2023

Indicadores de seguimento e avaliación

- Número de asociacións creadas
- Número de campañas de promoción realizadas

- Número de contactos establecidos
- Número de reunións realizadas
- Grao de satisfacción das persoas participantes

Actuación 40

Incentivar e apoiar as asociacións que incorporen a perspectiva de xénero nas súas actuacións.

Departamento (s) ou axente (s) responsables

- Concellería de Igualdade
- Concellería de Participación Veciñal
- Asociacións de mulleres

Temporalidade

- 2020, 2021, 2022 e 2023

Indicadores de seguimento e avaliación

- Número de campañas de promoción realizadas
- Número de contactos establecidos
- Número de reunións realizadas

Actuación 41

Difusión do traballo das asociacións de mulleres do municipio a través da páxina Web e as redes sociais para incrementar a participación da cidadanía.

Departamento (s) ou axente (s) responsables

- Concellería de Igualdade
- Concellería de Participación Veciñal
- Asociacións de mulleres

Temporalidade

- 2019, 2020, 2021, 2022 e 2023

Indicadores de seguimento e avaliación

- Número de entradas realizadas
- Número de asociacións participantes
- Grao de interactividade
- Número de visitas

Obxectivo específico 2. Fomentar o empoderamento feminino.

Actuación 42

Organización de actividades de fomento do empoderamento das mulleres.

Departamento (s) ou axente (s) responsables

- Concellería de Igualdade
- Concellería de Benestar

Temporalidade

- 2021, 2022 e 2023

Indicadores de seguimento e avaliación

- Número e tipo de actividades realizadas
- Número de contactos ou reunións establecidas
- Número de persoas participantes
- Grao de satisfacción das persoas participantes

Actuación 43

Continuar coa conmemoración do Día 8 marzo, Día Internacional das Mulleres, implicando a cidadanía e concienciándoa sobre a igualdade.

Departamento (s) ou axente (s) responsables

- Concellería de Igualdade

- Todas as concellerías, departamentos e axentes sociais.

Temporalidade

- 2020, 2021, 2022 e 2023

Indicadores de seguimento e avaliación

- Número de persoas participantes
- Grao de satisfacción das persoas participantes

Actuación 44

Investigación sobre a presenza das mulleres no municipio (rúas, edificios municipais...).

Departamento (s) ou axente (s) responsables

- Concellería de Igualdade
- Concellería de Infraestruturas
- Arquivo

Temporalidade

- 2020

Indicadores de seguimento e avaliación

- Investigación sobre a presenza de mulleres nas rúas, edificios municipais...

5.6.ÁREA 6

FORMACIÓN E EMPREGO

Obxectivo de área

Favorecer e mellorar o acceso ao emprego e o emprendemento das mulleres, incidindo na súa formación.

Figura 8:Áreas de intervención do Plan de Igualdade. Formación e emprego.



Obxectivo específico 1.Fomentar o emprendemento feminino.

Actuación 45

Realización de campañas de sensibilización para fomentar o emprendemento feminino, especialmente nas ocupacións nas que as mulleres estean infrarrepresentadas.

Departamento (s) ou axente (s) responsables

- Concellería de Igualdade
- Concellería de Emprego
- Axencia de Emprego e Desenvolvemento Local

Temporalidade

- 2021 e 2023

Indicadores de seguimento e avaliación

- Número e tipo de campañas realizadas
- Canles de difusión
- Número de entidades participantes
- Número de persoas participantes

Obxectivo específico 2.Mellorar a empregabilidade das mulleres.

Actuación 46

Continuar levando a cabo actividades formativas en Novas Tecnoloxías da Información e a comunicación destinadas as mulleres.

Departamento (s) ou axente (s) responsables

- Concellería de Igualdade
- Concellería de Emprego
- Axencia de Emprego e Desenvolvemento Local
- Aula de Informática

Temporalidade

- 2019, 2020, 2021, 2022 e 2023

Indicadores de seguimento e avaliación

- Número e tipo de actividades realizadas
- Número de persoas participantes
- Grao de satisfacción das persoas participantes

Actuación 47

Realización de obradoiros de procura de emprego para mellorar a empregabilidade das mulleres, prestando especial atención as mulleres sen formación, con discapacidade, vítimas de violencia de xénero, desempregadas de longa duración e con risco de exclusión social.

Departamento (s) ou axente (s) responsables

- Concellería de Igualdade
- Concellería de Emprego
- Axencia de Emprego e Desenvolvemento Local

Temporalidade

- 2021, 2022 e 2023

Indicadores de seguimento e avaliación

- Número de obradoiros realizados
- Número de persoas participantes
- Grao de satisfacción das persoas participantes

Actuación 48

Informar e asesorar sobre a oferta formativa e os recursos locais tanto públicos como privados en materia de formación para o emprego.

Departamento (s) ou axente (s) responsables

- Concellería de Igualdade
- Concellería de Emprego
- Axencia de Emprego e Desenvolvemento Local

Temporalidade

- 2019, 2020, 2021, 2022 e 2023

Indicadores de seguimento e avaliación

- Número de persoas que recibiron información

Obxectivo específico 3. Sensibilizar as empresas en materia de igualdade.

Actuación 49

Establecer incentivos a empresas comprometidas coa igualdade, a través de axudas, puntos na baremacións de axudas, concursos...

Departamento (s) ou axente (s) responsables

- Concellería de Igualdade
- Concellería de Emprego
- Axencia de Emprego e Desenvolvemento Local
- Secretaría

Temporalidade

- 2020, 2021, 2022 e 2023

Indicadores de seguimento e avaliación

- Número de incentivos levados a cabo
- Número de empresas beneficiadas

Actuación 50

Organización de actividades para a procura activa de emprego e da xeración de proxectos emprendedores.

Departamento (s) ou axente (s) responsables

- Concellería de Igualdade
- Concellería de Emprego
- Axencia de Emprego e Desenvolvemento Local

Temporalidade

- 2020, 2021, 2022 e 2023

Indicadores de seguimento e avaliación

- Número e tipo de actividades organizadas
- Número de persoas participantes
- Grao de satisfacción das persoas participantes.

Actuación 51

Realizar campañas de sensibilización e información sobre o acoso laboral e outro tipo de discriminacións de xénero que se produzan nas empresas.

Departamento (s) ou axente (s) responsables

- Concellería de Igualdade
- Concellería de Emprego
- Axencia de Emprego e Desenvolvemento Local

Temporalidade

- 2021 e 2023

Indicadores de seguimento e avaliación

- Número e tipo de campañas realizadas

- Canle de difusión
- Número de empresas participantes

5.7.ÁREA 7

BENESTAR SOCIAL, SAÚDE E CONCILIACIÓN

Obxectivo de área

Promover actuacións que melloren a calidade de vida das mulleres e que favorezan a corresponsabilidade e a conciliación da vida laboral e familiar.

Figura 9:Áreas de intervención do Plan de Igualdade. Benestar social, saúde e conciliación.



Obxectivo específico 1. Sensibilizar o colectivo de profesionais da saúde en perspectiva de xénero.

Actuación 52

Sensibilización e implicación dos colectivos de profesionais da saúde na promoción da perspectiva de xénero na atención e administración sanitaria.

Departamento (s) ou axente (s) responsables

- Concellería de Igualdade
- Concellería de Benestar
- Comunidade sanitaria

Temporalidade

- 2020, 2021, 2022 e 2023

Indicadores de seguimento e avaliación

- Número de contactos e reunións establecidas
- Número de persoas participantes
- Número de acordos acadados

Obxectivo específico 2. Fomentar a calidade de vida das mulleres en saúde.

Actuación 53

Desenvolver obradoiros de educación para a saúde nos centros de ensino.

Departamento (s) ou axente (s) responsables

- Concellería de Igualdade
- Concellería de Educación
- Comunidade escolar

Temporalidade

- 2021, 2022 e 2023

Indicadores de seguimento e avaliación

- Número e tipo de obradoiros desenvolvidos
- Número de persoas participantes
- Grao de satisfacción das persoas participantes

Actuación 54

Continuar coa realización de charlas sobre saúde e outras que permitan mellorar a calidade de vida e o autocoidado das mulleres.

Departamento (s) ou axente (s) responsables

- Concellería de Igualdade
- Concellería de Benestar

Temporalidade

- 2020, 2021, 2022 e 2023

Indicadores de seguimento e avaliación

- Número e tipo de charlas desenvolvidos
- Número de persoas participantes
- Grao de satisfacción das persoas participantes

Actuación 55

Elaborar e difundir materiais divulgativos sobre a saúde das mulleres, tendo en conta a perspectiva de xénero no seu deseño.

Departamento (s) ou axente (s) responsables

- Concellería de Igualdade
- Comunidade sanitaria

Temporalidade

- 2021, 2022 e 2023

Indicadores de seguimento e avaliación

- Número de materiais elaborados
- Canle de difusión

Obxectivo específico 3: Fomentar una maiorcorresponsabilidade por parte dos homes nas tarefas de coidado.

Actuación 56

Realizar campañas de información sobre a necesidade dunha repartición equilibrada e non sexista das responsabilidades familiares entre mulleres e homes.

Departamento (s) ou axente (s) responsables

- Concellería de Igualdade
- Concellería de Participación Veciñal

Temporalidade

- 2020 e 2022

Indicadores de seguimento e avaliación

- Número e tipo de campañas realizadas
- Canle de difusión

Actuación 57

Continuar co deseño de obradoiros prácticos dirixidos aos centros de ensino para a promoción da corresponsabilidade.

Departamento (s) ou axente (s) responsables

- Concellería de Igualdade
- Concellería de Educación
- Comunidade escolar

Temporalidade

- 2019, 2020, 2021, 2022 e 2023

Indicadores de seguimento e avaliación

- Número e tipo de obradoiros realizados
- Número de persoas participantes
- Grao de satisfacción das persoas participantes

Obxectivo específico 4: Realizar actuacións para facilitar a conciliación da vida laboral e familiar.

Actuación 58

Organización de campañas de sensibilización dirixidas as/os empresarios/as para facilitar a conciliación da vida laboral e familiar.

Departamento (s) ou axente (s) responsables

- Concellería de Igualdade
- Concellería de Emprego
- Axencia de Emprego e Desenvolvemento Local

Temporalidade

- 2021 e 2023

Indicadores de seguimento e avaliación

- Número de campañas realizadas
- Número de empresas implicadas
- Número de contactos ou reunións establecidas
- Número de acordos alcanzados

Actuación 59

Apoiar e promocionar aquelas iniciativas municipais que faciliten a conciliación da vida persoal, laboral e familiar.

Departamento (s) ou axente (s) responsables

- Concellería de Igualdade
- Concellería de Emprego
- Axencia de Emprego e Desenvolvemento Local
- Concellería de Participación Veciñal

Temporalidade

- 2020 e 2022

Indicadores de seguimento e avaliación

- Número de iniciativas apoiadas
- Número de persoas ou empresas beneficiarias
- Canles de difusión

Actuación 60

Continuar coas actividades de conciliación de Diverteo.

Departamento (s) ou axente (s) responsables

- Concellería de Igualdade
- Concellería de Benestar

Temporalidade

- 2019, 2020, 2021, 2022 e 2023

Indicadores de seguimento e avaliación

- Número de persoas participantes
- Grao de satisfacción das persoas participantes

6. Avaliación

O sistema de avaliación deste *IV Plan de igualdade e da prevención da violencia de xénero*preséntase como un mecanismo que permite comprobar o grao de consecución dos obxectivos propostos mediante unha serie de indicadores.

Por un lado, elaboraranse indicadores **cuantitativos**, referidos ao número de persoas beneficiarias, o grao de satisfacción, a eficacia das accións, a súa calidade e utilidade con respecto aos obxectivos globais do plan e os específicos de cada acción.

Por outro, elaboraranse indicadores **cualitativos**, cuxo obxectivo é recoller información acerca da opinión e puntos de vista das persoas implicadas na posta en marcha e desenvolvemento do plan.

Como ferramentas de traballo para facilitar o sistema avaliación do Plan, elaboráronse unhas**fichas de seguimento e avaliación**das actuacións (ver anexo1) que deberán cubrir as persoas responsables da implantación do plan.
Ao finalizar cada semestre, os departamentos implicados na execución do plan reuniranse para realizar un informe de seguimento que reflicta o impacto de xénero das actuacións desenvolvidas.

Unha vez rematada a vixencia IV Plan de igualdade, realizarase un informe final, que servirá para coñecer o grao de cumprimento das actuacións realizadas e o impacto de xénero.

7. Anexos

ANEXO 1:
FICHA DE SEGUIMENTO E AVALIACIÓN

FICHA DE SEGUIMENTO IV Plan de Igualdade e da prevención da violencia de xénero	
Área	
Obxectivo xeral	
Obxectivo específico (escríbao ou indique o número)	
Nº de actuación	
Departamento ou axente implicado	
Persoa responsable da actividade	
Nome da actividade	
Data de realización	
Lugar	
Duración (núm. horas)	
Descrición da actividade	
Persoas, entidades ou departamentos implicadas	
Indicadores	
Orzamento destinado	
Valoración xeral da actividade	

Observación ou incidencias	

FICHA DE AVALIACIÓN

IV Plan de Igualdade e da prevención da violencia de xénero

Nº DA ACTUACIÓN	SITUACIÓN				DESCRICIÓN DA ACTUACIÓN	INDICADORES DE AVALIACIÓN	ORZAMENTO DESTINADO
	Iniciada	En proceso	Finalizada	Non iniciada			

ANEXO 2:
MARCO NORMATIVO

Os obxectivos e actuacións establecidos no plan enmárcanse nas seguintes normativas e recomendacións emitidas en materia de igualdade de oportunidades por organismos internacionais, europeos, estatais, autonómicos e locais.

ÁMBITO EUROPEO

- Tratado de Amsterdam(1997).
- Programas de acción comunitaria para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes (1982-1985, 1986-1990, 1991-1995 e 1996-2000).
- Recomendacións do Comité de Ministros sobre a protección das mulleres contra a violencia (2002).
- Directiva 2002/73/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, relativa á igualdade de trato entre mulleres e homes sobre o acceso ao emprego, á formación, á promoción profesional e ás condicións de traballo.
- Resolución 2003/C 260/03, do Consello, sobre iniciativas para loitar contra a trata de seres humanos, en particular mulleres.
- Carta europea para a igualdade de mulleres e homes na vida local.
- Directiva 2006-54 CE sobre a igualdade de oportunidades e de trato entre mulleres e homes.
- Plan de traballo para a igualdade entre mulleres e homes (2006-2010).

- Informe da Comisión ao Consello, ao Parlamento Europeo, ao Comité Económico e Social Europeo e ao Comité das Rexións sobre a igualdade entre mulleres e homes (2007).
- Programa comunitario de fomento do emprego e da solidariedade social (PROGRESS) (2007-2010).
- Convenio do Consello de Europa sobre prevención e loita contra a violencia contra as mulleres e a violencia doméstica. Estambul, 11.V.2011 (Ratificado por España no 2014).

ÁMBITO ESTATAL

- Lei 27/2003, do 31 de xullo, reguladora da orde de protección das vítimas de violencia de xénero.
- Lei 30/2003, do 13 de outubro, sobre medidas para incorporar a valoración do impacto de xénero nas disposicións normativas que elabore o Goberno.
- Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.
- Plan nacional de sensibilización e prevención da violencia de xénero (2007-2009).
- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre mulleres e homes.
- Plan Estratéxico de Igualdade de Oportunidades (2014-2016).

ÁMBITO AUTONÓMICO

- Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes.
- Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero.
- Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.

- Plan de fomento da corresponsabilidade(2007).
- V Plan do Goberno galego para a igualdade entre mulleres e homes (2007-2010).
- Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
- VI Plan Galego para a igualdade entre homes e mulleres. (Estratexia 2013 - 2015).
- I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia (2016-2020).
- VII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020.

ÁMBITO LOCAL

- Lei reguladora de bases do réxime local (1985).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia.
- I Plan de Igualdade do Concello de Teo (2005 – 2009).
- II Plan de Igualdade do Concello de Teo (2010 – 2014).
- III Plan de Igualdade do Concello de Teo (2015 – 2018).

ANEXO 3:
GLOSARIO DE TERMOS

ACCIÓN POSITIVA
Medidas dirixidas a un grupo determinado coas que se pretende suprimir e previr unha discriminación ou compensar as desvantaxes resultantes de actitudes, comportamentos e estruturas existentes.

ANDROCENTRISMO
Enfoque nas investigacións e estudos dende a única perspectiva do xénero masculino. Nunha sociedade androcéntrica, o masculino tómase como modelo que cómpre imitar.

PERSPECTIVA DE XÉNERO
Estudo das diferenzas de condicións, necesidades, índices de participación, acceso aos recursos e desenvolvemento, control de activos, poder de toma de decisión etc. entre homes e mulleres, debidas aos roles que tradicionalmente se lles asignaron.

APODERAMENTO
Concepto cunha dobre dimensión, unha individual, de recuperación da propia dignidade de cada muller como persoa; e outra colectiva, de carácter político, que pretende que as mulleres estean presentes nos lugares onde se toman as decisións, é dicir, que exerzan o poder.

COEDUCACIÓN

Educación centrada nas alumnas e nos alumnos, considerando ambos os colectivos como grupos en igualdade de dereitos e de oportunidades.

COTA

Proporción de postos, escanos ou recursos que lle deben ser atribuídos a un colectivo específico. Con esta medida preténdese corrixir un desequilibrio, xeralmente en canto ao acceso a posicións de toma de decisións, oportunidades de formación ou postos de traballo.

DISCRIMINACIÓN DIRECTA

Situación na que se trata a unha persoa dun modo desfavorable por razón do seu sexo.

DISCRIMINACIÓN INDIRECTA

Situación na que unha lei, unha política ou unha acción aparentemente neutrais teñen un impacto desproporcionadamente adverso sobre os membros dun ou doutro xénero.

DISCRIMINACIÓN POSITIVA

Medida que pretende garantir un resultado favorable na incorporación do colectivo discriminado a unha actividade determinada. Incide no momento de chegada.

ESTEREOTIPOS DE XÉNERO

Representacións xeneralizadas e culturalmente aceptadas sobre as funcións sociais e os comportamentos que homes e mulleres deben amosar.

FEMINISMO

Corrente de pensamento en permanente evolución pola defensa da igualdade de dereitos e oportunidades de ambos sexos.

FEMISMO

É o fenómeno de discriminación e infravaloración dos homes por parte das mulleres.

IGUALDADE ENTRE OS SEXOS

Situación na que todas as persoas son libres de desenvolver as súas capacidades persoais e de tomar decisións, sen as limitacións causadas polos roles tradicionais. Ter en conta, valorar e potenciar por igual as distintas condutas, aspiracións e necesidades de homes e de mulleres.

MACHISMO

O machismo é considerado unha opresión cara ao sexo feminino e unha das más importantes lacras sociais.

MAINSTREAMING

Relativo á organización, mellora, desenvolvemento e avaliación dos procesos políticos, de xeito que a igualdade de xénero se incorpore a todas as políticas, en todos os niveis e en todas as etapas por parte das persoas involucradas na adopción de decisións.

MICROMACHISMO

Consiste nunha práctica de violencia na vida cotiá que sería tan sutil que pasaría desapercibida pero que reflicte e perpetuaría as actitudes machistas e a desigualdade das mulleres respecto aos homes. Comprende un amplo abanico de manobras interpersoais e sinálase como a base e caldo de cultivo das demais formas de a violencia de xénero: malos tratos psicolóxicos, emocional, físico, sexual e económico. Trataríase ademais de prácticas lexitimadas pola contorna social, en contraste con outras formas de violencia de xénero, denunciadas e condenadas habitualmente.

POLÍTICAS DE IGUALDADE

Marcos referenciais de actuación política que consideran o principio de igualdade de trato e, a través da elaboración de estratexias baseadas no dereito das mulleres a seren tratadas como cidadás, propoñen solucións para resolver as desigualdades por razón de sexo.

PROCESO DE SOCIALIZACIÓN DIFERENCIAL

Mecanismo polo que se socializan dun xeito diferente e desigual mulleres e homes. A intervención dos axentes de socialización xoga un papel clave que marca esa diferenciación.

SEXISMO

Conxunto de métodos empregados no seo da sociedade androcéntrica que determinan unha situación de inferioridade, subordinación e explotación para o colectivo feminino ou masculino. O sexismo abrangue todos os ámbitos da vida e das relacións humanas; a linguaxe é un factor importante na súa superación.

SEXO/XÉNERO

O concepto xénero fai referencia ás diferenzas sociais, por oposición ás biolóxicas entre homes e mulleres (sexo). Estas diferenzas foron aprendidas, mudan co tempo e presentan grandes variacións tanto entre diversas culturas coma dentro dunha mesma cultura.

TEITO DE CRISTAL

Barreira invisible resultante dunha complexa trama de estruturas en organizacións dominadas polo colectivo masculino que lles impide ás mulleres acceder a postos destacados socialmente.

VIOLENCIA DE XÉNERO

A sociedade androcéntrica, fundamentada nunha relación de desigualdade entre os xéneros masculino e feminino, asentou tradicionalmente modos de relación entre as persoas, inxustificables pero evitables, como a violencia de xénero.

A C T A 17/2019

SESIÓN ORDINARIA PLENO MUNICIPAL

– 27 DE NOVEMBRO DE 2019 –

Na Casa do Concello, a vinte e sete de novembro de dous mil dezanove, reúnense en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que se relacionan a continuación, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

Concelleiros/as:

D.ª Iria Otero Romero
D. Xosé Ignacio Iglesias Villar
D.ª María López Álvarez
D. José Manuel Guerra Calvelo
D. Antonio Reyes Sánchez Crespo
D.ª María Vázquez Rey
D.ª María Dolores Nariño Facal
D.ª María Teresa Castro Framil
D.ª Lucía Calvo de la Uz
D.ª Margarita Rosende Domínguez
D.ª Uxía Lemus de la Iglesia
D. Roberto Moñino Gil
D.ª María Josefa Argibay da Silva
D. José Manuel Elías Noya
D. Manuel Anxo Fernández Baz
D.ª Carmen Diéguez González

CONCELLO DE TEO
Secretaría

Secretaria xeral:

D.ª Virginia Fraga Díaz

Interventora:

D.ª Mónica I. Lado Varela

ORDE DO DÍA:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS DO 25.09.19, 09.10.19, 15.10.19 E 30.10.19

2.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA 842/19 Á 948/19)

3.- COMPARECENCIA DA CONCELLEIRA DE MOBILIDADE, COMERCIO, TURISMO, EMPREGO E IGUALDADE

4.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL NO PEF 2019- 2020

5.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE A EMIGRACIÓN GALEGA

6.- MOCIÓNS

7.- ROGOS E PREGUNTAS

CONCELLO DE TEO
Secretaría

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, o sr. alcalde, sendo as vinte horas, declara público e aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS DO 25.09.19, 09.10.19, 15.10.19 E 30.10.19.

Acta da sesión ordinaria do 25 de setembro de 2019

O sr. alcalde pregúntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o 25 de setembro de 2019.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

Acta da sesión extraordinaria do 9 de outubro de 2019

O sr. alcalde pregúntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión extraordinaria celebrada o 9 de outubro de 2019.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

Acta da sesión extraordinaria do 15 de outubro de 2019

O sr. alcalde pregúntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión extraordinaria celebrada o 15 de outubro de 2019.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

Acta da sesión ordinaria do 30 de outubro de 2019

O sr. alcalde pregúntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o 30 de outubro de 2019.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

2.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA 842/19 Á 948/19).

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas dende o día 25 de outubro ata o 21 de novembro de 2019, que comprenden os números 842 ao 948, indicando o sr. alcalde que están a disposición de todos os membros da Corporación para a súa consulta se así o desexan.

CONCELLO DE TEO
Secretaría

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

3.- COMPARECENCIA DA CONCELLEIRA DE MOBILIDADE, COMERCIO, TURISMO, EMPREGO E IGUALDADE.

Co permiso da Presidencia, intervén a concelleira de mobilidade, comercio, turismo, emprego e igualdade quen sinala que non tendo recibido recibido para esta comparecencia preguntas concretas sobre o expediente relacionado co rexeitamento

da axuda para o proxecto *"PROMOCIÓN DA INTEGRACIÓN ACTIVA DA POBOACIÓN RURAL TEENSE COA IGUALDADE" da convocatoria de axudas para actuacións a desenvolver polos gobernos locais asociados á FEMP dirixidas a facilitar a posta en marcha de accións para fomentar a transversalidade de xénero na planificación e desenvolvemento das políticas locais, con especial incidencia naquelas que favorezan o liderado feminino, a creación, reforzamento e desenvolvemento de unidades e estruturas de igualdade municipais, o empoderamento das mulleres no ámbito local e a posta en marcha e/ou o desenvolvemento de plans de igualdade no ámbito municipal"*, procederá a facer un relato do acontecido, relato que ven acompañado cunha exposición de diapositivas que se proxectan na pantalla que hai no Salón de Pleno da Corporación.

A continuación recóllese a intervención da sra. Otero.

"A renuncia fundaméntase, e así se explica na carta remitida á entidade competente, nunha decisión política: a imposibilidade de executar o proxecto sen desvirtuar os obxectivos descritos no mesmo. A comunicación de renuncia da axuda ten data 12 de setembro de 2019 do rexistro de saída do Concello de Teo.

A continuación paso a describir cronoloxicamente as actuacións relacionadas co expediente:

Antes da miña chegada ao concello como responsable de igualdade, concretamente con data 15 de maio de 2019 do rexistro xeral de saída do Concello de Teo, envíase a solicitude de subvención cumprimentada cos seguintes datos:

Nome da actuación, proxecto ou programa: "PROMOCIÓN DA INTEGRACIÓN ACTIVA DA POBOACIÓN RURAL TEENSE COA IGUALDADE"

- Datas de inicio e finalización do proxecto: 01/07/2019 a 30/10/2019

- Datas de inicio e finalización das actividades con cargo á axuda: 01/07/2019 a 30/10/2019

- Importe estimado para o desenvolvemento da actuación, proxecto ou programa: 18.306,58 euros

CONCELLO DE TEO
Secretaría

- Cantidade solicitada en concepto de axuda no marco da presenta convocatoria: 10.000 euros

- Aporte da corporación local: 5.560,593 euros

-Modalidade da axuda: Reforzo e desenvolvemento de estruturas municipais de igualdade xa creadas.

Referíndose ao CIM de Teo, que é unha estrutura municipal de igualdade xa creada, na propia solicitude descríbese a necesidade detectada, *"os recursos humanos son moi limitados e derivan na imposibilidade de aumentar o deseño e desenvolvemento de campañas relacionadas co fomento da igualdade, máis concretamente, actividades que dinamicen o rural teense, polo que se fai necesario reforzar o CIM do Concello de Teo mediante a contratación dun/ha axente de igualdade".*

Así mesmo, na solicitude defínese axente de igualdade: "*É un/ha profesional que deseña, coordina, dinamiza, implementa, xestiona e avalía plans, programas, proxectos e campañas de acción positiva tendo en conta a igualdade de oportunidades e de xénero en diferentes ámbitos e escenarios profesionais. (...) A función principal do/a axente de igualdade é, polo tanto, a de impulsar o progreso e a expansión da igualdade de oportunidades e de xénero no ámbito rural".*

Descríbense os obxectivos do programa, dos que destaco:

- Facer visible o CIM (...)

- Creas dinámicas de encontro entre as mulleres

Crear conciencia na sociedade sobre as situacións de desigualdade (...)

- Proporcionar espazos abertos ao encontro e ao diálogo, a través do ocio lúdico (...)

CONCELLO DE TEO
Secretaría

- Favorecer a aprendizaxe a través de experiencias das demais

- Fomentar o desenvolvemento de competencias socio emocionais das mulleres

- Proporcionar ás mulleres orientación básica que fomente a súa autoestima

- Adquirir unha visión crítica sobre os roles e estereotipos (...)

- Visibilizar e poñer en valor o papel e a aportación das mulleres na vida dos municipios da comarca rural

- Asegurar que as accións culturais de concellos locais acaten o principio de igualdade de xénero

Detállanse as actividades a desenvolver

- Talleres formativos presenciais para mellorar as habilidades sociais e reforzar a autoestima (...)

- Talleres de autoestima

- Puntos de información violeta (...)

- Deseño e xestión de programas de sensibilización, información e formación en materia de igualdade (...)

- Apoio e impulso da participación social e política das asociacións da zona e de persoas con dificultades especiais

- Talleres dirixidos ás directivas de ditas asociacións sobre a xestión das asociacións (elaborar actas, proxectos, acceso a redes sociais...)

E a metodoloxía

"Será participativa, que permita tarefas de reflexión e análise en equipos de traballo (...). Cada unha das accións terá unha metodoloxía individualizada pero sempre atendendo que o obxectivo é fomentar a mobilidade das mulleres e o seu empoderamento, dotándoa de ferramentas necesarias para iso"

A concesión da axuda comunícasenos con data de entrada no rexistro do Concello de Teo 9 de agosto de 2019, tendo 10 días para remitir aceptación ou renuncia.

CONCELLO DE TEO
Secretaría

Descoñecendo por completo o contido da subvención, que mesmo o persoal do CIM xa consideraba, dada a demora na contestación que non se nos outorgaría, solicitei xuntanza coa directora do CIM para que me explicase de que se trataba tal subvención. Sen achegarme o expediente, a directora do CIM so puxo en dúbida a idoneidade ou non de aceptala debido a que, descoñecía se as bases da convocatoria obrigaban a unha contratación por un proceso selectivo de persoal ou se pola contra podería ser un contrato de servizos. Se o caso fose o primeiro, non poderiamos aceptala pois o

procedemento de contratación consumiría practicamente o período de execución do programa (data límite 30/10/2019). Tendo resolta a dúbida de procedemento e podendo realizar un contrato de servizos, o día 19/08/2019 enviamos a aceptación da subvención, momento no que o persoal do CIM comeza a solicitar orzamentos a diferentes empresas.

O día 29 de agosto de 2019 recibo correo electrónico da directora do CIM indicándome que o martes 3 de setembro de 2019 temos reunións con dúas empresas que enviaron proposta para a realización do proxecto.

Unha vez estudados os contido das propostas, ningunha acada unha valoración positiva. Nun caso, claramente os contidos das actividades non se axustan á liña política defendida polo grupo político ao que represento, e así se lles transmite. No segundo caso, as estimacións de tempo de execución e a proposta económica non se axustan á realidade. Mais co ánimo de tentar obter unha proposta que se axuste a uns mínimos, decidimos dar un prazo ata o 5 de setembro de 2019 para que reelaboren as propostas axustando nun caso os contidos das actividades, período de execución e polo tanto orzamento (dado que o tempo de execución vese reducido a un mes e medio). E no outro o caso a período de execución e polo tanto orzamento.

Do mesmo xeito, e para asegurar unha proposta máis no caso de non acadar con estas revisións un resultado satisfactorio, póñome en contacto persoalmente cunha empresa máis. Empresa que no mes de xullo solicitou vía correo electrónico unha entrevista coa nova concelleira de igualdade para presentar os seus servizos. Despois de ter esa entrevista en xullo, trasladeille ao CIM unha copia dos exemplos de propostas de traballo desta empresa e o seu contacto para posibles colaboracións futuras. No caso desta convocatoria, o contacto desta empresa non se tivo en conta polas traballadoras do CIM.

CONCELLO DE TEO
Secretaría

O día 6 de setembro de 2019 comunícolles as responsables do CIM que agardo unha proposta da empresa coa que me puxen en contacto o día anterior co a finalidade, como digo, de ter unha posible alternativa se a revisión das dúas propostas estudadas non conseguen valoración positiva. Nese momento indican que estaría fóra dun suposto prazo de presentación. É evidente a non existencia de prazo de presentación ao non tratarse dun procedemento regulamentado, que o único que determinamos foi unha data para valorar as propostas coa finalidade de non alongarnos no tempo. Que

desestimasen propostas doutras empresas non ten argumentación posible, simplemente consideraron que debían facelo.

Nesa mesma xuntanza, e logo de valorar as propostas revisadas das empresas contactadas, as responsables do CIM manifestan que a nivel técnico a proposta que máis se lles adapta aos obxectivos da subvención é a que eu continúo a indicar que os contidos das actividades non se axustan á liña política defendida polo grupo político ao que pertenzo. Ante esta situación propoño agardar á proposta da terceira empresa.

O día 9 de setembro de 2019 recibo a proposta da terceira empresa indicando que se trata dunha proposta xenérica que se pode adaptar ás nosas necesidades e que nunha xuntanza presencial podemos acordar estratexias. Logo de valorala, considero a proposta que máis se achega á liña política de traballo a realizar pola concellería de igualdade da que teño a delegación.

Trasládolles ás responsables do CIM a proposta indicando que teño reunión con esta empresa o día 10 de setembro de 2019. Tendo reunión acordada coas responsables do CIM ese mesmo día ás 9:00 h, ningunha delas asiste á xuntanza posterior coa terceira empresa.

A empresa explica a proposta xenérica e perfilamos a que podería ser a que se adapte as nosas necesidades, coa consecuente revisión de orzamento. Neste punto xorde a dúbida de se a non execución do importe total da axuda concedida tería consecuencias.

Para que se fagan unha idea, achego os importes dos orzamentos das empresas consultadas.

No mesmo día 10 de setembro de 2019 póñome en contacto co organismo que concede a axuda e trasládanme dúas posibilidades:

CONCELLO DE TEO
Secretaría

- Executar o que consideremos e devolver o que non se utilice (con intereses de demora). Deixando constancia na memoria que debido á que a adxudicación tivo lugar xa no período de execución so se puido levar a cabo unha parte do proxecto.

Ou

- Facer un escrito de rectificación e rexeitar a axuda

Non chegando a acordo na proposta a elixir, tomo a decisión de rexeitar a subvención ante a imposibilidade de execución sen desvirtuar os obxectivos descritos no proxecto".

Sendo as vinte horas e dezaseis minutos remata a sra. Otero a súa intervención.

Intervén o portavoz do BNG, sr. Fernández quen sinala que como foi o PP o que solicitou a comparecencia deberían ser eles os que interveñan nun primeira instancia.

Intervén o concelleiro do PP, sr. Sánchez, quen agradece á sra. Otero a súa intervención e sinala que antes de facer as súas valoracións nunha segunda quenda, lles gustaría que se lle respondera a algunhas cuestións que formula nos termos seguintes:

.- Cales son eses obxectivos políticos aos que se referiu a sra. Otero que si cumpría a empresa da súa preferencia e que non cumprían as empresas restantes.

.- Cales son os criterios técnicos, non os políticos, que lle fan á concelleira decantarse pola empresa da súa preferencia e non polas empresas que eran da preferencia dos técnicos do concello.

.- Cales son as melloras que ofrece a empresa da súa preferencia fronte ás restantes.

.- Polo tanto cales son as vantaxes, servizos, que ofrece esa entidade, para que o custo das actividades dupliquen en principio o doutras entidades.

.- Das actividades que estaban detalladas na solicitude da subvención, cantas e canles quedaron sen executar.

O sr. alcalde sinala que se lle parece aos concelleiros/as lle da a palabra á sra. Otero para despois facer os turnos correspondentes.

ONCELLO DE TE
Secretaría

A sra. Otero sinala que, tratándose dos obxectivos políticos, teñen que ver con que a igualdade é unha cuestión transversal e as propostas das primeiras empresas sobre todo estaban dirixidas, que non está mal facelo, á poboación sobre todo feminina, ás mulleres do rural, porén eles consideran que a transversalidade desa igualdade tamén ten que dar cabida a un dos obxectivos, que é que na sociedade en xeral, non so nas mulleres, exista unha conciencia da igualdade. Sinala que tratándose de crear

dinámicas de encontro entre as mulleres, na terceira proposta había un xeito de traballo que é o de intentar crear rede entre a sociedade de Teo, algo que tamén foi unha das queixas que o persoal do CIM fixeron ao principio, cando eran as reunións organizativas de presentación dos primeiros meses, sinalando que dicían que podían organizar actividades porén non conseguían chegar a todos os ámbitos ou extractos da sociedade que quixeran, porque faltaba tecer esa rede no concello, e esta terceira opción traballaba nas actividades sobre todo intentando tecer esa rede facendo encontros sectoriais ou outro tipo de encontros que podían facer crear esas dinámicas de traballo colectivo.

Explica a sra. Otero que outro tema importante é que un dos obxectivos era facer visible o CIM, e a terceira proposta tiña unha campaña especificamente encamiñada a visibilizar o traballo do CIM e que toda a poboación teense coñecera cales son os servizos que se podan dar nese centro.

Sinala a sra. Otero que tratándose de máis cuestións políticas hai que ter en conta que nese momento estaba pendente da aprobación polo Pleno do Plan de igualdade que tivera en teoría unha parte participativa, de recollida de datos, e logo tivo un período de exposición pública no que non tiveron a maneira de recoller as demandas da sociedade para o Plan de igualdade. Nesta terceira opción se facía unha campaña para dinamizar ou dar a coñecer ese plan de igualdade que vai a estar vixente os vindeiros catro anos.

Tratándose das cuestións técnicas ás que se referiu o sr. Sánchez, a sra. Otero explica que non se trata de cuestións que lle correspondera a ela decidir polo tanto non entra a valoralas. Explica que na medida en que non se levou a cabo o proxecto todas as actividades quedaron sen executar, porén das actividades propostas na solicitude si que xa estaban feitos polo CIM, que o fai xa dende fai moitos anos, os curso de autoestima, cuestión tamén pola que non se decantaba por unha das propostas, que tiña a proposta de facer actividades de distinto tipo, e considerou que moitas delas xa estaban cubertas polas que ofertaba o CIM e incluso outros servizos do Concello, como pode ser a área area de servizos sociais. Salienta a sra. Otero que duplicar ese tipo de actividades non era conseguir un avance non que é a igualdade ou a dinamización das mulleres do rural teense.

CONCELLO DE TEO
Secretaría

Aclara o sr. alcalde que agora se iniciarán os turnos normais de intervención.

Intervén o portavoz do BNG, sr. Fernández, quen sinala que teñen pouco que dicir e que se trata dunha cuestión política con dúas interpretacións diferentes. Como dixo a concelleira determinadas cuestións condicionan a aceptación da subvención e teñen que ver coa concepción da propia igualdade e como debe ser transmitida á sociedade, creando esas redes e facéndoo de maneira transversal. Sinala o sr. Fernández que o que si lle chocou foi esa renuncia á subvención, engadindo que así e todo e estando de acordo con estas cuestións políticas, ten que dicir que nesta Corporación se teñen aprobado convenios e propostas e temas, incluso modificacións de ordenanzas, con aquela idea de que senón se podían perder subvencións ou non impedir entrar en repartos de subvencións ou programas da Xunta de Galicia ou da Deputación. Entende o sr. Fernández que cando se facían aquelas propostas tamén ían en contra da liña política do grupo ao que pertence o grupo de goberno, como por exemplo o convenio co Arcebispado, a modificación de ordenanza na que se bonificaba o IAE beneficiando ás grandes empresas.

O sr. Fernández di estar de acordo en que se os 10.000 € ían a condicionar un proxecto en contra da liña política que defende o goberno municipal entende que se optara por esa fórmula. Remata o sr. Fernández sinalando que hai que deixar ao PP que siga expoñendo a súa postura, porque el quere saber algo máis xa que, máis alá dun tema político, descoñece onde está a infracción.

Intervén a portavoz do PSOE, sra. Lemus, quen di que efectivamente ela tamén ía por esa liña, engadindo que é verdade que se pode estar máis ou menos de acordo con esa decisión de renuncia á subvención, porén tendo en conta que a subvención foi solicitada previamente á chegada da sra. Otero como concelleira, existe un elemento de que cada un ten unha liña política na súa área que ten que valorar e saber que facer con ela.

CONCELLO DE TEO
Secretaría

A sra. Lemus sinala que ten visto comparecencias por perdas de subvencións, por razóns relacionada polos prazos, nas que podía existir unha certa culpa *in vigilando,* porén neste caso non cree que sexa motivo de escarnio nin nada parecido. Remata a sra. Lemus a súa intervención agradecendo as explicacións da sra. Otero e agardando ás valoracións do PP.

Intervén o concelleiro do PP, sr. Sánchez, que agradece a sra. Otero a explicación dos obxectivos políticos que lle levaron a tomar esa decisión, engadindo que incluso pode compartir algún dos mesmos. Considera que renxe un pouco que todos e cada un deses obxectivos políticos non consten en ningún momento dentro da proposta de subvención, polo que renxe un pouco a argumentación política que fai a sra. Otero. Lamenta o sr. Sánchez que as actividade quedasen practicamente todas sen facer, engadindo que porén agora que Teo é un Concello rico e se poderían ter feito estas actividades con medio propios, por unha cuestión que tanto di o goberno municipal que lle preocupa, que é a igualdade, engadindo que a eles tamén lles preocupa.

Sinala o sr. Fernández que hai que facer un balance das datas porque son claves. Explica que o 15 de maio faise a solicitude, e o primeiro dato é que se trataba dun conxunto de actividades que ían a realizarse catro meses, ían ter unha custo de 18.300 euros, e a proposta da empresa de preferencia da concelleira propoñía facer un conxunto de actividades durante un mes e medio cun custo practicamente idéntico. O 9 de agosto faise a concesión, o día 19, segundo coñeceron por un escrito que rexistraron a directora e a avogada do CIM, as propias traballadoras do CIM empezan a facer as xestións coas empresas, o 3 de setembro teñen ese contacto con dúas empresas que manifestaron a súa vontade de realizar esa actividade.

Sendo as vinte horas e trinta minutos abandona o Salón de Plenos a interventora municipal D.ª Mónica Lado Varela.

Sinala o sr. Sánchez que o 5 de setembro se dicía que se deixaba de admitir empresas, e existiu unha que pretendeu facer a súa proposta ese día 5, e se lle dixo que se puxera esa data de prazo e que non se lle ía a permitir presentar a súa proposta. Ao día seguinte a concelleira dixo que ela tiña unha proposta dunha nova empresa da que agardaba resposta, que chegou o día 10 de setembro. Ese mesmo día houbo unha xuntanza da concelleira coa empresa da súa preferencia e as traballadoras do CIM puxeron de manifesto que non consideraban xusto que isto ocorrera cando xa se tiña rexeitado unha empresa por non presentarse en prazo a proposta. Sinala o sr. Sánchez que o balance neste intre é: empresa A, cunha proposta de 11.600 €, empresa B, 8.900 € e empresa C, da preferencia da concelleira, 17.900 €. Pregunta o sr. Sánchez que motivo xustifica que unhas actividades que se ían a desenvolver en

CONCELLO DE TEO
Secretaría

catro meses custasen18.300 €, e que unhas actividades que, no mellor dos casos, se realizarán en mes e medio custasen 17.900 €.

Considera o sr. Sánchez que agora veñen as datas claves e probablemente as respostas ao sr. Fernández Baz. O 10 de setembro, segundo consta no expediente do concello, a concelleira confirma por escrito que vai facer a actividade. O día 11 de setembro a directora a e avogada do CIM poñen en coñecemento por escrito, nun documento rexistrado, todo o que acaba de comentar.

Ao día seguinte, casualidade ou non, o sr. alcalde redacta un escrito dicindo que renuncia á subvención. Pregunta o sr. Sánchez porque motivo corenta e oito horas despois de que a concelleira dixera, por escrito, que ía adiante coa actividade o alcalde renuncia á actividade.

Sinala o sr. Sánchez que o único que lle consta que pasou neste tempo é o escrito das traballadoras do CIM, polo tanto branco e en botella. Sinala o sr. Sánchez que ese é o balance do PP, un balance no que non se comete nada que este fora do legal, porén deixase ver ás claras cales eran as intencións iniciais, engadindo que o texto do 11 de setembro plasma unha situación moi comprometida para a concelleira e que a deixa nunha delicada situación.

O sr. alcalde sinala que, como Son de Teo, vai a fixar posicionamento. Aclara que non é que o alcalde renuncie, senón que quen renuncia é a concelleira, porén ao igual que o alcalde asina a solicitude o alcalde asina a renuncia. Sinala que a alcaldía ten delegada unhas funcións que son as que ten a sra. Otero, que é quen tomou as decisións. Explica o sr. alcalde que se está un pouco a xogar, como non hai nada, a ver se se se atopa algo de que había intención de que fora ilegal. Considera que hai tres ou catro puntos claves. Sinala que o primeiro é o tipo de convocatoria, xa que era para facer unha actividade de catro meses e realmente o máximo que se podería ter desa actividade era dous meses, polo que non parece que a convocatoria estivera moi ben feita, e dadas as circunstancias non parece moi lóxico e non se lles debe recriminar por renunciar a algo que non era plenamente practicable. Salienta o sr. alcalde que claro que está a orientación política, porque os cidadás que lles votan tamén lle piden un posicionamento claro en relación co tema da igualdade, que non é o mesmo que o do PP. Sinala que investir aínda que sexan 20.000 euros para facer cursillos de cestería,

NCELLO DE TEO
Secretaría

de flores, etc, que levan facendo as asociacións non sei canto tempo, non lles parecen ben, e hai que dicilo con todas as letras. A concelleira considera que con ese cartos se deben facer outras cousas. Salienta o sr. alcalde que non se pode esquecer que se trata dunha subvención de 18.000 euros, dos que 8.000 os aporta o Concello, polo tanto non estamos nunha subvención do 80 % ou 90 % senón que a aportación municipal é moi importante, e isto tamén tivo que ver na toma de decisións.

Considera o sr. alcalde que o que ten que facer un departamento técnico é desenvolver e vehiculizar o programa deseñado politicamente e se hai algo que se considera ilegal, denuncialo, pero que sexa ilegal. Salienta que a realidade é que nos atopamos ante un contrato menor, que non ten nin prazos de presentación, nin mesa de contratación, nin nada, aínda que haberá que xustificar outra serie de cousas, pero precisamente das cousas que parecen intuírse dese escrito ningunha. Salienta o sr. alcalde que se trataba dunha subvención que estaba collida polos pelos e por enriba se se ten en conta que iso xera unha serie de problemas de transgresión, porque tampouco se pode esquecer que quen ten que desenvolver o proxecto en si son as persoas técnicas do departamento e se estas non comparten e expresan a súa opinión en contra, parece valorable que a concelleira decida non facelo.

A sra. Otero sinala que a transversalidade vai no título do programa, engadindo que o feito de que a igualdade é transversal está implícito nela. Aclara que os orzamentos presentados das propostas, da que di o sr. Sánchez que é da súa preferencia, marcou un orzamento de 17.900 €, quitando os temas do IRPF, na primeira proposta, na que se supoñía que o proxecto estaba valorado en 18.000 €, e fixo está proposta, xenérica, e a partir de aí se especificaría e se adaptarían os prazos e as actividades. Curiosamente as outras dúas propostas comezaron en orzamentos bastante menores e cando se lles pide que fagan unha revisión aparecen todas con orzamentos superiores. Remata a sra. Otero a súa intervención sinalando que neste caso a cuestión económica non é fundamental.

ONCELLO DE TEO
Secretaría
CC

Aberta a segunda quenda de intervencións o sr. Fernández refírese a esa diferente concepción da igualdade que existe e que se vía fai pouco no Parlamento, por exemplo cando o sr. Feijóo falaba de "*as nosas mulleres*", polo que se trata dunha forma diferente de ver o problema. Considera que se trata dunha cuestión política e pregunta

onde se atopa a infracción. O sr. Fernández di que entende que o informe das técnicas valorarían os proxectos por cuestións técnicas, non por cuestións políticas, porque se fixeron isto último, pode ser que e por iso se está falando hoxe dixo, e sería un informe que en todo caso non sería nin preceptivo nin vinculante e nese caso a decisión correspondería á concelleira e terá que asinar o sr. alcalde, porque é quen asina no Concello. Sinala o sr. Fernández que non acaban de ver o problema nesta cuestión e que non teñan nada máis que engadir.

A sra. Lemus non fai uso da súa quenda de intervención.

O sr. Sánchez sinala que non lle cabía ningunha dúbida de que ante unha axuda proposta por un goberno socialista e unha subvención solicitada polo goberno de Son de Teo ao final de todo isto a culpa a tería o sr. Feijóo.

Considera o sr. Sánchez que hai que concluír que se presentou unha solicitude para unha subvención coa que non se concordaba cos seus criterios políticos, non entendendo porque entón se solicitou. Di o sr. Sánchez que non acaba de entender porque o sr. alcalde se puxo tan nervioso, cunha resposta airada e en parte fora de ton, cando citou que fora o sr. alcalde o que fixera a renuncia.

Sinala o sr. Sánchez que entende que dende o goberno creen que é importante facer isto pero doutro xeito, con outros criterios políticos, con outros principios políticos, con outras obxectivos políticos, con outro tipo de actividades políticas, porén o balance é que hoxe, a 27 de novembro, a propia concelleira dixo que destas actividades non se fixer ningunha, e iso que Teo un concello rico e preocupado pola igualdade. Das comparecencias quedoulle unha cousa clara e que se así o sr. alcalde así o farán e pedirán a comparecencia do sr. alcalde para o próximo Pleno.

ONCELLO DE TEO
Secretaría

Dirixíndose á sra. Otero, o sr. Sánchez dille que segue pensando o mesmo, e considera indefendible e non quedou respondido porque unha empresa que se sabía previamente que ía facer unha execución durante un mes e medio propoñía un orzamento para unha actividade idéntica para catro meses. Remata o sra. Sánchez a súa intervención sinalando que o único que lle quedou claro é que tanto querían cambiar, tanto eran a política do cambio que o que acaban de expoñer é que o que máis cambiaron son os seus propios principios.

O sr. alcalde sinala que xa se coñecen e xa saben que para isto e para todo é un pouco vehemente. Recoñece que lle molesta que se deixe entrever co tema da sinatura que iso implicaba unha desautorización, porque non é así, senón que esa forma de proceder é igual en todos os casos, engadindo que se ten que comparecer, comparece, porén a responsabilidade na toma de decisión foi da concelleira.

A sra. Otero sinala que, para que no quede dúbida sobre se estaban ou non respostadas as preguntas formuladas, hai que aclarar que as actividades no estaban executadas, porén o taller de autoestima tivo lugar no último trimestre, en setembro, de 2019, porque era unha actividade que se viña desenvolvemento polo CIM dende fai anos, segue habendo talleres formativos presenciais no CIM, existindo dous cursos de autodefensa, deseño e xestión de programas en materia de igualdade, houbo dous cursos de autodefensa, deseño e xestión de programas en materia de igualdade e oportunidade de xénero, para diferentes públicos e obxectivos, están en parte está realizada todos os anos co colectivo educativo, e se seguirá traballando con outros colectivos, p contacto xa con todas as asociación estanse facendo.

Salienta a sra. Otero que seguirán traballando en propostas futuras, con subvención ou sen ela.

4.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL NO PEF 2019- 2020.

O sr. alcalde da conta da proposta de 14 de novembro de 2019, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de facenda e asuntos económicos, que asume as funcións da Comisión especial de contas de 21 de novembro de 2019.

ONCELLO DE TEO
Secretaría

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO. CORRECCIÓN ERRO MATERIAL PEF 2019 2020

Téndose aprobado polo Pleno do concello en sesión extraordinaria de data 09/10/2019 o PEF para o período 2019 2020 por incumprimento da estabilidade orzamentaria e regla de gasto.

Considerando que dito PEF debe ser cargado na correspondente plataforma da Oficina Virtual das Entidades Locais.

E, considerando que, segundo o informe de intervención de data 12/11/2019, se detectaron certos erros materiais no PEF aprobado polo Pleno, que deben ser correxidos antes de que os datos se volquen na citada platarforma.

PROPOÑO, ao Pleno da Corporación ,previo dictame da Comision de Facenda e Asuntos Económicos, a adopción dos seguintes ACORDOS:

Primeiro.-Correxir os erros materiais existentes no PEF 2019-2020 que foi aprobado polo Pleno en sesión de data 09/10/2019 de xeito que os datos correctos son os que se amosan nas táboas anexas a esta proposta, isto e, que se corrixe o apartado 1.2 Causas, diagnostico e previsión tendencial na regla de gasto, e o apartado 3.2 Conclusion e obxetivo, regla de gasto.

Segundo.-Dar conta do presente Acordo á Comision Nacional de Administración Local asi como á Dirección Xeral de Politica Financeira e Tesouro da Consellería de Facenda.

Terceiro.- Efecturar a comunicación telemática en cumprimento das obrigas contempladas na ORDE HAP/2015/2012, de 1 de outubro.

Teo, 14 de novembro de 2019.

O alcalde

Rafael Sisto Edreira"

NCELLO DE TEO
Secretaría

CONCELLO DE TEO
Secretaría

1.-CAUSAS, DIAGNOSTICO Y PREVISION TENDENCIAL

1.2.-Regla de Gasto

Entidad		Ejercicio 2018					
Codigo	Denominacion	gasto computable 2017	Tasa referencia 2018	aumentos y disminuciones	limite regla de gasto según PEF vigente en 2018	gasto computable liquidacion 2018	cumplimiento / incumplimiento regla de gasto
11-15-082-AA-000	Teo	10.404.279,56	0,024	0,00	11.709.461,75	12.282.132,54	-572.670,79

Entidad		Ejercicio 2019					
Codigo	Denominacion	gasto computable 2018	Tasa referencia 2019	aumentos y disminuciones	limite regla de gasto	gasto computable ejercicio 2019 (previsión)	cumplimiento / incumplimiento regla de gasto
11-15-082-AA-000	Teo	11.709.461,75	0,027	0,00	12.025.617,22	12.025.617,22	0,00

Entidad		Ejercicio 2020					
Codigo	Denominacion	gasto computable 2019	Tasa referencia 2020	aumentos y disminuciones	limite regla de gasto	gasto computable liquidacion 2020	cumplimiento / incumplimiento regla de gasto
11-15-082-AA-000	Teo	12.025.617,22	0,028	0,00	12.362.334,50	12.362.334,50	0,00

Para el cálculo de la tasa de referencia se han aplicado los coeficientes de la regla de gasto aprobados por el Consejo de Ministros:

Ej. 2018 2,40%
Ej. 2019 2,70%
Ej. 2020 2,80%

Base gasto computable liquidacion anterior= gasto computable liquidacion anterior - IFS
IFS= Inversiones financieramente sostenibles.
Tasa de referencia= Gasto compu
Limite regla de gasto= Tasa referencia- aumentos y disminuciones.
Cumplimiento regla de gasto= limite regla de gasto-gasto computable liquidación.

CONCELLO DE TEO
Secretaría

CONCELLO
DE TEO
Secretaría Xeral

3.-CONCLUSION Y OBJETIVO

3.2.-Regla de gasto

Ejercicio 2019

Codigo	Denominacion	cumplimiento/ incumplimiento regla gasto previo	efecto medidas	cumplimiento/ incumplimiento regla gasto PEF
11-15-082-AA-000	Teo	- 572.670,79	- 588.132,90	,0

Ejercicio 2020

Codigo	Denominacion	cumplimiento/ incumplimiento regla gasto previo	efecto medidas	cumplimiento/ incumplimiento regla gasto PEF
11-15-082-AA-000	Teo	cumplimiento regla gasto	0	0

Efecto medidas= Total de las medidas sobre empleos no financieros

Cumplimiento / incumplimiento regla gasto PEF= Cumplimiento / incumplimiento regla gasto previo+ efecto medidas

El total del cumplimiento/incumplimiento de la regla de gasto de la Corporacion debe tener un valor positivo para el ejercicio de aprobacion del PEF

El total del cumplimiento/incumplimiento de la regla de gasto de la Corporacion debe tener un valor positivo para el ejercicio siguiente al de aprobacion del PEF

O sr. alcalde explica que o erro ben do cálculo do gasto computable para o ano 2019, que figuraba como 12.513.163,18 €, cando a cifra correcta sería 12.025.617,22. Explica que o erro veu de cando se fixo a redución dos créditos non dispoñibles e non se trasladou ao cálculo da regra de gasto, engadindo que tampouco interesa moito baixar o gasto computable, xa que será o que determine a regra de gasto do vindeiro ano.

Aberta a quenda de intervencións, portavoz do grupo mixto, sr. Fernández, a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, e o portavoz do PP, sr. Guerra, non fan uso da mesma.

Non abríndose debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con oito votos a favor (4 Son de Teo e 4 PSdeG-PSOE) e nove abstencións (7 PP e 2 BNG), acorda:

Primeiro.- Correxir os erros materiais existentes no PEF 2019-2020 que foi aprobado polo Pleno en sesión de data 09/10/2019 de xeito que os datos correctos son os que se amosan nas táboas anexas a esta proposta, isto e, que se corrixe o apartado 1.2 Causas, diagnostico e previsión tendencial na regla de gasto, e o apartado 3.2 Conclusion e obxetivo, regla de gasto.

Segundo.- Dar conta do presente Acordo á Comision Nacional de Administración Local asi como á Dirección Xeral de Politica Financeira e Tesouro da Consellería de Facenda.

Terceiro.- Efecturar a comunicación telemática en cumprimento das obrigas contempladas na ORDE HAP/2015/2012, de 1 de outubro.

CONCELLO DE TEO
Secretaría



1.-CAUSAS, DIAGNOSTICO Y PREVISION TENDENCIAL

1.2.-Regla de Gasto

Entidad		Ejercicio 2018					
Codigo	Denominacion	gasto computable 2017	Tasa referencia 2018	aumentos y disminuciones	limite regla de gasto segun PEF vigente en 2018	gasto computable liquidacion 2018	cumplimiento / incumplimiento regla de gasto
11-15-082-AA-000	Teo	10.404.279,56	0,024	0,00	11.709.461,75	12.282.132,54	-572.670,79

Entidad		Ejercicio 2019					
Codigo	Denominacion	gasto computable 2018	Tasa referencia 2019	aumentos y disminuciones	limite regla de gasto	gasto computable ejercicio 2019 (previsión)	cumplimiento / incumplimiento regla de gasto
11-15-082-AA-000	Teo	11.709.461,75	0,027	0,00	12.025.617,22	12.025.617,22	0,00

Entidad		Ejercicio 2020					
Codigo	Denominacion	gasto computable 2019	Tasa referencia 2020	aumentos y disminuciones	limite regla de gasto	gasto computable liquidacion 2020	cumplimiento / incumplimiento regla de gasto
11-15-082-AA-000	Teo	12.025.617,22	0,028	0,00	12.362.334,50	12.362.334,50	0,00

Para el calculo de la tasa de referencia se han aplicado los coeficientes de la regla de gasto aprobados por el Consejo de Ministros:

Ej. 2018 2,40%
Ej. 2019 2,70%
Ej. 2020 2,80%

Base gasto computable liquidacion anterior= gasto computable liquidacion anterior - IFS
IFS= Inversiones financieramente sostenibles.
Tasa de referencia= Gasto compu
Limite regla de gasto= Tasa referencia- aumentos y disminuciones.
Cumplimiento regla de gasto= limite regla de gasto-gasto computable liquidación.

CONCELLO DE TEO
Secretaría

CONCELLO
DE TEO
Secretaría Xeral

3.-CONCLUSION Y OBJETIVO

3.2.-Regla de gasto

Ejercicio 2019

Codigo	Denominacion	cumplimiento/ incumplimiento regla gasto previo	efecto medidas	cumplimiento/ incumplimiento regla gasto PEF
11-15-082-AA-000	Teo	- 572.670,79	- 588.132,90	,0

Ejercicio 2020

Codigo	Denominacion	cumplimiento/ incumplimiento regla gasto previo	efecto medidas	cumplimiento/ incumplimiento regla gasto PEF
11-15-082-AA-000	Teo	cumplimiento regla gasto	0	0

Efecto medidas= Total de las medidas sobre empleos no financieros

Cumplimiento / incumplimiento regla gasto PEF= Cumplimiento / incumplimiento regla gasto previo+ efecto medidas

El total del cumplimiento/incumplimiento de la regla de gasto de la Corporacion debe tener un valor positivo para el ejercicio de aprobacion del PEF

El total del cumplimiento/incumplimiento de la regla de gasto de la Corporacion debe tener un valor positivo para el ejercicio siguiente al de aprobacion del PEF

Sendo as vinte horas e cincuenta e tres minutos, auséntase do Salón de Plenos o concelleiro do PP, D. José M. Guerra Calvelo, que se incorpora pasados dous minutos.

5.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE A EMIGRACIÓN GALEGA.

O sr. alcalde cede a palabra ao portavoz do BNG, D. Manuel A. Fernández Baz.

O sr. Fernández da conta da moción do seu grupo de 14 de novembro de 2019 (rex. entrada nº 7768), que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de benestar social, igualdade, transportes, turismo, comercio e emprego de 21 de novembro de 2019.

"O Grupo municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO** no Concello de Teo, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal do Pleno da Corporación, presenta a seguinte **MOCIÓN** para o seu debate en Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O colectivo Vía Galega rexistrou no Concello de Teo o 24 de outubro a seguinte proposta de moción:

"Este vaise i aquel vaise,
e todos, todos se van.
Galicia, sin homes quedas
que te poidan traballar.
Tés, en cambio, orfos e orfas
e campos de soledad,
e nais que non teñen fillos
e fillos que non ten pais.
E tés corazóns que sufren
longas ausencias mortás,
viudas de vivos e mortos
que ninguén consolará.

CONCELLO DE TEO
Secretaría

*No poema **Pra a Habana!**, a nosa poeta, **Rosalía de Castro**, plasmou con especial sensibilidade o drama da emigración. Un drama non só persoal, senón tamén social e nacional. A emigración provoca desarraigamento, familias rotas e conduce tamén á desertización económica e á perda de horizonte de futuro dun país.*

*156 anos despois da publicación de **Cantares Gallegos** este drama dista moito de ser unha triste lembranza do noso pasado. Segundo datos do **Instituto Galego de Estatística**, nos últimos 10*

anos (2008-2017 –últimos datos dispoñíbeis-) emigraron de Galiza 216.413 persoas con idades comprendidas entre os 16 e 54 anos, idades nas que se concentran a maior parte das persoas demandantes de emprego.

Nese período 79.529 persoas con idades comprendidas entre os 16 e os 29 anos abandonaron o noso país. Mozas e mozos que ante a falta de perspectivas de realización persoal e laboral tiveron que coller a maleta para se gañar a vida fóra. Unha sangría para unha sociedade que criou e formou a unha xeración para que o seu coñecemento e o seu traballo contribúa ao progreso doutras sociedades en vez de reverter no país.

A emigración mesmo está a poñer en perigo a propia viabilidade de Galiza. O impacto da emigración é evidente no noso devalo demográfico e no avellentamento da poboación.

A poboación activa de Galiza (persoas entre 16 e 65 anos que están traballando ou buscan emprego) representa menos da metade da poboación total.

Na época na que Rosalía escribiu Pra a Habana! a poboación de Galiza representaba o 11,5% da poboación total do Estado español e a súa densidade de poboación duplicaba a media estatal. En 1900 a porcentaxe descendera ao 10,64%. En 1950 situábase no 9,26% e en 2018 era só do 5,74%. É dicir, o peso relativo da poboación de Galiza no Estado español reduciuse á metade e en 2018 a nosa densidade de poboación situouse por vez primeira por baixo da media.

Algúns xa denominan a esta realidade "a Galiza mingüante" e se non lle poñemos remedio a esta sangría poboacional, significará a morte a medio prazo de Galiza como ente colectivo.

A condición periférica e subordinada da nosa economía, a destrución de parte importante da nosa base produtiva, a precariedade no emprego e a ausencia de políticas ambiciosas de igualdade e fomento da conciliación están na base do devalo demográfico do país e o aumento da emigración.

ONCELLO DE TEO
Secretaría

Por todo o devandito o Pleno do Concello adopta os seguintes acordos:

-Dirixirse ao Parlamento de Galiza para que tome en consideración a emigración como un drama social e nacional, conciba este problema como unha emerxencia nacional e outorgue prioridade ás políticas que ataquen as súas causas, instando á Xunta de Galiza a impulsar políticas que aseguren o dereito a un traballo digno na terra e creen as condicións para favorecer o retorno das nosas persoas emigradas.

-Instar ao Parlamento de Galiza a constituír no seu seo unha ponencia sobre a emigración galega, co obxecto de que, no prazo máximo de cinco meses, estude e propoña as medidas e políticas necesarias para rematar con este drama que ao longo da historia e actualmente golpea ao Pobo Galego.

-Deben ser eixos destas políticas:

- A defensa da base produtiva do país e dunha economía autocentrada, que mobilice os enormes recursos do país para xerar emprego e riqueza en Galiza.

- A creación de emprego digno e de calidade.

- O desenvolvemento de políticas sociais que aseguren a igualdade e favorezan a conciliación da vida laboral e familiar.

-O compromiso desde o goberno municipal con políticas que promovan e lle dean forza aos sectores estratéxicos e ao tecido industrial de Galiza, nomeadamente o agrogandeiro, forestal , marítimo-pesqueiro , enerxético e das TIC."

Por todo isto, o Grupo municipal do BNG fai súas as demandas presentadas por Vía Galega e solicita do Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

-Instar ao Parlamento galego a que, a través dunha resolución, tome en consideración a emigración como un drama social e nacional, conciba este problema como unha emerxencia nacional e outorgue prioridade ás políticas que ataquen as súas causas, instando á Xunta de Galiza a impulsar políticas que aseguren o dereito a un traballo digno na terra e creen as condicións para favorecer o retorno das nosas persoas emigradas.

CONCELLO DE TEO
Secretaría

-Instar ao Parlamento de Galiza a constituír no seu seo unha ponencia, ou comisión de estudo, sobre a emigración galega, co obxecto de que, no prazo máximo de cinco meses, estude e propoña as medidas e políticas necesarias para rematar con este drama que ao longo da historia e actualmente golpea ao Pobo Galego.

-Deben ser eixos destas políticas:

- A defensa da base produtiva do país e dunha economía autocentrada, que mobilice os enormes recursos do país para xerar emprego e riqueza en Galiza.

- A creación de emprego digno e de calidade.

- O desenvolvemento de políticas sociais que aseguren a igualdade e favorezan a conciliación da vida laboral e familiar.

- O compromiso desde o goberno municipal con políticas que promovan e lle dean forza aos sectores estratéxicos e ao tecido industrial de Galiza, nomeadamente o agrogandeiro, forestal , marítimo-pesqueiro , enerxético e das TIC".

O portavoz do BNG, sr. Fernández, sinala que este é o texto proposto por Vía Galega, que tamén foi presentado no Parlamento de Galicia.

Aberta a quenda de intervencións, a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, amosa o seu apoio

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra á concelleira do seu grupo D.ª María Dolores Nariño Facal.

A sra. Nariño di que vai comezar expoñendo as razóns polas que o seu grupo se vai a abster, con independencia de entender que a emigración é unha problemática existente. Explica que vai a expoñer os datos actualizados, xa que na moción do BNG que presenta o BNG non é así.

Sinala que nos anos aos que se fai referencia na moción, entre o 2008 e 2017, o saldo migratorio do exterior que aporta o Instituto galego de estatística é positivo en 45.031 persoas, é dicir neste período Galicia recibiu máis persoas das que saíron. En concreto, se se comparan os datos da emigración externa que se recollen na moción nas franxas de 16 a 54 anos coas entradas do exterior o dato é positivo en 16.828 persoas. O mesmo se podería dicir n relación coas franxas de idade de 16 a 34 anos na que o saldo sería positivo en 9.848 persoas.

CONCELLO DE TEO
Secretaría

Sinala a sra. Nariño que se se fai referencia ao saldo do último ano o fluxo migratorio en Galicia foi positivo en máis de 13.000 persoas.

Salienta a sra. Nariño que isto no exime de que, eles, como grupo, entenden que se debe seguir traballando con respecto a políticas de emigración que favoreza que a

xente non teña que emigrar entenden que é algo positivo. Considera a sra. Nariño que o regreso de galegos a Galiza, medrou por quinto ano consecutivo. Sinala que hai que seguir traballando, xa que se trata dun eido que non se pode esquecer e o motivo da súa abstención e porque non concordan cos datos recollidos na moción.

O sr. alcalde lle cede á palabra á concelleira do seu grupo, D.ª Iria Otero Romero, quen sinala que comparten a moción por iso a van a apoiar anuncia o apoio do seu grupo.

O sr. Fernández sinala que a da vía galega de do Instituto Galego. Explica que cando fala de fluxo de emigración falan de número de persoas, porén se o miramos por idades vese realmente o dramático. Sinala que claro que veñen persoa, os xubilados, que teñen que volver, porén no pais agora hai 208.747 persoas que teñen entre 20 e 39 anos, e é dramático, polo menos para o seu grupo, aínda que descoñece se o será para o PP.

A sra. Nariño sinala que en ningún momento dixo que non o fora.

Sinala o sr. Fernández que, como todos coñecen, quen está emigrando é a xente nova, preparada e formada. O que non se pode negar é que, cando todos os anos se fala da batalla de Cacheiras e comentan que pasou sempre se refire ao peso demográfico que tiña Galicia no Estado español, que superaba 0 12 % da poboación do Estado, e aquela revolución é unha reacción ante unhas decisións tomadas dende Madrid e que ten consecuencias na poboación. E despois tivo consecuencias en que a xente tivo que emigrar. Salienta o sr. Fernández que Galicia tivo unha perda demográfica terrible, en 156 anos. É verdade que nos últimos cinco anos Galicia tivo un fluxo positivo, porén se se mira por idade se ve a gravidade do problema. Sinala o sr. Fernández que a noticia que saía o este día no xornal, daba unha información que evidenciaba o gran problema que hai no noso país, en relación coa poboación activa, e se falamos de fluxo positivo este non está beneficiando á recuperación demográfica. Considera o sr. Fernández que esta moción é moi importante así como todo o que se faga para rematar co problema que xera a emigración, porque a emigración realmente é unha consecuencia de, dunha que situación economica, dunha economía subdesenvolta, no senso de que ten moito potencial, e que non está sendo aproveitada na maneira en que debía de ser

CONCELLO DE TEO
Secretaría

aproveitado, para evitar que ese problema e esa consecuencia, que é a emigración, siga avanzando.

A sra. Nariño di que comparten que é algo tráxico e lembra que no seu momento se perdeu unha subvención de emprendemento e o emprendemento é algo importante que debe existir para que a xente non emigre, polo que van a ter que empezar a tomar todos notas e empezar a cambiar políticas, ou non sabe o que, con independencia de todo o demais. A sra. Nariño sinala que concorda con moitos das cousas que sinala a sr. Fernández, porén quería expoñer os datos reais.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con dez votos a favor (4 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE e 2 BNG) e sete abstencións (7 PP), acorda:

- Instar ao Parlamento galego a que, a través dunha resolución, tome en consideración a emigración como un drama social e nacional, conciba este problema como unha emerxencia nacional e outorgue prioridade ás políticas que ataquen as súas causas, instando á Xunta de Galiza a impulsar políticas que aseguren o dereito a un traballo digno na terra e creen as condicións para favorecer o retorno das nosas persoas emigradas.

- Instar ao Parlamento de Galiza a constituír no seu seo unha ponencia, ou comisión de estudo, sobre a emigración galega, co obxecto de que, no prazo máximo de cinco meses, estude e propoña as medidas e políticas necesarias para rematar con este drama que ao longo da historia e actualmente golpea ao Pobo Galego.

- Deben ser eixos destas políticas:

- A defensa da base produtiva do país e dunha economía autocentrada, que mobilice os enormes recursos do país para xerar emprego e riqueza en Galiza.

- A creación de emprego digno e de calidade.

- O desenvolvemento de políticas sociais que aseguren a igualdade e favorezan a conciliación da vida laboral e familiar.

CONCELLO DE TEO
Secretaría

- O compromiso desde o goberno municipal con políticas que promovan e lle dean forza aos sectores estratéxicos e ao tecido industrial de Galiza, nomeadamente o agrogandeiro, forestal , marítimo-pesqueiro , enerxético e das TIC.

6.- MOCIÓNS.

Antes de entrar no punto sétimo da orde do día relativo a rogos e preguntas, o sr. alcalde, de conformidade co previsto no artigo 91.4 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, e no artigo 33 do Regulamento orgánico, sinala que se vai a presentar unha moción conxunta dos catro grupos municipais, de 26 de novembro, solicitando á Deputación Provincial a ampliación do período voluntario de cobro do IBI ata o 24 de decembro e a non aplicación de recargos por demora ata esa data.

O sr. alcalde sinala que a urxencia da moción está relaciona cos prazos que se estipulan nela para poder ampliar o prazo da recadación voluntaria.

Sometida a urxencia a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes e co quórum da maioría absoluta do número legal dos seus membros, acorda que se proceda ao debate e posterior votación da moción conxunta dos catro grupo municipais, de 26 de novembro, solicitando á Deputación Provincial a ampliación do período voluntario de cobro do IBI ata o 24 de decembro e a non aplicación de recargos por demora ata esa data.

O sr. alcalde sinala que Catastro fixo unha desfeita. O feito de valorar o solo que antes non se valorar e modificar e cambiar as referencias catastrais, dou lugar a que a xente que o tiña domiciliado non se percatara, pensando que lle chegaría o recibo á libreta e non lle chegou e agora está fora de prazo.

O sr. alcalde da conta a moción conxunta dos catros grupos municipais, de 26 de novembro de 2019, que se recolle a continuación, solicitando á Deputación Provincial a ampliación do período voluntario de cobro do IBI ata o 24 de decembro e a non aplicación de recargos por demora ata esa data.

"MOCIÓN DE URXENCIA

Presentada polos grupos municipais SONdeTEO, PsdG-PSOE, PP de G e BNG

Solicitando á Deputación provincial a ampliación do período voluntario de cobro do IBI ata o 24 de decembro e a non aplicación de recargos por demora ata esa data

A aplicación da nova Ponencia de valores elaborada pola Xerencia Territorial do Catastro no ano 2018, provocou o cambio de varias referencias catastrais ao incorporar o valor do solo en moitas das edificacións existentes.

Moitas das persoas afectadas por estas modificacións que tiñan domiciliado o recibo do IBI, non se decataron que, ao modificarse a referencia catastral, o recibo do IBI xa non se podía cursar a través da domiciliación bancaria, polo que o recibo quedou sen pagar orixinando, ademais, un recargo por demora.

Considerando que, as persoas que tiñan domiciliado o recibo e non recibiron o cargo bancario, non tiñan intención de desatender ás súas obrigas fiscais, propoñemos ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO

Solicitar á Deputación provincial que amplíe o prazo de recadación voluntaria do IBI correspondente a 2019 ata o 24 de decembro de 2019 e que non proceda a aplicar recargos por demora ata esa data.

Teo, 26 de novembro de 2019"

Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do BNG, sr. Fernández, e a portavoz do PSdeG-PSOE, non fan uso das súas respectivas quendas de intervención.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra á concelleira do seu grupo D.ª Lucía Calvo de la Uz.

A sra. Calvo di que van a apoiar a moción porque lles parece xusto para os veciños. Sinala que lles gustaría dicir que o seu grupo está sempre cos veciños, engadindo que estes non teñen culpa desta situación. Pregunta a sra. Calvo que actuacións se van a levar a cabo para que os veciños estean informados, porque se vai para diante a moción e os veciños seguen sen están informados non vale de nada.

O sr. alcalde sinala que se fará difusión por bandos nas aldeas, acudindo tamén aos mecanismos de difusión nos bares, nas marquesinas, etc. Sinala que así mesmo tamén se pode facer unha nota de prensa, engadindo que todo o que se poida facer ser fará. O sr.. alcalde sinala que tamén é certo que a xente deixa pasar os dous meses, se confía de que vai a vir, e cando non chega o último día e cando veñen polo Concello.

A sra. Calvo refírese á posibilidade de enviar unha carta aos domicilios e pregunta porque non se comunicou ata o de agora, porque así se podería ter evitado.

O sr. alcalde sinala que non tiñan constancia de que os cambios da referencia catastral afectaran a tanta xente e tampouco se pensaba que iso ía a repercutir nas domiciliciacións, pero nin o Concello nin Catastro. Explica que Catastro si notifica, pero o que notifica son as alteracións, pero non notifica que se o tes domiciliado tes que modificalo, ea xente non deduce que iso lle vai a afectar n domiciliación. O sr. alcalde sinala que eles tampouco eran conscientes de a canta xente lle ía a afectar.

A sra. Calvo sinala que aínda que afectara a pouca xente se tería que ter tomado a iniciativa.

O sr. alcalde explica que a situación xurde cando termina a voluntaria, cando a xente empeza a chegar ao Concello a expoñer o problema, e ata que chega ese momento non se toma conciencia da magnitude do problema, sen esquecer que o Concello non é a encarga da recadación.

A sra. Calvo sinala que quizais existiu un pouco de desidia por parte da Deputación e do Concello.

CONCELLO DE TEO
Secretaría

A sra. Lemus sinala que se trata dunha situación que Catastro non valorou, non valorou que ao cambiar a referencia catastral o banco ía a rexeitalas. Sinala que o problema xurde a partir do 20 de novembro, cando acaba o prazo, e a xente se da conta de que non pagou o IBI.

O sr. alcalde explica que parece que o recibo leva dúas claves, unha de identificación e outra a referencia catastral e non se sabe se o banco considera que non é o mesmo recibo, aínda que veña a mesma persoa, se a referencia catastral cambia. Aclara o sr. alcalde sinala que depende do sistema informático do banco que lle rexeita automaticamente o recibo se non coincide a referencia catastral.

A sra. Calvo sinala que agora xa se sabe polo tanto é responsabilidade do Concello avisar á xente.

O sr. alcalde sinala que agora mesmo o primeiro que hai que conseguir é que a Deputación valide isto ou de unha fórmula alternativa para corrixilo, e unha vez que así sexa difundilo.

Non habendo más intervencións, o sr. alcalde sinala que se vai a proceder a someter a votación a moción conxunta, de todos os grupos políticos, que se acaba de tratar.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros (4 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE, 7 PP e 2 BNG), acorda Solicitar á Deputación provincial que amplíe o prazo de recadación voluntaria do IBI correspondente a 2019 ata o 24 de decembro de 2019 e que non proceda a aplicar recargos por demora ata esa data.

Preguntado polo sr. alcalde se hai algunha moción de urxencia máis, a concelleira do PP, D.ª María Vázquez Rey sinala que eles teñen unha moción, relativa ás reclamacións dos comerciantes teenses.

CONCELLO DE TEO
Secretaría

O sr. alcalde pregunta se as reclamacións dos comerciantes levan implícitas cuestións económicas, engadindo que de ser o caso os/as concelleiros/as teñen que lembrar que so se pode instar ao goberno non se pode acordar directamente en Pleno calquera cuestión que leve implícitas modificacións económicas.

O sr. Sánchez sinala que haberá que falar con eles.

A sra. Calvo sinala que teñen un impacto.

O sr. alcalde sinala que se ten impacto non se pode votar.

Co permiso da presidencia, interveño eu, secretaria da Corporación, para sinalar que, con carácter xeral, as mocións que supoñan a adopción de compromisos económicos teñen que ser previamente fiscalizados polo departamento de intervención, sen esquecer que cando se propón a adopción dun acordo debe estar claro, de cara á votación, que é o que se somete a votación, algo que non parece acontecer neste caso, cando se propón apoiar as reclamacións dos comerciante, sen especificar cales son tales reclamacións.

A sra. Vázquez sinala que no acordo a maior demanda que teñen é a colocación de adornos e luces de nadal.

O sr. alcalde propóndelle ao grupo municipal do PP que, ante a imposibilidade de tratalo como moción, que o plantexen en rogos e preguntas, aínda que non se someterá a votación.

Os/as concelleiros/as do PP sinalan que o plantexaran en rogos e preguntas.

CONCELLO DE TEO
Secretaría

7.- ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO BNG.

O/a concelleiro/a do BNG, formulan os/as seguintes rogos e preguntas:

1.- O sr. Fernández rógalle ao goberno municipal que respecta a ordenanza municipal para o impulso social de lingua galega en Teo. Sinala que fala do San Martiño e dos letreiros que se puxeron que estaban en perfecto castelán.

Ante a pregunta do sr. alcalde, resposta o sr. Fernández que se está referindo aos indicadores da policía local.

O sr. Fernández refírese ao artigo 2 da ordenanza salientando que se se aproba unha ordenanza a terán que cumprir.

2.- O sr. Fernández, dirixíndose ao sr. Elías, sinala que hai unha fochanca en Mouromorto a altura do número 70 que aínda é bastante comensurable pero vai camiño de non selo polo que, aínda que sabe que por alí vai a existir unha actuación, habería que recheala.

3.- O sr. Fernández sinala que ten un rogo relacionado coa recollida de animais no Concello de Teo. Explica que o día de San Martiño, dende o Raxó, chamouse a Protección Civil e estes responderon que xa irían noutro momento, concretamente ao día seguinte. Os veciños chaman ao 112 e este chama á Policía Local, que chega alí, porén quen ten que recoller o can son os veciños. Sinala o sr. Fernández que iso pasou a principios deste mes e evidencia que existe un problema coa recollida de animais, engadindo que este é un caso porén lle contaron máis. Sinala que sabe que o está facendo Protección Civil, porén non sabe se terán a formación axeitada, aínda que cando o fan intentan facelo o mellor posible, porén debe existir un servizo de recollida con todas as garantía e que actúe, porque realmente un animal solto é un problema para o animal e para as persoas, porque pode xerar un accidente.

Sinala o sr. Fernández que non sabe se se podería incrementar o convenio de Bando para que o laceiro de Compostela veña a Teo, porque parece que está funcionando ben e incluso este servizo de lacería ten refuxio propio. Considera que é importante afrontar este problema con urxencia porque son moitos os casos que se dan.

CONCELLO DE TEO
Secretaría

A Sra. Lemus sinala que se valorará.

O sr. alcalde sinala que, con independencia de que ese día se producise esa situación en relación co servizo de Protección Civil, ao ser o San Martiño, non está existindo un problema real con iso, no senso de que se están levando trinta animais a bando cada mes, unha media de un diario, e iso supón un coste importante para o Concello. Sinala o sr. alcalde que é certo que de noite en ocasións se produce esa situación, porén ante unha situación de emerxencia para iso están os servizos de emerxencia noutros concellos sufragados por todos, como o GES da Estrada. Opina que se pode articular con Protección Civil un servizo sustitutorio no caso de que eles non poidan

desprazarse, en circunstancias excepcionais, coma aconteceu co San Martiño, porén con carácter xeral non hai a concepción de que exista un problema de recollida.

A sra. Otero sinala que nos día de San Martiño tivo que ir á oficina agraria a recoller a documentación do San Martiño, e casualmente lle pediron que achegase a Protección Civil unha listaxe onde saían as entidades con certificación oficial para facer un curso formativo de benestar animal. Explica a sra. Otero que a disposición de Protección Civil, é boa, e haberá que ver.

O sr. Fernández di que quere que quede claro que el pon en valor o traballo de Protección Civil e eles o saben. Sinala que hai máis casos que lle comentaron, non so o día do San Martiño, estando claro que non se poden dar estas situacións porque en definitiva é un problema de seguridade tanto para as persoas como para o animais.

4.- A sra. Diéguez sinala que no Piro, alí xusto onde está o cruce coa Hermida e Cepeda, hai tres baches e cadran xusto por onde pasan as rodas, engadindo que tratándose dunha estrada da Deputación haberá que comunicarllo a esta.

5.- Sinala a sra. Diéguez que na estrada que baixa dende os Verxeis ata Ribas, cando se asfaltou xa hai moitos anos se puxo a cuneta con medio tubo. Agora mesmo a auga arrastrou e limpou a cuneta, porén hai zonas onde se acumulou a folla e outro onde naceu vexetación e nalgunha partes está totalmente entupida, ou ben pola follas ou ben pola vexetación, engadindo que son puntos moi concretos máis fáciles de limpar agora que no verán, porque a propia auga fixo a limpeza e están máis claro os puntos onde hai atasco.

CONCELLO DE TEO Secretaría

6.- O sr. Fernández sinala que na rúa que vai pola beira da pirotecnia, que vai dar á estrada provincial está intransitable.

O sr. Elías resposta que está orzamentado, estándose pendente do tempo.

Co permiso do sr. alcalde, Intervén a concelleira de Son de Teo, sra. Vázquez, e si que quería agradecerlle a custodia da lingua, engadindo que algo que lles preocupa. Sinala

que foron consciente do tema do San Martiño, existindo unha vontade de cumprir a ordenanza de forma rigorosa e exquisita, e xa se puxeron en contacto coa policía local, que neste caso é a responsable, pensando que neste caso foi un despiste.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PSdeG-PSOE.

Os/as concelleiros/as do PSdeG-PSOE non formulan ningún rogo nin pregunta.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PP.

Os/as concelleiros/as do PP formulan os/as seguintes rogos e preguntas:

1.- Explica o sr. Guerra que na travesía de Caheiras nº 33, coincidindo coa que vai ao Piro, a rampa da beiravía está destrozada, polo que habería que mirala.

2.- Refírese o sr. Guerra á lomba en Solláns entre o 133 e o134, e sinala que hai unha pista de 120 metros aproximadamente que está destrozada, engadindo que tamén tiña anotado a que dixo o sr. Fernández, que tamén está destrozada, así como a pista de Laxes, que parte da estrada da Deputación.

3.- Sinala o sr. Guerra que na rúa Ledín os veciños dinlle que hai unha cuneta que xa pediron de poñerlle uns tubos de formigón para ensanchala un pouco.

CONCELLO DE TEO
Secretaría

4.- Sinala o sr. Guerra que na pista do rapeiro, cara o Santiso, nº 27, parece que cando se arranxou a estrada a empresa que estivo alí estropeou uns tubos e se quedou de repoñelos fai dous anos e aínda non se fixo.

5.- Sinala o sr. Guerra que en Monte, Cacheiras, na rúa que non ten saída, dez veciños levan seis meses sen luz, dende que comezaron a poñer as farolas, puxéronse agora os mástiles porén faltan as farolas e están en penuria. Pregunta o sr. Guerra que se vai facer.

A sra. Lemus resposta que colocar as farolas.

O sr. Guerra pregunta se dentro de medio ano máis. Salienta que hai xente maior, que anda con bastón, en penuria, agora andan roubando nas casas, e hai que darlle solución.

A sra. Lemus sinala que por iso se lle van a poñer as farolas cando veñan.

O sr. Guerra pregunta cando vai a ser iso.

A sra. Lemus sinala que están solicitadas fai un mes e medio e hoxe lles dixeron que chegarían estes días, ou maña ou pasado.

6.- A sra. Vázquez pregunta se se mirou algo na pista de Xermeade a Olveira, porque dentro de pouco poden facer o mundial de natación.

O sr. Elías sinala que si que se mirou e que se arranxara.

7.- Sinala a sra. Vázquez que decidiron traer a moción do alumeado porque os comerciantes volveron a falar con eles, tratándose dunha demanda que fixeron varios anos. Sinala que novas xeracións lle pediron se podían preguntar se haberá luces de nadal en Teo. A sra. Vázquez sinala que ten un custo económico porén nas redes sociais os socialistas de Teo fixeron esa mesma pregunta o 17 de decembro de 2018, polo tanto pensan que xa terían iso en conta a nivel económico.

ONCELLO DE TEO
Secretaría

8.- A sra. Vázquez refírese á fonte de Freixeiro, engadindo que é verdade que houbo certa controversia. Sinala que xa trouxera un rogo para arranxala, que veu tamén cunha folla de rexistro onde todos veciños desa aldea asinaron o arranxo desa fonte, unhas barrandillas e o asfalto da estrada que vai polo medio. Desgraciadamente a persoa que se puxo ao fronte xa faleceu, e a fonte segue igual, porén a sra. Lemus na campaña de 11 de maio de 2015 para ser alcaldesa en Teo, puxo esa mesma foto co texto "*hoxe andamos por Reis, aquí un exemplo de abandono das infraestruturas municipais na parroquia*", e seguen abandonadas gobernando a sra. Lemus máis de catro anos.

A sra. Lemus, tratándose do alumeado, sinala que hai cousa dun mes e pico saíu unha nota de prensa do PP dicindo que o alumeado de nadal era fundamental e curiosamente uns días antes se mandou a todos os comerciantes dos que dispoñían os datos, por medio da concellería de comercio, un e-mail comunicando a posibilidade de colaborar co alumeado. Explica que o tema llo fixo chegar algún comerciante de Teo e despois viñeron outros e decidiu que o lóxico era abrir esa posibilidade. Sinala a sra. Lemus que haberá un alumeado básico, que será un contrato menor de 15.000 euros. Reitera que será cativo e que se lle dou xa posibilidade aos comerciantes que quixeran máis alumeado que o colocaran. Refírese a sra. Lemus á colocación do alumeado por zonas.

A sra. Lemus sinala que cando se vexa o alumeado se lle dirá que é cativo, engadindo que persoalmente non lle gusta a "guerra do alumeado" que teñen algúns concellos, resultando bastante desafortunado para o que se está vivindo e non é a solución aos problemas.

Opina a sra. Lemus que neste contexto a eficiencia enerxética debe estar por enriba deste tema. Explica que nalgúns caso existen ideas de porque non se fomentaba dende o concello autobuses para ir a Vigo, que non vai a entrar a valorar.

Cree a sra. Lemus que non existe un compromiso dende o Concello co comercio máis patente, engadindo que independentemente do alumeado, as campañas de fomento do comercio deben ser máis longas.

CONCELLO DE TEO
Secretaría

O sr. Guerra sinala que os veciños queren alumeado.

O sr. Sisto sinala que, tal e como se evidenciou nas redes sociais, este tema é un punto de discrepancia claro dentro do goberno municipal e ese acordo en todo caso vai vinculado a outros acordos vencellados a el.

A sra. Vázquez sinala que o alumeado non so o piden os comerciantes senón tamén outros veciños, e por parte dos comerciantes acoden a eles e querían esa pregunta no

Pleno como compromiso, porque houbo nalgúns momento que se puxeron e o pagaron eles.

Opina a sra. Vázquez que hai máis cousas para promocionar o comercio, e ningunha sobra, porque precisamente non está en auxe o pequeno comercio. Opina que as luces de nadal fronte aos comercios estimulan e favorecen que a xente se quede en Teo e non se vaia a mercar a Alfredo Brañas que estará iluminada. Sinala que os comerciantes querían ese compromiso, non so o pagado por eles, porque estes anos xa o viñan pagando.

9.- A sra. Calvo di que falou cos taxistas e corroboraron a versión da sra. Otero e pídelle que reconsidere a reubicación da parada, porque este mesma semana case hai alí un accidente, lembrando que xusto queren a ubicación de enfronte.

A sra. Otero explica que de todas as propostas que fixeron esa é a que ten que valorar coas cuestión técnicas que haxa.

A sra. Calvo di que lle insisten en que se mire o teléfono porque ven a xente chamando, comprobaron, e parece que incluso se pode chamar ao estranxeiro.

CONCELLO DE TEO
Secretaría

10.- A sra. Rosende di que os veciños de Oza queren saber que pasou co cruceiro que fai anos se caeu nun temporal, desapareceu de alí e está so a base. Piden que se lle volva a colocar e queren saber onde está.

O sr. alcalde sinala que está na nave de protección civil, preservado. Aclara que a restitución está pendente que de que patrimonio autorice a restauración dunha empresa á que se lle plantexou. O sr. alcalde di que se insistira e en canto se teña a autorización se executará.

11.- A sra. Rosende sinala que na pista que hai na aldea de Sisto, que baixa ás Cruces, parece que vas nunha atracción. Explica que foi metido por rexistro por unha veciña fai unha semanas e quería saber se se vai a arranxar, engadindo que está nun estado moi lamentable.

A sra. Lemus di que se mirará.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte e unha horas e cincuenta minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

O alcalde

CONCELLO DE TEO
Alcaldía

Rafael C. Sisto Edreira

33252651X RAFAEL CARLOS SISTO (R: P1508300I)
Firmado digitalmente por 33252651X RAFAEL CARLOS SISTO (R: P1508300I)
Fecha: 2020.01.28 11:56:31 +01'00'

A secretaria

CONCELLO DE TEO
Secretaría

Virginia Fraga Díaz

VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C
Firmado digitalmente por VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C
Fecha: 2020.01.28 11:43:58 +01'00'

CONCELLO DE TEO
Secretaría Xeral

A C T A 18/2019

SESIÓN EXTRAORDINARIA PLENO MUNICIPAL

– 16 DE DECEMBRO DE 2019 –

Na Casa do Concello, a dezaseis de decembro de dous mil dezanove, reúnense en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que se relacionan a continuación, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión extraordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

Concelleiros/as:

D.ª Iria Otero Romero
D. Xosé Ignacio Iglesias Villar
D.ª María López Álvarez
D. José Manuel Guerra Calvelo
D.ª María Vázquez Rey
D.ª María Dolores Nariño Facal
D.ª María Teresa Castro Framil
D.ª Lucía Calvo de la Uz
D.ª Margarita Rosende Domínguez
D.ª Uxía Lemus de la Iglesia
D. Roberto Moñino Gil
D.ª María Josefa Argibay da Silva
D. José Manuel Elías Noya
D. Manuel Anxo Fernández Baz
